Inventario

do

patrimonio cultural e histórico-artístico do Valadouro

Tomo II

(Lagoa-Vilacampa)

Isaac Ferreira | Manuel Lourenzo | Xesús Pisón |

© Desta edición: Concello de Alfoz
© Patrocina: Deputación Provincial de Lugo
© Dos textos: Isaac Pérez Blanco (Isaac Ferreira), Manuel Lourenzo, Xesús Pisón
© Dos textos: VV.AA
© Capa: Xosé Blanco López
Documentación: Isaac Ferreira, Manuel Lourenzo, Xesús Pisón
Elaborado e formato: Isaac Ferreira, decembro de 2003 – marzo de 2019
Debuxos: Xosé Blanco López, Carlos Cornide Pumares (*O Belga*), Isaac Pérez Blanco (*Isaac Ferreira*), José Manuel González Reboredo, Xabier Pardiñas Suárez, Nicanor Rielo Carballo, Félix Rielo González, Santos San Cristóbal Sebastián, Elías Valiña Sampedro
Fotografías de: Xosé Blanco López, Emma Elvira Brunet, Xosé Manuel Casabella López, Colección Sargadelos, Consello da Cultura, Fina Díaz Pardeiro, Juan Fanego Vidarte, Eloy Galán Orol, Evaristo Galdo Blanco, Juan Manuel López Acebo, Xoán Manuel López Eirís, Museo Provincial de Lugo, Ángeles Parga Pardiñas, María Olimpia Parga Pardiñas, Antonio Paz Palmeiro, Xoán Ramón Pérez Blanco, Juan Luis Pisón Villapol, Margarita Romero Bello, Abel Vigo García, Miguel Vila Pernas, Ovidio Vila Pernas, Isaac Ferreira, Manuel Lourenzo, Xesús Pisón
Fotografías facilitadas por: Andrés García Doural, Ángeles Parga Pardiñas, María Olimpia Parga Pardiñas, Xoán Ramón Pérez Blanco, Xosé Ramón Reges, Roberto Reigosa Méndez, Francisco José Vila Pernas, Miguel Vila Pernas, Ovidio Vila Pernas
Actualización de contidos e corrección ortográfica: Isaac Ferreira, 25.03.2019

A Arturo Blanco Orol (In memoriam)
e Andrés Canoura Quintana.
Á memoria de José Villa-Amil y Castro.

| Isaac Ferreira |

(O Valadouro, 1946). Autor teatral, narrador e poeta. Director de *Casahamlet, Revista de Teatro*, desde 2008 até 2012. Realiza traballos de documentación para libros e revistas de teatro. Con Manuel Lourenzo e Xesús Pisón publica *Contos do Valadouro* (1998 e 2005) e, cos mesmos autores, *Arqueoloxía do Valadouro. Prehistoria* (2010) (investigación e publicación que tamén coordina). Escribiu, corrixiu e coordinou este *Inventario do Valadouro* (2019).

| Manuel Lourenzo |

(O Valadouro, 1943). Dramaturgo, director teatral, narrador, poeta e actor de teatro, cinema e televisión; é autor de máis de cento cincuenta pezas dramáticas. Tamén é autor do libreto da ópera galega O ARAME, con música de Juan Durán, representada na Coruña en 2008. Fundador e promotor dos grupos teatrais O Facho, Teatro Circo, Escola Dramática Galega, Compañía Luís Seoane, Clube Teatral Elsinor e Casahamlet Compañía de Teatro. Posúe numerosos premios, entre os que podemos destacar: o Premio de Teatro Rafael Dieste en 1996 e 1999, o Premio Nacional de Literatura Dramática en 1997, o Premio Nacional da Cultura Galega, Artes Escénicas en 2008 e o Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais en 2016. Foi fundador, codirector e profesor de Casahamlet, Estudio de Teatro. Con Xesús Pisón e Isaac Ferreira publica *Contos do Valadouro* (1998 e 2005) e, cos mesmos autores, *Arqueoloxía do Valadouro. Prehistoria* (2010). Colaborou na construción deste *Inventario do Valadouro* (2019).

| Xesús Pisón |

(O Valadouro, 1954). Pintor, poeta, narrador e dramaturgo, é autor de máis de oitenta obras. Obtivo o Premio de Poesía Nova O Facho en 1979, o Premio de Contos Infantís O Facho en 1980 e 1984, o Premio de Teatro Breve da Escola Dramática Galega en 1983 e o Premio de Teatro Rafael Dieste nos anos 1991 e 1994. Foi finalista do Premio Nacional de Literatura Dramática en 2005. Con Manuel Lourenzo e Isaac Ferreira publica *Contos do Valadouro* (1998 e 2005) e, cos mesmos autores, *Arqueoloxía do Valadouro. Prehistoria* (2010). Participou activamente na construción deste *Inventario do Valadouro* (2019).

Agradecementos

Os autores deste inventario expresan o seu agradecemento ás seguintes persoas:

Carlos Acevedo Alonso, Ramón Acevedo Carballés, (familiares de) Fernando Acuña Castroviejo, Carmen Alonso Villarino (*A Nenita*), (familiares de) Abilio Alves García, Abilio Alves Novo, Felipe Arias Vilas, Alejandro Baamonde Sixto, José A. Balboa de Paz, Joselina Balseiro Cora, Xosé Blanco López, (familiares de) Arturo Blanco Orol, Isabel Blanco Orol (*Chiqui*), (familiares de) Xosé Blanco Orol, Emma Elvira Brunet, Lucindo Cabaleiro Fernández (*Lelo*), Fernando Cabeza Quiles, José Luis Cabo Villaverde, (familiares de) Enrique Cal Pardo, Marisol Cancio Méndez, Juan Manuel Cancio Moreda, Marco Candia, (familiares de) Xosé Canoura Cerdeiras (*Pepe de Lobeira*), (familiares de) Porfirio Canoura Fernández, Milagros Canoura López, Andrés Canoura Quintana, Xosé Cao García (*Pardeiro de Ferrocente*), Adrián Cao Hermida, Ermitas Cao Vázquez, Xesús Casabella López, Xoán Xosé Casabella López, Xosé Manuel Casabella López, María Pilar Casabella Méndez, Rafael Castro Iglesias, Rafael Castro Sifontes, (familiares de) Sara Cruz Gil, Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Xosé de Cora Paradela, (familiares de) Xosefa Díaz Cerdeiras (*Xefa*), Fina Díaz Pardeiro, (familiares de) Xesús Díaz Raña, Ramón Ermida Meilán, Juan Fanego Vidarte, Domingo Fernández Barrera, Juan Antonio Fernández Casabella, (familiares de) Julio Fernández Díaz, Miguel Anxo Fernández Fernández, Teresa Fernández Fernández (de San Cristovo), Julio Fernández Gallardo, Xosé Fernández Guerreiro, (familiares de) Benxamín Fernández Lamelas, Xesús Fernández López (*Suso do Bahía*), Francisco Fernández Martínez, (familiares de) Euloxio Fernández Murias, (familiares de) Xaime Fernández Otero, Xoán Ramón Fernández Pacios, Cristina Fernández Rei, Xema Fernández Rei, (familiares de) Euloxio Fernández Sampayo, Xosé Isidro Fernández Vilalba, Martín Fernández Vizoso, Paula Ferreiro, Eloy Galán Orol, Pepilla Galán Orol, Evaristo Galdo Blanco, Andrés García Doural, Xosé García Oro, Indalecio García Paz, Xesús García Paz, Gabriel Geada Geada (*Gabi do Pazo*), Ana Geada Losada, Enrique Geada Losada, Fina Geada Losada, (familiares de) Enrique Geada Mosquera, Ramón Gasalla Onega, (familiares de) Francisco Goás Geada, Carlos Andrés González Paz, Martín González Paz, Xesús Hermida Carracedo, Ramón Iglesias Fernández (*Moncho das Pardellas*), Manuel Vicente Iglesias Marful (*Mavi*), Carmucha Iglesias Saavedra, Xosé Ramón Longarela Lorenzo, Juan Manuel López Acebo, Juan Francisco López Calzada, Carmen López González, Tonia López Marful, (familiares de) Sabina López Paz, Cándido Lorenzo Acebo *(Candiño*), Xoán Carlos Lorenzo Basanta, Teresa Lorenzo Orol, (familiares de) Xosé Lorenzo Prieto (*Piribí*), Emilio Lousas Muíña, Antonio Mandiá Prieto, Manuel Márquez Orol (*Palolo*), María do Carme Martínez Fernández (*Maruja do Estanco*), (familiares de) Ramón Martínez Legaspi (*Ramón da Escoura*), Xosé Manuel Maseda Blanco, Xosé Ramón Mel Lorenzo, (familiares de) Xosé Manuel Méndez Alemparte, Emilio Méndez Corral, Domingo Miranda Pardeiro, Manuel Miranda Ruíz, Xosé Miranda Ruíz, María Mon Geada, José-Martinho Montero Santalha, Fernando Monterroso Carril, (familiares de) Celsa Orol Balseiro, (familiares de) Juan Prudencio Orol Campo, (familiares de) Concepción Orol Mosquera (*Concha de Mosqueira*), Ricardo Orol Orol, (familiares de) Antonio Orol Pernas *(Toni do Ferreiro*), Claudio Otero Eiriz, Xosé Paleo Rodríguez, Mª Dolores Pardeiro Rodríguez, Ricardo Pardeiro Rodríguez, Inés Pardiñas Iglesias, Xabier Pardiñas Suárez, Ana María Pardiñas Uz, Encarna Parga González, Ángeles Parga Pardiñas, María Olimpia Parga Pardiñas, (familiares de) Rosario Paz Martínez, Antonio Paz Palmeiro, Vanesa Pazo Febrero, Benilde Pazo Cao, Corsino Pedreira Fernández, Alfonso Pérez Blanco, Xoán Ramón Pérez Blanco, María Xosé Pérez-Mel Pérez-Batallón, (familiares de) Isaac Pérez Salvatierra, (familiares de) Nivarda Pérez Salvatierra, Francisco Piñeiro González, Juan Luis Pisón Villapol, Teresa Pomares Sixto, Concepción Prado Villapol (*Chicha*), Roberto Prieto Ferreiro, Santiago Prieto López, Xoán Prieto López, Juan Puchades Quilis, Manuel Pumares Ares, (familiares de) Xosefa Rega Fernández, Xusto Rega Pérez, José Ramón Reges, Antonio Reigosa Carreiras, Roberto Reigosa Méndez, (familiares de) Pedro Reigosa Rico, (familiares de) Nila Reimunde Cal, Ramón Reimunde Noreña, Rosario Rejes Vizoso, Armando Requeixo Cuba, Lionel Rexes Martínez, Dina Rey García, (familiares de) Xosé M.ª Rodríguez López (*Joseíño*), Xesús Rodríguez Rubio (*Suso Rubio*), M.ª Paz Rodríguez Silva,

Margarita Romero Bello, (familiares de) Santiago Romero López, Pedro Rubal Pardeiro, Mario Saavedra Pérez, Dolores Sánchez Orol, (familiares de) Xulio Trigo Rouco (*Xulio da Barra*), Pilar Trigo Sixto, (familiares de) Anxelina Uz Rega, Bernarda Uz Rega, (familiares de) Pilar Uz Rega, Xosé Uz Rega, Jorge Val Díaz, Manuel Alfonso Valín Valdés, Juan Vidal Orol, Abel Vigo García, Francisco José Vila Pernas, Miguel Vila Pernas, Ovidio Vila Pernas, Xoán Manuel Vilar López, (familiares de) Concepción Villapol Pérez (*Chicha*), Xosé Villarino Casabella (*Pepe de Mariola*), Prudencio Viveiro Mogo, Toño Vizoso Cora, Alberto Vizoso Goás, Miguel Vizoso Veiga e Xosé Ramón Yanes Gasalla (*Brasil*).

Os autores deste *Inventario* agradecen a súa publicación ao Concello de Alfoz co patrocinio da Deputación Provincial de Lugo.

Lagoa

LAGOA

Parroquia pertencente, na administración civil, ao concello de Alfoz, e na administración eclesiástica ao arciprestado do Valadouro, integrado este na diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 31' Lonxitude: 7º 26'

Superficie [3] en Km^2: 11,30

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro), Recaré (O Valadouro) e San Pedro de Mor (Alfoz); ao sur, polas do Pereiro (Alfoz) e As Oiras (Alfoz); ao leste, pola de San Pedro de Mor (Alfoz); e ao oeste, polas de Frexulfe (O Valadouro) e O Pereiro (Alfoz) [4].

A parroquia ten unha poboación de 278 habitantes (Homes: 128. Mulleres: 150) [5], nas entidades de: *As Abelairas, As Acernadas, Agrela, Auga Quente, A Azoreira, Beloi, As Campelas, O Campo Verde, O Carballo Mariño, Carrocide, As Casas Vellas, O Castiñeiro, A Cruz, Os Currás, A Chafarica, O Escairo, O Espadanal, Galán, Gavián, A Granda, A Igrexa, Lavanco, A Lomba, A Maciñeira, O Machuco, Martille, A Pinguela, O Plantío, A Ponte do Teixo, A Ponte do Vao, Porto Dereito, A Ribeira, O Rizal, O Señorío, Sisto, O Souto, Vao, A Viña Vella* [6].

O territorio de Lagoa está bañado polos ríos *Ouro* (<*Douro*) e *Vao*, o seu afluente.
Dista 3,1 Km da capital do concello, e comunícase coa Seara por medio das estradas locais CP-0202 (A Seara-Carrocide-As Oiras) e CP-0204 (Carrocide-O Pereiro). A altitude media da parroquia é de 180 m.

Festividades [7]: *San Vicente*, 22 de xaneiro. Titular da parroquia.
Santiago, 25 de xullo. Celébrase na capela de Santiago, Cerdeirido.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XVIII, páx. 166.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 152.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 64.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 245, 19.12.1991, páxs. 10.344 e 10.345.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

| Toponimia | [1]

Lagoa: nome da parroquia (hidrónimo, relacionado coa auga).
Evolución: *Lacunam* > *Lagona* > *Lagoa*
O topónimo *Lagoa*, segundo Villa-Amil y Castro, está relacionado coa existencia de poboacións con lagos; e o mesmo di de *A Laxe* [2]*.* Por tanto, *Lagoa* está no centro da lenda de cando o Valadouro foi mar.

Orónimos

A Costoira (446 m), *O Couto de Montoxo* (244 m).

Hidrónimos

Ouro (<*Douro*)*, Beloi, Vao* (lat. VADU).

Entidades de poboación

As Abelairas (flora; do lat. **abellanaria* > **abelaaira* > *abelaira*) *, As Acernadas* (do lat. **cinerata* > *cernada* 'queimada, a terra)*, Agrela* (agra pequena)*, A Azoreira* (tamén en Vilacampa)*, Beloi, Carrocide, A Chafarica, O Escairo* (escada rústica feita con pedras salientes nun comareiro) [3]*, O Espadanal* (flora), *Gavián, Lavanco, O Machuco,* (tamén relacionado coa industria do ferro, para laminar), *Martille, A Ponte do Teixo* ('teixo', árbore)*, O Rizal, Vao* (lat. VADUM; tamén en Santa Cruz do Valadouro) [4].

Lugares

O Batán, O Carballo da Viña Vella, Hospicio, As Pontellas (onde A Azoreira)*, A Ponte de Centoi* (*Centogia*), *Porto Dereito, Souto Vello, A Torre* [5].

Topónimos con data documentada

Uilla Centoia (897) [6], *Centogia* (1105) > *Centoi, A Antigoa publica* (1435) > *A [rúa] Antigua* > *A Antigua*, *A Açoreyra* (1435) > *A Azoreira* (fauna)*, Caruallo Marynno* (1435) > *O Carballo Mariño, Lagoa* (1425, 1448, 1450), *A Lagoa* (1474), *Sancti Uincenti* (747) [7], *Sanctus Uincencius* (1124) [8], *Sant Viçenço de Lagoa* (1488) [9], *Zerdyrido* (1739) (*Cerdeirido;* flora) [10].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Adoso, Cajigueira (flora), *Cerdeirido* (flora), *Concello, Coto, Gatofero, Lama Redonda, Lameira, Lobeira* (fauna), *Loureiro* (flora), *Marcoi* (orixe xermánica)*, Mariñeira (A Maciñeira), Mouriños, Outeiro, Pombal, Serrapio* (existe o monte Sarrapio en Vilacampa), *Suaiglesia (Suaigrexa), Torre, Torrillón* [11].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] J. Villa-Amil y Castro, *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, 1873, páx. 74.
[3] I. Alonso Estravís, *Dicionário da lingua galega*, t. 2, 1986.
[4] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973.
[5] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[6] AHN. Códices. 1043 B. Fols. 28r-30v. J. L. López Sangil-M. Vidán Torreira, "Tumbo Viejo de Lugo (Transcripción completa)", *Estudios Mindonienses*, núm. 27, 2011, doc. 57, páx. 139.
[7] AHN. Códices. 1043B. Fols. 1v-3r. J. L. López Sangil-M. Vidán Torreira, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 27, 2011, doc. 2, páx. 29.
[8] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25.
[9] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 206, Santiago, 19.02.1488, páx. 428.
[10] Fonte: coleccións diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páxs. 96, 97, 119; núm. 6, 1990, páxs. 382-383; núm. 7, 1991, páx. 201; núm. 8, 1992, páx. 129. Documento privado, 1739, do que obra copia no noso poder.
[11] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928.

Século VIII

Na *Gran Enciclopedia Gallega* pódese ler que o documento máis antigo que fai referencia a Lagoa data de 1498, en que o convento de Santo Domingo de Viveiro lle afora a Xoán Pena Mosqueira un lugar desta freguesía por unha renda de 10 *ceramines* de trigo, ante o notario Fernando Rodríguez, previa licenza de frei Fernando de Viveiro, vicario xeral e visitador da *Nación de Galicia* da súa Orde [1]. Mais xa o bispo de Lugo, Odoario (acaso falecido en 786) [2], cita a igrexa de *Sancti Uincenti* (*In Aurio*) no seu testamento, que data do ano 747 [3]. É máis, dinos Martínez Cobo que, de todas as igrexas do Valadouro, a máis antiga é, segundo as noticias que delas se encontran, a de San Vicente de Lagoa [4].

O propio Villa-Amil y Castro afirma:

"De todas las iglesias del Valle de Oro, la más antigua, según las menciones que de ellas se encuentran, es la de San Vicente de Lagoa, citada en el testamento famoso del obispo Odoario, de 747 (In Aurio ecclesia Sancti Vicenti) y en documento de 897 (*Esp. Sagr.* XL. Ap.), con Villa Centoya, de la cual permanece memoria en el nombre del puente de *Centoya* sobre el Oro, en esa misma parroquia" [5].

"La inmensa labor de restauración efectuada por Odoario desde el año 740 al 786 abarcó también algunos puntos de la futura diócesis de Mondoñedo. Tales fueron, en Montenegro, las iglesias de Seijas y Santiago de Quirice (Goiriz); en el Valle de Oro, San Vicente de Lagoa; en Orticaria (Ortigueira), Santa Eulalia de Latrita (Ladrido), San Mamed de Vendoy (Landoy?) y Santiago de Mera; en el Saure (Sor), dos iglesias que no es posible identificar. Estas iglesias y algunas otras que más que parroquias eran simples capillas, con sus villas, familias y posesiones, fueron del señorío temporal de los obispos de Lugo, pasando, en una fecha que no es posible precisar, pero ciertamente antes del siglo XIII, al obispado de Mondoñedo" [6].

O testamento do bispo Odoario. Cronoloxía: 15.05.747 [7].

Testamento mayor de Odoario, en el que hace donación "post obitum" a la iglesia de Lugo cuanto había adquirido desde que llegó alli, huyendo del furor de los ismaelitas siendo obispo de África [8].

"In Aurio: Ecclesia Sancti Uincenti per suis terminis et uillas el familie ab integro" [9].

---

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XVIII, páx. 166.
[2] "Sabemos que Odoario falleció en el año 786". J. L. López Sangil-M. Vidán Torreira, "Tumbo Viejo de Lugo (Transcripción completa)", *Estudios Mindonienses*, núm. 27, 2011, doc. 1, páx. 22.
[3] *In anno [Aurio] Ecclesia Sancti Vincentii.* J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19. M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia*, 1928. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 213, e tamén o propio Monterroso Carril en "El valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16, citando ao P. Flórez, *España Sagrada*, t. XI, Ap. Canoura Quintana sitúa o testamento do bispo Odoario no ano 785, que en realidade vén sendo a era, correspondente ao ano 747; A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 51. Por outra parte, sábese que existen dous testamentos de Odoario, o primeiro con data 15.05.747, o segundo con data 05.06.760, e dáse por data da súa morte o 31.10.786. José Ignacio Fernández de Viana, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIII, entrada "Odoario", páxs. 18-19.
[4] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páx. 19. Seguindo (practicamente calcando) o escrito por Villa-Amil y Castro en agosto de1878, procedente dunha conferencia que deu este último.
[5] J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878, páx. 133.
[6] J. Trashorras Pacio, "«Mondoñedo» en DHEE", *EM*, núm. 4, 1988, páxs. 445-446.
[7] J. R. Onega López, *Odoario El Africano. La colonización de Galicia en el siglo VIII*, Ediciós do Castro, Sada, 1986, páx. 171.
[8] AHN. Códices. Libro 1043 B. Fols. 1v-3r. J. L. López Sangil-M. Vidán Torreira, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 27, 2011, doc. 2, páx. 25.
[9] Testamento maior do bispo Odoario, Lugo, A. C. Tumbo Viejo, núm. 2. Fol. 1. AHN. Códices. Libro 1043 B. Fols. 1v-3r. J. L. López Sangil-M. Vidán Torreira, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 27, 2011, doc. 2, 15.05.747, páx. 29.

Nota dos autores: de estar no certo Villa-Amil y Castro, mencionado por pluma do arquitecto Xoán Casabella, o privilexio da noticia máis antiga correspóndelle á parroquia de Adelán, datando esta referencia no ano 610, que nós non podemos documentar [1].

Século IX

A igrexa de San Vicente de Lagoa. Cronoloxía: 867-870.

"Los obispos de Lugo [± 867, Flaviano, bispo de Lugo] poseían ciertamente dentro de lo que hoy es territorio de los de Mondoñedo diversas iglesias como, por ejemplo las de... San Vicente de Lagoa, en el Valle de Oro,... Todas estas iglesias, que en esta fecha [867-870] [2] no pasarían de ser unas simples capillas, se integraron en el obispado de Mondoñedo, sin que sea posible precisar el momento de su integración" [3].

"¿Serían acaso estas iglesias y algunas otras por el estilo las donadas por el obispo de Lugo Flaviano al de Mondoñedo?" [4].

Lugar, herdade: *Villa Centoia*. Cronoloxía: 30.06.897.

Un documento do ano 897 menciona *Villa Centoya.* Hoxe existe a ponte de Centoi [5].

Antes cita ao P. Flórez e a súa *España Sagrada* Villa-Amil y Castro.

"... y en documento de 897 (*Esp. Sagr.* XL. Ap.), con Villa Centoya, de la cual permanece memoria en el nombre del puente de Centoya sobre el Oro, en esa misma parroquia [de San Vicente de Lagoa]" [6].

Por último, encontramos, xa con data concreta, *Uilla Centoia* no Tumbo Viejo de Lugo, documento núm. 57, de 30 de xuño do ano 897, que constitúe o *Inventario de las donaciones del príncipe don Alfonso III.*

"In Aurio: Ecclesiam Sancti Uincentii cum familia et Uilla que dicitur Centoia" [7].

Século XII

1105

Permuta. Lugar, herdade: *Centogia*. Cronoloxía: 24.04.1105.

Un documento, de data 24.04.1105, menciona unha herdade co nome de *Centogia: Uestram hereditatem que iacet in Aurio, prenominata Centogia* [8].
Trátase dunha permuta que realiza Gonzalo Froilaz co abade de Lourenzá.

1124

[1] X. X. Casabella López, "Valadouro: pasado e presente dun val de Lugo", *A Nosa Terra*, núm. 282, 05.12.1985, páx. 12. En cita a Villa-Amil y Castro.
[2] Sendo bispo de San Martiño de Mondoñedo [hoxe parroquia do Concello de Foz] Savarico I (864-870).
[3] E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Alta Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 752.
[4] E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 752, n. 48.
[5] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19; M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928; A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 51 e páx. 64, n. 2, citando ao P. Flórez, t. XL, apéndice XIX.
[6] J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878, páx. 133.
[7] AHN. Códices. 1043 B. Fols. 28r-30v. J. L. López Sangil-M. Vidán Torreira, "Tumbo Viejo de Lugo (Transcripción completa)", *Estudios Mindonienses*, núm. 27, 2011, doc. 57, 30.06.897, páx. 139.
[8] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 69r-v. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 89, páxs. 128-129.

No ano 1124, a parroquia pertencía ao Conde de Sarria, don Rodrigo Vélaz: O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII (1126-1157), xunto coa súa nai a raíña dona Urraca (1109-1126), fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 1128, morta xa dona Urraca, o rei Afonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio... Post partem regis... sanctus Uincencius* (San Vicente de Lagoa) [1].

1128-1167

S. Vincentius, figura na división do territorio por igrexas, que fixo Alfonso VII no seu privilexio de 1128, e que confirmou o rei Fernando II en 1167 [2].

Século XIII

Carta de Concordia. A parroquia de Lagoa queda incluída no alfoz do Castrodouro.
Cronoloxía: 07.02.1254.

O 7 de febreiro [de 1254] o bispo de Mondoñedo, D. Juan II Sebastianes (1248-1261), leva a cabo unha concordia cos veciños do Castrodouro, pola que ambas as dúas partes se comprometen a resolver todas as súas querelas e controversias; os moradores, pola súa parte, obríganse a elevar o número de veciños até 300, nun prazo de 15 meses, e a viviren conformes co Foro de Benavente; o bispo, á súa vez, outórgalles a metade de todo o reguengo que el tiña no Valadouro e inclúelles no seu alfoz as parroquias de Bacoi, San Sebastián (Carballido), Santiago de Adelán e a vila do Castro, coa metade da freguesía de San Pedro de Mor, e a de San Vicente (Lagoa) con todos os seus dereitos e pertenzas [3].

«Un ejemplo del pacto o convenio entre los prelados mindonienses y el concejo del Castro de Ouro lo encontramos durante el pontificado de Juan II Sebastianes (1248-1261). Pronto las relaciones entre este concejo y los obispos se enturbian y, ante la imposibilidad de cumplir el compromiso alcanzado en la concesión de 1220 [o rei Alfonso IX e o foro de Benavente, 10.04.1220], se llega a un nuevo acuerdo el 7 de febrero de 1254 [4].
El obispo concedía al concejo y alcaldes del Castro de Ouro, la mitad de todo el realengo a él perteneciente *"... in ualle de aurio..."* a lo que se sumaba la definición del alfoz que estaría compuesto por *"... feligregia de Bacony et de Sancto sebastiano et sancti Iacobi de adelany. et ipsam uillam de castro. et medietatem filigregie Sancti petri de mor. Et filigregia Sancti uincentii cum omnibus directuris et pertenetiis..."*, es decir, por las feligresías de Santa María de Bacoi, San Sebastián de Carballido, Santiago de Adelán, la propia villa de Castro de Ouro, la mitad de la feligresía de San Pedro de Mor y la feligresía de San Vicente de Lagoa con todos sus bienes, derechos y pertenencias a excepción de las propiedades del cabildo y préstamos de los canónigos mindonienses" [5].

Cartas. Murcia. Cronoloxía: 17.06.1271.

---

[1] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25; e AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8, copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878, páxs. 134-135. Tamén J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[2] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páx. 19.
[3] AHN. Clero. Carp. 1185, n. 19. Tumbo de la Dignidad Episcopal, Fol. 87; Flórez, páxs. 155-156. Villa-Amil, Fol. 66; F. Mayán Fernández, *Historia de Mondoñedo*, 1994, páx. 46. En E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 541 e n. 204. A tradución é nosa.
[4] AHN. Clero. Carp. 1185. Edit. Mayán Fernández, F., op. cit., 1994, páx. 102. C. A. González Paz, "Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 136-137 e n. 90.
[5] C. A. González Paz, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 136-137 e n. 90.

Nunha carta enviada desde Murcia, no ano 1271, polo rei Afonso X o Sabio para o bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286), figura *S. Iohan [S. Vicente] de Lagoa*.

"La segunda etapa de los acontecimientos se desarrolla en tiempos de Alfonso X el Sabio, siendo del 17 de junio de 1271 una carta del rey [ao bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286)] [1] en la que se hace referencia al intento de anexión del valle entero, que por algún tiempo logra el concejo y alcaldes" [2].

«La carta de Alfonso X [de data 17.06.1271] dirigida a D. Nuño II desde Murcia informaba a este último de la presentación de los del Castro al rey de otra carta carta abierta de Alfonso IX [avó de Alfonso X], confirmatoria de la concesión que les hiciera el Obispo D. Martín de cierto territorio: *"En términos de Val douro"*, por alfoz, y que se querellaban por que *"vos"*, téngase en cuenta que la carta va dirigida a D. Nuño: *"sen razon e sen dreito lles pasades a este foro et lles tenedes tomado aun felegresias que dicen S. Iohan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz et Santa Maria de Villa Campa et S. Martino da Veyga et San Gilao [San Xiao] de Recare et Santome et Santa Valla de Frejulfe et S. Jurio [San Xurxo] de Quadramon et Santo Esteuuo de Oyran* [Mondoñedo] *et S. Martino de Figueiras* [Mondoñedo]*, que cazen en el término de Val de Ouro, que es su alfoz et que elles tenian de juro et de poder cogelas non queredes leixar"*» [3].

Século XV

Venda dun terreo. Cronoloxía: 31.12.1435.

«Mayor Eanes de Carballo Marino [sic] y su hija Inés Alfonso [Afonso] venden a fray Pedro de Novelido un terreno junto a otros del fraile por ciento veinte maravedíes».

"Saban quantos esta carta de vençon viren commo nos, Mayor Eanes do Caruallo Marynno el Ynes Afonso, mina filla, con outorgamento de Lopo Biqueyira, marido de dita Ynes Afonso, que esta presente et outorgante, vendemos para senpre jamais jur herdade a vos, frey Pero de Nouelido, todo hun noso terreo que nos teemos en na veyga de tras lo outeyro. Commo se departe: da herdade de Pero Saquo da Açoreyra, et da outra testada topa en outro uoso terreo de vos, o dito frey Pero, et da outra testada topa en na antigoa publica, et da outra topa en na herdade (de) Afonso Cano. Et esta dita herdade vos vendemos por preço nomeado que a nos moyto aprugo et de vos reçebemos por esta dita vençon, conven a saber, çento et viinte pares de brancas desta rayal moeda que ora corre de noso sennor el rey,..." [4].

Testamento do Mariscal Pedro Pardo de Cela. Cronoloxía: 1 e 3. 10.1483. Mondoñedo.

"Yten desenbargo la vinna de Lagoa que jaz su la torre de Gonçalo Mendez, que fue de Juan de Pena Mosquera, a Juan de Pena Mosqueyra, seu fillo. Yten desenbargo las vinnas que fueron de Afonso Yanes, capelan do obispo don Pedro, que moraba en o Castro d'Ouros *(tachado)*, que jazen en o couto de Canedo, a Afonso Yannes de Castro, clerigo de Lagoa, et que le pidan perdon por las nobidades pasadas" [5].

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Sant Viçenço de Lagoa* [6].

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes Históricos*, 1912, páx. 12.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 59.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 59; e páx. 65, n. 27. M. Amor Meilán, t. IV, páx. 107.
[4] AHN. Clero. Pergaminos. Carp. 1195. Núm. 7. M.ª del M. Graña Cid, "Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo: El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)", *Estudios Mindonienses*, núm. 6, 1990, doc. 247, páxs. 382-383.
[5] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 193 e 199.
[6] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.

Século XVI

Preitos. Cronoloxía: 04.06.1552.

"También se inició el 4 de junio de 1552 ante el mismo provisor (Sr. Brizuela) un pleito entablado por el mismo cabildo [de Mondoñedo] contra Constanza López, viuda de Pedro Pérez de Baamonde, vecino de Lagoa (San Vicente), y otros en torno a la casería llamada de Fanoy [Abadín?]. Este proceso se prolongó hasta 1556" [1].

Xuízo por asasinato. Cronoloxía: 1559.

«En el año 1559 Alonso López Nabal, clérigo de San Vicente de Lagoa, fue juzgado por el asesinato del también clérigo Roi Díaz al que "le dio una lançada que le pasó el cuerpo de una parte a otra, y le cortó cuero y carne y salió mucha sangre y luego allí murió"» [2].

Fidalguía e comercio.

Fidalgos medianos propietarios que se fan comerciantes, sobre todo do téxtil [3].

Personaxes. Diego de Lanzós. Fidalgo comerciante. Cronoloxía: 1578-1592.

"Armas: espada, lanza, arcabuz, [hijodalgo] lanza y rodela" [4].

"Diego de Lanzós participó en la producción y posterior comercialización textil de lienzos. Así nos consta, por ejemplo, por un documento de 20 de octubre de 1578 en el que reconoce adeudarle a Sancho de Orozco más de cuarenta reales en concepto de dos varas de palmilla subidas y dos varas y media de Palencia blanca. Además, seguramente debido a su condición socio-simbólica de hidalgo, nos lo encontramos actuando como juez arbitral en la parroquia de Lagoa, en el pleito mantenido emtre María Balsa y Fernando Paredeiro y Pedro Mel, albaceas de su marido, por cuestiones vinculadas a los bienes dotales de la primera" [5].

"Pobres e "pobres de solemnidade" [6]. Cronoloxía: 1579.

«... aquellos que son poseedores de armas pero de los que se indica [en el alarde de 18.08.1579] que son "pobres..."; todo parece indicar que con este calificativo se hacía referencia a aquellos que en unas circunstancias normales podían mantenerse con la ajustada producción de las tierras que explotaban como exiguos propietarios o aforadores o con los jornales de trabajadores a sueldo pero que ante circunstancias adversas –mala climatología, mermas en la producción o enfermedades– podían incluso verse abocados a mendigar. Pero no sólo nos encontramos con ese conjunto ["pobres"] en el cual, por lo menos, cada uno todavía poseía un arma, sino que en el nivel inferior aparecen los que son calificados como "pobres de solemnidad" que, aunque no poseen armas, sí podrían –en caso de necesidad– utilizar una, hecho por lo que, imaginamos, son incluidos en este alarde. Podríamos considerarlos como aquellos que debiendo recurrir ordinariamente a la mendicidad para subsistir, no eran errantes ya que solían poseer vecindad en una determinada jurisdicción, en este caso en la de Alfoz del Castro de Ouro.
[...]

[1] ACM. Arm. 5. Est. 2. Leg. 16. Núm. 10; E. Cal Pardo, *Mondoñedo: catedral, ciudad y obispado en el siglo XVI*, Lugo, 1992, núm. 3628. En E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 203, n. 334.
[2] P. Saavedra Fernández, *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, 1985, páxs. 567-594. En C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 393, n. 31.
[3] C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páxs. 394-395.
[4] Alarde: 18.08.1579. C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008.
[5] ACM. Protocolos, 10. Fol. 68r y Documentos sueltos. Arm. 5. Est. 3. L. 15, núm. 32. Reg. E. Cal Pardo, *Mondoñedo: catedral, ciudad y obispado en el siglo XVI*, docs. 2424 e 4139, páxs. 505-506 e 900-901. C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 395, n. 37.
[6] C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 399.

Resultan francamente sorprendentes las cifras que sobre "pobres" y "pobres de solemnidad" arroja este alarde y que, al no tratarse de un instrumento estrictamente fiscal, invitan a suponer que podría responder con más facilidad a la situación real, pues los mencionados no tendrían porqué ocultar su verdadera situación y condición socioeconómica cuando, en teoría, se trataba tan sólo del recuento del armamento presente en el término de la jurisdicción. Lo cierto es que pasamos de una pequeña feligresía como Castro de Ouro –epicentro de la jurisdicción– en la que no se encuentran ejemplos de vecinos situados en ninguna de las dos categorías mencionadas, a una parroquia como Lagoa donde las cifras son de impresión ya que más del 45% se califica como "pobre" y más del 12% de "pobre de solemnidad". La existencia de una disparidad tan grande entre unas parroquias y otras, dentro de un territorio no excesivamente amplio, obliga a tomar los datos con cautela, admitiendo que en este caso, como en algunos otros, el documento puede finalmente no estar exento de ciertas ocultaciones o ponderaciones intencionadas» [1].

Obras pías

«¿Quién podría encargarse de la asistencia a los "pobres de solemnidad" y a los enfermos y tullidos? En primer lugar sería la propia familia pero, en muchas ocasiones, la situación de aquel era compartida por ésta y, cuando los sistemas de solidaridad interfamiliar o intragrupal fallaban, se recurría a la caridad más o menos organizada –ejemplificada en las obras pías– o a la recepción de una parte de las mandas presentes en muchos testamentos en los que se solía dejar cierta cantidad –monetaria o, más comúnmente, en especie– para los más necesitados» [2].

Personaxes. Alonso Pichel, Cronoloxía: 1586-1588.

"Entre 1586 y 1588 Alonso Pichel dotó una obra pía en San Vicente de Lagoa" [3].

Arrendamentos. Fiadores. Cronoloxía: 1594.

"En 1594 el Cabildo mindoniense arrendó, por espacio [sic] de 9 años, la renta del ochavo y medio de esta feligresía [de San Pedro de Viveiro] a Fernando García de Río en 10.000 maravedís anuales, a entregar en dos plazos, Navidad y Pascua de Flores. El arrendatario presentó como fiadores a Alonso Yanes de Grela, vecino de San Vicente de Lagoa, y a Alonso das Goás, vecino de esta parroquia de San Pedro de Vivero" [4].

Século XVII

Preitos. Preito entre os cabidos de Mondoñedo e Lugo. Cronoloxía: 11.01.1641.

"El 11 de enero de 1641 el cabildo [de Mondoñedo] volvía a enviar una Legacía al prelado [D. Juan Juaniz de Echalaz, bispo de Mondoñedo (1638-1644)] para tratar del pleito del beneficio de San Vicente de Lagoa, que el cabildo de Lugo afirmaba pertenecer a la vicaría de dicho obispado" [5].

A fidalguía no Antigo Réxime. Fidelidade á idea de liñaxe.
Fundación de vínculos, aniversarios e confrarías. Cronoloxía: 1686-1700.

"El arcediano de Vivero, D. Pedro de Rigueiro Freire y Andrade [6], establece el vínculo y mayorazgo de Carrocide en 1686" [7].

"En 1686 era Arcediano de Vivero D. Pedro de Rigueiro Freire y Andrade, sobrino de D. Juan de Rigueiro, de San Pedro de Mor.

---

[1] C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páxs. 399-400.
[2] C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 400.
[3] P. Saavedra Fernández, *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, 1985, páxs. 616-617. En C. A. González Paz, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 400, n. 48.
[4] ACM. Protocolos 18. Arm. 2. Est. 2. Leg. 2. Fols. 71r-73r. E. Cal Pardo, "Parroquias del Ayuntamiento de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 9, 1993, páx. 707 e n. 218.
[5] A. Cps. Fol. 463r. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 123 e n. 583.
[6] Para Pedro de Rigueiro Freire y Andrade véxase tamén en Pazo de Carrocide → Personaxes.
[7] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 102.

Fueron sus padres D. Pedro de Rigueiro y D.ª Petronila Bermúdez Santiso, dueños de la casa de Carrocid, en S. Vicente de Lagoa, perteneciente actualmente a D. Esteban Carballo de Cora, de Lugo.
En 23 de Diciembre de 1686, a fé de Antonio de Reigosa, funda un aniversario perpetuo, a modo de vínculo y mayorazgo. Este aniversario, entre otros muchos bienes, comprendía la casa de Carrocid,... Y la Capilla de la Concepción" [1].

"En 1688 el capitán Alonso Lobera, de Lagoa, funda dos misas de aniversario sobre sus bienes, obligando a sus sucesores al cumplimiento del mismo" [2].

"El Sr. Arcediano [Pedro de Rigueiro Freire y Andrade, sobriño de D. Juan de Rigueiro, de San Pedro de Mor] en 23 de Marzo de 1700, fundó la cofradía de las Ánimas, en la parroquia de S. Vicente de Lagoa" [3].

Preitos. Cronoloxía: 1697.

"El prelado [Fr. Miguel Quijada, O. Cist., bispo de Mondoñedo (1690-1698)] y su provisor también promovieron pleitos criminales diversos. [...] En 1697 encontramos pleitos de las parroquias de Reigosa (Santiago), Seijas, Villapena, Parga (San Esteban), Balmonte, Bendia, Freijo, [San Pedro de] Mor, Sancobad, Villameá, Valcarría, Castromayor, Lagoa (San Vicente), Mayor (Santa María), Adelán, Meilán, Riotorto, Cabanas (San Pantaleón), Villalba, Grañas de Sor, Roca, Castro de Rey, Labrada (San Pedro), Romariz, Reigosa (San Vicente), Lorenzana (San Adriano), Cillero (Santiago), Cuadramón. Entre las causas de los mismos no faltan la vida deshonesta, incumplimiento del precepto pascual, pendencias en el pórtico de la iglesia, falta de residencia, amancebamiento, por trabajar en domingos, vida escandalosa de unos vecinos, alborotos en la iglesia, irreverencia de un escribano al prelado, bautismo de un niño, etc." [4].

Século XVIII

A fidalguía no Antigo Réxime. Alistamento de nobres. Cronoloxía: 1701.

"En 1701, en virtud de carta-orden del Excmo. Sr. Duque Príncipe de Barbanza, Gobernador y Capitán General del reino de Galicia, fueron alistados todos los nobles de la provincia de Mondoñedo, figurando en la jurisdicción del Castro de Oro, los siguientes:
... En Lagoa: Alonso Mel das Goás, hijodalgo notorio; Juan Mel das Goás, hijodalgo notorio, primo del anterior; D. Antonio de la Rocha y Cancio, hijodalgo de casta ejecutoria, y D. Pedro Alvarez Aguiar, hijodalgo notorio, señor da la casa solar de Mañente, en San Juan de Villaronte; Caballero de la Orden de Santiago, Regidor perpetuo de Mondoñedo..." [5].

Organización civil e eclesiástica. Cronoloxía: 1718-1742.

A parroquia de San Vicente de Lagoa en 1718 pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "Villa y Alfoz del Castro de Oro". Era Alcalde ordinario da Xurisdición D. Rosendo Villapol y Cordido. En setembro de 1742 era Xuíz da Xurisdición D. Juan Basanta Osorio [6].

Feiras. Cronoloxía: 21.03.1789.

"Don Alejo Arias, en virtud de Orden del Concejo de Mondoñedo, en 21 de Marzo de 1789, ante Luís Fernández del Riego, Escribano de aquel Concejo, firma una relación de las ferias y mercados existentes en la provincia mindoniense.
Vemos, pues, por esta relación, que había las ferias y mercados siguientes:
... La de Cerdeirido [onde a capela de Santiago, de 1587], en Lagoa, que era libre de impuestos y se celebraba el día del Apóstol Santiago.

---

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páxs. 19-20.
[2] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 102.
[3] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páx. 21.
[4] ADM. Causas criminales. Legs. 5-12. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páxs. 256 e 257, n. 1.334.
[5] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 87.
[6] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 223.

Un feirón en dicho Cerdeirido, que era libre de impuestos y se celebraba el 25 de Abril" [1].

Escolas. San Vicenzo de Lagoa. Cronoloxía: 1792.

"Entre el clero secular hubo prelados, canónigos y rectores parroquiales que impulsaron notablemente la creación de escuelas entre 1750 y 1830... En esta última diócesis [de Mondoñedo] fueron creadas diversas escuelas por iniciativa de rectores [parroquiales]: la de A Devesa, en 1749; la de Conforto, en 1777; la de San Vicenzo de Lagoa, en 1792" [2].

«El aumento del "afán de saber" que florece en numerosas parroquias del Reino [de Galiza] desde mediados del XVIII no es ajeno a las preocupaciones de un sector del clero rural reformado y de ciertos indianos, pero tampoco a cambios que afectaron a la propia economía campesina, cada vez más dependiente de los intercambios. No es casualidad que la fundación de escuelas se localice principalmente en la mariña cantábrica y en la provincia de Tui, en razón sin duda de las propias densidades demográficas y de las consecuencias de la emigración –por cuanto los ausentes escarmentados quieren remediar el analfabetismo de sus convecinos–, y a causa también de la fabricación y venta de lienzos. Cuando un rector caritativo dota en 1792 la escuela de Lagoa de O Valadouro –localidad rural con un grupo de mercaderes de lienzos–, justifica su decisión declarando que le parece muy perjudicial la falta común de instrucción en la doctrina cristiana y en las primeras letras, "respecto que sin estos principios no pueden tenerse aquellos progresos que puede proporcionar a cada uno su fortuna, ni emprender ninguna carrera literata, girar comercios, ni ejercer otros empleos útiles a la república y bien común" [3]. En una situación en la que saber leer y contar se iba convirtiendo en algo necesario, el analfabetismo comenzó a ser considerado un enfermedad moral» [4].

Personaxes. José Bartolomé Mosquera. Cronoloxía: 1792.

"Nació en la casa de la Pinguela, en San Vicente de Lagoa, en el Valle de Oro.
Llamáronse sus padres Luis Mosquera y María Fernández da Vila.
Fue Capellán del Hospital de San Pablo, de Mondoñedo, y teniente cura de San Julián de Recaré.
En 21 de Octubre de 1792, siendo cura de Santa Eulalia de Merille [Ourol], otorgó testamento abierto ante Juan de Castro y Reira [Neira].
Y en él fundó una escuela de primeras letras, en la casa de la Pinguela.
Dispuso también lo siguiente:
Que el maestro de esta escuela fuese eclesiástico o seglar, a voluntad del patrono, que sería el obispo de la diócesis.
Que el maestro administrase los frutos de la fundación.
Que se encargasen de vigilar si el mismo cumplía con sus deberes, los curas de Lagoa, Fregulfe, San Pedro de Mor y Santo Tomé de Recaré, de cuyas parroquias podrían concurrir niños a la escuela.
Que para que los niños estuviesen con comodidad e independientes se construyese al fallecimiento del testador, si él no lo ejecutase, una casa terrena y lastrada, en el punto donde se hallaba la cabaña del carro, que estaba inmediato a la casa de la Pinguela.
Además, el Sr. Mosquera dejó para la fundación de la escuela un bufete, dos bancos de respaldo, un arca de veinte fanegas, dos lechos nuevos, una tarima, un escaño de cocina, dos taburetes y la fustaje de vino que se allare en la casa de la Pinguela, donde vivieran y nacieran los padres del testador.
Y deja también mil reales al convento de San Pedro de Alcántara, de Mondoñedo; doscientos al hospital de San Pablo y al de San Lázaro, de dicha ciudad, una finca a la fábrica de la parroquia de San Vicente de Lagoa y otra a la de San Julián de Recaré.
En el palacio de Buen Aire, a fe del citado Escribano Castro Neira, el señor obispo de la diócesis, que lo era el memorable [D. Francisco] Cuadrillero y Mota [1780-1797], el 22 de aquel mes aceptó la fundación de la escuela" [5].

Século XIX

[1] E. Lence-Santar y Guitián, "Ferias y mercados de la provincia de Mondoñedo". Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 155.
[2] P. Saavedra Fernández, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, 1994, páxs. 373-374.
[3] ADM. Obras pías, con referencia a outras fundacións. P. Saavedra Fernández, op. cit., 1994, páx. 376.
[4] P. Saavedra Fernández, op. cit., 1994, páxs. 375-376.
[5] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páxs. 170-171.

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [1], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 18 parroquias matrices que conformaban o "Deanato" da Mariña era *San Vicente de Lagoa* [2].

Teares.

"En el siglo XIX Lagoa tenía 200 telares y 2 batanes para sayal" [3].

Século XX

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é San Vicente de Lagoa [4].

Personaxes. Celestino Cabarcos Suárez. Cronoloxía: 1961.

O día 9 de xaneiro de 1961 morre en Lagoa o crego D. Celestino Cabarcos Suárez, que usou os pseudónimos *O Bruxo dos Ermos* e *Severo*, crego e escritor, autor das famosas *Cóxegas* (Viveiro, 1955). (*Vid*. Personaxes do século XX, na parroquia de A Laxe).

Personaxes. Pedro Veiga Vivero. Cronoloxía: 1900?-1948? [5].

Pedro Veiga Vivero, *Maneche*, nacido en Lagoa, entrou en contacto coa música na banda do Couto de Arriba (San Pedro de Mor, 1900-1910); foi membro da banda de Barreira (San Pedro de Mor, 1897-1920) cando menos no ano 1918, e da súa sucesora, a banda dos Pisóns (1921-1924). Fundou e dirixiu a banda La Armonía (1926), da que naceu a coñecida popularmente como a Banda de Maneche [1926-1948]. Esta formación chegou a contar con 23 músicos, sempre dirixidos por *Maneche* ou na súa ausencia polo *Gallego*.
Pedro Veiga, *Maneche* de Lagoa, foi mestre de varias xeracións de músicos.

[1] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado.
[2] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valle de Oro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 94.
[4] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.
[5] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, xullo de 2013, páxs. 47-51.

"Pedro Veiga Vivero, *Maneche*, fillo de Dolores Vivero Paz, naceu en Lagoa pero comezou a saborear a música na casa dos seus tíos os Roquitos do Couto, en San Pedro de Mor. Antes de se ir para o servizo militar seguiu aprendendo e tocou na banda dos Alexos.
[3] C. A. González Paz, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, Lugo, 2006, páxs. 176-177.

O PAZO DE CARROCIDE

Situación: Carrocide.
Estrada CP-0204 (Carrocide-O Pereiro-O Cadramón).
Cronoloxía: século XVII [1].
Estilo: barroco galego [2].
Dous portóns con arco de medio punto.
Capela.
Dúas torres con cadanseu escudo de armas [3].
Gárgolas.
Patín.
Vinculado cunha rama dos Andrade, dos Cora e Aguiar.
Actualmente ten como moradora a Carmucha Iglesias Saavedra, viúva do último propietario do pazo, Antonio Castro Carballo.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura civil. Casas e pazos [4].

"Pazo construido en piedra de extraordinaria calidad e inmejorable sillería en muros y cornisas. Posee dos torres de tres altos, escudo con las armas de los Freire de Andrade, que son las mismas que las de los Andrade, capilla y patín" [5].

No Inventario Artístico de 1980 dátano como do século XVIII [6], mais, evidentemente, a torre e mais a capela son anteriores [7].

"Típica construcción del siglo XVIII con portalada de arco de medio punto, graneros, caballerizas y casón señorial con su escudo. Interiormente tiene cocina con su gran chimenea y habitaciones con mobiliario del siglo XIX en su mayor parte" [8].

Mais, en 1912, Martínez Cobo reproduce un traballo de Lence-Santar [9] que menciona a fundación dun aniversario perpetuo no ano 1686, e xa existía a casa de Carrocide.

Personaxes. Pedro de Rigueiro Freire y Andrade. Cronoloxía: 1683-1726.

"Fueron sus padres D. Pedro de Rigueiro y Dª Petronila Bermúdez Santiso, dueños de la casa de Carrocid, en S. Vicente de Lagoa, perteneciente actualmente a D. Esteban Carballo de Cora, de Lugo" [10].

"[D. Pedro de Rigueiro Freire y Andrade] En 1683 destinó buenas limosnas para pobres y enfermos leprosos en Vivero" [11].

---

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páxs. 19-20. X. X. Casabella López, "Valadouro: pasado e presente dun val de Lugo", *A Nosa Terra*, núm. 282, 06.10.1985, páx. 12. Carlos A. González Paz, "Concello de Alfoz: Algo para recordar", 1999. Visitas e fotografías: IF, 17.05.2001, 12.07.2001 e 30.10.2001.
[2] Carlos A. González Paz, op. cit., 1999.
[3] Carlos A. González Paz, op. cit., 1999.
[4] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I (Abadín-Becerreá), 1993, páx. 74.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 121.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 332. X. L. Laredo Verdejo, *Galicia enteira*, t. 9, 1998, páx. 142.
[7] "A primeira parte, chamada [casa-torre] torre da homenaxe pertence a finais do século XV e principios do XVI. Logo a capilla [sic] e unha parte do pazo son do século XVII e finalmente a última construción é do século XVIII", Rafael Castro Sifontes, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 01.07.2016.
[8] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 1980, páx. 332.
[9] E. Lence-Santar y Guitián, "El Obispo Santo y San Salvador de Pedroso".
[10] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páxs. 19-20.
[11] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado V*, 2001, páx. 27.

"En 1686 era Arcediano de Vivero D. Pedro de Rigueiro Freire y Andrade, sobrino de D. Juan de Rigueiro [Arcediano de Viveiro e fillo de D. Juan de Rigueiro, de San Pedro de Mor]" [1].

En 23 de Diciembre de 1686, a fé de Antonio de Reigosa, [Pedro de Rigueiro Freire y Andrade] funda un aniversario perpetuo, a modo de vínculo y mayorazgo. Este aniversario, entre otros muchos bienes, comprendía la casa de Carrocid, que tenía de largo 8 brazas y otras 8 de ancho, unida a la cual estaban dos torres de tres altos, con cornisas y almenas de sillería. Y la Capilla de la Concepción" [2].

«Esta Capilla la edificara el Arcediano D. Pedro "nuevamente con sus tres altares y ymágenes pintadas las dos de pincel y el mor con la imagen de la purísima concepción de nuestra Señora de bulto y escultura dorada y estofada y todas las paredes por dentro pintadas con el apostolada [sic] y su sacristía con cajones y todo recado para decir dos misas con sus dos ornatos uno de damasco de mda blanco y otro de catalufa de lana alvas y anistos [amitos] y lo más necesario".
Sucederían en el aniversario referido, entre otros, los siguientes señores:
Doña María Antonia de Regueiro [sic] Freire, hija de D. Juan, hermano del fundador, y de D.ª Antonia de Aguiar y Vaamonde» [3].

«En 1699, a 5 de agosto, el Arcediano, para que los capellanes tuvieren renta suficiente, agrega bienes a la Capellanía, imponiéndole la obligación de decir "doce Misas rezadas en cada día que se rezare de los doce Apóstoles la mía y la que toca al Apóstol San Pedro la diga el Día de su octaba...".
En 1716, a 2 de diciembre, otorga otra escritura y por ella agrega también varios bienes a la Capellanía, con la carga de celebrar en la Capilla las misas que siguen:... » [4].

"D. Pedro de Rigueiro era también Arcediano de Vivero y, en 18 de febrero de 1724, otorgó testamento cerrado, bajo el cual falleció el 1º de febrero de 1726.
[...]
Por el testamento vemos también lo siguiente:
El Arcediano D. Pedro fundara en la Iglesia de Lagoa la Cofradía de las Ánimas con 500 ducados de principal,..." [5].

Xenealoxía e vínculo

"D. Pedro [de Rigueiro Freire y Andrade] era hijo de D. Pedro de Rigueiro el Viejo (Cofradía de Ánimas de San Pedro de Mor; 1617) y de Dª Petronila Bermúdez Santiso del lugar de Carrocide. Por su padre era descendiente de los Rigueiro de la casa de Quintela (Castro de Rei) y de los Freires y Andrades de la casa de Rexemil en Justás [Xustás, Cospeito] que tenían por antepasados a D. Rodrigo Freire de Andrade, siendo esta casa descendiente de Rui Freire de Andrade y de Dª Violante de Párraga. Por su madre descendía de las casas de Rioboo, Villardefrancos, Loberas y Mariños, López de Santiso, Valladares y Sánchez Godoy. Le sucedió en el vínculo Dª María Antonia de Rigueiro Freire y Andrade, prima del arcediano e hija de D. Juan de Rigueiro, hermano de D. Pedro de Rigueiro el Viejo. Esta casó con D. Antonio de Aguiar y Baamonde, sucediéndole en el vínculo el hijo segundo de D. Juan Freire de Andrade, de la casa de Justás, sobrino segundo del arcediano, nieto de Álvaro Sanjurjo y Montenegro. Sucediendo en el vínculo y mayorazgo Martínez de Andrade, al que hereda D. Juan Antonio de Moscoso y Omaña, nieto de Dª María Rigueiro, hermana del padre del fundador, esposa de D. Antonio de Moscoso, señor de Fontao y Ferreira de [San Martiño] de Mondoñedo, al que sucede el hijo segundo de D. Pedro de la Barrera, primo del fundador y Señor de Cospeito, hijo de Dª María Freire de Andrade, siendo su sucesora en el vínculo Dª Catalina Freire y Andrade, viuda de D. Bernardo Saavedra Quiroga y Sarmiento, Señor del coto de Boberdo, nieto de María Freire de Andrade, viniendo después D. Diego López de Cornide, hijo de María Freire de Andrade y de Bartolomé López y Ocampo. Descendientes de Dª Teresa de Aguiar Freire y Andrade, hija del Señor de Mañente (Vilaronte, Foz) fueron los González de Cora, Señores de Suegos, Codesido, Torre de Mañente y Carrocide" [6].

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páxs. 19-20.
[2] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páxs. 19-20.
[3] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado V*, 2001, páx. 27.
[4] J. I. Fernández Villalba, op. cit., t. V, 2001, páx. 29.
[5] J. I. Fernández Villalba, op. cit., t. V, 2001, páxs. 29-30.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 121-122.

"En un ensayo genealógico titulado *Una rama descendiente de Alfonso XI*, publicado en 1963 por D. Esteban Carballo y González de Cora [1], figura D. Gabriel María de Cora y Aguiar, como señor de los cotos y jurisdicciones de Santa María de Suegos y de San Martín de Codesido, por herencia de su padre, y heredó de su tío abuelo, hermano de su abuela paterna, D. Manuel Aguiar y Montenegro, que falleció en el año 1798, los señoríos de la torre de Mañente (San Juan de Villaronte), y de la casa-palacio de Carrocid (San Vicente de Lagoa).
Don Gabriel María de Cora nació en la feligresía de Santa María de Suegos [O Vicedo]. Fue regidor perpetuo por juro de heredad, de Mondoñedo, y comisario de Millones en el año 1834. Se casó en San Juan de Covas (Vivero), con doña María de los Dolores de Aenlle y Rocha Parga, que vivía en dicha feligresía.
En el archivo familiar existe el único memorial de los bienes fincables a la muerte de ambos cónyuges, que consta de diecisiete secciones, comprendiendo la primera los bienes vinculares fundados por Álvarez de Aguiar en el siglo XV, figurando en la parroquia de Villaronte la casa-palacio y torre del antiguo fundador, la torre de Mañente;... en la décima y undécima [secciones], los de D. Andrés y D. Manuel de Aguiar en 1791 y 1798, entre los cuales figuraban la torre de Mañente, la casa-palacio de Carrocid, el Real Priorato de San Martín de Mondoñedo y otras. En las demás secciones se contienen los bienes capitales de D. Gabriel y de su esposa, así como los gananciales de ambos.
D. Gabriel era hijo de D. Manuel de Cora y Aguiar y nieto de Don Alonso de Cora y Montenegro y de Doña Teresa de Aguiar. Falleció en su casa-palacio de Carrocid el 8 de octubre de 1851, a la edad de 82 años. Le sucede D. Esteban de Cora y Aguiar, que fue regidor perpetuo de Mondoñedo y alcalde de Mugardos, nacido en la feligresía de San Juan de Covas el 24 de Junio de 1795 y contrajo matrimonio en la parroquia de San Julián de Mugardos, en 1814, con Doña Juana Mariño de la Barrera Delgado, ... No gozó D, Esteban mucho tiempo de los señoríos, pues al heredarlos en 1855, la legislación liberal había dado duros golpes a las antiguas instituciones... De su matrimonio con Doña Juana Mariño quedaron varios hijos, sucediéndoles el último, Doña Teresa de Cora y Mariño de la Barrera... [que] estuvo casada con su primo en segundo grado, Don Domingo Carvallo y Cabo, escribano de número de S. M., siendo descendiente y sucesor su hijo D. Esteban Carvallo de Cora, abogado y magistrado suplente de la Audiencia de Lugo" [2].

Valor artístico e histórico

"El salón principal tiene las paredes con pinturas murales sobre cal (frescos), únicos en Galicia. El pazo está prácticamente original, en su interior conserva cuadros, muebles, documentos originales..., no se le hicieron reformas que alteren su originalidad, es por ello que conserva el verdadero valor artístico e histórico; algunos que critican deberían ser algo más respetuosos. Con esfuerzo familiar hemos mantenido este pedazo de historia de Galicia" [3].

"[El cuadro que forma parte de un grupo de cuatro] No se encontró [por casualidad], lo teníamos guardado, es un Pedro Berruguete (confirmado por el Museo del Prado). Está guardado a buen recaudo (no dentro de la casa [por supuesto])" [4].

"Iconos originales [rusos], realizados con la famosa técnica bizantina, con motivos religiosos sobre fondo de oro en base de madera [custodiados también a buen recaudo]" [5].

Documentos antigos de Carrocide

«Actualmente o SEVA organiza e colabora en multitude de actividades culturais do noso Val; o Festival Músico Vocal "Arcadio Mon", gravación de documentais, Mercado Medieval, Festi-Val de Cine, cursos de oficios tradicionais... Pero sempre tivemos claro que un dos nosos principais obxectivos é a recuperación e esdudo do pasado e a conservación do que é noso. Por iso resúltanos gratificante e motivador o estudo dos documentos antigos relativos ó noso Val e sempre procuramos que a historia da nosa terra estea... presente nos nosos plans de acción. O Pazo de Carrocide, en Lagoa, é talvez unha das construcións máis antigas do noso Val e nel consérvanse unha chea de documentos con varios centos de anos de antigüidade. Grazas á amable colaboración da súa propietaria, Carmucha Iglesias, sempre disposta a botar unha man en todas as iniciativas, o SEVA comezou coa recollida e almacenamento dixital de centos de documentos de Carrocide, con vistas a

[1] *Ediciones Hidalguía*, Madrid, 1963.
[2] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. IV, 1967, páxs. 260-263.
[3] Rafael Castro Iglesias, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 01.07.2016.
[4] R. Castro Iglesias, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 02.07.2016.
[5] R. Castro Iglesias, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 02.07.2016.

conservalos e estudalos, para que o paso do tempo e o inevitable deterioro non nos priven da súa información. No momento actual [2018] está dixitalizada unha décima parte deses documentos e o noso Coordinador na Área de Sociais, Xesús Pisón, xa comezou coa análise dos documentos. É todo un reto a catalogación deste inmenso tesouro documental, a súa ordenación e o seu estudo, un labor que, con toda probabilidade, requirirá moitos anos de traballo intenso e paciente. Pero merece a pena facelo, porque nestas páxinas engurradas e antigas recóllese moito da nosa historia, moito de nós mesmos» [1].

A CASA GRANDE DO RIZAL

Situación: O Rizal.
Cronoloxía: século XVIII [2].
Estado: no século XX sufriu reparacións desacertadas. Hoxe pódese ver en mellor estado.
Capela de San Rosendo.
Portón con dobre arcada. Fachada principal: xanelas abucinadas.
Escudo principal sobre a portada da capela. Muro exterior: varios escudos de armas, dos Vega ou Veiga e dos Varela. Consérvanse tres dos catro lados do muro perimetral de pedra. O cuarto lado, o que dá á estrada, está reconstruído con bloques de cemento.
Pombal.

Figura como Pazo de Rizal no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura civil. Casas e pazos [3].

No lintel dunha porta figura a seguinte lenda: CASA GRANDE DEL CAMPO VERDE DE RIZAL.

"Finca situada en el llano del valle con su portalada, patio, caballerizas y palomar cilíndrico. La casa lleva balconada, arco adintelado en la portada con frontón, escudo de piedra e inscripción alusiva a los antiguos poseedores del ilustre solar" [4].

"Situada en la parroquia de Lagoa, el pazo de Rizal fue solar de D. José de la Vega y Río, rico y afamado comerciante de lienzos, muerto en 1775, descendiente de comerciantes mindonienses estuvo casado con Dª María Josefa Partierra y Rubiños, hija de un comerciante de Ribadeo. [D. José era] hermano de D. Diego de la Vega y Río, prestamero de Sante. Es esta casa representante del desarrollo económico de una época y de las ansias de nobleza de un comerciante, que caracteriza el paso del siglo XVII al XVIII. El pazo del siglo XVIII en piedra de sillería consta de portón, patio y palomar cilíndrico, así como capilla dedicada a San Rosendo, luciendo sobre la portada de la misma el escudo del dueño... La casa se encuentra defendida por fuertes muros en su parte norte, mostrando a lo largo del mismo representaciones de los cuarteles en los que se divide el escudo mayor de la portada de la capilla" [5].

Cartela, arriba do lintel da porta da capela, coa seguinte lenda:

ARMAS del Ylustre Solar de la
Casa Grande del CANPO UERDE
del RIZAL en la Jurisdicion de la
Uilla Y Alfoz del CASTRO DE
ORO Prºpio de la Esclarecida Es-
tirpe de VEGA O VEYGA. Sus

[1] Anónimo, "NOTICIAS DO SEVA. Documentos antigos en Carrocide. Recuperalos é un dos principais labores do SEVA", *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017- Xullo 2018, páx. 37.
[2] X. X. Casabella López, dátaa entre os séculos XVII-XVIII, "Valadouro: pasado e presente dun val de Lugo", *A Nosa Terra*, núm. 282, 06.10.1985, páx. 12.
A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 130.
[3] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I (Abadín-Becerreá), 1993, páx. 74.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 331.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 130.

parientes Maiores los Exccmos.
SS. Conde DE GraJal el Marqes de
Astorga Y otros GRANDES DE ESP. [1]

Personaxes. Juan de la Vega y Rio. Cronoloxía: 1758-1781.

"Pero esta situación cambió poco después, porque en 1758 este don Francisco Jerónimo de Cora la dió en arriendo [a ferrería de Bravos (Ourol)] al presbítero don Juan de la Vega y Rio por 20 quintales de hierro al año, siendo las quiebras mayores por cuenta del dueño y las menores por la del arrendatario [2]. Este don Juan de la Vega era miembro de una familia de comerciantes e hidalgos de San Vicente de Lagoa. Fue tío de don Lorenzo de la Riba, que después de 1750 construyó una fábrica de sombreros en Mondoñedo, siendo el comerciante, en palabras de P. Saavedra, más emprendedor de la ciudad [3].
Sin duda fue el acuerdo, que firmó en 1762 con las feligresías de Oriol [Ourol] Muras y San Pantaleón, lo que le permitió a don Juan [José?] de la Vega y Río disponer de leña, y que por esa razón la ferrería pudiera trabajar desde esos años hasta 1781, en los que hicieron algunas piezas de hierro para los arsenales del Ferrol. Pero el combustible se convirtió en el problema más grave de esta ferrería [de Bravos] hasta en punto de tener que cerrar... [antes de 1788]" [4].

Personaxes. José de la Vega y Río[s]. Cronoloxía: 1762.

Case con toda certeza, irmán do presbítero Juan de la Vega y Río, José de la Vega estaba casado con dona Xosefa Pertierra Rubiños, figura tamén como arrendatario, en 1762, da ferrería de Santiago de Bravos (Ourol).

«Los vecinos de San Vicente de Lagoa en el valle de Oro, de San Pantaleón de Cabañas [sic] y Santa María de Orol [sic] dijeron que don Josep de la Vega y Río "*arrendatario de la herrafía de Santiago de Brauos representanto ygual derecho de D. Josef Pertierra, en 28 de septiembre de este año [1762] acudió con memorial al comisario de Marina y Juez de Montes de esta provincia haziendo manifestación de la necesidad que tenía de carbones para el manejo de la herraría de donde salía partida de fierro para las reales obras de S.M. para cuyo cumplimiento tenía adquirido de algunos que se mostrarían partes interesadas en la fraga nombrada de Couso...*" a lo que aquel le dió permiso pero los vecinos protestaron, pero como los pleitos son siempre costosos, le permiten utilizar la leña en una tercera parte de la fraga» [5].

Personaxes. Antonia de la Vega Pertierra y Rubiños. Cronoloxía: 1788.

Filla de don José de la Vega y Río[s] e dona Xosefa Pertierra Rubiños, da Casa de Rizal, en San Vicente de Lagoa, no Valadouro. Estaba casada con don Ramón Pardo Montenegro Porco Ladrón de Guevara, Coronel de Milicias, Rexedor do Concello de Mondoñedo (1788), Deputado Xeral do Reino de Galiza na Corte [6].

Personaxes. José María Pardo Montenegro Menéndez Valledor.

"Don José María Pardo Montenegro Menéndez Valledor, Ministro togado de la Audiencia de Cáceres, individuo del Ateneo Científico de Madrid, dueño del Solar de los Montenegro, del extinguido Coto de Cochín, del Palacio y Torre de Terrafeita, de la casa principal de Villamartín, de la de Rizal y otras" [7].

Don Xosé María Pardo era neto de don Ramón Pardo Montenegro Porco Ladrón de Guevara e de dona Antonia de la Vega Pertierra y Rubiños, da Casa Grande do Rizal [8].

[1] Transcrición e fotografías: IF, 17.05.2001.
[2] "Por entonces la llevaba en arriendo el asturiano don Francisco de Navia". José A. Balboa de Paz, *Catálogo de las ferrerías del Noroeste de España*, tomo II, Universidad de León, Departamento de Historia, Tesis Doctoral, 2014, páx. 220, n. 2005.
[3] P. Saavedra, *Economía, política y sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, Madrid, 1985, páx. 337.
[4] J. A. Balboa de Paz, op. cit., Tesis Doctoral, 2014, páxs. 220-221.
[5] AHPLU: 2679/8 (1762). J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 221, n. 2008.
[6] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado II*, 2000, páx. 170.
[7] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 166.
[8] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 170.

A CASA DA FARDA (ou DE VEIGA)

Situación: Outeiro.
Cronoloxía: século XVI [1].
Construída con pedras da Torre da Lomba.
Gran porta con arco de medio punto. Escudo de armas na clave do arco.
Outra porta alintelada con modillóns. Cabozo de tres cepas.
A casa está medio arruinada, sen tellado.
A tradición popular afirma que esta casa ten 500 anos e que pertenceu a uns lugartenentes de Pardo de Cela. Moito tempo despois comprouna unha muller á que lle chamaban A Farda, talvez porque se dedicaba ao transporte de fardos. Xa no século XIX, comprouna a familia Veiga [2], e de aí lles vén a estes Veigas o nome de Fardos [3].
Nesta casa localizouse a pedra de armas, supostamente (e sen moito fundamento, segundo González Paz) [4], atribuída á fortaleza da Frouseira; esta pedra de armas está hoxe no Museo Provincial de Lugo (MPL), onde a depositou don José María Montenegro Soto no ano 1933 [5].

«Con materiales procedentes de esta fortificación [da torre da Lomba, desaparecida] se construyó, en el siglo XVI, la denominada "Casa da Farda", situada en sus inmediaciones» [6].

No século XXI aínda hai quen a recorda como A Casa do Coronel Veiga

"Esa era a antiga casa do Coronel Veiga... [que] emigrara a Cuba... Vivían en Pinar del Río, alí adquiriron unha casa, que quedou para os seus criados" [7].

"Parece [ser] que Antonio Veiga [Piñeiro], O Coronel, e María Veiga, casada con Ignacio González Cayón, son os que marcharon para Cuba [non tiveron fillos]" [8].

"O Coronel Veiga emigrara para Cuba coa súa sobriña Pura [Val Veiga]... Alí, o Coronel casou cunha cubana" [9].

"... Levaron para Cuba unha sobriña, que era irmá de miña sogra. A sobriña chamábase Purificación Val Veiga. A dona do Coronel Antonio Veiga Piñeiro chamábase Teresita" [10].

"O actual propietario desa casa é Eduardo [Veiga Paz], o fillo de Moncho do Fardo [Ramón Veiga Orol, falecido], que reside en [Santa Cruz de] Tenerife" [11].

---

[1] C. A. González Paz, "Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 177.
[2] Os Veiga que compraron esta casa no século XIX eran tataravós do propietario, en 2001, Ramón Veiga Orol (falecido con posterioridade ao ano 2001). Visita e fotografías: IF, 12.07.2001.
[3] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 110. A tradución é nosa.
[4] C. A. González Paz, 16.08.2001.
[5] Información facilitada polo Museo Provincial de Lugo a Xesús Pisón, 01.07.2013.
[6] C. A. González Paz, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 177.
[7] Informante: Vanesa Pazo Febrero, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 16.02.2017.
[8] Informante: Martín [González] Paz, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 16.02.2017.
[9] Informante: V. Pazo Febrero, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 16.02.2017.
[10] Informante: Benilde Pazo Cao, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 16.02.2017.
[11] Informante: V. Pazo Febrero, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 16.02.2017.

Escudo.
Situación: Capela de Santiago.
Cronoloxía: 1749.
Escudo con cruz templaria e con armas de Fonseca.
Máis concretamente, son as armas da familia de Bartolomé de Arraña Sanjurjo y Montenegro, que as mandou colocar sobre o lintel da porta de acceso á capela [1].
O escudo amosa a seguinte lenda:

ESTA CAPILLA EDIFICÓ A SU COSTA ALONSO CANOURA, VEZINO DE S. JULIÁN DE RECARÉ. AÑO DE 1587. Y LA REEDIFICÓ D. BARTHOLOMÉ DE ARRAÑA SANJURJO MONTENEGRO, SU BISNIETO, CURA DE LA CIUDAD DE MONDOÑEDO, AÑO DE 1749 [2].

A nós cónstannos reparacións na capela de Santiago no ano 1739.

Escudo.
Situación: Torre do Señorío ou Casa-torre do Castiñeiro.
Lugar: A Lomba, perto da Capela de Santiago.

Escudo.
Situación: Pazo de Carrocide. Muro exterior da torre.
Coas armas dos Freire de Andrade, que son as mesmas que as dos Andrade [3].

Escudo.
Situación: Casa da Farda. Lugar: Outeiro.
Escudo sinxelo, esculpido na propia clave do arco de medio punto da porta.

Escudo.
Situación: Casa do Caneto. Lugar: Carrocide. Hoxe chalé, próximo ao Pazo.
Este escudo procede dun pazo que había nese mesmo lugar, que era dos Pardo Montenegro (Castro-Pardo) e que se derrubou [4].

"Un solo campo rodeado de lambriquines y bordura con el nombre Montenegro" [5].

Tres escudos.
Situación: Casa Grande do Rizal.
Escudo maior, coas armas do dono do pazo, situado sobre a portada da capela:

"Escudo cuartelado destacando las armas de los Vegas, Marrubes, Varelas, Vázquez y Teijeiros" [6].

"Este escudo también se puede ver en Mondoñedo, en la actual calle Pardo de Cela; la mencionada casa era de los Vega, los cuales entroncan con los Pardo Montenegro, con los Osorio, por ende con los Trastamara.
En esta casa [de Mondoñedo] vivió doña Remedios Pardo Montenegro, hermana de doña Julia Pardo Montenegro (Benefactora de Mondoñedo). Como curiosidad informativa añado, el último

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 71.
[2] Escudo de armas. Colección fotográfica de Sargadelos.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 121.
[4] Informante: Rafael Castro Iglesias [fillo dos propietarios do Pazo de Carrocide, Antonio Castro Carballo (falecido) e Carmucha Iglesias Saavedra, que mora no Pazo], Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 30.07.2016.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 131.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 130.

descendiente perteneciente a la familia fundadora fue don Venancio Montenegro, primo de mi abuelo, sobrinos los dos de doña Remedios y doña Julia Pardo Montenegro" [1].

Outro escudo onde a espadana da capela. Da liñaxe dos Vega ou Veiga.
Outro escudo dos Varela.

"... fuertes muros en su parte norte, mostrando a lo largo de los mismos representaciones de los cuarteles en los que se divide el escudo mayor de la portada de la capilla" [2].

Escudo.
Situación: Casa de Morales [3]. Lugar: A Torre, fronte á Torre do Fidalgo.
Escudo con cruz dobre, parecida á de Caravaca, cáliz e dúas chaves.

| Outras casas de interese |

A CASA DO CANETO

Situación: Carrocide.
A 150 metros do Pazo de Carrocide.
Cronoloxía: século XVIII [4]. Reformada en chalé no século XX.
Comentábase que era a casa do muiñeiro do actual Pazo de Carrocide.
Escudo de armas, acaso procedente doutro Pazo que houbo en Carrocide.
O pazo con balconada, que había onde hoxe está a Casa do Caneto, procedía dos Pardo Montenegro e chegou a Salvador Castro Pita (ou Pardo) [5], avó de Rafael Castro Iglesias.
O Pazo de Carrocide era dos Andrade, dos Cora e Aguiar, ascendientes da avoa de Rafael Castro Iglesias [6].

"[El escudo] Era de otro pazo, ubicado casi en el mismo sitio [de la casita o chalé]; era un pazo precioso, con una bonita balconada; lo heredó mi abuelo de sus tías Remedios y Julia, estaba en mal estado, a su vez mi abuelo se lo dejó a su hija Cristina [Castro Carballo] (mi madrina). Ella y su marido derribaron el mencionado [pazo], con parte de sus piedras hicieron el chalé que actualmente ves; el escudo pertenecía al pazo" [7].

A CASA DE FROILÁN

Situación: O Machuco-A Azoreira.
Na pedra do lintel da porta hai, en relevo, unha cruz inscrita nun círculo.
Debaixo dunha xanela había dous mosaicos; o superior representaba a lúa; e o inferior, a Rosa dos Ventos. Este último consérvano na casa. Hai fotografía del [8].
Nas canterías dunha xanela lateral hai esculpidas dúas flores de lis.
Un veciño afirmou, en 1998, que alí viviran uns xudeus.

---

[1] R, Castro Iglesias, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 30.07.2016.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 130.
[3] Á. Carreiras Bermúdez, *Ángel de Morales*.
[4] C. A. González Paz. Esta antiga casa foi propiedade de Cristina Castro Carballo (que a reformou en chalé), familiar dos propietarios do Pazo de Carrocide (irmá de Antonio Castro Carballo, casado con Camucha Iglesias Saavedra). Visita e fotografías: IF, 12.07.2001.
[5] Don Salvador Castro era o pai de Luís, Pepe, Antonio e Cristina Castro Carballo; e avó do noso informante: R. Castro Iglesias, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 30.07.2016.
[6] Informante: R. Castro Iglesias, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 30.07.2016.
[7] Informante: R. Castro Iglesias, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 31.07.2016.
[8] Visita: Jorge Val Díaz e Xesús Pisón; colección fotográfica: Xesús Pisón, setembro de 1998.

A CASA DE LAMA REDONDA

Situación: Lama Redonda.
Lindante coa parroquia de Frexulfe, a 200 metros da Casa Grande do Rizal.
En tempos tiña oratorio.
Xanelas abucinadas.
Foi propiedade de Santiago Casares Quiroga, que posuía outros bens en Lagoa, como o monte da Costoira, máis arriba da capela de Santiago [1].

A CASA DE LAMEIRO (ou DO RATO)

Situación: O Machuco-A Azoreira.
Ao lado da casa de Froilán.
Conserva, entre dúas xanelas, unha cornixa de pedra esculpida con motivos esféricos (catro esferas) [2].

A CASA DE MASEDA

Situación: Porto Dereito [3].
Porta alintelada con modillóns.
Inscrición no lintel: letras A e Z [4].
Moitos Masedas procedían de Valmaseda, País Vasco, e trouxeron, cos Vidartes, a industria do ferro ao Valadouro.

A CASA DE TOXEIRO

Situación: Beloi.
Cronoloxía: 1681.
Patín. Xanelas abucinadas.
Conserva intacta a lareira e unha pilastra.
Curiosa viga gallada, de madeira.
Estado: restaurada, ben conservada [5].

---

[1] Jorge Val Díaz, 08.06.2000. Casares Quiroga, pai da actriz María Casares, era Presidente do Goberno da II República o 18 de xullo de 1936. Esta casa vendeulla o administrador, Manuel Rivas Seivane, sobre o ano 1980, a Francisco Goás Geada, propietario (en 2001) da Casa Grande do Rizal, onde vivía cando a nosa visita. O fillo do administrador de Lama Redonda, Constantino Rivas Hermida, reside en Ferrol. Libros da Casa de Lama Redonda están no faio do Pazo do Rizal. Moita documentación que existía na Casa de Lama Redonda queimouna o antigo Administrador diante da casa cando se vendeu. Visita e fotografías: IF, 10.07.2001.
[2] Ao lado da Casa de Froilán. Visita: Jorge Val Díaz e Xesús Pisón; colección fotográfica: Xesús Pisón, setembro de 1998.
[3] Tiñamos dúbidas entre Porto Dereito e A Azoreira. Informante: Jorge Val Díaz, 22.10.2013.
[4] Visita: J. Val Díaz e I. Ferreira. Fotografías: IF, 22.09.2003.
[5] Casa e lugar foron propiedade de Augusto Mel Pérez, de Ferreira, falecido, e nela moraban os pais e outros ascendentes de Inés Pardiñas Iglesias. Ela e o seu esposo comprárona cara ao ano 1991, adquirida pola Lei de Arrendamentos Históricos. Visita e fotografías: IF, 12.07.2001.

AS CASAS DO ESCAIRO

Situación: O Escairo.
Destacadas polas súas grandes chemineas.

A CASA DE CABANELA

Situación: Agrela.
O lintel da portada, arrimado á beira da estrada, ten inscrita a data 1759.
Esta pedra está polo lado dereito da casa de Cazás e pódese ler: 11 4 SAΛ 1759 [1].
Porta con arco de medio punto [2].

A CASA DE CAZÁS

Situación: Agrela. Patrucial [3].

A CASA DO CONDADO

Situación: O Condado.

A CASA DOS CURRÁS

Situación: Os Currás. Inscricións na pedra [4].

A CASA DE MIRO

Situación: Agrela. Casa de Lanza. Lintel: cruz dentro dun círculo [5].

A CASA DE MONTEIRO

Situación: Agrela. Nalgún tempo tivo escudo de armas [6].

[1] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, fixo fotografías do lintel, 27.01.2017.
[2] Foi propiedade de M.ª do Carme González-Seco Seoane, *Maruja Seco*, de Mondoñedo, casada co tamén mindoniense, doutor e cirurxián D. Enrique Cabanela Álvarez, falecido en maio de 2008 (IF). "Esta casa comprouna un señor do Pereiro... [e está moi ben coidada]". Informante: Ángeles Parga Pardiñas, 28.01.2007.
[3] A última persoa que morou nesta casa foi Santiago Rodríguez Cazás.
[4] Informante: Jorge Val Díaz, 22.09.2003.
[5] Informante: Jorge Val Díaz, 30.10.2001.
[6] Ou a Casa de Xosé María de Fernández. Nesta casa moraba, e era propietaria, Bienvenida Basanta Acevedo, casada con Fructuoso Pardiñas Souto, *Frutos*, (ambos os dous falecidos).

| Outros lugares de interese |

O MACHUCO DE ABAIXO

Situación: A Azoreira.
Consérvase só a presa en bon estado, con calzada paralela ao río.

O MACHUCO DE ARRIBA

Situación: A Azoreira.
Restos de dúas paredes [1].

"Paralelamente [á industria do ferro] podemos destacar la existencia de mazos, como el de *Silveirue* en la parroquia de Lagoa. *Un mazo de estirar el hierro al sitio de Leira de Silveirue, propiedad de Cayetano de Ciroa y consortes* [2]. En la misma encuesta se hace referencia a 19 ferreiros que producían hasta un total de 540 reales vellón, cifra considerable, que nos hace ver la importancia del trabajo del hierro" [3].

O MUÍÑO DE CUBA

Situación: Centoi.
Retellado de novo con lousa, conserva a canle en boas condicións [4].

| Fontes |

A FONTE DO SAN VICENTE

Situación: A Igrexa.
Onde a igrexa parroquial [5].

A FONTE DE SANTA ANA [6]

Situación: A Lomba, onde a Capela de Santiago de Cerdeirido.
Con pío e pinguela.

A FONTE DO SARRAPIO

Situación: A Lomba (perto de Auga Quente).
O Sarrapio é un lugar citado por Manuel Amor Meilán no ano 1928.

---

[1] Fotografía: Jorge Val Díaz, 04.06.2000.
[2] ADHL (Archivo de la Delegación de Hacienda de Lugo). Catastro de Ensenada. Leg., 16-4-6.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96.
[4] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 12.03.2018 (IF).
[5] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 17.11.2016. Tamén Joselina Balseiro Cora publicou fotografía desta fonte en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 03.08.2017 (IF).
[6] O mito de Santa Ana é un mito céltico da Nai das Augas. Jean Markale, *Los celtas y la civilización celta*, Taurus Ediciones, Madrid, 1992, p. 36. Santa Ana non figura na Biblia.

| Outras fontes | [1]

A FONTE DA VELLA. Situación: Agrela. Con pío e pinguela [2].

A FONTE DE AGRELA. Cuberta, con lavadoiros.

A FONTE DO ADOSO. Con pío e pinguela.

A FONTE DO CARBALLO MARIÑO. Con pío e pinguela.

A FONTE DO CONCELLO. Con pío e pinguela.

A FONTE DOS CURRÁS. Con pío e pinguela.

A FONTE DO ESCAIRO. Con pío e pinguela.

A FONTE DO GAVIÁN. Con pío e pinguela.

A FONTE DE MARCOI. Con pío e pinguela.

| Pontes |

A PONTE DE CENTOI

Un dato toponímico, ou acaso algo máis. Lémbranos o rei Cintoulo.
Nun documento do século IX (ano 897) figura o nome *Villa Centoya.*

"De la cual permanece memoria con el nombre del puente de *Centoya*, sobre el río Oro" [3].

"Probablemente por este lugar [a capela de Santiago] pasó otra variante de la ruta [jacobea] que iría a la capilla de San Cristóbal en el camino que iba a Villaoriente (hoy Os Picos), se pasaría por el antiguo puente de Centoi, que conserva la memoria de la vieja villa centoya, que se cita en el testamento de Odoario del 747" [4].

Entendemos que se trata da actual ponte de Centoi [5].

[1] Informante: Jorge Val Díaz, 30.10.2001.
[2] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 21.11.2016. Tamén María Mon Geada publicou fotografía desta fonte en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 27.07.2017, despois de que a restaurasen como consecuencia dun derrubamento producido cunha máquina agrícola (IF).
[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[4] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), páx. 16, 20.03.1992, citando *España Sagrada*, t. XLI, Ap., P. H. Flórez.
[5] Figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CL, páx. 107.

A PONTE DO BATÁN

Situación: O Batán.
Material: pedra. En bon estado.
Semellante a outra ponte, desaparecida, que estaba situada no lugar das Pontellas, onde aínda restan os pontigos [1].

A PONTE DE BELOI

Situación: Beloi.
Material: madeira, con base de pedra.
Para servizo de prados.

A PONTE DE CARROCIDE

Situación: Carrocide.
Material: pedra, con obra posterior de cemento.

[1] Informante: Jorge Val Díaz, 30.10.2001.

O señor do Pazo de Carrocide

En tempos as parroquias de San Pedro e de Lagoa lindaban en Carrocide, xusto polo medio do Pazo dos de Castro Pardo, de maneira que a metade da casa pertencía a unha parroquia e a outra metade á outra.
Moraba alí un señor moi vicioso das mulleres, tanto das novas como das vellas, das solteiras como das casadas, e por esa razón andaba sempre en guerra cos veciños, que mesmo quixeron aquelalo, mais nunca o deron pillado, porque cando a xustiza dunha parroquia entraba por unha porta da casa, el púñase na outra parte e salvábase [1].

O cachopo e o cuco

Unha noite de inverno, os da casa de Repepes botaron no lume un cachopo de carballo moi grande, e niso saíu del un cuco e escapou pola cheminea [2].

O baño de ouro da Antigua

Na Antigua de Lagoa hai un baño de ouro [3].

As bólas de ouro

Un veciño de Lagoa que estaba a fender unha pedra no Couto de Montoxo atopou unhas bólas de ouro e foillas mostrar ao cura. El díxolle que llas deixase quedar, que lle tiñan para xogar aos bólos. O home foise conforme para a casa. De alí a un tempo o cura vendeu o tesouro, e cos cartos trouxo uns artistas portugueses e pintaron o altar da igrexa [4].

O carballo da Viñavella [5]

“Sabemos dun carballo que garda un Tesouro nas súas raíces. Un día o dono da terra atopou o tesouro e quixo collelo. Cavou e cavou pero non o conseguiu. O carballo negoullo porque en tódolos anos que viviran xuntos nunca lle dera un saúdo” [6].

O Carballo da Viñavella é un cachopo moi grande que hai en Lagoa.
O último dos Vizosos que morreu na Viñavella, antes de deixar o mundo, dixo:
—Nese cachopo hai unha pila de moedas de ouro.
Foron alí, e habíaas [7].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto XXI, páxs. 21-22.
[2] E. Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páxs. 48 e 75. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto LXVII, páx. 53.
[3] Informante: Jorge Val Díaz, 12.04.1998. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXIV, páx. 99.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXXI, páx. 100.
[5] “O carballo era considerado na antigüidade como unha árbore sagrada, e conserva nas crenzas tradicionais unha serie de virtudes”. X. R. Cuba-A. Reigosa-X. Miranda, *Diccionario dos seres míticos galegos*, 17 de Maio de 1999, páx. 73.
[6] X. R. Cuba-A. Reigosa-X. Miranda, op. cit., 1999, páx. 74.
[7] Contador: Arturo Blanco Orol, 27.09.1999. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXX, páx. 100.

A Pasada do Encanto

O Encanto pasou unha vez polo Rego da Billagueira e deixou a pegada do zapato nunha pena que lle chaman A Pasada do Encanto [1].

San Vicente

San Vicente foi predicar polo mundo, e aló, nun país de lonxe, déronlle martirio até que morreu. Entón os verdugos amarráronlle unha pedra ao pescozo e botárono ao mar. E a pedra, no canto de afondar, foi traendo o santo para Lagoa, que naquel tempo era toda auga [2].

A trabe de ouro da Ponte de Centoi

Hai unha trabe de ouro que vai por debaixo da terra desde a Ponte até a Pena Moura, que está no Couto de Montoxo, en Frexulfe. A trabe de ouro descóbrese coa escalada dunha galiña [3].

A vaca con catro cornos

Antón de Sisto, de Lagoa, baixaba cun carro de molime polo Couto de Montoxo, e ao chegar á Pena do Encanto viu unha vaca moi grande que tiña catro cornos [4].

O sacristán de Lagoa

A César do Pinguelo, sacristán de Lagoa, aparecíaselle unha luciña no faio da casa, e xa se preparaba para ir tocar a defunto, pois era sinal de que ía morrer alguén na parroquia [5].

O troupeleo no camiño

Unha muller de Vao ía todas as noites atender un veciño que estaba enfermo. Unha vez, entrando na casa, sentiu que lle guindaban pola roupa para que non pasase. A muller pensou que sería o fillo do enfermo, mais non viu ninguén. A pesar do susto que levou, atendeu o vello como sempre, e en acabando voltou para a casa acompañada do rapaz.
Ao pasar por unha chousa sentiron troupelear no camiño como se viñese un cabalo á carreira. O segundo troupeleo deu con eles no chao. Entón viron un armario negro que viña ruxindo polo ar.
A muller ergueuse e dixo:
—Sagrado Corazón de Xesús nos valla!
E o armario desapareceu.
O rapaz pillou a muller polo brazo e levouna para a casa. El voltou para a súa e ao chegar encontrou o pai morto [6].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLVIII, páx. 109.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXI, páx. 122.
[3] A lenda reproducímola na parroquia de Frexulfe. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CL, páx. 107.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLX, páx. 110.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXIII, páx. 150.
[6] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXIV, páx. 150.

A Estantiga (I)

Un home de Lagoa, sabendo que andaba a Estantiga pola parroquia, saíu de noite en procura dela. Como á mañá aínda non voltara, xuntáronse os veciños e fórono buscar. Cando deron con el, estaba a durmir de pé e custoulles moito traballo despertalo [1].

A Estantiga (II)

Unha noite un veciño de Lagoa, alcumado o Santiño Vello, foi ver a Estantiga, e en chegando ao seu lado ela díxolle:
—Por onde queres ir, pola terra ou polo ar?
—Polo ar.
E o Santiño, sen saber como nin como non, apareceu á mañá na ermida da Nosa Señora do Monte, que está a doce leguas do Valadouro [2].

A Zarrulada (I) [3]

Á noite un rapaz de Lagoa voltaba para a casa na bicicleta, cando sentiu uns canciños camiñar á par del. Cada vez que o rapaz paraba non vía can ningún, e ao volver andar, os canciños tornaban a roerlle nas rodas da bicicleta. Cando chegou á casa, os cans desapareceron, e nunca máis o rapaz soubo deles [4].

A Zarrulada (II)

Unha noite, Camilo de Lagoa foi buscar unhas verzas á horta e voltou coa roupa esfarrapada e a piques de perder o acordo. Cando se repuxo, contou que sentira ladricar uns canciños, e ao ir mirar resultara ser a Zarrulada, que houbo matalo se non estivese ao pé da casa [5].

A Zarrulada (III)

Na Ponte de Centoi aparecéuselle a Zarrulada a un home que voltaba para a casa. Era unha cadela grande e mais uns cadeliños que se lle metían ao home polo medio dos pés impedíndolle camiñar. Con todo, el chegou á casa, pillou a escopeta para ir contra os cans, mais a arma non disparaba. E a Zarrulada foise [6].

A Zarrulada (IV)

Antonio de Balseiro, de Lagoa, viña de noite para a casa, e ao pasar a Ponte de Centoi presentóuselle un can que ía medrando segundo camiñaban. Antonio apurou o paso sen ousar escorrentalo. Cando chegou á casa pillou a escopeta e tiroulle, e os tiros non saíron [7].


---

[1] E. Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 116. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLXXXIV, páx. 158.
[2] E. Lence-Santar, op. cit., edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 116. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXXXVIII, páx. 160.
[3] "Aparecidos, Santa Compaña". X. L. Franco Grande, *Diccionario galego-castelán*, 1968. "*Zarrulada:* Procesión de ánimas, Compaña". X. R. Cuba-A. Reigosa-X. Miranda, *Diccionario dos seres míticos galegos*, 1999, páx. 264.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXCVIII, páx. 163.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXCIX, páx. 164.
[6] Informante: C. A. González Paz, 16.08.2001. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, 2005, conto CCC, páx. 164.
[7] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., conto CCCI, páx. 164.





Igrexa parroquial.
Lagoa.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: torre barroca.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



IGREXA PARROQUIAL DE LAGOA
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo III, 1980, p. 329.



Cemiterio antigo.
Lagoa.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



San Vicente.
Igrexa parroquial.
Lagoa.
Cronoloxía: s. XVIII.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.





Capela de Santiago.
Lagoa.
Situación: Cerdeirido.
Cronoloxía: 1587.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.





Capela de Santiago.
Lagoa.
Situación: Cerdeirido.
Pórtico con escudo de armas.
Baixo-relevo da Crucifixión.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



Capela de Santiago.
Lagoa.
Situación: Cerdeirido.
Escudo de armas.
Cronoloxía: 1749.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



Capela de Santiago.
Lagoa.
Situación: Cerdeirido.
Santa Ana coa Virxe e o Neno (Ana Triple).
Cronoloxía: século XV.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: Semana Santa de 1998.



Cruz baixa da Azoreira.
Lagoa.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-07-2001.



Cruz baixa de Centoi.
Lagoa.
Onde a Ponte de Centoi.
Cronoloxía: século XVIII.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 22-11-2016.



Cruz baixa de Cerdeirido.
Lagoa.
Sobre unha pedra natural
con data 1866.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-07-2001.



Pazo de Carrocide.
Lagoa.
Cronoloxía: século XVII.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 30-10-2001.



Pazo de Carrocide.
Lagoa.
Capela da Inmaculada.
Cronoloxía: s. XVII.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-07-2001.



Pazo de Carrocide.
Lagoa.
Portón principal.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-07-2001.




Pazo de Carrocide.
Lagoa.
Cronoloxía: ss. XVII-XVIII.
Escudo e gárgola.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-07-2001.



A Casa Grande do Rizal.
Lagoa.
Cronoloxía: século XVIII.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



A Casa Grande do Rizal.
Lagoa.
Capela de San Rosendo.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



A Casa Grande do Rizal.
Lagoa.
Capela de San Rosendo.
Escudo de armas.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.





Casa da Farda.
Lagoa.
Arco de medio punto.
Escudo de armas na clave.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 12-07-2001.





Casa do Caneto
ou *Casa do Muiñeiro do Pazo.*
Lagoa.
Escudo de armas
procedente do Pazo de Carrocide.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 12-07-2001.





Casa de Lama Redonda.
Lagoa.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 10-07-2001.



Casa de Maseda.
Lagoa.
Situación: Gabián.
Porta alintelada con modillóns.
Inscricións: Z A.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 22-09-2003.





Casa de Toxeiro.
Lagoa.
Situación: Beloi.
Cronoloxía: 1681. Restaurada.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 30-10-2001 e 12-07-2001.

A Laxe

A LAXE

Parroquia do concello do Valadouro, arciprestado do mesmo nome e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1]. Actualmente, a parroquia de A Laxe é anexa da matriz Ferreira [2].

Coordenadas [3]: Latitude: 43º 33' Lonxitude: 7º 26'

Superficie [4] en Km^2: 5,51

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Budián (O Valadouro) e Vilacampa (O Valadouro); ao sur, polas de Ferreira (O Valadouro) e Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro); ao leste, pola de Budián (O Valadouro); e ao oeste, polas de Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro) e Vilacampa (O Valadouro) [5].

Ten 228 habitantes (Homes: 110. Mulleres: 118) [6], distribuídos entre as 14 entidades de poboación de: *Augarrío, As Cabras Figas* (ou *As Cabrafigas*)*, A Casela, A Granda, Mansián, O Pazo, A Pedreira, As Penas da Laxe, A Portela, A Rexedoira, A Ribadela, Tanín, Tras dos Ríos, Zaragoza* [7].

O termo está regado polo río *Cabreiro*, que é o *Ferreira*, afluente do río *Ouro* (<*Douro*) pola esquerda.

A parroquia comunícase coa capital municipal mediante as estradas locais LU-161 (Viveiro-Ferreira) e LU-163 (Ferreira-Budián-O Calvario).

Festividades [8]: *San Xoán*, 24 de xuño. Titular e Patrón da parroquia.
Nosa Señora do Carme, 16 de xullo. Celébrase o terceiro domingo de xullo.

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. I, 1974, páx. 199.
[2] X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, tomo: O Valadouro, 1993, páx. 29.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 153.
[4] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[5] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[6] Fonte: INE, 01.01.2017.
[7] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páxs. 3.159 e 3.160. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[8] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

A Laxe: nome da parroquia.
O topónimo *A Laxe*, segundo Villa-Amil y Castro [2] está relacionado coa existencia de poboacións con lagos, o mesmo que *Lagoa.*
Orixe prelatina, céltica > *lagena, lágena* (baixo latín) 'recipiente para auga'.
Evolución do topónimo: *lagena* > *a lagea* > *A lage* > *A Laxe.*
Para a toponimia ortodoxa é clara a súa relación coa pedra, das palabras galegas *laxe* ou *laxa* (pedra lisa e longa) [3].

Orónimos

A Serra do Buio, O Coto de Mansián (235 m), *O Monte dos Castros*, *Subcastro.*

Hidrónimos

*Río Cabreiro (*é un tramo do río *Ferreira*, que nace en Vilacampa) mais tamén é o nome dunha entidade da parroquia de Santa Cruz do Valadouro*), Rego das Hortas.*

Entidades de poboación

Augarrío (hidrónimo), *As Cabras Figas* ou *Cabrafigas* (do lat. CAPRIFICUS> 'figueira brava') [4]*, O Pazo, A Rexedoira, A Ribadela, Tanín, Zaragoza* (lat. CAESARAUGUSTA > ár. Saraqusta > esp. Çaragoça > Zaragoza) [5].

Lugares

Pena Redonda, Penas Rubias, Porto Cativo (en *Augarrío*), *O Real* (tal vez de *regale*, derivado de *rego*, como *Rial*, e non de pertencente á realeza) [6].

Topónimos con data documentada

"Contiguo al templo, con puerta de piedra de granito de arco escarzano, frontón triangular con remate de cruz y puntas de diamante" [7].

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. I, 1975, páx. 43.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páxs. 43-44.
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 44.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 44.
[6] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. I, 1975, páx. 44.

CAPELA DE ZARAGOZA

Situación: Zaragoza.
Particular [1]. Arrimada á casa dos de Cao, que pertence a Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: mediados do século XVIII.
Imaxe da Virxe do Pilar.
Ten un San Pancracio, único no Valadouro.
Retablo [2].
Estilo: tardobarroco. De moi boa factura [3].

"... se dice que fue propiedad de Pero Maseda de Aguiar en el siglo XIX" [4].

Imaxes existentes no ano 1999 [5]

Santo	Pequeno. Roupa vermella, capa azulada. Man dereita, cetro. Man esquerda, pano ou pergameo branco.
San Ramón Nonnato	
Virxe do Pilar	Situación: sobre un piar con cruz potenzada.
Santo Antonio	Peaña vermella.
Martirio de San Pancracio	Home con coiraza. Ao pé, o neno, que é San Pancracio, coas mans xuntas en actitude de súplica.
Santo	Pequeno. Torso espido sobre nube gris.
Cristo crucificado	Pequeno. Sen brazos nin pernas.

"... A min só me queda unha terceira parte da capela, ... pero eu creo que aínda hai algo de roupa do cura, un misal coas notas de música cuadradas... miña tía Josefa e Pedro de Murelle, os pais de Juan [Xoán Manuel Vilar López], casaron nela [na capela]. Son testigo... Déixovos [a fotografía d]o pequeno retablo" [6].

No ano 1840 todo o val constituía un só concello, co nome de "Valle de Oro". Mais no ano 1841 volve a segregarse a comarca do Valadouro en dous concellos, "Alfoz de Valle de Oro" e "Tierra Llana del Valle de Oro". Este con sede primeiro en A Laxe (1832) e máis tarde en Ferreira (1869).

«A casa de Juan Vilar López e de Manolo López Pardo pertencen a A Laxe e a dos de Cao, a Santa Cruz. Iso é o que teño "aprendido" eu e nunca o entendín» [7].

[1] Propiedade de Xoán Manuel Vilar López e do seu curmán Manuel López Pardo [fillo de Laureano de Zaragoza]. Informante: Tonia López Marful (curmá de Xoán Manuel Vilar López e de Manuel López Pardo), Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 07.11.2016.
[2] Dolores Sánchez Orol, 06.12.1999.
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[5] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[6] Informante: Tonia López Marful, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 04.11.2016.
[7] Informante: Tonia López Marful, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 07.11.2016.

CRUCEIRO DA PORTELA (ou CRUCEIRO DAS PENAS [DA RASPA])

Situación: A Portela.
Onde as Penas da Raspa.
Cronoloxía: comezos do século XXI.

«Forma parte do grupo de Cruceiros actuais (Século XXI).
Este cruceiro dá testemuña dun Cristo que había neste lugar e co paso do tempo desapareceu [Actualmente, 2017, a cruz primitiva deste cruceiro está no murado do cemiterio de A Laxe]. O dono do [cruceiro] actual comentou que o puxo por devoción sen reparar en gastos. Comenta "Eu tiña ganas dun cruceiro e agora está aí". Deste xeito, despois de visitar outros, tomou a decisión de falar cun canteiro para dar testemuña do seu pensamento. Foi feito polo canteiro de Galdo coñecido polo nome de Mario. Nel reflíctese o sinalado no Cruceiro de [das] Lamas en Santa Cruz. As diferenzas son: non ten cartela e no capitel, entre dúas molduras, aparece a efixie dun anxo»[1].

CRUZ DAS PENAS (ou CRISTO DAS PENAS)

Situación: érguese no murado do cemiterio desta parroquia, e está formada polo que foi parte dun antigo cruceiro da zona (Cruceiro da Portela ou das Penas da Raspa); só queda a parte superior [2].

"A Cruz das Penas no murado do cemiterio de A Laxe procede do lugar das Penas da Raspa. Trátase dunha cruz de sección cuadrangular e arestas rebaixadas, tipo cruz flordelisado. Está no murado do cemiterio e faise o comentario de que procede dun antigo cruceiro, segundo testemuñas dos veciños" [3].

CRUZ NOVA DE VILAGABE

Situación: A Costa de Vilagabe.
Murado da Casa de Vilagabe.
Estrada LU-163 (Ferreira-Budián).
Entre os lugares do Portelo e A Portela, desde a antiga escola á igrexa parroquial.
Cronoloxía: 1985 (a cruz actual data do ano 2001).
Cruz baixa, duns 60 cm., sinxela.
Material: pedra. O Cristo é de bronce, exento.
Substitúe a unha cruz de madeira, que estaba a caer de podre [4].

"Na Costa de Vilagabe, na estrada de Ferreira a Budián, atópase a Cruz de Vilagabe. Está enriba dun murado dunha casa particular. Antigamente era de madeira e despois fixeron unha de granito e, de vez en cando, colócanlle un Cristo de bronce. Procede dunha Misión celebrada na igrexa de A Laxe. A cruz de madeira fora feita por Alexandre López Pumares, veciño desta parroquia. E segundo informa Estrella García Lorenzo, dona da cruz, a actual [sic] foi colocada no ano 1985. Diante da cruz paraban os cadaleitos" [5].

---

[1] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[2] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 30.
[3] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[4] Visita e fotografía: IF, 08.12.2001.
A cruz nova está desprazada uns tres metros de onde estaba a orixinal de madeira, unha zona que hoxe ten reixa. Informante: Ricardo Orol Orol, 27.07.2013 (IF).
[5] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

CRUZ DO SOUTO VELLO (ou CRUZ DE BENITO)

Situación: O Souto Vello.
Estrada LU-161 (Viveiro-Ferreira), Km 22,200. Entrada da pista que leva de Tanín a Mansián (Indicador: Mansián-Cabras Figas- A Casela) [1].
Tamén chamada A Cruz de Benito [2] ou Cruz de Mansián [3].
Descrición: cruz simple con pé grande, aínda que basto. En tempos tiña fuste. Un dos brazos da cruz está partido, cementado e soportado por unha pedra [4].

«No lugar de Mansián, pista que leva a Cabras Figas, á man dereita achamos a Cruz de [do] Souto Vello ou Cruz de Benito. Esta cruz foi derrubada e cambiada de lugar. Hoxe está formada por unha base en forma de plinto e enriba unha cruz, pouco traballada, de sección cuadrangular. Ao seu carón viviu moitos anos un mendigo coñecido como "Benito de Atuxo [Antuxo]", que vivía nunha choza, e de aí o nome de Cruz de Benito» [5].

CRUCEIROS DESAPARECIDOS

CRUZ DE PERICO

Situación: As Cabras Figas.
Descrición: Era de madeira, sobre base de pedra [6].

CRUZ DO CAMIÑO DA CRUZ (ou CRUZ DE TANÍN)

Situación: O Camiño da Cruz [7].
Este camiño une a estrada LU-161 (Viveiro-Ferreira), na recta de Tanín, coa estrada LU-163 (Ferreira-A Laxe-Budián-O Calvario), no lugar do Batán.
Descrición: Era unha cruz de madeira, que desapareceu cando ampliaron o camiño [8]. Queda a base de pedra.

[1] IF, 12.08.2012.
[2] Benito de Antuxo, personaxe que vivía, a mediados do século XX, nunha cabana existente perto da cruz. Xesús Pisón, 21.08.2001.
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] Visita e fotografía: IF, 31.08.2002.
[5] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[6] Xesús Pisón, 21.08.2001.
[7] Todo o Camiño da Cruz pertence á parroquia de A Laxe, que xa comeza no edificio da antiga Formación, hoxe casa de Euloxio Fernández Sampayo, que foi alcalde do concello do Valadouro (1988-2011).
[8] Fixéraa Xabier Sixto Ben, no ano 1951, por ter librado dunha enfermidade.

| Castelos |

CASTELO DA PORTELA

Clave de identificación: GA.27.063.RE14 [1].
Situación: *A Portela*.

Coordenadas U.T.M.: X: 626.242; Y: 4.824.205 [2].

"El lugar de A Portela, situado en la parroquia de San Xoán de Alaxe [A Laxe] es considerado por numerosos autores como lugar en el que se asentó el castillo del mismo nombre.
[...]
... Vázquez Seijas o López Alsina lo sitúan en el Valadouro, no siendo arriesgado situarlo en el lugar *Do Portelo* de la actual parroquia de Santa Cruz" [3].

| Torres |

TORRE DA PORTELA

Situación: *A Portela*.
Cronoloxía: 1178? [4].

Coordenadas U.T.M.: X: 626.247; Y: 4.822.652 [5].

"En el nomenclátor de 1940 figuran los toponímicos de fortalezas siguientes:
Torre, parroquia de Alaje, municipio de Valle de Oro" [6].

No Nomenclátor de Galicia, de 2000, xa non figura ningún topónimo *Torre* na parroquia de A Laxe; en troca, figura *A Portela*, entidade de poboación que ademais continúa en 2014 con toda a súa vitalidade.

"As fontes falan da existencia dunha torre derribada no ano 1178. A prospección da zona non deu indicios de construción de ningún tipo, aínda que é posible que na zona queden os cimentos da mesma [7].

O TORRILLÓN DE A LAXE

Situación: hoxe ilocalizado.
Ao que parece, estaba situado enfronte da actual igrexa parroquial.
Destruírono os veciños como protesta contra o bispado de Mondoñedo [8].
Tamén podería ser o que mencionan os autores como Castelo ou Torre da Portela, na entidade de poboación que forma parte do contorno da igrexa parroquial.
En resumo, talvez Castelo, Torre e Torrillón fosen un mesmo edificio defensivo.

---

[1] Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014. Listaxe facilitada por Manuel Miranda Ruíz, de Mariña Patrimonio, 17.05.2014 (IF).
[2] Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 63-64.
[4] J. F. López Calzada (Arqueólogo Director), *Revisión do Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico. Concello do Valadouro*, Ferreira do Valadouro, 19.09.2005, páx. 46. Inédito.
[5] J. F. López Calzada (Arqueólogo Director), op., cit., 19.09.2005, páx. 46. Inédito.
[6] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. I, 1955, páxs. 12-15. Este topónimo non figura no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006.
[7] J. F. López Calzada (Arqueólogo Director), op. cit., 19.09.2005, páx. 46. Inédito.
[8] Informante: Roberto Reigosa Méndez, 29.07.2013.

O LUGAR DO PAZO [1]

Entidade de poboación que comeza no Colexio das Monxas Nosa Señora dos Remedios e inclúe, entre outras, a casa patrucial dos Canouras, antiga escola pública.
Non debemos confundir o topónimo *O Pazo* coa Casa do Pazo (situada máis arriba, nas Penas de A Laxe).

A CASA DAS CARBALLESAS [2]

Situación: As Penas de A Laxe.
A 100 metros da igrexa parroquial.
Cronoloxía: 1737 [3].

"También destacan otras Casas Grandes situadas en diferentes parroquias: ... la parroquia de A Laxe cuenta por su parte con la Casa das Carballesas –en el lugar das Penas [da Laxe]– datada a través de su dintel (1737) también dispone de una bufarda en la fachada principal..." [4].

A CASA DO PAZO

Situación: As Penas de A Laxe.

"También destacan otras Casas Grandes situadas en diferentes parroquias: ... la parroquia de A Laxe cuenta por su parte con la Casa das Carballesas... además está adosada a la que se le conoce como Casa do Pazo, de la que también habría que mencionar su estilística isabelina [5].

A CASA DE CANOURA

Situación: O Pazo.
Estrada antiga LU-163 (Ferreira-Cangas). Despois do Colexio das Monxas [6].
Patrucial dos Canouras.
Foi cuartel da Garda Civil e despois escola pública.

A CASA DE SÁNCHEZ VIDARTE [7]

Situación: A Ribadela.
Estrada Viveiro-Ferreira (LU-161), Km 21.
Pouco máis arriba da Taberna, á esquerda da estrada.
Cronoloxía: século XVIII.
Escudo de armas.

---

[1] Indo cara ao Pozo das Moscas. Figura como entidade de poboación no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo, co nome *O Pazo*.
[2] M.ª das Dores Carballés Basanta, morreu na súa casa de A Laxe o día 30 de marzo de 1948, aos 63 anos de idade. As súas irmás, que vivían cando ela morreu, eran: Elisa, M.ª Xesús, M.ª das Neves e M.ª Manuela (IF, 14.04.2001).
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[5] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[6] Nela morou e fixo escola María Pardeiro González, mestra de A Laxe.
[7] Esta casa foi propiedade de Antonio Fernández Sánchez, *Antón de Cigarro.*

Esta de Sánchez Vidarte é unha rama que se estabeleceu no século XVIII, procedente da casa patrucial das Curuxeiras, na parroquia de Santa Cruz do Valadouro. Os Vidarte dedicábanse á industria do ferro (ferrerías) [1].
Así, perto da Ribadela, existía a ferrería ou fundición de Pesqueiras, nos límites entre as parroquias de A Laxe e Santa Cruz.

"Por otro lado los defensores de la instalación de la fundición [de D. Antonio Raimundo Ibáñez nos montes de Rúa-Sargadelos, 1788], entre los que se encuentran los vecinos de Rúa, alegaban la necesidad de la misma, pues [de] las cuatro [fundicións de ferro] que existían en la provincia de Mondoñedo, entre las que se encontraba la de Pesqueiras (Sta. Cruz) habían desaparecido" [2].

A CASA DE ZARAGOZA

Situación: Zaragoza.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), a 1 Km de Ferreira desvío á dereita (cartaz indicador: A Casela); ou máis curto: pasada a Ponte do Rebuxento, a 100 metros, desvío á dereita, xusto antes da casa de Pena, hoxe morada do párroco Monterroso Carril).
A entidade está situada entre as parroquias de A Laxe e Santa Cruz do Valadouro.
Casa solar dos Masedas (acaso orixinarios de Valmaseda, País Vasco).
Capela.
Existía biblioteca dos Maseda [3].
Algún autor menciona que viviu nesta casa unha marquesa, chamada Dona Margarita [4].
Foi sede do concello de "Tierrallana" [5].
A capitalidade era "Santa Cruz de Tierrallana" (hoxe Santa Cruz do Valadouro).
O seu derradeiro alcalde foi Francisco Maseda y Zaragoza [6], e na súa casa señorial estaba a Administración, cando menos de 1800 a 1830.

No ano 1840 todo o val constituía un só concello, co nome de "Valle de Oro". Mais no ano 1841 volve a segregarse a comarca do Valadouro en dous concellos, "Alfoz de Valle de Oro" e "Tierra Llana del Valle de Oro". Este con sede primeiro en A Laxe (1832) e máis tarde en Ferreira (1869).

"La casa de Zaragoza, sita en la parroquia de Sta. Cruz de Valadouro [de A Laxe], de ella tan sólo queda un pequeño oratorio de estilo barroco popular, fue solar de los Masedas de Zaragoza, descendientes de D. Pedro Maseda de Aguiar, que en 1535 era procurador general de Mondoñedo, fundador de la ferrería de Pesqueiras. A dicha casa pertenecieron, entre otros, D. Pedro Maseda Vaamonde, alcalde mayor de la cuidad de Mondoñedo, D. Pedro Maseda, regidor de la ciudad, D. Antonio Maseda, que en 1664 era alcalde ordinario de la ciudad, y D. Francisco Maseda, canónigo de Mondoñedo en 1734. D. Pedro Maseda de Zaragoza fue padre de D. Antonio Maseda y Zaragoza, de quien nació D. Francisco Maseda, casado con Dª Francisca López de Cordido, padres de D. Ángel Maseda y Sánchez Vidarte de Zaragoza, quien tuvo a D. Miguel Maseda Montero y Zaragoza, casado con Dª María de Ribadeneyra [y Serantes], de la casa de los Moredas de Vilaúde, padres de D. Francisco Maseda y de Juan Antonio Maseda y Zaragoza (1746-1837), autor del célebre manuscrito *Zaragoza*, de indudable valor para la historia de Viveiro. D. Francisco fue el primer alcalde constitucional (1812) de la Tierra Llana del Valle de Oro, padre do Dª Josefa Maseda y Gómez Vaamonde, casada con D. Juan de la Peña y Cordido, padre de D. José de la Peña y Cordido y Maseda de Zaragoza, nacido en Santa Cruz en el año 1820, casado con Dª Ramona Mel Cerdeiras y padres de Dª Francisca Peña y Mel" [7].

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 131.
[2] A. Canoura Quintana, op. cit., páx. 135.
[3] O lugar acasarado, actualmente, é propiedade de Xoán Manuel Vilar López, labrego, que recorda que "aínda debe andar pola casa un libro coas tapas de coiro". Xesús Pisón, 21.12.1999.
[4] Dolores Sánchez Orol, 06.12.1999.
[5] Informante: Xosé Rodríguez López, (falecido); fora funcionario do Concello do Valadouro.
[6] Houbo varios Masedas relacionados co Pazo de Gradaílle, incluído o fundador do vínculo da Casa do Pazo.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páxs. 125-126.

Masedas e Sánchez Vidarte

Procedentes do País Vasco, os Masedas e os Sánchez Vidarte traen a industria do ferro para o Valadouro no século XVI.

Como xa mencionou Canoura Quintana para a casa das Curuxeiras, *Los Masedas de Aguiar o los Sánchez Vidarte se presentan como ejemplos de una hidalguía procedente de Vizcaya que obtiene suculentos patrimonios negociando con el hierro* [1].

Séculos XVIII e XIX

Personaxes. Juan Antonio Maseda y Zaragoza. Cronoloxía: 1746-1837.

"Juan Maseda y Zaragoza, párroco que fue en la villa de Viveiro entre los siglos XVIII y XIX" [2].

"Juan Antonio Maseda y Zaragoza. Nacido el 26 de julio de 1746 en la parroquia de Alaxe y lugar de Zaragoza. Hijo de D. Miguel Maseda Montero y Zaragoza y de Dª María Ribadeneyra y Serantes. Hombre de gran cultura. Siendo párroco de Santiago de Viveiro envía a D. Tomás López un estudio de Vivero [o manuscrito *Zaragoza*]. Fallece en este mismo lugar el 10 de diciembre de 1837" [3].

"Juan Antonio Maseda y Zaragoza (1746-1837) autor del célebre manuscrito *Zaragoza* de indudable valor para la historia de Viveiro" [4].

"En 1808 D. Juan Maseda y Zaragoza colabora con la Junta gubernativa de Vivero aportando 364 ducados para la causa" [5].

"Especial relieve revistió el interés del prelado [D. Andrés Aguiar y Caamaño, bispo de Mondoñedo (1798-1815)] por la congrua [nómina] del cura de Santiago de Vivero, Juan Maseda Zaragoza [6]. Este interpuso pleito al cabildo [de Mondoñedo], cuya tramitación duró largos años" [7].

Personaxes. Francisco Maseda y Zaragoza. Cronoloxía: 1837-1838 [8].

Francisco Maseda y Zaragoza, da casa e lugar de Zaragoza, foi alcalde do concello do Valadouro de 1837 a 1838, anos despois da súa segregación como concello.

Lenda

O vinculeiro de Zaragoza

«Antiguamente el hijo mayor de las familias era quien heredaba la mayor parte, si no toda, de la hacienda de sus padres.
En Zaragoza, barrio hoy de la parroquia de Santa Cruz [e de A Laxe], vivió una familia noble. Un día el hijo primogénito de esta familia les pidió la herencia a sus padres. Estos se la dieron pero la madre, llena de dolor le dijo al despedirse, a su hijo:
—"Quiera Dios que tus hijos te hagan a ti lo mismo el día de mañana".
Y dice la leyenda que el tal hijo, temiendo a esta maldición de su madre, nunca se casó, llevando una vida austera y piadosa, como de un monje.

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 101.
[2] C. A . González Paz, "Fortificaciones medievales en la tierra de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 21, 2005, páx. 604. A bisavoa dos Ramil Rego de Vilalba procedía do lugar de Zaragoza (IF).
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 150.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 126.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 102.
[6] A. Caps. [Actas Capitulares], 15.10.1813, fol. 237v. E. Cal Pardo, "Episcopologio Mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 13, 1997, páx. 351.
[7] ACM. Arm. 7. Est. 1. Leg. 7. N. 1. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 13, 1997, páx. 351.
[8] Informante de nomes e datas: Fina Geada Losada, Concello do Valadouro, 16.04.2014.

Un buen día (ya pasaran muchos años desde que había pedido la herencia y ya sus padres habían muerto), tenía todo preparado para majar cuando empezó a oscurecerse el cielo, sonó el trueno y la lluvia comenzó a caer con fuerza, estropeando los granos.
Entonces, el vinculeiro se arrodilló en medio de su era y suplicó a Dios que cesase la tormenta:

— "Señor, haz que cese el temporal, que tiene que majar tu siervo Zaragoza".

Y he aquí que la tormenta cesó, el cielo tomó de nuevo su color azul, lució el sol y Zaragoza pudo majar y recoger tranquilamente su cosecha» [1].

Nota acerca da situación actual da Casa de Zaragoza

A Casa de Zaragoza está situada na parroquia de A Laxe.

«A casa de Juan Vilar López e de Manolo López Pardo pertencen a A Laxe e a dos de Cao, a Santa Cruz. Iso é o que teño "aprendido" eu e nunca o entendín» [2].

"As tres casas que pertencen aos de Zaragoza e mais a capeliña da Virxe do Pilar pertencen á parroquia de A Laxe. A casa dos de Cao pertence á parroquia de Santa Cruz do Valadouro.
Os nosos pais e avós están [enterrados] no cemiterio de A Laxe" [3].

Escudos de armas

Situación: Casa de [Francisco] Sánchez Vidarte.
Entidade de poboación: A Ribadela.
Estrada Viveiro-Ferreira (LU-161), Km 21 [4].
Pódese ver desde a estrada Viveiro-Ferreira.

Situación: muro da casa nova que fixeron ao pé da de [Francisco] Sánchez Vidarte [5].
Entidade de poboación: A Ribadela.
Escudo procedente da casa de Francisco Sánchez Vidarte.
Estrada Viveiro-Ferreira (LU-161), Km 21 [6].
Cronoloxía: século XVI [7].
Dos Maseda de Aguiar, que tamén teñen outro escudo no Pazo de Gradaílle [8].

Situación: Casa de Zaragoza.
Entidade de poboación: Zaragoza.

"... non sei onde os teño, pero meu pai tamén ten varios documentos sobre o tema. Sei de certo que nas paredes da casa de Juan de Zaragoza quedou o escudo que había..., o noso avó, Manuel de Zaragoza, non era moi dado aos brasóns... e aló quedou!!! Seino porque meu pai foi testigo, de ben cativo" [9].

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 54.
[2] Informante: Tonia López Marful (curmá de Juan Manuel Vilar López e de Manuel López Pardo), Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 07.11.2016.
[3] Informante: Tonia López Marful, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 21.01.2018.
[4] Visita e fotografías: IF, 03.08.2000. Visita: IF, 12.08.2012.
[5] Informante: Juan Fanego Vidarte (ten fotografía do escudo). Facebook, 04.11.2016.
[6] Visita e fotografías: IF, 03.08.2000. Visita: IF, 12.08.2012.
[7] Asociación de xenealoxía e heráldica de Galicia. Informante: Juan Fanego Vidarte, Facebook, 04.11.2016.
[8] Informante: Juan Fanego Vidarte, Facebook, 04.11.2016.
[9] Informante: Tonia López Marful, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 04.11.2016.

O COLEXIO DA NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

Situación: O Pazo.
Fronte ao muíño da Canteira.
Estrada de Cangas, núm. 2.
Fundado a mediados do século XX por dona Remedios Canoura de Arrinda [1].
Cronoloxía: 1959.
Oratorio.
Escola-fogar: 1971-2004.
Actualmente a escola-fogar, funciona como hospedaxe.

Personaxes. Ramón, Remedios e Asunción Canoura Fernández. Cronoloxía: 1959.

«Os irmáns Ramón, Remedios e Asunción Canoura fundaron no ano 1959 as relixiosas "Hijas de la Virgen de los Dolores [sic]"; desenrolan [sic] labouras e tarefas educativas no ensino primario e secundario, maxisterio, secretariado, corte e confección, música e multitude de actividades culturais cos xoves realizando representacións artísticas. Entre os anos 1971 e 2004 completaron o seu traballo educativo cunha escola fogar na cal chegou a haber 120 residentes» [2].

O NÚCLEO RURAL DA REXEDOIRA

Situación: A Rexedoira.

Neste lugar naceu o poeta e clérigo Celestino Cabarcos Suárez, falecido en Lagoa en 1961.

"... Otros núcleos que tuvieron cierta importancia fueron el de Rexedoira – Tanín [A Rexedoira e Tanín son dúas entidades de poboación diferenciadas], parroquia de A Laxe..." [3].

AS PENAS DE A LAXE

Situación: A Portela-Igrexa.
Entre os anos 1945 e 1950, Ramón Canoura Fernández, banqueiro e benfeitor da vila de Ferreira, persoa de profundas convicción católicas, tiña a intención de fundar neste lugar un santuario da Virxe do Carme, e comproulle a propiedade aos particulares. O santuario quedou en proxecto, e coa pedra que falta edificou a casa de Guzmán, no barrio da Ponte, en Ferreira [4].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 138.
[2] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, 2013, páx. 83.
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] Informante: Cándido Lorenzo Acebo, *Candiño*, 13.06.2001.

A lagoa da Laxe

"Hai moito, moito tempo, A Laxe era unha lagoa. Hoxe só quedan as rochas que había no fondo. Din que as Penas da Raspa e a Pena do Mouco [Moucho] –as penas da Laxe– estaban comunicadas entre si por esta ave, que vivía nas dúas rochas. Pola noite cantáballe á lúa chea e falaba cun raposo que viña ouvear todas as noites ás Penas da Laxe" [1].

Os franceses e os queixos

Ian os franceses dacabalo por A Laxe o día da Feira do San Xoán, e ao pasar por onde a igrexa espetaban os queixos coas espadas e fuxían con eles ao galope [2].

Perezosiña

Había en Tanín unha rapaza tan preguiceira que lle chamaban Perezosiña. Un día estaban comendo na casa, e díxolle a mai:

—*Perezosiña, queres pan?*
—*Si, señora, se mo dan.*
—*Perezosiña, pilla o coitelo.*
—*Non, señora, non o quero* [3].

María Antonia do Batán

No lugar da Portela vivía María Antonia do Batán, que era unha muller moi limpa e de ben vestir. Estaba casada co Garrido e tiñan dúas fillas. O Garrido, como moitos outros, fórase para a Arxentina. Un día, próximas xa as festas do San Xoán, estaba María Antonia cunha veciña, queixándose de que as fillas non tiñan roupa para estrear nas Festas. Entón a veciña preguntoulle:
—E escribiuche o Garrido?
—Escribiu, e xa lle contestei. E púxenlle: San Juan encima y las hijas desnudas [4].

O Encanto de Valdeinfernos

"El encanto de Valdeinfernos en Alaxe tiene salida al mar por debajo de la cascada de la Onza en el río del Arenal" [5].

Pepe do Ferro

Pepe do Ferro tiña unha moza en A Laxe, que era meiga, igual que a mai. Un día Pepe foi ver a rapaza, e ao chegar á casa reparou nas dúas mulleres, que estaban a facer unha cazolada [6] no lume. E niso a vella saíu a voar pola cheminea. O rapaz petou na porta como se non vise nada, e a moza

[1] Figura como contador: Corsino Pedreira Fernández. *Códice de soños*, IES Monte Castelo (Burela), Lugo, 2001, páx. 23. O propio Corsino comentoulle a Isaac Ferreira, no ano 2003, que non recordaba esta lenda, e moito menos tela contado.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto XXIII, páx. 22.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XXXII, páxs. 27-28.
[4] Contadora: María do Carme Martínez Fernández, *Maruja do Estanco*, 04.08.2000. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XLIII, páx. 32.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 37.
[6] Nota dos autores: ou "cacharrada", ou "cacheirada". Esta historia foi recollida con magnetófono.


mandoulle pasar, botoulle un vaso de viño e estiveron a parolar até que chegou a noite. Entón dixo a rapaza:
—Voume deitar, que mañá teño que ir ao molime.
E ao despedirse engadiu:
—Ai, Pepe, se ves unha mosca grande polo camiño non a mates.
—E logo por que? —repuxo el.
—Porque non é bon agoiro.
O mozo botou a andar pola costa abaixo, e de alí a un pouco veu unha mosca grande e púxose a zoar arredor del. Pepe espantábaa coa mao, mais a mosca non paraba de azurralo. Entón o rapaz pegoulle unha vareada e matouna. E agrimou, vendo que a mosca sangraba a rego.
Ao outro día, indo para a casa da moza, sentiu tocar a defunto. Cando chegou, saíu a rapaza a berrar e díxolle que a mai morrera aquela noite [1].

[1] Contadora: Sara Cruz Gil, 26.09.1990. Informante: Xosé Paleo Rodríguez. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXLVI, páxs. 140-141.





Igrexa parroquial.
A Laxe.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: barroco.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 13-09-2000.



Igrexa parroquial de A Laxe.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: barroco.
Plano da planta.
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo,
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo I, 1975, p. 43.



Cemiterio parroquial.
A Laxe.
Porta de acceso.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 13-04-2001.



Cruz nova de Vilagabe.
A Laxe.
Cronoloxía: 2001.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 08-12-2001.



Cruz de Souto Vello
A Laxe.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 31-08-2002.



Casa dos Sánchez Vidarte.
A Laxe.
Situación: A Ribadela.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 03-08-2000.

Escudo de armas.
Casa dos Sánchez Vidarte.
A Ribadela- A Laxe.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 03-08-2000.





Escudo de armas.
A Laxe.
Situación: A Ribadela.
Foto: Juan Fanego Vidarte.
Data: 08-06-2016.

Moucide

MOUCIDE

Freguesía antigamente anexa de Santa María de Bacoi, concello e arciprestado do Valadouro, diocese de Mondoñedo-Ferrol [1]. Na actualidade, a parroquia de Moucide é anexa da matriz Budián [2].

Coordenadas [3]: Latitude: 43º 34' Lonxitude: 7º 23'

Superficie [4] en Km^2: 10,52

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Rúa (Cervo) e Cordido (Foz); ao sur, polas de Budián (O Valadouro) e Santo Acisclo do Valadouro (Foz); ao leste, polas de Cordido (Foz) e Santo Acisclo do Valadouro (Foz); e ao oeste, polas de Rúa (Cervo) e Budián (O Valadouro) [5].

O termo alcanza unha altitude máxima de 288 metros e o seu territorio está bañado polo río *Moucide.*

A parroquia ten 184 habitantes (Homes: 96. Mulleres: 88) [6], nas 16 entidades de poboación de: *Barbeita, A Barreira, O Campón, A Casanova, A Granda, Güín, A Igrexa, Lourido, Muxilán, O Outeiro, O Pé de Arosa, A Pena, A Ponte, A Rubial, A Teixoeira, Vilares* [7].

Dista 5,5 Km da capital do concello e comunícase pola estrada LU-163 (Ferreira-Cangas).

Festividades [8]: *Santo Antonio*, 13 de maio. Celébrase o primeiro domingo de maio.
Santo Estevo, 26 de decembro. Titular e Patrón da parroquia.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXI, páx. 253.
[2] X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X (O Valadouro), 1993, páx. 29.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 160.
[4] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[5] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[6] Fonte: INE, 01.01.2017.
[7] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páx. 3.160. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[8] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

Moucide: nome da parroquia.

Orónimos

Serra do Buio, Coto da Presurada (587 m), *Coto Grande* (525 m), *A Pedra Chantada* (514 m), *Coto de Muxilán* (271 m).

Hidrónimos

Río das Fontes de Moucide, Río Moucide, Rego das Abidueiras (flora; da base celto-latina **betulus*, lat. BETULLA 'bidueiro, bido', abidueira) [2]*, Rego Lagoazas, Rego da Pedra Chantada.*

Entidades de poboación

Barbeita (do lat. VERVACTUM > *barbeito* 'terra de labor que se deixa en descanso, sen cultivar')*, Güín, Lourido, Muxilán, O Pé de Arosa, A Rubial, A Teixoeira* [3].

Lugares

O Covelo [4]*.*

Topónimos con data documentada

Moucide (1124) [5]; *Mouçide* (1488) [6]; *Sanctus Christophorus* (1124) [7] > *San Cristovo*; *Sanctus Stephanus* (1124) [8] > *Santo Estevo*; *Sanguinitu* (1123) > Sanguñedo [9].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Fabias, Seara (orixe céltica, **senara* > lat. SENARA > seara, senra, 'porción de terra cultivada') [10].

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] A. Moralejo Lasso, *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, páx. 293.
[3] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006.
[4] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[5] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, Palencia, 10.07.1124, páx. 25.
[6] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 206, Santiago, 19.02.1488, páx. 428.
[7] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 11, Palencia, 10.07.1124, páx. 25.
[8] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 11, páx. 25.
[9] Fonte: coleccións diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páxs. 23 e 80.
[10] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928, páx. 550.

Século X

Testamento do Conde Santo, don Osorio Gutiérrez. Cronoloxía: 17.06.969.

No testamento, de data 17 de xuño do ano 969, que deixou o conde don Osorio Gutiérrez [Osorius Guterriz, O Conde Santo], fundador do mosteiro de Lourenzá, figura: *In Auriam ecclesiam Sancti Stephani cum suis adiunctionibus* [1].

Século XII

Testamento de Suero Froilaz. Cronoloxía: 1123.

No testamento de Suero Froilaz (1123) figura *Villa Sanguinitu*, en Moucide: *De propria mea villa Sanguinitu integra... in territorio Valle... concurrente ad ecclesiam Sancti Stephani* [2].

No ano 1124, a ermida, actual igrexa parroquial, pertencía ao bispado de Mondoñedo.
O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII, xunto coa súa nai a raíña dona Urraca, fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Lourenzá. No ano 1128, o rei Alfonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio post partem sedis... duas hermidas sanctus Christophorus* (San Cristovo, en Budián, hoxe desaparecida) *et sanctus Stephanus de Moucide* (Santo Estevo de Moucide) [3].

Século XIII

"En dicha parroquia hubo *casa fuerte*, pues a fines del siglo XIII vivía allí el prestamero del Obispo, y su casa fue, por ese tiempo, objeto de una agresión por parte de los vecinos del Castro de Oro" [4].

Século XV

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Mouçide* (syn obispo) [5].

Século XVIII

Foros. Cronoloxía: 28.06.1706.

"A lo largo de su pontificado el Sr. Muñoz y Salcedo [Fr. Juan, bispo de Mondoñedo (1705-1728)], otorgó diversos foros a distintas personas. De todo[s] ellos llegaron a nosotros algunas escrituras, como por ejemplo: El 28 de junio de 1706 otorgó foro de dos piezas de heredad sitas en Moucide" [6].

---

[1] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 1-9r e 9v-14r. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *EM*, núm. 8, 1992, docs. 1-2, páx. 23.
[2] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fol. 44v. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 42, páx. 80.
[3] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25; e AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8, copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, 1878, páxs. 134-135.
[4] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 24.
[5] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, páx. 428.
[6] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fol. 74. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Primera mitad del siglo XVIII", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páxs. 331-332 e n. 307.

Século XIX

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [1], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 8 parroquias anexas que conformaban o "Deanato" da Mariña era *Santo Estevo de Moucide* (anexa da matriz Bacoi) [2].

Segundo Martínez Cobo, un seu predecesor como cura de Bacoi, Antonio Ferreiro, que despois foi cóengo da Catedral de Mondoñedo, conseguiu que os seus fregueses de Moucide, que civilmente pertencían ao termo municipal de Foz, mediante compra, pasasen a depender do concello (de Tierrallana) do Valadouro [3]. Corría o ano 1857.

"Nunha comunicación do Gobernador pídese informe sobre a distancia que media dos veciños de Moucide ó concello de Foz e á Terra Chá do Valadouro. A Parroquia de Moucide, que conta con 45 veciños, anexa á de St. Cecilia [Santa María] de Bacoi de Alfoz de Castro de Ouro, por estar máis inmediata ó Concello da Terra Chá pasa a pertencer a este Concello, separándose de Foz" [4].

"No ano 1857 produce-se a derradeira transformación no concello de Foz, cando o Governador Civil e a Deputación Provincial, tendo en conta que a parróquia de Moucide está máis perto e ten máis relación co concello do Valadouro que co de Foz, conceden a segregación da devandita parróquia" [5].

Séculos XIX e XX

Personaxes. Víctor Deán Cabaleiro. Cronoloxía: 1856-1932.

Víctor Deán Cabaleiro, de Moucide, tenente, combatente na guerra de Cuba, foi mordomo do Pazo de Fontao e concelleiro do concello do Valadouro. Faleceu o seis de novembro do ano 1932, aos 76 anos de idade. Está enterrado no cemiterio vello de Moucide, anexo pola dereita á igrexa parroquial [6].

Século XX

A estrada Cangas-Ferreira.

"Foz proxéctase ó Valadouro ou O Valadouro a Foz. Ponse en marcha nese principio de século a estrada de Ferreira. Anos despois proxectaríase a estrada de Cangas a Ferreira por Cordido e

[1] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado.
[2] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 24. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 149.
[4] P. López Pérez-J. R. Fernández Pacios, *Recuperación da memoria histórica. Foz*, 1993, páx. 80.
[5] X. R. Fernández, "Organización administrativa no Concello de Foz (1835-1975)", *Primeiras Xornadas de história de Foz,* Asociación sócio-cultural *A Pomba do Arco*, Foz, 1997, páx. 14.
[6] Visita e fotografías: IF, 26.05.2001.

Moucide [hoxe Estrada LU-162], esta parroquia tamén chegou a pertencer a Foz, aínda que agora é do concello do Valadouro, que antano chamábase *Tierra Llana*" [1].

Personaxes. Eladio Chantres Mel. Cronoloxía: 1905-1986 [2].

Eladio Chantres Mel, fillo de Cándido Chantres Deán e de Antonia Mel Deán, naceu en Moucide no ano 1905. Emigrou a Cuba aos catorce anos, casou con Helena Erosa Piñeiro, de Rianxo, prima de A. R. Castelao; en 1936 abriu o seu primeiro local, e en 1954 fundou a Tintorería Chantres no barrio de El Vedado de La Habana. No ano 1960 retornou a Moucide por ver aos seus pais, xa anciáns, e soubo da expropiación do seu negocio por parte do novo réxime estabelecido por Fidel Castro. Eladio xa non puido voltar a Cuba; cos cartos que tiña, e outros que puido recuperar a través dun empregado seu, comprou algúns bens inmobiliarios en Madrid e faleceu no ano 1986, aos 81 anos na parroquia de A Laxe (O Valadouro).

«La familia Chantres, de Moucide (O Valadouro), es un espejo y un termómetro de cien años de Cuba. Los abuelos llegaron en 1908 [?] con la gran ola inmigrante gallega. Los hijos conocieron, en los años 40 y 50, la miel del esplendor cubano y, en los 60, la hiel de la dictadura castrista que les quitó todo lo que el trabajo honesto y la vida dura les diera. Un nieto desembarcó en Bahía de Cochinos. Y otros familiares reverdecen hoy en Miami el emblema familiar, la Tintorería Chantres que, en La Habana, agoniza gestionada por el régimen. Todos adoran Cuba, ese viejo lagarto verde que duerme tendido al sol del Caribe.

Todo comenzó con el matrimonio formado por Cándido Chantres Deán y Antonia Mel Deán. Trabajaron duro en La Habana, volvieron varias veces a pasar largos períodos en su tierra, dieron a sus tres hijos nuevos horizontes y, al final, regresaron definitivamente.

Su hijo mayor, Eladio, nació en Moucide y también emigró a Cuba a los 14 años. Se casó con Helena Erosa Piñeiro, de Rianxo, prima de Castelao. En 1936 abrió su primer local y en 1954 inauguró la Tintorería Chantres en la calle Calzada, en El Vedado, uno de los barrios más hermosos y dinámicos de La Habana.

La tintorería ocupaba 2.000 metros repartidos en tres plantas de un gran edificio. Ofrecía los servicios más rápidos y modernos y disponía de maquinaria de última generación. Llegó a contar con cien empleados y una flota de veinte furgonetas para reparto domiciliario.

Expropiación y riesgo.

El negocio gozaba de un notable y merecido prestigio. Iba tan bien que Eladio llevó a su hermano Constantino –que naciera en Cuba pero vivía en San Ciprián [sic] casado con Francisca Ron, A Poupela, deCangas (Foz) – y le puso otra tintorería llamada Fares, en el barrio de Marianao.

El patrimonio familiar –que invirtió en A Mariña a través de su apoderado Magín Valiela– iba en consonancia con un país que, en 1958, tenía 6 millones de habitantes y un Producto Interior Bruto (PIB) de 374 dólares cuando el de España entonces no superaba los 180, menos de la mitad del cubano.

Y en eso llegó Fidel. En 1960 Eladio Chantres viajó a Moucide para ver a sus ancianos padres. Iba en el barco Covadonga cuando le dieron la noticia: las nuevas autoridades habían cerrado y expropiado su empresa por "abandono del negocio"... Ya no pudo regresar. Tenía algún dinero en Galicia, y un empleado suyo, Manuel Mariño, también mariñano, natural de San Ciprián, le sacó de Cuba, con grave riesgo, lo que pudo.

Las peripecias de Mariño.

Mariño, que vive en Nueva York, escapño en barco a Miami y llevó oculto en una faja y en bolsas de plástico pegadas al cuerpo el dinero que logró rescatar. Pero el navío fue bombardeado y hubo de nadar 8 kilómetros para llegar a tierra.

Eladio Chantres pudo comprar dos pisos y plazas de aparcamiento en Madrid. Murió en 1986, co 81 años, en su casa natal de Alaxe [?] [3] (O Valadouro). Una vida intensa, difícil como la de muchos otros emigrantes y con grandes experiencias y éxito en su empresa» [4].

---

[1] José Alonso Sánchez, "Algunhas pinceladas sobre a primeira metade do século XX no concello de Foz", *Bolanda*, Cadernos de História Fozega, núm. 1, edita: A Pomba do Arco, Foz, 2003, páx. 29.

[2] M. Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. La familia Chantres, de O Valadouro, espejo y termómetro de 100 años en Cuba", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 04.12.2016, páx. 2.

[3] N. dos A: ao comezo, a crónica indica que Eladio nacera en Moucide. Aínda que, posteriormente, fixeron unha casa en A Laxe, pasado o cemiterio, á esquerda, en sentido a Budián. (IF, 2018).

[4] M. Fernández, op. cit., *La Voz de Galicia* (A Mariña), 04.12.2016, páx. 2.

Personaxes. Eladio Maseda Orol. Cronoloxía: 06.02.1911-03.06.1999 [1].

Eladio Maseda, aos trece anos comezou a tocar a caixa na Banda Maneche (onde participou entre os anos 1926 e 1948, con intervalos). Sendo mozo, formou dúo co violinista e compositor Felicísimo Canoura (1921-2007); creou o Trío Maseda (1934-1937), onde Felicísimo, con trece anos, "rascaba el violín", como el mesmo deixou dito. No ano 1939, Eladio fundou o Cuarteto Maseda (acordeón: Eladio Maseda; batería: Manuel Martínez Amor *Manolín* ou *Mingote*; saxo tenor: Pepe Maciñeira; trompeta: José Piñeiro Vivero *O Roquito*). Este cuarteto ía ser o xerme da Orquestra Maseda (1940-1980).
Eladio Maseda Orol impartiu aulas de música en Rúa (1952-1955) e Trasbar (1955-1965) e exerceu o seu labor pedagóxico de acordeonista, loxicamente, tamén en Moucide.

"Eladio Maseda Orol (1911-1999), mestre acordeonista,... naceu no Calvario, en Budián,... Seu pai [Antonio Maseda Grandallana], de 29 anos, natural de A Laxe, era fillo de José Maseda, natural de San Pedro de Mor, e de Filomena Grandallana Fraga, natural de A Laxe [28.06.1851]; e súa nai, Consuelo Orol Pedreira, de 26 anos, natural de Budián, era filla de Benigno Orol e de Rosa Pedreira, ámbolos dous de Budián.
[...]
Sendo [Eladio Maseda] moi novo toda a familia se trasladou ó lugar da Barreira en Moucide. Dende alí, nas noites de inverno percorría a distancia que o separaba da casa de Pedro Veiga Vivero, *Maneche*, na Grela, en Lagoa, para aprender a manexar primeiro o redobrante e participar como músico na Banda de Maneche pois a nai insistira en que escollese un instrumento *que non tirara do peito*.
[...]
El mesmo narrou o seu primeiro encontro con Maneche, que sería o seu mestre. Tería trece anos cando se desprazou a Rúa (Cervo) para ver a actuación da banda dos Maneche que andaba nos primeiros anos de rodamento (1924) e precisaba novos elementos.
[...]
... Ía andando de noite a Lagoa sempre coa advertencia da súa nai presente [que escollese un instrumento que non tirase do peito]. Talvez fose iso o que o decidira a probar cun instrumento que non precisaba soplar: o acordeón. Non tardou en arrancar as primeiras notas dun vello acordeón prestado. Tocou en solitario e antes da guerra formou dúo co violinista *Felicísimo Valiela*, Félix Canoura Ramos [2], natural de San[to] Acisclo e logo o Trío Maseda no ano 1934.
Cumpriu o servicio [sic] militar na Coruña. Formou parte dunha banda de cornetas e tambores e no exército perfeccionou e curtiu a música sen deixar de añorar as festas da súa terra...
Comezou a súa aventura como acordeonista en solitario actuando en fías, xuntanzas festexeiras ocasionais nos soutos e carballeiras... como a de Marquide [en Masma, Mondoñedo] ou as festas do Santo Cristo de San Tomé (O Valadouro) (antes da guerra) onde resultou novidosa a súa actuación ó escoitalo cantar e tocar.
No ano 1934 andivo [sic] por Madrid tocando en cabarets e outros lugares de divertimento...
Cando comezou a guerra tivo que reenganchar.
Polo ano 1939 voltou a formar o proxecto de orquestra Maseda cun cuarteto que evolucionou ata chegar a ser unha formación exitosa, pero a súa laboura pedagóxica foino engaiolando e absorbendo de tal xeito que, cando conseguiu incorporar ó seu sobriño [Feliciano Maseda] *Lelo* á orquestra, el pouco a pouco foi minguando as aparicións ata desaparecer do palco.
[...]
... A súa presencia [sic] ou ausencia na orquestra Maseda cambiaba o caché de contratación, sobor [sic] de todo en Asturias onde chegou a ser moi admirado.
No ano 1962 decide casar con Josefa Ares e definitivamente asenta no lugar do Campón [Moucide] de onde saía eventualmente para tocar na orquestra Ismael.
Morre o día 3 de xuño do ano 1999, deixando dito que ninguén toque o seu acordeón, mandato que se cumpre con exquisitez por parte da súa viúva que é quen o custodia.
Así rematou unha vida dedicada á música, especialmente ó acordeón, na que tivo como único rival en toda Galicia ó ferrolano Manuel Cociña" [3].

[1] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, xullo de 2013, páx. 63.
[2] Santiago Romero López, *O Zapateiro* (saxofonista da Orquestra Maseda durante moitos anos até o final do grupo en 1980), comentoulle a un dos autores do Inventario que el asistira a unha actuación deste dúo no Salón de Pernas, sito no barrio da Ponte, en Ferreira do Valadouro. (IF).
[3] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, op. cit., xullo de 2013, páxs. 63-69. Nota dos autores: véxase tamén Maseda en Parroquia → Budián.

"No ano 2011, con motivo do centenario do nacemento de Eladio Maseda, a Asociación Fraga das Lerias, do Valadouro, rendiulle homenaxe cunha misa en Moucide na súa honra, descubrimento dunha placa no cemiterio [e] unha mesa redonda na Casa da Cultura [de Ferreira]" [1].

1927

Un servizo de correos. Cartería para Moucide. Cronoloxía: 20.10.1927.

"Ramón Canoura é tamén exemplo do gran *capital simbólico* e influencia que posuían os emigrantes. Para demostralo imos dar conta dunha nova aparecida no xornal *Correo de Galicia* de Bos Aires, na que se daba conta de que en 1927 Ramón Canoura –naquel intre presidente de *El Valle de Oro*– acadara para Moucide unha cartería. As súas influencias en Madrid posibilitaron que esta parroquia puidera [sic] contar con servizo de correos por concesión de 20 de outubro de 1927 [2]. Velaquí un exemplo da sobranceira influencia que exercían os líderes emigrantes" [3].

1946

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das catro parroquias anexas é a de Santo Estevo de Moucide, que é anexa da matriz Santa Eulalia de Budián [4].

[1] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, xullo de 2013, páx. 64.
[2] *Correo de Galicia*, Bos Aires, 18 de decembro de 1927, páx. 8. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 623 e n. 49. Nota dos autores: para Ramón Canoura Fernández véxase en Parroquia → A Laxe.
[3] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 623 e n. 49.
[4] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

IGREXA DE MOUCIDE *(Santo Estevo)*

Parroquial. *Ecclesiam Sancti Stephani* (969) [1].
Situación: Estrada LU-162 (Ferreira-O Empalme-Cangas), hoxe CP-63-1, Km 4,500.
No ano 1124 figura como ermida, pertencendo ao bispado de Mondoñedo [2].
No ano 1128, dependendo da de Budián, co nome: *S. Estephanus de Moucide* [3].
Cronoloxía: anterior ao século XVIII.
Estilo: rural.
Pinturas barrocas [4].
Retellada a últimos do século XX. En setembro de 1999 xa estaba retellada.
Cartela de pedra arriba do lintel da porta principal, ilexíbel.
Espadana dun só van, con escaleira exterior de acceso no muro esquerdo.
Pía bautismal, no exterior, arrimada ao lado dereito da porta principal [5].
Porta principal nova, de madeira, entre os anos 1999 e 2001, con cartela, tamén de madeira:

IGLESIA DE REFVGIO.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [6].

A igrexa

"Templo de carácter rural con su viejo aspecto íntegramente conservado, sin que nada extraño lo haya alterado, por lo que llama poderosamente la atención" [7].

"Quizás este aspecto la haga única dentro de la arquitectura religiosa del Valle, y no sería aventurado ponerla como ejemplo de lo que fue esta, antes de las reconstrucciones del siglo XVIII" [8].

Nave

"Consta de una nave, capilla mayor cuadrada cubierta a las cuatro aguas con arco triunfal y sacristía detrás" [9].

Fachada principal

"Fachada principal con arco adintelado y sobre el mismo lápida de piedra difícilmente legible. En el muro lateral izquierdo una puerta con dintel. A la espadaña se sube por escalera exterior adosada al muro lateral izquierdo" [10].

---

[1] AHN. Clero. Lorenzana. Documentos en latín, núms. 1-2, data: 17.06.969, *Testamento do conde don Osorio Gutiérrez, fundador do mosteiro de Lourenzá*, A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páx. 23.
[2] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25.
[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[4] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito).
[5] IF, 13.04.2001.
[6] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. X, 1993, páx. 35.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980, páx. 293.
[8] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 111.
[9] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 294.
[10] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 294.

Catro retablos, tres deles barrocos e un de estilo popular. Neste último hai unha táboa románica da Virxe, coroada, co Neno, e no presbiterio tallas de sabor popular, do século XVII [1].

Presbiterio

Retablo maior.
Estilo: barroco.

"Retablo barroco de dos cuerpos, de buena talla dorada sobre fondos azules y rojos. Sagrario con dos columnas salomónicas y dibujo de escamas y custodia en la puerta. Coronación o remate con imagencita de la Virgen, popular, arcaizante, siglo XVII (0,52). Esculturas de San Esteban (0,86), el titular, con dalmática roja y borlas verdes; y San José (0,83), popular, repintado. Esculturas de la Inmaculada (0,52), buen estofado, con tres ángeles en la peana; Santa María Egipciaca (0,52), de buen estofado, ambas del siglo XVII. Un San Roque (0,52), popular.
Sobre la mesa credencia un San Antonio (0,70), repintado en parte, siglo XVIII. Niño Jesús del siglo XVIII con bola en la mano. San Antonio (0,23), de besar, popular" [2].

Muro lateral dereito

Retablo.
Estilo: barroco.

"Retablo barroco típico de la zona, de dos cuerpos, con dos hornacinas en el primero y una en el segundo.
Esculturas de San Miguel, siglo XVIII, semipopular (0,91);
Santiago, semipopular (0,82).
Santa Catalina mártir, con libro en una mano, espada y figura a los pies, siglo XVIII (0,53)" [3].

Retablo.
Estilo: popular.

"Otro retablo, popular, de dos cuerpos.
Escultura de la Virgen (0,52), románica, repintada, coronada y con Niño sin coronar, primeros años del siglo XIII" [4].

Muro lateral esquerdo

Retablo.
Estilo: barroco.

"Retablo barroco de dos cuerpos.
Imágenes de San Fernando, barroco (0,85);
y Santa Escolástica, barroca (0,52).
Relieves de San Joaquín y Santa Ana, barrocos.
En la cornisa inscripción en la que figura el año de 1722" [5].

Sacristía

"Cruz procesional [do século XVI] [6] de estilo renacimiento, muy regional (0,44 x 0,42); en el reverso un Santo Apóstol; macolla posterior.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXI, páx. 253. Bibl.: S. San Cristóbal Sebastián, en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980. L. Ponce Couce-J. A. Sánchez García, *Galicia. Guía do Patrimonio Arquitectónico*, 1998, páx. 232.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 294.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 294.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 294.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 294.
[6] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.

Petitorio de San Antonio sobre platillo de madera (0,28).
Caja petitorio de ánimas con tres figuras entre llamas (0,23).
Cáliz de plata sin dorar, siglo XVIII.
Custodia del siglo XVIII con pie de plata cincelada (0,29)" [1].

Imaxes existentes no ano 1999 [2]

Santo Estevo	Titular da parroquia.
San Roque	Estilo: popular.
Santa	Pel escura. Manto vermello. Túnica azul.
Santa Catarina	Cronoloxía: século XVIII.
San Miguel	Cronoloxía: século XVIII. Estilo: semipopular.
Virxe con Neno	Cronoloxía: comezos do século XIII. Estilo: románico. Repintada. Coroada. Consideramos que é a imaxe máis antiga do Valadouro.
Santiago	Estilo: semipopular.
San Fernando	Estilo: barroco.
Santa	Con vara vermella longa rematada en aro. Roupa dourada (deteriorada).
Inmaculada	Cronoloxía: século XVII. Situación: sobre unha peaña en forma de media lúa.
Santa Helena?	Roupa dourada. Na man dereita unha gran cruz pasándolle sobre a cara. Man esquerda no peito.

Adro

"En el atrio un cruceiro sencillo" [3].

Cemiterio

Cemiterio vello, anexo ao muro dereito da igrexa parroquial.
No cemiterio novo, situado no lugar chamado A Rubial, está o esquilón que foi da Capela do San Cristovo (Budián).

Capelanías

A Nosa Señora do Rosario. Cronoloxía: 1638-1850 [4].

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980, páx. 294.
[2] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 294.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 137.

CRISTO DA PRAZA (ou CRUZ DA MISIÓN)

Situación: érguese no murado dunha finca, en fronte da taberna do lugar.
Cronoloxía: século XX.
Descrición: de pedra. Anteriormente tiña un cristo de ferro, que perdeu.
Historia: probabelmente a erixiron para conmemorar unha Misión celebrada na parroquia [1].

"«Forma parte do grupo de Cristos datados nos séculos XIX e XX.
Está situado á man dereita da estrada dende Ferreira a Cangas de Foz, no lugar de A Praza. Trátase dunha pequena cruz de granito asentada sobre unha base en dous tramos. O primeiro, de sección cuadrangular; e o segundo, tronco piramidal. Na cruz distinguimos outros dous tramos. Un primeiro de sección cuadrangular e outro octogonal rematado en floróns con un roel no interior. No anverso hai unha efixie de Cristo de metal. Este cristo podería ser datado a [de] mediados do século XX. A súa construción estivo relacionada coa celebración dunha misión nesta parroquia" [2].

CRUZ DA PENA

Situación: lugar da Pena.
Estrada vella, cun indicador cara ao camiño que conduce á igrexa.
Material: ferro.
Sen maior interese [3].
No ano 2000, a cruz estaba enteira e no ano 2017 encóntrase bastante deteriorada [4].

"Esta Cruz da Pena non ten ningún valor artístico, só a devoción que a xente do lugar ten nela. Trátase dunha cruz de ferro, con adobíos, ao carón do camiño da igrexa. Foi colocada pola familia de Amadora da Pena en lembranza dun neno que morrera neste lugar, segundo testemuña dos veciños" [5].

"Acabo de preguntarlle a meu pai e, segundo o que me dixo, a cruz era propiedade de Amadora da Pena, antes estivo no cemiterio vello de Moucide, o que está a carón da igrexa. Foi ela mesma [Amadora] a que a mandou pór nese lugar, no camiño que levaba á súa casa. Sempre segundo o que me di meu pai" [6].

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páxs. 30-31. Existe fotografía co Cristo de ferro. Colección fotográfica: Roberto Reigosa.
[2] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[3] R. Reigosa Méndez, op. cit., (inédito), páx. 30.
[4] Nota dos autores: o día 20.01.2017 o noso amigo e colaborador Juan Fanego Vidarte mostrounos unha fotografía, realizada o día 09.07.2000, en que se pode comprobar a diferenza do seu estado co actual (fotografía de Juan Fanego Vidarte, do 30.07.2016).
[5] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[6] P. Viveiro Mogo, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 30.07.2016.

A CASA DE VILARES

Situación: A Ponte [1].
Os Cabaleiro son orixinarios de Moucide. Esta é a casa patrucial.
Un Cabaleiro, da casa de Vilares, ao casar pasou á casa do Campón, tamén dos Cabaleiro, mais posterior á de Vilares [2].

Personaxes: Víctor Deán Cabaleiro. Cronoloxía: 1932.

D. Víctor Deán Cabaleiro, tenente, estivo na guerra de Cuba [3]; foi Mordomo do Pazo de Fontao e concelleiro no concello do Valadouro. Faleceu o 6 de setembro de 1932, aos 76 anos de idade. Está enterrado no cemiterio vello de Moucide, anexo á igrexa parroquial [4].

UNHA CASA FORTE NO SÉCULO XIII

Sabemos por Villa-Amil y Castro (1878), recordado despois por Martínez Cobo (1912), que houbo en Moucide unha casa forte relacionada cun prestameiro do bispo de Mondoñedo.

"En Moucide (Ayuntamiento del Valle de Oro) es creible que también hubo *casa fuerte*, porque se sabe que allí vivía, á fines del siglo XIII, el *prestamero* del obispo, y que su *casa* fué, en ese mismo tiempo, objeto de una agresión por parte de los vecinos del Castro de Oro" [5].

VILAR DOS CABALEIROS

Era o lugar que hoxe se coñece como Vilares pola nomenclatura oficial.
Hai quen di que estes nomes de lugar cambiaron cando Moucide deixou de pertencer a Foz e pasou ao Valadouro.

Non cremos que este Vilar dos Cabaleiros, mencionado por algúns veciños, teña relación con Vilanova dos Cabaleiros, da época medieval.

A CASA-ESCOLA DE MOUCIDE

Situación: O Campón.
Estrada LU-162 (Ferreira-O Empalme-Cangas). Hoxe CP-63-1.
Cronoloxía: inaugurada en 1926.
Construída polos veciños da parroquia.
Era escola de ensino primario para nenos e nenas con vivenda para o mestre ou mestra.
Na actualidade úsase como centro sociocultural da asociación de veciños de Moucide.
Recibiu doazóns para a súa construción e remate no primeiro terzo do século XX, e outras para mobiliario e material educativo, por parte dos emigrantes do Valadouro a Cuba.
Promotor: El Valle de Oro. Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo [6].

---

[1] Fronte á casa de Lucindo Cabaleiro Fernández, *Lelo*.
[2] Informante: Lucindo Cabaleiro Fernández, 11.06.2011. Aquel Cabaleiro que pasou ao Campón era o avó de Lucindo, o noso informante.
[3] Informante: Lucindo Cabaleiro Fernández, 11.06.2001. Visita e fotografía: IF, 26.05.2001.
[4] Visita e fotografía: IF, 26.05.2001.
[5] J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878, páx. 138, n. 85.
[6] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).

Doazóns diversas.
Mantén a seguinte lenda na fachada principal:

ESCUELA NACIONAL DE MOUCIDE / AÑO 1926. / CONSTRUIDA POR LOS VECINOS Y LOS HIJOS DEL VALLE DE ORO EN LA HABANA

Descrición e historia

"Edificio de dúas plantas de forma rectangular, construído en cachotaría e pechado con cuberta de lousa de dúas augas.
Na planta baixa estaba situada unha única aula, para nenos e nenas. No primeiro andar estaban as dependencias da vivenda do mestre/a.
Esta escola foi construída por iniciativa dos veciños da parroquia, que solicitaron axuda económica á sociedade habaneira El Valle de Oro. A entidade fixo varios envíos de cartos; en 1923, 200 pesos e en 1926, 283,71 pesos, para poder rematar as obras. Tamén faría outras doazóns puntuais para a compra de mobiliario ou material educativo.
En recoñecemento, na fachada principal hai unha inscrición en que se le... [(*víd.* Antes deste parágrafo]" [1].

A construción das escolas

"A sociedade *El Valle de Oro* ademais de construír directamente as escolas ás que se fixo referencia [Adelán, Bacoi, O Cadramón, Vilacampa] tamén colaborou na construción doutras. Así a comezas de 1924 a sociedade enviou a cantidade de cen pesetas para axudar ao levantamento dunha casa-escola na parroquia de Santa Cruz. Tamén, por esa mesma época, a entidade remitiu a Ángel Mandiá, daquela representante da mesma no Valadouro, a cantidade de 1.297,45 pesetas para axudar na construción dunha casa-escola na parroquia de Moucide. No caso desta última parroquia a súa escola sería inaugurada en 1926" [2].

[1] Consello da Cultura Galega (http://mapas.consellodacultura.org/escolas/).
[2] *La Emigración Española*, Madrid, ano XII, núm. 3, 15 de febreiro de 1924, páx. 42. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 616-617 e n. 31.

As sardiñas de ouro

Unha rapaza de Moucide viña cunha cesta de sardiñas na cabeza cando lle saíu ao camiño un rapaz moi educado que lle pediu para acompañala. Ela escusouse con que tiña que vender as sardiñas, e entón el díxolle:
—Se me deixas ir canda ti nunca máis has ter falta de cartos.
A rapaza animouse coa promesa e deixouse acompañar.
Pouco antes de chegar á casa, o descoñecido díxolle que pousase a cesta. Ela fíxoo, e entón viu que as sardiñas se volveran de ouro.
—Agora vaite —díxolle o rapaz— e non lle contes a ninguén o que aquí aconteceu.
A rapaza chegou á casa, e o primeiro que fixo foi agachar a cesta entre a palla. Así e todo o segredo pesáballe, e un día foi e contoullo todo á mai. E nese mesmo instante as sardiñas volvéronse carbón [1].

A Fonte do Milagre

O crego de Moucide topou con Santo Estevo na Fonte do Milagre e quixo levalo para a igrexa parroquial. Cando ía con el de camiño, deu en caer auga a mollón, e o crego tivo que voltar co Santo para o seu sitio. De alí a uns días foino buscar outra vez, e ao chegaren á Lamela caeu outro torbón aínda máis grande que o primeiro. Entón o cura comprendeu que o Santo quería morar perto do rego e mandou facer alí unha ermida que o acollese [2].

Os paxariños a chirlar

Un home de Moucide que andaba a traballar de matachín viña unha noite de partir un cocho cando lle saíron ao camiño uns paxariños que foron chirlando á par del até que chegou á casa. O home contoulle o sucedido á muller, e en acabando de falar, morreu [3].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLII, páx. 108.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCIX, páx. 122.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLVII, páx. 148.





Igrexa parroquial.
Moucide.
Cronoloxía: anterior ao século XVIII.
Estilo: rural.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 13-08-1999 e 13-04-2001.



Santo Estevo.
Moucide.
Igrexa parroquial.
Presbiterio.
Retábulo barroco.
Foto: Xesús Pisón.
Data: 1999.



Esquilón.
Procedente da Capela de San Cristovo (Budián).
Situación: cemiterio novo.
Parroquia: Moucide.
Lugar: A Rubial.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 01-09-2000.



Escola de Moucide.
Cronoloxía: 1926.
"Hijos del Valle de Oro".
Foto publ.: Ovidio Vila Pernas.
Data: 10-11-2016.

As Oiras

AS OIRAS

Parroquia do concello de Alfoz, arciprestado do Valadouro e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Da súa xurisdición parroquial depende o anexo de San Martiño de Figueiras.

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 29' Lonxitude: 7º 26'

Superficie [3] en Km^2: 8,57

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Adelán (Alfoz), Lagoa (Alfoz), e San Pedro de Mor (Alfoz); ao sur, polas de Figueiras (Mondoñedo) e O Pereiro (Alfoz), ao leste, polas de Adelán (Alfoz) e Figueiras (Mondoñedo); e, ao oeste, pola do Pereiro (Alfoz) [4].

Ten 73 habitantes (Homes: 29. Mulleres: 44) [5], nas entidades de poboación de: *Aguillón, As Airas, Arriba do Río, O Cabradoiro, A Igrexa, Insua Nova, Insua Vella, O Leboreiro, O Pazo, A Pena Mosqueira, Rego do Aro, A Ribeira, Río das Donas, A Rúa, A Rúa de Escourido, Sesín, A Trabada, O Xogral* [6].

Dista 7,2 Km da capital do concello e comunícase pola estrada CP-0202 (A Seara-As Oiras).

Os ríos *Ouro* (<*Douro*) e *Beloi*, e os montes *Leboreiro* (672 m) e *Pena do Boi* (600 m) son os seus principais accidentes xeográficos.

Festividades [7]: *Nosa Señora do Carme*, 16 de xullo.
San Mamede, 17 de agosto. Titular da parroquia.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIII, páx. 33.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 162.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 64.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 245, 19.12.1991, páxs. 10.345 e 10.346.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

As Oiras: nome da parroquia.
Etimoloxía: acaso relacionado con *Aurius* [*Aurias*, en documentos dos anos 1164 e 1165] [existe *Doiras* en Asturias] e con *Oira* en Cudeiro (Ourense), que era *Villa Aurea* no século XIII [2]. Ou vinculado *Auriam*, con –m redundante de *Auria* [3].

Orónimos

Leboreiro (672 m; fauna, do lat. LEPORE 'lebre'), *A Pena do Boi* (600 m; lat. PINNAM 'pena'+ base **boi* 'pedra'. Este topónimo parece unha tautoloxía, acaso en tempos se lle chamaba só *O Boi*), *A Cruz* (536 m).

Hidrónimos

Río Beloi, Rego das Oiras.

Entidades de poboación

As Airas (precelta, orixe ibérica, base AREA > lat. AREA > *eira*; tamén existe o nome *aira*: xénero de plantas gramíneas delgadas) [4]*, Insua Nova, Insua Vella, O Leboreiro, O Pazo, Río das Donas, A Rúa de Escourido* (composto latino-romance, lat. RUDA 'rúa' + der. do lat. SCORIA 'escoura', residuos de ferro; sulfato de cal) *, Sesín, O Xogral* [5].

Lugares

A Fraga Vella (546 m; flora, *fraga* 'bosque salvaxe'. Hoxe é un inmenso piñeiral, con escasas especies autóctonas), *Ibia, A Pena dos Catro Cregos* [6], A *Pena Mosqueira, O Rego do Aro, A Billagueira [Vila Agueira?]* [7].

Topónimos con data documentada

Aurias (*per portum de Aurias, per locum uidelicet de Aurias*, 1164) [8]; *Aurias* (*per riuum de Aurias, ad portum de Aurias*, 1165) [9]; *Dornas* (*per uiam de Dornas, Donas?*, 1165) [10]; *Oyras* (*parochialem ecclesiam sancti Mametis de Oyras*, 1467) [11]; *Ouras* (*San Mamed das Ouras*, 1488) [12].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Carballo Torto (flora)*, Coto Seco* (*Coto*, da base prerromana **cott* 'prominencia, altura rochosa') [13]*, Paiperez, Panda* [14].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 17, páx. 34 e doc. 18, páx. 35. N. Ares Vázquez, *Estudos de toponimia galega*, t. I, 2012, páx. 616.
[3] "Su sentido sería como en *Oira*, el de 'valle, tierra regada por el río Ouro, medieval *Aurio*', de la misma raíz paleoeuropea". E. Bascuas López, "Mondoñedo y Valoría", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páxs. 476-477.
[4] I. Alonso Estravís, *Dicionário da língua galega*, 1986.
[5] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973.
[6] Neste penedo, que ten gravada unha cruz, únense catro parroquias: As Oiras (Alfoz), O Pereiro (Alfoz), Labrada (Abadín) e Romariz (Abadín). Informante: Jorge Val Díaz, 19.08.2010 (XP).
[7] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[8] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 17. data: 23.08.1164, páx. 34.
[9] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 18, Santiago de Compostela, 14.04.1165, páx. 35.
[10] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 18, Santiago de Compostela, 14.04.1165, páx. 35.
[11] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. Bula 28, data: 01.07.1467, páx. 497.
[12] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 206, Santiago de Compostela, 19.02.1488, páx. 428.
[13] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páx. 216.
[14] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928.

Século XII

En dous documentos do século XII achamos referencias ás Oiras: *Aurias* (*per portum de Aurias, per locum uidelicet de Aurias*, 1164) [1]; (*per riuum de Aurias, ad portum de Aurias*, 1165) [2].

Século XIV

"El curato fue fundado en el siglo XIV como dependiente de Santa Filomena de Cuadramón, en cuyo cementerio se sepultaban los fieles" [3].

Século XV

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Sant Mamed das Ouras* [4].

Século XVII

"Parroquia perteneciente al antiguo *Decanato de la Marina* [A Mariña], y hoy al Arciprestazgo del Valle de Oro. Su curato era *de entrada* y estaba dotado con 640 reales anuales de renta, y era de Patronato Real ordinario. Es matriz de San Martín de Figueiras [Mondoñedo]. La partida más antigua de su archivo data del año 1625" [5].

Preitos criminais. Cronoloxía: 1700.

"El prelado [D. Manuel Francisco Navarrete Ladrón de Guevara, bispo de Mondoñedo (1699-1705)] y su provisor, además de los pleitos de que ya se hizo mención, promovieron pleitos diversos de índole criminal. En 1700 se tramitaron pleitos con varios curas, como el de Oiras, Bretoña, Cogela, Sasdónigas, Irixoa, por trabajar en domingo, por apropiación de ganado, por alborotos en la iglesia, por vida no tan santa;..." [6].

Séculos XVII e XVIII

Personaxes: Andrés Acebo y Vega. Cronoloxía: 1660-1723.

"Nacido en Oiras hacia el año 1660. Muere en 1723. Colegial de Fonseca, donde se le concede el primer manto en 1683 trasladándose al colegio de Sta. Cruz de Valladolid en 1702 después de opositar a una cátedra de artes en 1690. Canónigo lectoral de Mondoñedo en 1718. Es el autor de *Epistola pastoralis in favorem bullae unigenitus*" [7].

Século XVIII

[1] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 17, páx. 34.
[2] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 18, páx. 35.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980, páx. 387.
[4] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, páx. 428.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, 1980, op. cit., páx. 387.
[6] ADM. Pleitos criminales. Legs. 16-19. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 287 e n. 1.496.
[7] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 145.

A fidalguía no Antigo Réxime: alistamento de nobres.

"En 1701, en virtud de carta-orden del Excmo. Sr. Duque Príncipe de Barbanza, Gobernador y Capitán General del reino de Galicia, fueron alistados todos los nobles de la provincia de Mondoñedo, figurando en la jurisdicción del Castro de Oro, los siguientes:
... En el Pereiro, las Oiras y Castro de Oro no había nobles" [1].

Organización civil e eclesiástica. Cronoloxía: 1718-1742.

En 1718, a parroquia de San Mamede das Oiras pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "villa y Alfoz del Castro de Oro".
Era Alcalde ordinario da Xurisdición D. Rosendo Villapol y Cordido.
En setembro de 1742 era Xuíz da Xurisdición D. Juan Basanta Osorio [2].

O beneficio da parroquia das Oiras. Cronoloxía: 1738.

"*Monasterio de los Picos o Villaoriente*.
Los religiosos del Monasterio de Franciscanos Terceros de Penitencia atravesaban, en marzo de 1738, por momentos de precaria economía y acudieron al prelado pidiendo que uniese a su convento una parroquia de la diócesis. Tras su consulta con el cabildo y una vez consideradas las condiciones exigidas por éste, acudió al R. Pontífice para que uniese al dicho convento las parroquias de Oiras y Figueiras. La respuesta de Roma fue satisfactoria y el provincial de los referidos religiosos, con fecha 16 de abril del referido año, expresaba su gratitud al prelado [Fray Antonio Alejandro Sarmiento de Sotomayor, bispo de Mondoñedo (1728-1751)] y al cabildo por la unión de los dichos beneficios a su convento de Villaoriente" [3].

Visitas pastorais. Cronoloxía: 1753-1754.

No Arquivo da Catedral de Mondoñedo existen catro volumes de visitas pastorais que realizaron os bispos mindonienses por terras do Valadouro. Son os volumes 4 (contén a visita a Vilacampa), 7 (contén 'feligresías de Valle de Oro'), 8 (contén a visita ao Castrodouro) e 11 (contén a visita ás Oiras).

"El vol. 11 comienza en Oiras y sigue por el Valle de Oro, Vivero, Ortigueira, Somozas, San Saturnino, Cedeira, Valdoviño, Trasancos, Ferrol, Neda, Puentes y termina en Camariñas" [4].

Visitas pastorais. Cronoloxía: 1754.

"El año 1754 [D. Carlos Riomol y Quiroga, bispo de Mondoñedo (1752-1761)] inicia la visita pastoral el 18 de junio. La primera parroquia visitada fue la de Oiras y Figueiras; los días siguientes visitó todas las parroquias del Valle de Oro" [5].

Século XIX

Os franceses na provincia de Mondoñedo. Cronoloxía: 1808-1810.

"El 4 de Junio de 1808, bajo la presidencia del Prelado, quedó constituída la Junta de Armamento y Defensa de la provincia de Mondoñedo, formando parte de ella, en representación del Cabildo, los canónigos D. Félix Santomé y D. Juan Fernández Villaamil" [6].

[1] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 87.
[2] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 223.
[3] A. Caps. Vol. 18. Fols. 115r, 118v, 119r. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Primera mitad del siglo XVIII", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páxs. 376-377 e n. 512.
[4] S. Pérez López, "Las visitas pastorales como fuente histórica. Aportación a su estudio en la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol", *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páx. 152.
[5] Arm. 2. Est. 4. Leg. 1. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páx. 410 e n. 642.
[6] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10-06.1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 89.

«En Agosto del... año [1809], el día 6 por orden del Marqués de la Romana tuvo lugar en la Catedral [de Mondoñedo] el solemne acto de "reintegrar en su silla al Canónigo D. Félix Santomé y Aguiar el cual fuera violentamente arrancado del templo por los franceses para ser conducido a un prolongado encierro"» [1].

"En Abril [de] 1810 se constituyó la Alarma de Mondoñedo, cuyo objeto era poner sobre las armas a todos los hombres de 16 a 50 años. La Alarma, en 5 de Mayo, nombró por jefes a Fr. Francisco Alonso del Convento de Alcántara [Mondoñedo], y a D. José de Meira, Cura de las Oiras.
Y para la alarma dieron algunas armas blancas y de fuego, el Obispo y algunos canónigos, entre ellos el Sr. Santomé y Aguiar" [2].

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [3], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 18 parroquias matrices que conformaban o "Deanato" da Mariña era *San Mamed de las Oiras* [4].

Obras na igrexa parroquial. Cronoloxía: 30.06.1884.

O 30 de xuño de 1884 reedifícase a torre da igrexa parroquial das Oiras, sendo bispo de Mondoñedo monseñor José Manuel Palacios López (1878-1885) [5].

Século XX

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é San Mamede das Oiras, que ten como anexa a de San Martiño de Figueiras (Mondoñedo) [6].

[1] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 89.
[2] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10.06.1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, op. cit., xuño de 2010, páx. 89.
[3] Territorio baixo a xurisdición dun deán.
[4] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[5] ADM, Libro de Secretaría 49, 30.06.1884. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 87 e n. 434.
[6] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

IGREXA DAS OIRAS *(San Mamede)*

Parroquial.
Situación: Estrada CP-0202 (Santo Acisclo-A Seara-As Oiras), Km 14.
Cronoloxía: século XX.
Estilo: neogótico.
Pórtico lateral, sostido por dúas pilastras, no muro esquerdo.

Noticia da igrexa anterior

Reedificación da (torre ou) espadana. Cronoloxía: 30.06.1884.

"Pero [en época de D. José Manuel Palacios López, bispo de Mondoñedo (1878-1885)] también se realizaron obras de restauración y renovación en múltiples templos de este territorio [da diocese de Mondoñedo]. Se construyeron algunas iglesias o capillas de nueva planta, se reconstruyeron otras, se reedificaron torres o espadañas,..." [1].

A actual figura como Igrexa de San Mamede no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [2].

"Fue reconstruida totalmente en los primeros años del presente siglo [XX] sobre la primitiva iglesia anterior, que desapareció totalmente. Es de estilo neogótico" [3].

Nave

Retablo.
Estilo: neogótico.

"Cubierta de madera a dos vertientes.
En el muro izquierdo un retablo neogótico sin valor, con las siguientes imágenes:
Virgen del Carmen popular del siglo XVIII pintada al óleo.
San Antonio y Santa Lucía populares ambas y pintadas al óleo.
Capilla mayor a las cuatro aguas" [4].

Fachada principal

"La fachada principal lleva en su centro una airosa torre coronada por una flecha gótica, destrozada en parte hace pocos años por un rayo" [5].

Presbiterio

Retablo.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: barroco.

---

[1] ADM, L. de Secretaría 49, 30.06.1884. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 87 e n. 434.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I (Abadín-Becerreá), 1993, páx. 73.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980, páx. 387.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 1980, páxs. 387-388.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 1980, páx. 387.

"Retablo que fue de la Catedral de Mondoñedo y enmarcó un lienzo que hoy está en la sacristía de dicha catedral. Al ser restaurada la Catedral en 1914 se retiró ese retablo, y se destinó a esa parroquia, que acababa de reconstruirse. Es un gran marco de madera jaspeada y bien dorada con buenas molduras barrocas de finales del siglo XVIII.
Imagen de San Mamed, vestido de guerrero, al uso de la época del siglo XVIII, popular y pintado al óleo" [1].

Sacristía

"Situada al lado izquierdo de la capilla mayor.
Cáliz de plata sobredorada del siglo XVIII, sencillo (0,22).
Terno blanco de seda murciana, floreada, siglo XVIII.
Copón sencillo de plata sin sobredorar" [2].

Imaxes existentes no ano 1999 [3]

San Mamede	Titular da parroquia.
San Mamede	De poñer. Fáltanlle as mans.
San Miguel	

Adro

"Hermoso cruceiro con Cristo tallado al anverso, y Dolorosa en el reverso" [4].

CAPELA DO REGO DO ARO

Situación: Escourido [5].
Cronoloxía: século XVIII.
Restos dos muros, de 50 cm de altura.
Desfixérona a comezos do século XX.

"En la visita del Obispo Carlos Riomol y Quiroga en 1754 se observa el surgimiento de ermitas de este tipo: D. Pedro Moreda y Villarmea en Oiras ermita de la Concepción y San Francisco" [6].

A CAPELA DE XAN DE OUTEIRO

Chámanlle así a unhas penas grandes que se ven desde Escourido.

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980, páxs. 387-388.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 388.
[3] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. IV, 1980, páx. 388.
[5] No Nomenclátor oficial (DOG) figura como: *A Rúa de Escourido*, que se confirma no *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000, páx. 18.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 103.

CRUCEIRO DA IGREXA (ou CRUCEIRO DO ADRO)

Situación: A Igrexa.
Adro, muro da igrexa parroquial, procedente do cemiterio.
Cronoloxía: 1634 [1].

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Etnografía: Cruceiros e petos de ánimas [2].

Descrición: pilastra cuadrangular, fuste octogonal, capitel modulado e cruz octogonal con marcos en estrela.
As catro caras da base presentan escritos gravados, de difícil lectura.
Cruceiro alto, coas efixies de Cristo, no anverso, e a Dolorosa, no reverso [3].
Historia: de data incerta, parece ser que non hai moito foi cambiada de situación.
Diante do cruceiro detíñanse os cortexos fúnebres para rezar. Ninguén lembra quen o doou, tal vez a lectura das inscricións nolo aclare.
Comentario: pertence a un enorme grupo de cruceiros sinxelos, de considerábel altura e de pouca labra [4].

«Forma parte do grupo de Cruceiros sen imaxes.
Situado ao carón da igrexa das Oiras. Foi cambiado no ano 1962 dende o cemiterio polo párroco das Oiras don Cándido Luaces.
Trátase dun cruceiro situado sobre unha plataforma moi irregular á esquerda da igrexa. Ten unha base en varios tramos con nacelas. O varal é cadrado nos extremos coas arestas rebaixadas. O capitel semellante á base e sobre este unha cruz florenzada. Na base hai unha lenda pouco lexible da que destacamos na cara Leste: "*HIZOSE PR.../*", na [cara} Sur: "*... AÑO 1634/*", e na Oeste: "*.../*"» [5].

CRUCEIRO DE CÁNDIDO (ou CRUZ DE BARRO)

Situación: A Rúa de Escourido [6].
Cronoloxía: 1945.
Coordenadas: N: 4.349.345 W: 742.747

«Forma parte do grupo de Cruceiros sen imaxes.
Na zona alta das Oiras e concretamente no Escourido ou Rego do Aro achamos este cruceiro saído da man de Cándido Barro Pardeiro.
Fíxérase no ano 1945 por este canteiro nun espazo [sic] de tempo de dez anos, xa que, segundo nos comenta, tiña que traballar no campo e non lle podía prestar atención a unha das súas inquedanzas de sempre. Comenta Cándido: "Eu sempre tiven o convencemento de facer unha obra deste xeito, xa dende neno, e o traballo da casa non mo permitía. Agora está aí para sempre".
Este cruceiro é moi sinxelo, mais ten un mérito especial por ser feito por unha persona [sic] que descoñecía as técnicas dos canteiros ao estar afastado do núcleo do pobo.
Está formado por unha plataforma de dous tramos, nunha base tronco piramidal invertida, un capitel-mesal, feito co sobrante da base, e unha cruz cadrada» [7].

[1] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/alfoz/3.html, 06.03.2013.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I (Abadín-Becerreá), 1993, páx. 74.
[3] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIII, páx. 33.
[4] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 9. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[5] M. Saavedra Pérez (2014), *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com.
[6] Informante: Jorge Val Díaz.
[7] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.

CRUZ DA PANDA

Situación: A Panda [1].
Coordenadas: N: 4.348.904 W: 744.512

«"Unha cruz moi especial. A nai das cruces de Alfoz".
Nunha antiga encrucillada do Pereiro a [As] Oiras e preto do Río das Donas, no lugar da Panda, achamos esta cruz na parroquia de Oiras, tirada no chan e cuberta de maleza dende fai moitos anos. O vieiro onde se atopa a Cruz deixou de cumprir a función social dos camiñantes e o sendeiro está pechado polo paso do tempo.
Comentan os veciños que os bisavós falaban desta Cruz, e do lugar, como un referente de santificación, pois alí era o lar das bruxas, dos meigallos,... e ninguén podía camiñar só. No lugar do encontro todos os camiñantes tiñan tres opcións: camiñar subindo á igrexa, baixar á Fraga do Demo ou voltar para a casa, sempre e cando a sorte os acompañase.
A descrición desta cruz pode ser moi sinxela. Cecais estamos diante dunha manifestación das primeiras cruces (Castelao fala da rudeza da feitura destas cruces ollando a que...) [hai] [a Cruz do Pau da Vella], nos lindes de Viveiro, [Xove], Cervo, [O] Valadouro e preto do Concello de Alfoz» [2].

CRUZ DE FERRO

Situación: Cruz de Ferro.
Na encrucillada da pista de Sesín, a uns 200 metros da igrexa parroquial.
Desapareceu cando fixeron a estrada [3].

CRUZ DE MARIANO

Situación: A Billagueira [4].

[1] J. Val Díaz.
[2] M. Saavedra Pérez (2014), *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com.
[3] O lugar está onde ten a casa Xosé María de Daniel. Informante: Jorge Val Díaz, 05.02.2013.
[4] J. Val Díaz.

Casas e lugares de interese [1]

A CASA DO CARBALLO TORTO

Situación: Carballo Torto.

A CASA DO PAZO

Situación: O Pazo.

A CASA DO REGO DO ARO

Situación: Rego do Aro.
Porta de arco.

A CASA DA RIBEIRA

Situación: A Ribeira.

A CASA DA TRABADA

Situación: A Trabada.

O PENIDO DA HEDRA

Neste lugar había unha torre ou propiedade do mariscal Pedro Pardo de Cela [2].

[1] Informante: Jorge Val Díaz.
[2] Jorge Val Díaz.

O cavador e o lobo

Un cavador das Oiras viña de noite para a casa cando lle saíu un lobo ao camiño. O home, que non levaba con que defenderse, abrazouse ao animal, apertándoo con todas as súas forzas. Entón o lobo deu en rabuñarlle as pernas coas uñas de atrás até que o foi desangrando. E alí morreron os dous, abrazados [1].

O ferreiro encantado

Na Pena Grande de Escourido hai un Encanto que é ferreiro, e vai lavar a roupa á Fonte Sabina [2].

A dama do monte Leboreiro

"En el monte Leboreiro... una gran dama tenía fama de ofrecer una liebre de oro a quien le desenredaba el cabello, lo que no parece extraño si atendemos al nombre del monte" [3].

O Río das Donas

No Río das Donas hai unhas mulleres que poñen a roupa a enxoitar pola noite, e aínda que chova, a roupa seca igual [4].

O trasno e o argadelo

Unha tecedeira das Oiras ergueuse unha mañá e atopou cortada en dous cachos a peza de liño que estaba a tecer. Sospeitando que fora cousa do trasno, argallou unha trampa: cando chegou a noite, pillou unha cunca chea de millo, púxoa enriba dunha peza de liño nova, e foise deitar. Ao pouco tempo, sentiu que tiraban coa cunca, e os graus de millo a rolar polo chao. E berrou:
—Apáñaos, apáñaos!
E o trasno púxose a recoller o grau, e por moito que apurou non deu feito, porque, como é sabido, o pobre ten as maos furadas [5].

A sombra

Unha muller das Oiras vía todas as noites unha sombra que lle viña guindar pedras no tellado da casa. Por máis que a muller lles mostraba aos familiares a aparición, eles non vían nada nin sentían os taraboulos das pedras. Conque a pobre da muller non tardou en enfermar. Os fillos, non sabendo o que facerlle, acordaron mandala para o asilo de Mondoñedo. Cando ela o soubo rompeu a chorar, chamando polo cura. Un dos fillos foillo buscar, e entón a muller contoulle o que lle acontecía. O cura calmouna como puido e despois abenzoou a casa, por dentro e por fóra. E desde aquel día a muller non volveu ver a sombra [6].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto LXXXVI, páx. 66.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXI, páx. 111.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 36.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXIII, páx. 111.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXVII, páx. 130.
[6] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXXV, páx. 155.



Igrexa parroquial.
As Oiras.
Cronoloxía: século XX.
Estilo: neogótico.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.

Igrexa parroquial.
As Oiras.
Pórtico lateral.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.





Cruceiro do Adro.
As Oiras.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.

O Pereiro

O PEREIRO

Parroquia do concello de Alfoz, arciprestado do Valadouro e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 29' Lonxitude: 7º 27'

Superficie [3] en Km^2: 23,40

Delimitada, ao norte, pola parroquia de Frexulfe (O Valadouro); ao sur, polas de Labrada (Abadín) e Montouto (Abadín); ao leste, polas de Lagoa (Alfoz), As Oiras (Alfoz) e Viloalle (Mondoñedo); e ao oeste, polas de Montouto (Abadín) e O Cadramón (O Valadouro) [4].

Alcanza unha altitude de 749 metros en *Monte Maior* e está bañada polos ríos de *Guilfonso* e *Beloi*, este último procedente dos contrafortes da Serra Toxiza, e importantes afluentes do *Ouro* < *Douro.*

"Parroquia de montaña limítrofe entre [os concellos de] Alfoz e O Valadouro, conserva fragas e monte autóctono en abundancia, alén de multitude de restos castrexos e neolíticos, entre os que se contan varios petroglifos na *Pena Abaladoira* ou *das Serpes*, e construccións defensivas castrexas como as da Arnela, A Palloza, A Rúa, etc." [5].

Ten 133 habitantes (Homes: 69. Mulleres: 64) [6], nas entidades de poboación de: *Acivro, A Arnela, Boudón, Bustelo, A Cabanela, A Caxigueira, A Costa, O Coto, O Chao, Faián, Ferradás, Guilfonso, A Moa, O Outeiro, A Palloza, A Pena do Golpe, A Pesquita, O Pichín, A Ribeira, As Rozas, A Rúa, Rubeiro* [7].

Dista 7,4 Km da capital municipal e comunícase polas estradas CP-0202 que parte da Seara e chega até Carrocide e CP-0204 (Carrocide-O Pereiro-O Cadramón).

Dentro do termo desta parroquia encóntrase a *Pena Abaladoira*, considerada por algúns autores como un orixinal monumento megalítico, outros afirman que a Pena presenta varios gravados, entre os que destaca unha bicha con cabeza humana [8], aínda que nós, despois de examinar o penedo atentamente, non encontramos os mencionados debuxos.

Festividades [9]: *Natividade da Virxe María*, 8 de setembro.
A titular da parroquia é Santa María (15 de agosto).

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIV, páx. 181.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 167.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 64.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito).
[6] Fonte: INE, 01.01.2017.
[7] DOG, núm. 245, 19.12.1991, páxs. 10.345 e 10.346.
[8] N. Rielo Carballo, op. cit., t. XXIV, páx. 181.
[9] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

| Toponimia | [1]

O Pereiro: nome da parroquia.
Dúas hipóteses: 1/ Orónimo con referencia a un sitio elevado; podería provir dalgunha forma derivada do latín *petra*, afín á voz *petraria* que pode ser **petrariu* para Pereiro; 2/ De *pereiro* 'árbore que dá peros' [2].

Orónimos

Serra do Xistral, Monte Maior (749 m), *A Croa, Coto de Fornamouriña* (A Arnela) [3], *A Pena dos Catro Cregos* [4].

Hidrónimos

Río Ouro (< *Douro*), *río Beloi, río de Guilfonso, O Rego da Masma, A Fervenza do Escouridal* (divide O Pereiro do Cadramón; perto do nacemento do río de *Guilfonso*, afluente do *Ouro* < *Douro.* De 'escourido', relac. con minerais; do lat. SCORIA 'escoura', residuos de ferro; sulfato de cal), *A Candea Branca* (é a fervenza da Onza).

Entidades de poboación

Acivro (flora; do lat. vulg. **acifoliu*), *A Arnela* (hidrónimo; raíz *ar–, arn–*, 'a auga que cae do ceo'), *Boudón, A Caxigueira* (flora; orixe prerromana con terminación latino-romance, CAXIGU–EIRA 'bosque de caxigos, do prerromano CAXICOS 'caxigos'; aciñeiral, carballal) [5], *O* Coto (da base prerromana **cott* 'prominencia, altura rochosa') [6], *Faián, Ferradás* (relacionado con minerais) [7], *Guilfonso* [8], *A Palloza, A Pena do Golpe* (fauna), *A Pesquita, O Pichín, Rubeiro* [9].

Lugares

O Carballo da Veiga Rubia (abaixo do Rego da Masma) [10], *Cerdeira* (flora; no lugar do Outeiro), *Cháfaros, As Folgueiras* (monte, metade do Cadramón e metade do Pereiro), *A Fonte da Arnela, As Forxas, A Fraga da Moradoira* ou *Amoradoira* (entre o Cadramón e O Pereiro), *A Pedra Abaladoira*, *A Onza*, *O Pozo dos Encantos* ou *A Cova dos Encantos* [11].

Topónimos con data documentada

Bustelo (BUSTELLO, 922; 'lugar onde pacen bois') [12].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Celeirote, Cascadrado, Garita, Loureiro (flora), *Nogueirido* (flora; do lat. NUCARIAM, do lat. cl. NUCEM > lat. vulg. **nocem* > *noz*), *Pígara, Retorno* [13].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páxs. 360-361.
[3] Informante: Jorge Val Díaz, 19.08.2010.
[4] Neste lugar únense catro parroquias: As Oiras, O Pereiro, Labrada (Abadín) e Romariz (Abadín). Informante: Jorge Val Díaz, 19.08.2010 (XP).
[5] I. Alonso Estravís, *Dicionário da língua galega*, t. I, 1986.
[6] F. Cabeza Quiles, op. cit., 1992, páx. 216.
[7] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 96.
[8] O lugar de Guilfonso era propiedade de Esteban Carballo, do Pazo de Carrocide. Informante: Jorge Val Díaz, 23.06.2001.
[9] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973.
[10] Informante: Xosé Cao García, 06.09.2000.
[11] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[12] Privilexio do rei Ordoño II, doazón feita en Labrada; Víctor de Olano Silva, "Toponimia galega", BCML, T. IX, Lugo, 1971-1972, p. 211. Tamén en A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, 47, n. 16.
[13] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928.

Século X

O lugar de Bustelo aparece nunha doazón do rei Ordoño II (914-924), do ano 922 [1].

Século XI

Nun documento do ano 1096, no que se delimita o territorio da igrexa de San Xulián de Nois en tempos de D. Raimundo, volve a figurar o lugar de BUSTELLO, no Pereiro.

"Se cita en este documento el lugar de BUSTELLO (etimológicamente 'lugar donde pastan bueyes') en la actual parroquia de O Pereiro,..." [2].

Século XV

Testamento do Mariscal Pedro Pardo de Cela. Cronoloxía: 1 e 3. 10.1483. Mondoñedo.

"Yten mando a minna moller dona Ysabel de Castro la mi posa de Çendemill, con todas las heredades et casares, et *et* (si) con los casares de Pereyro et binnas del Balle d'Oro et terraria de Recarey por dias de su bida, et despues que quede todo desenbargo a mis herederos" [3].

Século XVI

En tempos do bispo de Mondoñedo D. Diego de Soto (1545-1549), a Dignidade Episcopal tiña xurisdición civil e criminal no Pereiro [4].

Século XVII

O Santo Oficio: A Inquisición.

Personaxes: Alonso López. Cronoloxía: 1642-1645.

O 18 de novembro de 1642, o Licenciado Alonso López [Varela?], Comisario do Santo Oficio da Inquisición do reino de Galiza e cura beneficiado das parroquias do Pereiro e O Cadramón, funda e dota unha capelanía da advocación de Santo Antonio de Padua [5].

No testamento que outorga, a 29 de outubro de 1645, o Lic. Alonso López, Comisario do Santo Oficio da Santa Inquisición do Reino de Galicia, figura que este reside no lugar de Bustelo, na freguesía do Pereiro, e déixalle a metade deste lugar a Alonso López Varela, fillo de Gerónimo Vasta e de Inés López, falecidos [6].

Século XVIII

A fidalguía no Antigo Réxime: alistamento de nobres.

---

[1] Privilexio do rei Ordoño II, doazón feita en Labrada; A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 47, n. 16.
[2] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páxs. 44 e 47, n. 16.
[3] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 193 e 200.
[4] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 251.
[5] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado III*, 2001, páx. 89.
[6] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2001, páx. 89.

"En 1701, en virtud de carta-orden del Excmo. Sr. Duque Príncipe de Barbanza, Gobernador y Capitán General del reino de Galicia, fueron alistados todos los nobles de la provincia de Mondoñedo, figurando en la jurisdicción del Castro de Oro, los siguientes:
... En el Pereiro, las Oiras y Castro de Oro no había nobles" [1].

No ano 1718, a parroquia de Santa María do Pereiro pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "villa y Alfoz del Castro de Oro".
Era Alcalde ordinario da Xurisdición D. Rosendo Villapol y Cordido.
En setembro de 1742 era Xuíz da Xurisdición D. Juan Basanta Osorio [2].

«En 1800 a renda do Pereiro que debía pagar á Mitra Mindoniense era de 174.000 maravedises [sic]. Nun caderno da dignidade episcopal dise: "Castro de Oro y Pereiro es la metad del diezmo de ambas parroquias y cada vez.º del Pereiro 6 ferrados de voto y por cada uno que muere y tenga bienes medio celemín y el mejor pajel de lutuosa y mostrenco"» [3].

Século XIX

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [4], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 18 parroquias matrices que conformaban o "Deanato" da Mariña era *Santa María de Pereiro* [5].

Século XX

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é Santa María do Pereiro [6].

[1] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 87.
[2] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 223.
[3] Xosé Isidro Fernández Vilalba, "Alfoz do Castro do Ouro ó longo da historia", *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páx. 28.
[4] Territorio baixo a xurisdición dun deán.
[5] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[6] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

IGREXA DO PEREIRO *(Santa María)*

Parroquial.
Situación: Estrada CP-0204 (Carrocide-O Pereiro-O Cadramón), a 7,4 Km da Seara.
Cronoloxía: século XVIII.
Existía outra igrexa anterior, cando menos, no ano 1642 [1].

Figura como Igrexa de Santa María no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [2].

"Construida en el siglo XVIII y ampliada a principios del actual, con nave, capilla mayor y sacristía detrás, con torre sobre la fachada principal. Arco triunfal y dos contrafuertes exteriores en ese mismo punto" [3].

Dous retablos

"En el retablo derecho, un San José popular pintado al óleo (0,90), e imágenes modernas. En el retablo izquierdo, imagen de Santa Lucía, popular (0,55)" [4].

Sacristía

"Cáliz liso de plata (0,25), siglo XVIII.
Custodia con la parte superior de plata (0,40), siglo XVIII.
Cáliz sencillo de plata (0,24), siglo XVII.
Cruz procesional de plata (0,70 x 0,57), con la Virgen y el Niño, imagen titular, en el reverso, siglo XVIII, macolla con dibujos repujados" [5].

Imaxes existentes no ano 1999 [6]

San Xosé	Estilo: popular.
Santa Lucía (?)	Estilo: popular. Faltan os ollos do prato e a palma.

Adro

"Un cruceiro sencillo junto a la entrada del atrio y otros dos junto a los contrafuertes del templo. Otros en los barrios da Arnela y Caxigueira" [7].

Capelanías

Santo Antonio de Padua. Cronoloxía: 1642-1854 [8].

---

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado III*, 2001, páx. 89. Artigos publicados por Eduardo Lence-Santar y Guitián.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I (Abadín-Becerreá), 1993, páx. 73.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 125.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 125.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 125.
[6] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 126.
[8] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 137.

Personaxes. Alonso López. Cronoloxía: 1642-1645.

"En 1642, a 18 de noviembre, el Licenciado Alonso López Varela, Comisario del Santo Oficio de la Santa Inquisición del reino de Galicia, Cura beneficiado de Santa María del Pereiro y San Jorge del Cuadramón, funda y dota una capellanía colativa, de la advocación de San Antonio y con la carga de 20 misas rezadas al año.
La mitad de estas misas se celebrarán en la Capilla que Alonso López tenía *hecha y edificada* en la Iglesia del Pereiro, donde tenía voluntad de ser enterrado, y las diez misas restantes en la Ermita que dentro de tres años [1645] construiría el Licenciado Alonso en la Parroquia del Pereiro.
Entre los bienes de la dotación figuraba el lugar que fuera de Pedro da Raña, en el Cuadramón" [1].

A CAPELA DE SANTO ANTONIO

Situación: O Chao.
Cronoloxía: 1645.
Derrubada a finais do século XIX.
Coas pedras da capela construíron a Escola de Abaixo.
No sitio da capela hoxe hai unha palleira.
O actual Cruceiro do Chao (véxase Cristo de San Antón), antigamente estaba situado onde a capela; hoxe está en fronte.
Un dos cruceiros que hoxe en día están arrimados aos muros exteriores da igrexa parroquial procede da Capela de Santo Antonio [2].

"En 1645, a 29 de octubre el Lc. Alonso López otorgó testamento cerrado, en el cual dice: Item dejo por mi lexo y universal heredero a Alonso López Varela, hijo de Gerónimo Vasta y de Inés López, sus Padres difuntos, que está en mi servicio vos de la dha fra de Santa María del Pereyro y le mando enteramente la mitad deste lugar de Bustelo en que vivo en la dha fra del Pereyro con sus heredades Bravas y mansas con lo anejo al dho mitad de lugar y le dejo y doy poder y facultad qual de Derecho sea necesario para que pueda presentar en cada vacante la Capilla de Santo Antonio que mandé fundar a el y a sus sucesores con que se llamen del nombre de los Varelas" [3].

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado III*, 2001, páx. 89.
[2] Informante: Jorge Val Díaz, 23.06.2001 e 17.04.2017.
[3] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2001, páx. 89.

CRUCEIRO DA ARNELA

Situación: A Arnela. Un dos rueiros máis habitados do Pereiro.
Cronoloxía: comezos do século XX.
Coordenadas: N: 4.347.377 W: 748.061
Descrición: cruz alta de pedra. Sobre a base trapezoidal, sinxela e pouco traballada érguese un primoroso fuste de prolífica iconografía: os motivos da Paixón intercálanse con símbolos xeométricos e faces de anxos. O capitel, de catro volutas e cabezas [de anxos] [1], configura unha das máis fermosas cruces do Valadouro.
Hai tempo ao crucificado acompañábano tres figuras menores, das que só se conservan dúas: San Pedro [cuberto con túnica e bonete, en sinal de dó] [2] e a Virxe María [contemplativa e dolorosa, cuberta por un manto, recolle as súas mans sobre o colo, agardando circunspecta o desenlace] [3].
O Cristo, totalmente exento da cruz octogonal, completa o conxunto.
Historia: procede dunha doazón e estaba policromado con tinturas naturais, das que aínda quedan bastantes restos.
Comentario: un exemplo máis da calidade construtiva do traballo dos nosos canteiros.
No aspecto relixioso, o pobo concédelle un valor moi especial [4].

”Forma parte do grupo de Cruceiros con imaxes.
Está situado no lugar da Arnela na parroquia de O Pereiro. Está roto e parte deste cruceiro está gardado na casa de Leonardo Cabanas. Trátase dun cruceiro semellante ás obras dos Carboeiras de Román (Vilalba). Foi construído por un Carboeira a comezos do século XX en colaboración con José Cabanas [veciño] desta parroquia.
Ten base troncopiramidal invertida. O varal cadrado nos extremos e no resto as arestas rebaixadas. Na parte frontal e superior do varal hai unha cara e nas outras rombos e os elementos da paixón: tres cravos, martelo, tenaces, espada e a escaleira, nunha orde descendente. O capitel está roto e gardado xunto co Cristo e dúas imaxes: unha da Virxe e outra cunha imaxe nas mans, que estaba ao carón do varal” [5].

CRUCEIRO DA CAXIGUEIRA

Situación: A Caxigueira [6].
Cronoloxía: primeiro cuarto do século XIX.
Coordenadas: N: 4.347.614 W: 748.802

«Forma parte do grupo de Cruceiros con imaxes.
Está situado no lugar da Caxigueira, no camiño da igrexa, á man dereita, e nunha antiga encrucillada de camiños. Ten unha orientación N/S.
Foi lugar de enterramento de nenos sen bautizar, segundo nos comentan, e tamén de romerías [sic] da Virxe do Corpiño.
A base está sobre un plinto cadrado e nela, do lado oeste, aparece o ano sen completar “182-“, e no fronte a imaxe da Virxe do Corpiño venerada nesta parroquia. O varal cos elementos da paixón e no cumio un capitel dos Carboeiras de Román en Vilalba. A cruz, de tipo florenzano, ten no anverso a imaxe de Cristo sobre unha caveira cos brazos en horizontal extendidos ao longo da cruz, a cabeza ao lado dereito, e o pé dereito sobre o esquerdo. No reverso imaxe da Virxe moi pouco pronunciada.
Foi mandado colocar por Manuel “O Camarada” a comezos do século XIX xunto con outros moitos desta parroquia» [7].

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 116. A tradución é nosa.
[2] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 116.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 116.
[4] R. Reigosa Méndez, op. cit., páxs. 17-18.
[5] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com.
[6] Informante: Jorge Val Díaz.
[7] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.

CRUCUCEIRO DA IGREXA (I)

Situación: A Rúa.
Cronoloxía: mediados do século XIX (1863).
No contraforte lateral dereito da igrexa parroquial.
Coordenadas: N: 4.348.333 W: 746.628
Descrición: de características semellantes ao cruceiro anterior, é, con todo, moito máis pobre en detalles que aquel. Carece de capitel traballado; tanto o Cristo como a Virxe non están exentos; o fuste amosa pouca labra. Aínda así, non deixa de ser un fermoso exemplar, con marcados trazos populares.
Historia: na súa basa aparece un texto relativo á concesión de indulxencias, mais non contén a data, ou polo menos non é lexíbel [1]. Así e todo, debeu ser feito no século XIX.

«Na igrexa de O Pereiro achamos dous cruceiros, a ambos dous lados e ao carón dos contrafortes. [O primeiro] Ten unha orientación SE/NW.
Os dous forman parte do grupo de Cruceiros con imaxes.
[O primeiro] Aparece enriba dun plinto cunha base en dous tramos, un recto e outro en pirámide truncada. Un varal moi común. Un capitel con nacela en tramos, Finalmente, unha cruz florenzada coa imaxe de Cristo, baixo un cartel, no anverso, que amosa os brazos extentidos; a cabeza inclinada ao lado dereito; e o pé dereito sobre o esquerdo. No reverso imaxe da Virxe con manto en actitude orante.
Ambos os dous cruceiros son semellantes menos no capitel, que os fai diferentes. Trátase dun cruceiro de mediados do século XIX. Na base achamos unha lenda na cara Sur: "*...SEÑOR.....O/BISPO DE SANTIAGO/CONCEDIO CIEN DIAS*", e na cara Leste: "*DE INDULGENCIA RECE/N... LA YGLE/SIA DE...*"» [2].

CRUCEIRO DA IGREXA (II)

Situación: A Rúa.
Cronoloxía: 1866 (1865?).
Arrimado ao contraforte lateral esquerdo da igrexa parroquial.
Coordenadas: N: 4.348.358 W: 746.651
Descrición: cruz alta de pedra, de basa cuadrangular modulada, con numerosas inscricións sen descifrar. Sobre ela érguese un fuste cuadrangular nos extremos e octogonal no centro. Un capitel renacentista coroa o capitel de suaves formas curvas. Adórnano unha cabeza de anxo en cadansúa cara.
A cruz en si, está finamente decorada e conserva marcados restos de policromía. Na face dianteira aparece un Cristo crucificado con tres cravos, de modo convencional, aínda que de trazos moi populares, completamente exento do fuste, flexiona lixeiramente os xeonllos para incrementar a sensación de dor. Os pés aséntanse sobre unha caveira. Podemos observar unha lixeira desproporción entre as pernas e o corpo, que corresponde a unha técnica artística habitual, xa citada. A cara posterior presenta unha Virxe en posición orante sobre unha peaña, de trazos populares bastante convencionais.
Historia: o seu emprazamento actual non é o orixinal. Parece ser que estaba no mesmo adro, baixo o teixo que hai alí, erguida sobre tres gradas circulares adornadas con cabezas de anxiños, e rodeada doutras figuras de santos.
Trátase dunha doazón particular.
Comentario: estilisticamente, é un dos mellores exemplares que podemos atopar no contorno do val [3].

«Forma parte do grupo de Cruceiros con imaxes.
Está ao carón do contraforte do lado esquerdo da igrexa do Pereiro con orientación SW/NE. Aparece sobre un plinto cunha base semellante ao do lado dereito. Na base hai a seguinte lenda na cara Leste: "*D.....NAL ARZOBISPO DE/ SANTº CONZº CIEN DI/AS D INDULGª POR CUAL/QUIER*

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 16. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[2] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com.
[3] R. Reigosa Méndez, op. cit., (inédito), páxs. 15-16. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.

ORACION APROBA/", e na cara Norte: "*DA PR LA YGLESIA//POR LAS NECESIDADES D/YGLA. Y DEL REINO/A ESPs D FRANCº FERNº.*" O varal cadrado nos extremos e coas arestas rebaixadas ten a data de 1866. O capitel é semellante aos cruceiros dos Carboeiras con anxos nos catro lados. A cruz florenzada e a imaxe do Cristo son semellantes á do lado dereito. O Cristo está apoiado sobre unha cara. No reverso hai unha imaxe dunha Virxe con manto en actitude orante e na cruz hai restos de policromía» [1].

CRUCEIRO DA CABANELA

Situación: A Cabanela.
Cronoloxía: mediados do século XIX.
Coordenadas: N: 4.349.121 W: 747.058

"Forma parte do grupo de Cruceiros sen imaxes.
No medio dun eucaliptal ao carón dun antigo camiño da misa, hoxe esquecido, achamos este cruceiro colocado en lembranza do pasamento dunha persona [sic]. É da casa de [Manuel] García, do barrio de [da] Cabanela no Pereiro comentan os veciños que ao seu carón paraban os cadaleitos e está formado por unha plataforma de catro chanzos, unha base semellante ás dalgúns cruceiros chairegos dividida en catro tramos. O capitel con moldura cóncava e unha cruz, considérase que foi cambiada xa que non se corresponde co resto do cruceiro.
Ao longo do ano colócanlle flores en lembranza do finado" [2].

CRISTO DE FAIÁN

Situación: Faián.
No centro do rueiro.
Cronoloxía: 1794.
Coordenadas: N: 4.347.521 W: 748.808
Descrición: cruz de tamaño pequeno, do modelo da cruz do Outeiro, coa imaxe dun personaxe non identificado no frontal, e os brazos arranxados con arames e cemento [3].
Unha descrición máis pormenorizada témola en Andrés Canoura Quintana:

"En el lugar de *Fayán* de la misma parroquia de O Pereiro destaca otro Santo Cristo, donde el fuste se ha sustituido por una hornacina a modo de peto de ánimas, donde aparece tallada una imagen de un niño que levanta su mano derecha señalando al Crucificado en actitud recordatoria de la pasión, mientras con rigidez apoya la izquierda sobre su costado. En el anverso del crucero propiamente dicho, Cristo deja caer su faz sobre su pecho; en el reverso, María se apoya en una ménsula" [4].

«Forma parte dos Cristos con fornela.
Os Cristos con fornela no varal son típicos dos concellos de A Pastoriza, Riotorto e Alfoz. Trátase dunhas obras feitas por uns canteiros de Bretoña, Mondoñedo e Alfoz coñecidos por "Os Pedreiras". No concello de Alfoz achamos tres, no de A Pastoriza outros tres e no de Riotorto dous. Todos eles son moi semellantes e son datados a finais do século XVIII (1796) e comezo do XIX» [5].

"Este Cristo está situado en Faián na zona alta da Arnela, casa de Abel, e preto do cruceiro da Caxigueira. A orientación é SW/NE.
Ao longo do ano está adornado con flores e data do ano 1974 [1794] na cara NE. Foi mandado facer por Manuel do Camarada, un mecenas desta parroquia. A lenda comenta que un señor con problemas psíquicos ao que o crego e os veciños acordaron levar á igrexa para curalo cunha condición imposta pola igrexa para remediar o mal. O Camarada tiña que entrar co pé dereito. A primeira vez non o fixo, á segunda tampouco e á terceira logrou facelo e quedou curado. Por isto deu grazas a Deus mandando facer moitas Cruces e Cristos nesta parroquia de O Pereiro.

---

[1] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com.
[2] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.
[3] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 19.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 116.
[5] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.

Está colocado enriba dunha parede. A base é irregular e sobre esta unha cruz florenzada, co Cristo no anverso. A cabeza do Cristo está inclinada ao centro mirando cara ao santiño sobre o que está apoiado. Na fornela achamos unha imaxe dun santiño non identificado e no reverso a imaxe da Virxe sobre unha peaña en actitude orante e con capa.
Ao longo do ano está adornado con flores en lembranza de Cristo, María e santos protectores desta parroquia segundo nos comenta Abel, o dono da casa“ [1].

CRISTO DO OUTEIRO

Situación: O Outeiro.
Perto da estrada.
Cronoloxía: século XVIII [2].
Coordenadas: N: 4.347.433 W: 747.797
Descrición: de trazos moi erosionados, conserva a imaxe do Cristo na cara anterior, exento, e debaixo del unha cartela coa Virxe gravada. Na parte posterior resalta un cáliz.
Historia: non hai datos concretos sobre ela, mais a enquisa realizada corrobora a súa antigüidade.
Comentario: do estilo das cruces da Arnela, da Pena do Golpe, das Rozadas (O Cadramón) e da Pardiña (O Cadramón), conserva unha iconografía moi popular e sumamente atractiva [3].

“Forma parte dos Cristos con fornela.
[O Cristo do Outeiro] Está situado ao carón da estrada, nunha encrucillada, a Arnela dende a igrexa do Pereiro, no lugar de Outeiro. Ten unha orientación W/E.
Érguese sobre un plinto moi irregular cunha pedra no cumio. O Cristo ten unha base tronco piramidal invertida moi desgastada e sobre esta nunha cruz florenzada coa imaxe de Cristo no anverso, descansando sobre unha fornela cun santiño, (San Pedro), cunha man levantada e outra caída ao longo do corpo. A imaxe do Cristo, no anverso, está moi deteriorada destacando unha cabeza moi irregular e o pé dereito sobre o esquerdo con perizoma moi pequeno. No reverso imaxe dun neno cunha cabeza moi grande, un corpo inapreciable e longo e os pés sobresaíndo da cruz.
Coméntase que ao carón deste Cristo foron enterrados nenos sen bautizar nacidos de nais solteiras. Ten flores ao longo do ano en lembranza do pasamento do nenos e das lendas vivas do lugar” [4].

CRISTO DE SAN ANTÓN

Situación: San Antonio.
Cronoloxía: século XVIII [5].
Coordenadas: N: 4.348.559 W: 747.177

“Forma parte dos Cristos con fornela.
Chama a atención este Cristo pola estrutura, polas imaxes e por ter os instrumentos da paixón.
Está situado no lugar de San Antonio. Foi cambiado dende a antiga escola, preto da capela de San Antonio, ata este lugar. No seu carón, hoxe hai outra cruz derrubada, que estaba nese lugar. Está orientado N/S.
Antes tiña tres gradas (comentan os veciños) e hoxe a base está sobre o chan. Data de finais do século XVIII.
Consta dunha base troncopiramidal invertida e amosa unha cruz florenzada con cartela. No anverso da cruz mostra unha imaxe de Cristo apoiada sobre unha fornela. O Cristo ten cara dun insecto (carricanta) e está totalmente unido á cruz coa mirada ao infinito. Na fornela, apoiada nunha caveira, vemos a imaxe de San Antón cun neno no brazo e debaixo da capela os instrumentos da paixón

[1] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com.
[2] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/alfoz/3.html, 06.03.2013.
[3] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 17. Visita e fotografías: IF, 22.09.2003.
[4] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.
[5] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/alfoz/3.html, 06.03.2013.

(tenaces, cravos e martelo). No reverso imaxe da Virxe moi deteriorada e unha custodia na base en lembranza da procedencia do Cristo ao ser da familia dun crego" [1].

CRISTO DO ACIVRO (ou CRUZ [CRISTO] DAS CANDORCAS)

Situación: Acivro.
Cronoloxía: 1811.
Érguese sobre varias pedras na estrada que leva do Pereiro ao Cadramón.
Coordenadas: N: 4.348.559 W: 747.707
Descrición: trátase dunha cruz do mesmo modelo que a da Arnela, pequena, de pedra e moi ben traballada. Pola cara anterior aparece o Cristo de tres cravos; debaixo, a imaxe da Virxe en relevo, e pola traseira un viril.
Historia: trátase dunha doazón feita por un veciño.
Comentario: cruz semellante á da Arnela, e á do Cristo do Cadramón [2].

«Forma parte das obras de arte de menor categoría.
Era coñecido como o Cristo das Candorcas. Estaba no lugar do Acivro no Pereiro e co ensanche da estrada e o vento foi derrubado. Hoxe consérvase a base coa seguinte lenda: "*NCES. DE LA YGLA/Y DEL REINO AÑO/DE 1811 A ESPs./FRANº FRº/*".
Consérvanse os restos do Cristo nun alpendre da casa de Genaro do Palillo. Mandárao construír o mecenas da parroquia Manuel O Camarada a comezos do século XIX segundo data na base (1811)» [3].

CRISTO DE DOLORES

Situación: A Rega.
Cronoloxía: finais do século XX.
Coordenadas: N: 4.347.552 W: 747.651

«Forma parte das obras de arte de menor categoría.
Este Cristo foi mandado facer por Dolores Balseiro [Cabanas] como promesa. Éstá no lugar de A Rega, no Pereiro, e orientado E/W.
Consta dunha base cadrada, dun plinto tronco-piramidal e dunha cruz cun Cristo de metal. No plinto ollamos esta lenda: "*DOLORES/BALSEIRO/CABANAS/.*"» [4].

CRISTO DAS ROZAS

Situación: As Rozas.
Cronoloxía: século XIX (1817).
Coordenadas: N: 4.347.329 W: 756.711

«Forma parte das obras de arte de menor categoría.
Trátase dun Cristo moi semellante ao do Acivro, saído da man do mesmo canteiro. Soamente se conserva a base debaixo dun cabazo [cabozo] e os outros trozos [sic] foron recollidos descoñecendo o seu final.
Foi derrubado co ensanche da estrada e está datado a comezos do século XIX. Desapareceu no ano 1984 e estaba nunha encrucillada de camiños: a Fraga Vella, a Pena do Golpe e O Outeiro. Mandado poñer neste lugar por Manuel [García de Cabanela] O Camarada, o mecenas do pobo. A base ten a

[1] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com.
[2] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páxs. 16-17. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[3] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.
[4] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.

seguinte lenda: cara W: "*IER ORACI/ON APROBADA/POR LA IGLESIA/;* cara N: *"EL SR OBISPO/CONCEDIO CIEN DIAS/DE INDULGENCIA/POR CUALQU/.*"» [1].

CRISTO DO CHAO

Situación: O Chao.
Na parte alta do barrio. Bastante difícil de atopar, require un guía que coñeza o lugar.
O actual Cristo do Chao, antigamente situado onde a capela; hoxe está en fronte [2].
Cronoloxía: posibelmente de comezos do século XX.
Descrición: cruz de pequenas dimensións, asentada nunha base que non lle pertence. A cara anterior presenta un relevo da imaxe de Cristo crucificado, escaso en detalles e coa cabeza de cemento, pois a orixinal foi destruída. Nesta mesma cara, nunha cartela que sobresae do fuste octogonal da cruz, represéntase a imaxe da Virxe. Na cara posterior resalta a escada da Paixón e un viril radial.
Historia: ninguén recorda a obra. Os veciños lembran a existencia doutra cruz no mesmo lugar, moito máis antiga. Deste antigo exemplar consérvase un bon fragmento ao pé da actual.
Comentario: esta curiosa cruz de pequeno tamaño e ben recargada en decoración inicia unha serie delas, todas situadas nun radio ben pequeno (O Cadramón, O Pereiro e Frexulfe), de características, se non idénticas, moi semellantes, e da mesma época [3].

CRISTO DO FOXO [4]

Situación: Doade→O Foxo→Nogueirido [5].
Cronoloxía: mediados do século XIX.
Coordenadas: N: 4.350.070 W: 747.320
Era un cruceiro baixo, do tipo do Cristo de Carlos (A Azoreira-Lagoa).
Só resta a basa, redonda, cun furado para o pé da cruz [6].

"Forma parte das obras de arte de menor categoría.
Atopamos este Cristo no lugar de O Foxo na parroquia do Pereiro e concretamente en Nogueirido despois do casal de Ferradás.
Hoxe está alonxado [sic] no medio do forestal ao carón dun camiño. Consérvase a base, moi irregular, e o Cristo desapareceu, segundo comentan os veciños, alá polo ano 1960 [1970]. Foi colocado en lembranza dunha desgraza acontecida naquel lugar" [7].

CRUZ DE AUGA LONGA

Situación: O Chao→Faián.
Cronoloxía: século XIX.
Coordenadas: N: 4.347.850 W: 748.282

"Esta cruz está no camiño do Chao do Pereiro a Faián na parroquia de O Pereiro. Está rota e orientada N/S.

---

[1] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com. Tamén Mario Saavedra [Pérez], *Cruceiros, Cruces e Cristos do Concello de Alfoz*, Wikimedia Commons, 2016.
[2] Informante: Jorge Val Díaz, 23.06.2001.
[3] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páxs. 13-14.
[4] Informante: Xosé Cao García, 04.09.2002.
[5] Informante: Jorge Val Díaz.
[6] Visita: Jorge Val Díaz e I. Ferreira. Fotografías: IF, 22.09.2003.
[7] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com.

Foi mandada construír por [Antonia Gómez Ratoeira da casa de] Manuel O Camarada para santificar este lugar, onde pola noite se lavaban as meigas no rego Arnela situado ao seu carón. Datada a finais [mediados] do século XIX" [1].

OUTROS CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES

CRISTO DA PEDREIRA

Situación orixinaria: A Pedreira-A Pesquita.
Situación actual: Casa de Cruz [2].
Formaba parte dun cruceiro baixo. O seu tamaño é duns 25 cm.
Aspecto primitivo. Recorda o relevo da capela de Santiago de Lagoa.
Estaba nun camiño; apareceu no río. Unha muller recolleuno, limpouno e púxoo na parede da fachada da súa casa, á dereita da porta [3].

CRUZ ALTA DO OUTEIRO

Situación: O Outeiro.
Tomando a estrada que conduce a Guilfonso, nun fermoso lugar desde onde se divisa toda a parroquia, perto da gabia da estrada.
Descrición: cruz alta de pedra, de 1,70 metros aproximadamente, dunha soa peza, sen máis labra que os brazos bastamente incisos. De factura pouco coidada e sen motivos nin inscricións.
Historia: foi erguida motivo a unha traxedia que aconteceu alí [4].

CRUZ DO ADRO (I)

Situación: A Rúa.
Cronoloxía: 1960.
Diante da igrexa parroquial, no muro que a rodea.
Descrición: cruz sinxela de pedra, pequena e co único motivo dun corazón marcado coas letras JXP. Na pequena base cuadrangular en que se asenta, aparece a inscrición incompleta de "LA PARROQUIA LE...".
Historia: a cruz tivo carácter conmemorativo, lembra unha Misión [5].

Figuran tres cruceiros do adro no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Etnografía: Cruceiros e petos de ánimas [6].

---

[1] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014,, www.mesondoforno.com. Tamén M. Saavedra, *Cruceiros, Cruces e Cristos do Concello de Alfoz*, Wikimedia Commons, Colabora Concello de Alfoz, 2016.
[2] Cruz Casabella Fernández.
[3] Visita: Jorge Val Díaz e I. Ferreira. Fotografías: IF, 22.09.2003.
[4] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 13.
[5] R. Reigosa Méndez, op. cit., páx. 14. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[6] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I (Abadín-Becerreá), 1993, páx. 74.

CRUZ DO ADRO (II)

Situación: A Rúa.
Perto da igrexa parroquial, no camiño que leva aos pasos da Rúa.
Descrición: cruz sinxela, de ferro, asentada en base de pedra sobre unha tarima de cemento. Está composta dunha cruz de brazos iguais e dun catavento no fuste [1].

CRUZ DE GUILFONSO

Situación: Guilfonso.
Partindo do rueiro de Guilfonso, encóntrase perdida entre os prados e lamazais. É preciso un guía para dar con ela.
Cronoloxía: 1826.
Descrición: cruz alta, situada no centro dun recinto murado, duns 300 metros cadrados, onde se cruzan varios camiños importantes.
A base consta de tres gradas cuadrangulares que asentan nun montículo artificial de terra e pedras. A basa troncopiramidal sustenta, na parte dianteira, a imaxe dun monxe ou santo non recoñecido, dentro dun arcosolio e relevo. O fuste octogonal contén os instrumentos da Paixón. Sobre un cimacio sitúase o capitel de anxos e volutas. Por fin, a cruz coroa o conxunto, coa imaxe do crucificado exenta, coroa de espiñas de metal, e formas sinxelas. A parte posterior presenta a Virxe orante.
Historia: na basa podemos ler a data, 1826, e outros caracteres [2].

CRUZ DA PARTILLA

Situación: A Partilla.
Entre as parroquias de Labrada (Abadín) e O Pereiro (Alfoz) [3].
Non localizada.

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 15. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[2] R. Reigosa Méndez, op. cit., páxs. 18-19.
[3] Informante: Xesús Díaz Raña, do Cadramón, (falecido), 12.08.2007.

UNHA VÍA DE ÉPOCA ROMANA, RAMAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO?

«Por lo que respecta a los caminos que recorrían el territorio es interesante recordar el artículo de Villaamil [y Castro] en el que se cita una vía que el autor lleva al tiempo de los romanos y que "*viniendo del N.O pasa por las inmediaciones de Vivero y tomando desde aquí la dirección S.E pasa por Landrove y cruzando el Valle de Oro se dirige a la ciudad de Mondoñedo*" [1] a ésta se le vendría a unir otra procedente de Ribadeo, camino este último que Villaamil asocia al citado por el Anónimo de Rávena que se dirigía desde Luco Astorum (Sta. María de Lugo, en las proximidades de Oviedo) hasta Iria Flavia.
No debemos identificar este camino que recorría el valle con la actual carretera Vivero Meira abierta en 1869. Se trata de un antiguo recorrido que partiendo de Mondoñedo cruza por Loñán [Zoñán], la Recadieira, Agüeiras, Pereiro, Padorno en Sto. Tomé, Sinás en Vilacampa [en Miñotos, Ourol] y de aquí hasta el puente de Landrove en Viveiro" [2].

O CAMIÑO REAL

As alusións ao Camiño Real entre os moradores do Valadouro son prolíficas. Un dos moitos lugares polos que, supostamente, pasaba, é A Antigua (Vía Pública), lugar situado entre as parroquias do Pereiro e Lagoa.

"Firman los reyes [Católicos] una Provisión al Gobernador y Alcalde Mayor de Ponferrada para que no se cierren los caminos por donde fueron [eles, os reis] de Ponferrada a Santiago, La Coruña y Lugo, y de allí a otras ciudades y villas del Reino, llamados caminos reales, *para que pasen por ellos los mercenarios y caminantes*" [3].

[1] J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 27 e 31, n. 29. Nota dos autores: este itinerario figura reproducido tamén na parroquia de San Tomé de Recaré.
[3] M. J. Vázquez, "Un ejemplo nobiliario en el viejo Reino de Galicia: Los Condes de Lemos", *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páx. 201.

Casas e lugares de interese [1]

A CASA DOS AGROS

Situación: Os Agros-A Fraga Vella.

"Pepe dos Agros movía Mondoñedo de abaixo a arriba. Cando un cura tiña un fillo, a muller paría nesa casa, e despois o neno ía para a Inclusa" [2].

O coñecido falanxista José Viador Traseira, asasinado perto deste lugar probabelmente no verán de 1940, tamén vivía na Fraga Vella, máis abaixo dos Agros.

AS CASAS DA ARNELA

Situación: A Arnela.
Estas casas están situadas na contorna do castro do Coto da Croa (Clave de identificación: GA.27.002.014; Xunta de Galicia, 2014).

AS CASAS DO RUEIRO DA COSTA

Situación: A Costa.

AS CASAS DO OUTEIRO

Situación: O Outeiro.
Casa de pedra con xanelas alinteladas.

AS CASAS DAS ROZAS

Situación: As Rozas.

[1] Informante: Jorge Val Díaz.
[2] Xosé Canoura Cerdeiras, *Pepe de Lobeira*, falecido. Informante: Arturo Blanco Orol (IF, 17.09.2000).

A Pena Abaladoira

Un rapaz viña do monte coas ovellas. Sentouse á sombra dunha pena e arrimoulle a vara que traía, mentres botaba un grolo. E vai a vara e comeza a abanear. O rapaz pensou que era unha cobra e escapou a correr. Cando chegou á casa e lle contou o caso ao pai, este saltoulle:
—Es ben parvo, home. Ti sentácheste na Pena Abaladoira, que está no Pereiro [1].

Pepe dos Agros (I)

Pepe dos Agros movía Mondoñedo de arriba para abaixo. Cando un cura empreñaba unha muller, ela ía parir na casa de Pepe, quen levaba o neno para a Inclusa [2].

Pepe dos Agros (II)

Pepe dos Agros tiña unha albarda de pel de lobo que se ourizaba cando viña a noite [3].

A muller-loba

Estaba un home do Pereiro a gardar o gado dos veciños cando viu saír unha muller de entre unhas penas. Ao chegar cabo del, a muller volveuse loba e matou unha xata. O home preguntoulle por que matara aquela, que era dunha velliña pobre, e a loba contestoulle:
—Porque cando a vella botou a xata para o monte non dixo: "Que San Antoniño a acompañe" [4].

O Encanto da Fonte da Arnela

Unha vez estaba un home da Arnela a cavar nunha bouza, e niso viu saír de entre unhas penas un mouro cun vaso de ouro na mao, que se puxo a pillar auga nunha fonte que secara había moitos anos.
O home pediulle de beber por aquel vaso, e o mouro díxolle que si, e que non tivese noxo, vise o que vise. O home achegou o vaso á pedra, e saíu unha cobra a botar auga pola boca. El agardou a que lle enchese o vaso e despois bebeu.
Entón o mouro regaloulle unha bandexa de prata e foise por onde viñera [5].

As Penas do Pozo Mouro

"Era de noite cando dúas mulleres acabaran de cardar o lino [sic], porque aquí antigamente había moito lino. Pois ben, iban [sic] as dúas cara á Pena do Golpe pois quedaran alí con dous mozos para ir ás festas do Cadramón. Cando pasaron polas Penas do Pozo Mouro, alí por donde [sic] se pilla para ir á Pena do Golpe, viron unha luz. Primeiro colleron medo pero despois decidiron ir ver o que pasaba pois contaba a xente que aquelas [penas] as trouxera unha vella ás costas igual que aquelas que hai en Budián. Pois bueno [sic], alí viron a unha muller fiando cunha roca e un fuso de ouro e tamén tiña unhas tiseiras [sic] de ouro. Ó velas, a muller preguntoulles qué era o que máis lles

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, 2005, conto XXXIII, páx. 28. O lugar dos Agros pertence á parroquia de Labrada (Abadín) e está na raia coa parroquia do Pereiro (Alfoz).
[2] Contador: Xosé Canoura Cerdeiras, *Pepe de Lobeira*. Informante: Arturo Blanco Orol, 17.09.2000. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XXV, páx. 23.
[3] E. Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 76. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto LXXXV, páx. 66.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XC, páx. 67.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXLI, páx. 104.

gustaba e unha delas contestou que eran as tiseiras. A muller deullas e desapareceu. Cando volvían as dúas mulleres empezaron a riñir polas tiseiras e cando a cousa parecía que iba [sic] ir a maiores as tiseiras desapareceron" [1].

A hucha de ouro

Nunha casa das Forxas estaba a xente a comer cando sentiron petar na porta. O patrón foi mirar quen era e viu un home descoñecido que lle dixo:
—Pilla unha aixada e vente canda min.
O patrón obedeceu, e o home levouno polo monte sen falar palabra, até que chegaron ao pé do río. Alí mandoulle cavar. O patrón cavou unhas sachadas e destapou unha hucha chea de ouro. Ao lle botar as maos para tirala do furado, a hucha deu un brinco e desapareceron os dous no río [2].

A lenda das Arcas de Sinás [3]

"De lo que se halló en esas arcas [de Sinás] cuando fueron registradas, refiere la tradición popular haber sido cuantiosos tesoros, y de una de las de Sinás en particular, que cierto feligrés de la cercana parroquia de Santa María del Pereiro, tanto sacó de ella, que regaló una cruz procesional de plata á cada una de las veintitantas parroquias del valle de Oro, ménos a la suya, por haberse negado sus vecinos á auxiliarle en su empresa exploradora. Ninguna otra noticia he podido adquirir sobre si en ellas se encontró objeto alguno" [4].

"Que esas arcas [de Sinás] habían sido ya registradas cuando yo las visité, dicho se está con describir el estado en que se encuentran. Y sobre ese hecho refiere la tradición local, respecto á la menos mal conservada de las de Sinás, que un vecino de la inmediata feligresía de Santa María del Pereiro sacó de ella tan cuantioso tesoro que pudo regalar una cruz procesional de plata á cada una de las veintitantas parroquias del Valle de Oro, no haciendo lo mismo á la suya por haberse negado sus confeligreses á auxiliarle en la faena exploradora" [5].

A Pena das Banzas

Dentro da Pena das Banzas, séntese tocar a gaita [6].

A Pena do Mouro

A Noite de San Xoán os mouros do Pereiro van xogar á roda na Pena do Mouro [7].

---

[1] Contadora: nora de F. G. V. Publicada por C. A. González Paz-X. C. Beiro Piñeiro, "A Pena Abaladoira: un exemplo de litolatría na lucense Serra do Xistral", *Estudios Mindonienses*, núm. 20, Ferrol, 2004, páx. 943.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLIII, páx. 109.
[3] Nota dos autores: As Arcas de Sinás están situadas na parroquia de Miñotos, concello de Ourol. Figura unha lenda completa en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 1998, conto XCIX, páxs. 86-87, no que o protagonista é un home do Cadramón. Unha versión desta mesma lenda pona Dolores Sánchez Orol en boca dunha muller do Cadramón. D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 53.
[4] J. Villa-Amil y Castro, "Antigüedades prehistóricas de Galicia", en *El Arte en España*, t. VIII, carta tercera, Mondoñedo, 01.09.1870, páx. 170.
[5] J. Villa-Amil y Castro, "Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia", 1873, páx. 58.
[6] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXVII, páx. 111.
[7] Informante: C. A. González Paz, 16.08.2001. Figura como A Pena do Pozo dos Mouros ou As Penas do Pozo Mouro en C. A. González Paz-X. C. Beiro Piñeiro, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 20, Ferrol, 2004, páxs. 924 e 943. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXV, páx. 111.

As tres doncelas

Na fervenza da Candea Branca saen a peitearse tres doncelas que se chaman Ana, Xoana e Viviana [1].

A Pena da Cobra

"Contan os vellos dantes [sic] que antiguamente había unha cobra que comía todos cantos bichos había no monte, non deixaba ningún, todo lle valía. A xente tiña moito medo de subir ó monte porque non sabían o que podía pasar. Non había casa na que non se rezara para que morrera tal bicho. Un día apareceu un vello mui mal vestido, parecer parecía un mendigo, e atreveuse a subir ó monte sólo, porque ningún [sic] quería ir con el. Eu non sei como fixo pero contáronme que cando volveu a baixar dixo que ahora [sic] si podían ir ó monte porque a cobra xa morrera. Os homes xuntáronse e foron ver o que pasara. E, seica era verdá, o que encontraron foi a cabeza dunha cobra sobre a terra convertida en pedra coa boca aberta e o resto do corpo enterrado... Desde aquela a esta pedra chámanlle a Pena da Cobra. Non souperon nunca quen foi aquel home, pero dicían que tiña que ser santo porque solo un santo podía ganarlle e convertir en pedra a aquel animal tan grande" [2].

A Dama da Pena Abaladoira

"Ía unha vez unha nena coidando das ovellas alá polo alto da Fraga da Moladoira, próxima á Pena Abaladoira, e entón, aparecéuselle esta Dama cos seus cabelos de ouro. A Dama díxolle á rapaza se a podía peinar, o que a rapaza tentou facer, aínda que sen conseguilo. Con todo, tanto lle gustou á Dama a xentileza da rapaza que lle meteu unha cousa no mandil e díxolle que non a vira ata chegar á casa. Cando a nena baixaba pola Moladoira non aguantou máis e mirou o que lle dera aquela muller. Meteu a man no peto e tan só atopou carbón. Desilusionada tirouno e despois contoulle a súa nai o que pasara. Ó día seguinte volveu coas ovellas e volveu ver á Dama quen lle volveu a dicir se a quería peitear. Cando a rapaza ía facelo, a Dama colleuna por un brazo e meteuna dentro dun dos grandes penedos que rodean a Pena Abaladoira. Todavía [sic] di a xente máis vella que se se escoita ben pode oirse chorar á nena pola súa desventura" [3].

Ana, Xoana, Viviana e o Encanto

En Guilfonso había tres irmás que se chamaban Ana, Xoana e Viviana. Un día, ao pasaren o río, saíu o Encanto e levounas. O pai das rapazas, vendo que non voltaban para a casa, foi na súa procura e ao chegar ao río díxolle o Encanto:
—Toma estes tres bolos de pan. Mañá, ao nacer o día, halos botar no río dicindo os nomes das nenas, e tenta con botalos enteiros, que se os botas encetados non as verás máis.
O home foise para a casa cos bolos, e para que a muller non llos vise agachounos na corte. Ao chegar a noite, a muller foille dar ás vacas e atopou os bolos, e como tiña fame deulle unha dentada a un deles, e o bolo sangrou. A muller agachouno onde estaba e foise deitar sen dicir palabra. Á mañá, cediño, o home voltou cos bolos para o río, guindou un deles na auga e dixo:
—Ana.
E saíu un cabalo coa filla máis vella.
O home botou outro bolo e dixo:
—Xoana.
E saíu outro cabalo coa filla mediana.
E botou o bolo encetado e dixo:
—Viviana.
E o cabalo que traía a mais nova non deu saído do río porque lle faltaba unha pata. Entón a rapaza díxolle ao pai:

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLXXVIII, páx. 112. A contadora dixo: "Viviana"; e o seu marido, dubidando, dixo: "ou Vilviridiana,..." [Viridiana?].
[2] Contadora: M. P. L., veciña do lugar. Publicada por C. A. González Paz-X. C. Beiro Piñeiro, "A Pena Abaladoira: un exemplo de litolatría na lucense Serra do Xistral", *Estudios Mindonienses*, núm. 20, Ferrol, 2004, páx. 948.
[3] C. A. González Paz-X. C. Beiro Piñeiro, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 20, 2004, páxs. 941-942. Tirada de Francisco Calo Lourido.

—Lévelle esta fita á mamá e dígalle que a amarre á cintura, que senón non me ha ver máis.
O home desconfiou daquelas palabras e amarrou a fita arredor dun carballo, e no momento a árbore arrancouse do sitio e afondou no río [1].

O Leonardo

"Leonardo... ten forma de macho cabrío con tres cornos, barbas de cabra e orellas de raposo. O seu cu ten forma de cara e hai que bicalo" [2].

Os Pagaíños

Os Pagaíños moran no Pereiro, entre a Pena do Golpe e as Penas do Pozo Mouro. Son vellos, con barbas longas e engrelladas. Non falan cos homes e anóxanse cando son molestados por alguén. Andan a diario nos regos e nos camiños. Cando non son vistos cantan docemente e parece que as voces saen de debaixo da terra [3].

As palabras de San Xoán retorneadas

Un rapaz do Pereiro estaba de noite na cociña cando sentiu petar na porta. Ao abrir topou cunha rapaza moi guapa, senón que tiña o cabelo branco. O rapaz decatouse de que era o demo e quixo persignarse, e entón ela díxolle:
—Se non respondes as Palabras de San Xoán Retorneadas, lévote comigo.
O rapaz contestoulle:

—Polo poder de San Xoán e do Noso Señor
heime ver libre do Demo Maior.

E comezaron:

—Ai, amigo, dime la una.
—Amigo tuyo no seré
pero la una te diré
porque la una saberé:
a la una, más claro el sol que la luna.
—Ai, amigo, dime las dos.
—Amigo tuyo no seré
pero las dos te diré
porque las dos saberé:
a las dos, las dos tablillas de Moisén,
onde Cristo vai e vén
á Casa Santa de Roma
e mais de Xerusalem,
domine amen.
—Ai, amigo, dime las tres.
—Amigo tuyo no seré
pero las tres te diré
porque las tres saberé:
a las tres, tres Patriarcas.
—Ai, amigo, dime las cuatro.
—Amigo tuyo no seré

---

[1] Contador: Xesús Hermida Carracedo, 28.08.2001. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCIV, páxs. 120-121.
[2] Xoán R. Cuba-Antonio Reigosa-Xosé Miranda, *Diccionario dos seres míticos galegos*, 17 de Maio de 1999, páx. 142. Reproducida en C. A. González Paz-X. C. Beiro Piñeiro, "A Pena Abaladoira: un exemplo de litolatría na lucense Serra do Xistral", *Estudios Mindonienses*, núm. 20, 2004, páx. 946.
[3] Informante: C. A. González Paz, 16.08.2001. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXVII, páx. 127. Os Pagaíños do Pereiro son a "versión local da realidade máxica dos mouros". C. A. González Paz-X. C. Beiro Piñeiro, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 20, 2004, páxs. 924 e 943.

pero las cuatro te diré
porque las cuatro saberé:
a las cuatro, cuatro Evangelistas.
—Ai, amigo, dime las cinco.
—Amigo tuyo no seré
pero las cinco te diré
porque las cinco saberé:
a las cinco, cinco llagas.
—Ai, amigo, dime las seis.
—Amigo tuyo no seré
pero las seis te diré
porque las seis saberé:
a las seis, seis cirios.
—Ai, amigo, dime las siete.
—Amigo tuyo no seré
pero las siete te diré
porque las siete saberé:
a las siete, siete coros.
—Ai, amigo, dime las ocho.
—Amigo tuyo no seré
pero las ocho te diré
porque las ocho saberé:
a las ocho, ocho puertas del Paraíso.
—Ai, amigo, dime las nueve.
—Amigo tuyo no seré
pero las nueve te diré
porque las nueve saberé:
a las nueve, nueve mesas.
—Ai, amigo, dime las diez.
—Amigo tuyo no seré
pero las diez te diré
porque las diez saberé:
a las diez, Diez Mandamientos.
—Ai, amigo, dime las once.
—Amigo tuyo no seré
pero las once te diré
porque las once saberé:
a las once, Once Mil Vírgenes.
—Ai, amigo, dime las doce.
—Amigo tuyo no seré
pero las doce te diré
porque las doce saberé:
a las doce, Doce Apóstoles.
—Ai, amigo, dime las trece.
—Amigo tuyo no seré
pero las trece te diré
porque las trece saberé:
a las trece, Trece Reinas del Sol Mayor
para que rebente o Demo Maior
á porta dun pecador,
domine amen.

E en dicindo a última palabra a rapaza estoupou [1].

As vinte cruces de pedra

En Faián había un home que tiña o malollo e non podía entrar na igrexa, que daba en arreluarse polo chao, xurando como un tolo. Un día, canso de buscar remedio, foise aconsellar co cura, e este díxolle:
—Tes que entrar na igrexa co pé dereito por diante.

[1] Recollido por Xesús Pisón o 18.05.2000. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXXXIII, páxs. 132-135.

O home fixo como lle mandara, e curou. E en agradecemento deu vinte cruces de pedra para a parroquia [1].

O baile do Viveiró

Un rapaz do Pereiro foi unha vez ás mozas ao Viveiró. Alí, nas tardiñas dos domingos, xuntábanse os mozos e as mozas no adro da igrexa e bailaban ao son dun acordeón.
O rapaz chegou ben cedo á foliada, amarrou o cabalo nunha póla e axiña reparou nunha rapaza moi guapa que estaba sentada no valado. Sen máis pensalo, pediulle o baile. A rapaza brincou do valado para abaixo e rosmou:

—Hai ben tempo que non bailo
nin poño pé en borralleira.
Vou bailar con este touro,
por ver como se peneira.

O rapaz, vendo que era unha bruxa, retrucoulle:

—Veño de pasar a serra,
a piques de perder a vida.
Se eu son touro, ti es gata;
véñoche facer a figa.

E deixouna quedar ben amolada [2].

As cobras da Pesquita

Xosé da Pesquita botara un tempo en Madrid, e o día que voltou para O Pereiro díxolle a mai que tiña a casa chea de cobras. O rapaz non lle fixo caso e mesmo se burlou dela. E desde aquel día a casa inzouse de cobras que aganchaban polas paredes e pola xente, senón que non roían. En vendo o caso, Xosé choraba, xurando non botar máis nunca unha soberbia. Entón a mai mandou aviso ao cura da parroquia, quen, antes de entrar na casa, se persignou, tirou a navalla e tallou unha cruz en cada porta e en cada xanela; despois rezou por un libro que levaba e botou catro beizóns, dicindo:

—Saian desta casa cantas cobras nela haxa.

E desde aquela non se viron máis cobras na Pesquita [3].

O vulto da espadana

Xoán da Pesquita era un muiñeiro do Pereiro. Nos días cativos de inverno tiña que traballar até ben metida a noite, cousa que non lle puña medo, maismente se eran mulleres as que ían buscar a fariña.
Unha noite, ao pasar por diante da igrexa, viu baixar un vulto mouro da espadana e escapou a correr co medo. O vulto turrou contra el e tirouno. Xoán arreboloulle un coio, mais non lle atinou. Entón o vulto bateulle no peito con tanta forza que o deixou sen alento. O muiñeiro, vendo que non podía escapar, fíxolle fronte coa caiada. A loita foi dura, e por fin o vulto ficou no chao. Xoán foise para a casa e deitouse sen lle contar nada á muller. Á mañá, cando ía para o muíño, atopou diante da igrexa un carneiro morto [4].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXLIII, páx. 139.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXXVIII, páxs. 137-138.
[3] Eduardo Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páxs. 121-122. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXLV, páxs. 139-140.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXX, páx. 153.

A Estantiga

Cabo da igrexa do Pereiro viron pasar unhas luces, e dixeron que era a Estantiga. Ninguén ousaba saír da casa despois do solpor. Un rapaz veciño, que se chamaba Antón e tiña sona de destemido, decidiu xuntar uns homes para ir ao monte en procura da procesión das Ánimas. Ninguén tivo valor para acompañalo, e foi el só. Pasaron dúas ou tres horas antes de que as luces aparecesen. Ao velas, Antón agachouse nunha uceira, e cando se achegaron, distinguiu unha renque de sombras que portaban velas e zunían como o vento. O rapaz quixo levar unha proba da súa valentía, e cando pasou por diante del a última sombra, tiroulle a vela da mao. Ao chegar á casa, pousou a vela nunha hucha e deitouse. Para o outro día, a mai foino despertar e reparou que no canto da vela había o óso dun defunto.
—Ai, Antonciño, que fixeches? Ai, váiteme confesar! —salaiaba a pobre muller.
O rapaz foise dereito para a casa do cura e contoulle o que pasara.
O cura díxolle:
—Xa que tiveches corazón para lle roubar a vela, tamén has telo para devolverlla.
Ese día Antón non comeu nin traballou, e ao chegar a noite foise para o monte, apesarado. A Estantiga apareceu polo camiño de sempre. A última sombra viña algo apartada das outras, e dicía:
—Alúmame, que non vexo... Alúmame, que non vexo...
Antón, co corazón apertado, púxolle a vela na mao e botou a correr polo monte abaixo. A mai, que estaba a agardar por el, deulle unha cunca de leite e acochouno na cama. Á mañá do outro día, cando o foi despertar, Antón estaba morto [1].


Os canciños do campanario

Unha vella do Pereiro íase deitar cando viu baixar unha larada de canciños do campanario da igrexa, e tomou tanto medo que non foi quen de durmir. Antes de abrir o día voltaron os cans, e viña unha sombra detrás deles. Os cans subiron para o campanario e a sombra meteuse na igrexa. De alí a un pouco chegou un veciño á casa co aviso de que morrera un irmao da vella [2].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXCIII, páxs. 161-162.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXCV, páx. 163.



Igrexa parroquial.
O Pereiro.
Cronoloxía: século XX.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



IGREXA PARROQUIAL DO PEREIRO
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo V, 1983, p. 125.





Cristo das Rozas.
O Pereiro.
Cronoloxía: 1817.
Fotos: Ángeles Parga.
Data: 05-07-2017.



Cristo de Acivro
ou Cruz das Candorcas.
O Pereiro.
Cronoloxía: século XX.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



Cristo do Chao.
O Pereiro.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 09-04-2017.



Cristo do Outeiro.
O Pereiro.
Face anterior: Cristo.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 09-04-2017.



Cruceiro da Cabanela.
O Pereiro.
Mediados do s. XIX.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 24-09-2017.



Cruceiro da Caxigueira.
O Pereiro.
1º cuarto do s. XIX.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 16-06-2017.



Cruceiro da Igrexa (I).
O Pereiro.
Igrexa parroquial.
Muro exterior dereito.
Cronoloxía: 1863.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



Cruceiro da Igrexa (II).
O Pereiro.
Igrexa parroquial.
Muro exterior esquerdo.
Cronoloxía; 1865-1866.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



O Cristo da Pedreira.
O Pereiro.
Situación actual: Casa de Cruz.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 22-09-2003.





Casas do Outeiro.
O Pereiro.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 22-09-2003.

Recaré

RECARÉ

Parroquia do concello do Valadouro, arciprestado do mesmo nome e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 32' Lonxitude: 7º 27'

Superficie [3] en Km^2: 2,65

"San Julián de Recaré pertenece a la feligresía [?] y diócesis de Mondoñedo, en el ayuntamiento de Tierrallana de Valle de Oro, situada alrededor, en un otero nombrado Castro" [4].

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro) e San Tomé de Recaré (O Valadouro); ao sur, pola de Frexulfe (O Valadouro); ao leste, polas de Lagoa (Alfoz) e Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro); e ao oeste, pola de San Tomé de Recaré (O Valadouro) [5].

Rexistra a súa máxima altitude no monte *Os Picos* (407 m) e está bañada polo río *Vao.*

Ten 58 habitantes (Homes. 31. Mulleres: 27) [6], nas seguintes 14 entidades de poboación: *A Alvariña, O Alvaroxil, As Carballas, Casal, O Catadoiro, O Escorial, A Fonte da Vila, Fornos, Mercurín, O Pazo, Sa, A Torre, Torrullón, Trasmil* [7].

Dista 3,8 Km da capital municipal, coa que se comunica pola estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín).

Festividades [8]: *Nosa Señora do Carme*, 16 de xullo.
O titular da parroquia é San Xiao, 7-9 de xaneiro.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 171.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. VI, 1973, páx. 158.
[5] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[6] Fonte: INE, 01.01.2017.
[7] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páx. 3.160. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[8] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

Recaré: nome da parroquia.
Villa de Recarede (1100?) > *Recaree* (1462) > *Recaré.*
De: *Recaredi* (1167), xenitivo de nome persoal do fundador ou propietario; de orixe xermánica.

Hidrónimos

A Fonte da Pedreira (lat. FONTE 'manancial de auga' + lat. PETRARIA 'lugar onde se extrae pedra, canteira') [2], *A Fonte da Vila, Rego de Recaré.*

Entidades de poboación

A Alvariña, O Alvaroxil, O Catadoiro (lat. **captatorium* 'miradoiro, atalaia') [3], *O Escorial* (lat. SCORIALE, de SCORIAE 'escouras', lugar onde houbo moreas de refugallos provenientes de industrias antigas), *Fornos* (lat. FURNUS 'forno, concavidade'), *Mercurín, O Pazo* (lat. PALATIU), *Sa* (xermánico SAL 'casa dun só cuarto' > **sala* > *saa* > *sa*), *A Torre* (lat. TURRIM > torre), *Torrullón* (do lat. TURRIM 'torre') [4], *Trasmil* [5].

Lugares

O Marquesado [6].

Topónimos con data documentada

Penela (1603), *Recarede* (cara a 1100) [7], *Recare* (1124) [8], *Recare* (1420), *Recaree* (1462) [9], *Recarey* (1488) [10].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Abelleira (fauna; do lat. APICULA > apic'la >abella), *Bugueiros, Casa Pequena, Cerdeiras* (flora; do lat. CERESIAM > cereixa), *Chicán, Marquesado, Mazalbite, Parroque* [11].

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] Visita: Amalia Casabella López, Alfonso Pérez Blanco, Xesús Pisón e Isaac Ferreira, 26.08.2015.
[3] A. Moralejo Lasso, *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, páx. 338.
[4] "*O Torrellón* é un lugar acasarado. A casa carece de interese arquitectónico. Non ten nada que ver coa Torre de Parga, que foi do pai de Arturo [Parga Pedreira, falecido en Nois o 20 de xuño de 2016]". Informante: Antonio Mandiá Prieto, de 91 anos, 02.07.2018 (IF).
[5] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006.
F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992.
[6] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[7] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. A. Rodríguez González-J. A Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 13 C, páx. 44. Tamén A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 51.
[8] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, Palencia, 10.07.1124, páx. 25.
[9] Fonte: colecciónss diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páxs. 71 e 113; núm. 4, 1988, páx. 37; núm. 8, 1992, páx. 44.
[10] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 206, Santiago, 19.02.1488, páx. 428.
[11] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928, páx. 550.

Século X

De ser certo o que aseveran o P. Flórez e Villa-Amil y Castro, houbo un bispo en San Martiño de Mondoñedo chamado Recaredo (± 922-923), sucesor de Savarico II (907-922). Outros autores dubidan da existencia deste bispo mindoniense e nin o mencionan (E. Sáez, V. Silva e M. Carriedo).
Máis ben podería tratarse dun Recaredo, bispo de Lugo en tempo de Savarico II, bispo mindoniense (907-922), o antecesor de San Rosendo II (922-950) [1].

Século XI

Apeo de servos e posesións do mosteiro de San Salvador de Lourenzá.
Cronoloxía: posibelmente cara ao ano 1100 [2].

No Apeo de servos e posesións do mosteiro de Lourenzá, documento escrito en latín, sen data, no apartado 13 C, Noticia das *villas* que Guterri Osoriz (fillo de Osorio Guterriz, o Conde Santo), figura: *uilla de Recarede* (Recaré).

"De antico fuerunt de Guterri Osoriz:... In Aurio, uilla de Recarede, integra;..." [3].

Século XII

No ano 1124 a parroquia pertencía ao Conde de Sarria, don Rodrigo Vélaz.
Cronoloxía: 10.07.1124.

O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII (1126-1157), xunto coa súa nai a raíña dona Urraca (1109-1126), fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 1128, morta xa dona Urraca, o rei Alfonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio... Post partem regis... sanctus Iulianus de Recare* [4].

Século XIII

Cartas. Murcia. Cronoloxía: 17.06.1271.

Nunha carta enviada desde Murcia, no ano 1271, polo rei Afonso X o Sabio para o bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286), figura *San Gilao [San Giao] de Recare*.

---

[1] E. Cal Pardo, "Episcopologio Mindoniense. Alta Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 765.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 51.
[3] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. A. Rodríguez González-J. A Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 13 C, páx. 44. Tamén F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 213.
[4] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25; e AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8; copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878, páxs. 134-135. Tamén J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.

"La segunda etapa de los acontecimientos se desarrolla en tiempos de Alfonso X el Sabio, siendo del 17 de junio de 1271 una carta del rey [ao bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286)] [1] en la que se hace referencia al intento de anexión del valle entero, que por algún tiempo logra el concejo y alcaldes" [2].

«La carta de Alfonso X [de data 17.06.1271] dirigida a D. Nuño II desde Murcia informaba a este último de la presentación de los del Castro al rey de otra carta abierta de Alfonso IX [avó de Alfonso X], confirmatoria de la concesión que les hiciera el Obispo D. Martín de cierto territorio: *"En términos de Val douro"*, por alfoz, y que se querellaban por que *"vos"*, téngase en cuenta que la carta va dirigida a D. Nuño: *"sen razon e sen dreito lles pasades a este foro et lles tenedes tomado aun felegresias que dicen S. Iohan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz et Santa Maria de Villa Campa et S. Martino da Veyga et San Gilao [San Xiao] de Recare et Santome et Santa Valla de Frejulfe et S. Jurio [San Xurxo] de Quadramon et Santo Esteuuo de Oyran* [Mondoñedo] *et S. Martino de Figueiras* [Mondoñedo]*, que cazen en el término de Val de Ouro, que es su alfoz et que elles tenian de juro et de poder cogelas non queredes leixar"*» [3].

Século XIV

1306-1309: A liorta poder local / señorío real / señorío episcopal

Pretensións de autonomía local e mesmo de paso ao reguengo [4]

Os veciños do Castrodouro, cos seus alcaldes e xuíz á fronte, pretendían evadirse do señorío episcopal, afirmando que a vila do Castrodouro e o seu alfoz pertenceran sempre ao rei, até que o bispo D. Álvaro Gómez (1286-1297) reclama para si todo o señorío da vila e das freguesías de Budián, Santa Cruz, San Martiño da Veiga, Recaré, etc. O rei, tras un estudo polo miúdo de todos os feitos históricos e á vista das diversas sentenzas e cartas dadas ao respecto, o 14 [24?] de agosto de 1307, achándose en Burgos, sentenciou que o bispo de Mondoñedo, D. Rodrigo Vázquez (1298-1318), desempeñaba o señorío do Castrodouro e dos termos do seu alfoz, co privilexio de poñer xuíces e alcaldes e facer xustiza [5]. Todo o reflectido polo Rei (D. Fernando IV) no mencionado documento confirmouse solemnemente nas Cortes de Valladolid o 1 de abril do ano seguinte (1308), como pon en evidencia o privilexio rodado dado polo propio rei Fernando e mais a raíña Dona Constanza, coa confirmación, entre outros, do rei de Granada Mohamed Abenaza, o arcebispo de Santiago e os bispos de León e Lugo [6].

Século XV

Testamento do Mariscal Pedro Pardo de Cela. Cronoloxía: 1 e 3. 10.1483. Mondoñedo.

"Yten desenbargo al monesterio de San Martinno de Mondonedo, los beneficios de Abadin et Recaree et San Romao de Villaestrofe que yo lleve del dicho monesterio, et mando a mis herederos, so pena de mi maldiçion, que nunca los demanden" [7].

"Yten desenbargo los vienes do de Juncal, de la marina de Byvero, que jazen en Recaree, et los de Roy Martinez, que jazen en la dicha feligresya, et que los llieven sus herederos et aquellos a quien pertenesçen de derecho" [8].

---

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes Históricos*, 1912, páx. 12.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 59.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 59; e páx. 65, n. 27. M. Amor Meilán, t. IV, páx. 107.
[4] J. García Oro-Mercedes Vázquez Bertomeu-M.ª del Pilar Rodríguez Suárez, "El obispo Fray Antonio de Guevara y la documentación mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 11, 1995, páx. 36, n. 40.
[5] AHN. Sec. Clero. Carp. 1186, n. 11. Flórez, p. 168; Villaamil. Fol. 72v; F. Mayán, *Historia de Mondoñedo*, Lugo, 1994, p. 48. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 561 e n. 307. A tradución é nosa.
[6] AHN. Sec. Clero. Carp. 1186, n. 12. Flórez, *ibid*; Villa-Amil, *ibid*. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 561 e nn. 306, 307, 308. A tradución é nosa.
[7] E. Pardo de Guevara y Valdés, "El testamento del Mariscal Pardo de Cela. Noticia del hallazgo y edición del documento", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 193 e 199.
[8] E. Pardo de Guevara y Valdés, op. cit., LX, núm. 126, enero-diciembre 2013, páxs. 193 e 200.

Organización eclesiástica. O “Deanalgo”. Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o “Deanalgo” 24 parroquias, unha delas é *Recarey* [1].

Século XVI

En tempos do bispo de Mondoñedo D. Diego de Soto (1545-1549) eran da Dignidade episcopal.

“los yantares de... Santo Tomé y Recaré...” [2].

Personaxes. Alonso López de Aguilar. Cronoloxía: primeiro terzo do s. XVI-1575.

“Nacido en Recaré en el primer tercio del siglo XVI. Ingresa en el Colegio de Fonseca el 1 de febrero de 1569 tras ganar una beca en 1568. Rector en 1573. Sufrió prisión por enfrentamientos con el claustro en el año 1575. Graduado bachiller en artes y en filosofía ese mismo año” [3].

Preitos e foros. Cronoloxía: 16.12.1586.

“El 16 de diciembre del repetido año [1586] el Sr. Caja de la Jara [D, Isidro, bispo de Mondoñedo (1582-1593)] llega a un acuerdo con los vecinos de Sto. Tomé y S. Julián de Recaré. Estos vecinos debían a los prelados mindonienses un yantar [tributo xeralmente pagado en especies] y cierta devición, que se resistían a pagar, razón por la cual se había entablado un pleito entre ambas partes. En la indicada fecha el prelado otorgó documento de foro a los referidos vecinos, representados por dos de ellos. Pagarían anualmente mil maravedís. Y dado que hacía cuatro años que no pagaban el dicho yantar, deberían abonar 4.000 maravedís. Firmaron tanto el prelado como los representantes de los vecinos” [4].

Século XVII

Alfabetización. Inventario. Cronoloxía: 1628.

«Es del todo insólito, con anterioridad a mediados del XIX, encontrar textos escritos por campesinos. Los anónimos de carácter amenazante, en castellano o gallego, son sin duda obra de personas con “letras” (clérigos, estudiantes, escribanos...). Los “papeles simples” –inventarios, testamentos, obligaciones– que figuran entre las escrituras de protocolos y en los expedientes judiciales fueron redactados por “expertos” que nunca faltaban en las parroquias y que imitaban las fórmulas empleadas por los escribanos. Así y todo, algunos de estos documentos están plagados de términos y giros gallegos, según puede verse en un inventario de 1628, procedente de O Valadouro:

“memoria del reconto i enbentario que ago io, María Basanta, viuda que finqué de Alonso Canoura [os descendentes son terceiro cotizante de Recaré en 1632] [5], difunto, veçino de la fra. de San Xilao de Recaré ...: tres toneles de ferber vino, más dos uchas en el sobrado do çeleiro, dos cabadoiras de viña y un sacho da orta, i una cavadoira viexa; más una juntura de corno y un adival y un cabeçeiro largo; más cuatro carros de centeo en otro palleiro...”» [6].

A fidalguía no Antigo Réxime. Oficios liberais.

Personaxes. Pedro Saavedra Montenegro. Cronoloxía: finais do s. XVII.

---

[1] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.
[2] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 252.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 149.
[4] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 151/155. E. Cal Pardo, “Episcopologio mindoniense. Siglo XVI”, *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 257 e n. 555.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 103.
[6] P. Saavedra, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, 1994, páx. 371.

"El hidalgo D. Pedro Saavedra y Montenegro era receptor y escribano [do bispado de Mondoñedo] [natural] de Recaré a finales del siglo XVII" [1].

Séculos XVII e XVIII

Personaxes. Felipe e Pedro Saavedra Montenegro. Cronoloxía: 1701.

"Benefactores del Santuario de los Remedios en Mondoñedo. D. Felipe residía accidentalmente en Recaré en 1701, fue maestro de campo y alférez Mayor, vecino de La Concepción en el Valle de Neiva (Colombia) hijo de D. Pedro Saavedra y Montenegro escribano [natural] de Recaré. Él y su hijo Pedro donaron *Las alhajas de un Santo Cristo de marfil y un lignum crucis de plata*" [2].

O clero no Antigo Réxime. Vinculación entre as casas nobres e a igrexa.

Ao longo dos séculos XVII e XVIII, a familia dos Casal da Abelleira constitúen unha verdadeira tribo de sacerdotes ou cóengos [3].

Século XVIII

No ano 1718, a parroquia de San Xulián de Recaré pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "Tierrallana del Valle de Oro" [4].

A fidalguía no Antigo Réxime. Cargos públicos.

"D. Gregorio Díaz del Casal, del lugar de Abelleira (Recaré), a finales del XVIII era merino y justicia mayor de Villanueva de Lorenzana" [5].

A fidalguía no antigo Réxime. O ascenso á nobreza.

O ascenso á nobreza está asociado a un ascenso económico e posteriormente o entrecruzamento de ramas de diferentes casas a través da institución de dotes ás fidalgas casadeiras [6].

"Los descendientes de Alonso Canoura, tercer cotizante de Recaré en 1632, a través de sucesivos casamientos emparenta[n] con los Basantas das Goas, Cedrones, Sanjurjos y Montenegros con lo que a finales del siglo XVIII habían elaborado un intrincado árbol genealógico extendiendo sus propiedades al Valle y Lourenzá" [7].

Século XIX

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [8], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 101.
[2] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 150.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 104. A tradución é nosa.
[4] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 223.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 102.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 103. A tradución é nosa.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 103.
[8] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado.

En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o “Deanato” da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 18 parroquias matrices que conformaban o “Deanato” da Mariña era *San Julián de Recaré* [1].

Século XX

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é San Xulián de Recaré [2].

As dúas pistas que levan á igrexa parroquial. Cronoloxía: 1998.

A pista nova que sobe da estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín) para a igrexa parroquial fíxose no ano 1998. A pista que baixa da igrexa de San Tomé e pasa pola cruz da Estibada é de data anterior, e fíxose coa Concentración Parcelaria [3].

[1] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[2] J. L. Mínguez Goyanes, “Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)”, *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, “Episcopologio mindoniense”, *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.
[3] Informante: Juan Antonio Fernández Casabella, 14.07.2013.

IGREXA DE RECARÉ *(San Xiao)*

Parroquial. *S. Julianus de Recaredi* (1128) [1].
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 4.
Cronoloxía: construída ou reedificada no ano 1700.
Non se debe esquecer que existe unha lápida de fundación de aniversario do ano 1611.
A igrexa está situada en plena croa do castro.
De refuxio: fachada principal, na porta figura unha cartela de madeira coa lenda:
HES IGLESIA DE REFVJIO [2].
Dúas xanelas abucinadas, unha a cada lado da porta. Campanil lateral.
Contrafortes en ambos os dous muros laterais.

Figura como Igrexa de San Xiao no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [3].

A igrexa

"En el lugar de O Castro, sobre la corona de esta fortaleza prehistórica, se yergue el templo parroquial, edificado en 1700, según consta en una lápida fundacional" [4].

"Iglesia antigua reedificada en 1700 y rehecho últimamente el interior, que ha perdido por completo su viejo carácter. Consta de nave, arco triunfal, capilla mayor y sacristía situada al lado izquierdo de ésta. En la puerta principal se lee: *Iglesia de Refugio* y en el exterior del muro derecho de la nave, una lápida con dos llaves y espada alusiva a la reedificación de 1700" [5].

Presbiterio

Retablo maior.
Cronoloxía: 1901.

"Retablo mayor del año 1901 con imagen de San José del siglo XVIII, pintada al óleo (0,65), y otras imágenes modernas..." [6].

Muro lateral dereito

"... En el muro derecho de la nave, lápida de fundación de aniversario [de Domingo Díaz (párroco)] [7] del año 1611..." [8].

Baptisterio

"... En el baptisterio, un Cristo de finales del siglo XVIII, (0,70); Virgen del Carmen del siglo XVII, (0,65), y Santa Lucía (0,75), siglo XVIII" [9].

---

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912. páx. 19.
[2] Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[3] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.
[4] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páxs. 288-289.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 289. Nota dos autores: no século XXI, no retáblo maior, de dereita a esquerda: San Xosé (abaixo, pequeniño), San Rosendo, A Inmaculada, O Corazón de Xesús (no centro), A Virxe do Carme e San Xulián. Informante: Teresa Lorenzo Orol, 09.01.2018. (IF).
[7] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[8] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 289.
[9] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 289.

Sacristía

Pía de auga bendita.

"... A la entrada de la sacristía, pila de agua bendita con estrías, (0,72)..." [1].

Retablo.
Estilo: barroco.

"Copón de plata (0,19), con inscripción: *Este copón dio Pedro de Ron y Cordido, por su devoción al Santísimo Sacramento de la Parroquia de San Julián de Recaré, en 1672.*
Cáliz de plata sencillo (0,22), siglo XVII.
Cáliz sencillo (0,26), siglo XVIII.
Custodia de metal, siglo XVIII.
Imagen barroca de San Antonio (0,50), buen estofado, siglo XVIII.
San Roque (0,80), popular, pintado al óleo.
San Rosendo, 0,60, estofado de matiz gótico.
Dolorosa popular (0,92).
San Ignacio de Loyola (0,80), estofado, siglo XVIII.
San Julián (0,70), popular, con palma y espada.
Retablo barroco de un cuerpo y tres hornacinas, de estípites" [2].

Cruz procesional de prata ou de cobre bañado.
Cronoloxía: século XVI.
Estilo: plateresco.
Material: prata ou cobre.

"Conserva una cruz parroquial de plata de estilo plateresco, obra de finales del siglo XVI, que tiene macolla con grutescos y los relieves de Cristo, y la Virgen con el Niño, los cuatro evangelistas, los cuatro profetas mayores y diez apóstoles" [3].

"Cruz procesional de cobre, estilo plateresco, de finales del siglo XVI, macolla con grutescos y diez bustos de apóstoles; en el reverso, la Virgen con el Niño y los cuatro Profetas Mayores, y por el otro lado, los cuatro Evangelistas, (0,78 x 0,43)" [4].

Muro exterior dereito

Pequeno campanil.
Material: ferro. Cunha campá diminuta.

Imaxes existentes no ano 1999 [5]

San Xulián Cazador	Titular da parroquia. Estilo: popular.
San Ignacio	Cronoloxía: século XVIII.
San Xoán	
San Roque	Estilo: popular.
Virxe do Carme	Cronoloxía: século XVII.

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 289.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páxs. 289-290.
[3] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 290.
[5] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.

San Rosendo	Estufado de matiz gótico.
Santa Lucía	Cronoloxía: século XVIII.
Santo Antonio	Cronoloxía: século XVIII.
Virxe Dolorosa	Estilo: popular.

Adro

Pía bautismal.
Situación: arrimada ao muro exterior dereito da igrexa parroquial.
Estilo: románico [1].

"En el atrio, pila bautismal antigua con fuste cilíndrico, de granito, 0,90 de diámetro" [2].

Cemiterio

Cemiterio parroquial, á esquerda da igrexa. Antigas portas, de madeira, do cemiterio, cun tríscele en cada folla, tiradas detrás do templo.

Capelanías

Santo Antonio de Padua, A Nosa Señora do Leite. Cronoloxía: 1705-1854 [3].

Confrarías

Confraría da Virxe do Carme. Cronoloxía: 12.10.1880.

"No fue menor su interés [de D. José Manuel Palacios López, bispo de Mondoñedo (1878-1885)] por las cofradías de la Santísima Virgen del Carmen,..." [4].

[1] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 290.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 137.
[4] ADM, L. de Secretaría 49, 12.10.1880. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 86 e n. 423.

CRISTO DA INDIANA

Situación: O Escorial [1].
Cronoloxía: século XV (véxase nota 7) ou XVI-XVII [2].
Descrición: sobre un fuste octogonal sinxelo érguese unha curiosísima cruz cuadrangular, con dúas caras decoradas: a cara anterior presenta o altorrelevo de Xesús crucificado, de aspecto medievalizante e trazos populares moi propios da escolástica da época en que foi erixida a cruz, de tres cravos, con pano atado e cabelo en curiosa distribución. Na cara posterior represéntase unha estraña Virxe, flanqueada por dúas rosetas. Ao contrario que nos demais casos, esta virxe aparece colocada sobre unha peaña procesional antiga, da que debeu copiar o canteiro.
Historia: é o cristo do Pazo, tan vello coma este. Antes dividía as posesións señoriais e hoxe divide parroquias. Comentario: é, sen dúbida, un dos mellores exemplares do val, tanto pola súa antigüidade como pola curiosa iconografía [3].

"... la tardogótica Cruz da Indiana (siglo XV – San Tomé de Recaré [sic]) cuyo estilo es muy arcaizante y con las figuras muy poco exentas: representación de Cristo Griego (con rasgos de niño) en su frontal y la Virgen María triunfante en la trasera" [4].

Descrición realizada por Andrés Canoura

"La *Cruz de Recaré* en un camino próximo a la casa de Abelleira, talla totalmente popular, nos muestra en un lado a un Cristo aniñado y arcaizante adornado con motivos florales que denotan un estilo, incluso se podría decir céltico, que utiliza líneas concéntricas, en el otro lado un relieve formado por líneas dibuja una imagen de María triunfante que transmite felicidad" [5].

Descrición realizada por Mario Saavedra

"Como cristo de especial tratamento no Valadouro, estámonos referindo ao Cristo da Indiana situado á esquerda, nunha parcela, que nos leva dende a estrada de O Cadramón a Ferreira e a Santo [sic] Tomé. Este cristo, con base soterrada, está formado por dous tramos. O primeiro é de sección cuadrangular coas arestas rebaixadas, seguramente posterior a todo o conxunto. A calidade da pedra non se corresponde co resto da cruz e por iso podemos afirmar que, antes, este cristo estaba enriba doutra plataforma, seguramente un valado. Isto estaría fundamentado na reforma dos viarios por razóns de mellora. O segundo tramo está formado por unha soa peza de sección cuadrangular, de moi sinxela feitura, dando a entender que o pedreiro que o fixo non reparou en adobíos de ningún estilo. Recibiu o encargo e fixo o traballo. No anverso, en alto relevo, amosa un Cristo, estilo grego quizais, con característica totalmente infantil. R, Reigosa fala dun Cristo tipo medieval. A descrición podía ser a seguinte: Cristo con formas xeométricas e lineais, cabeza redonda; pelo atado (modelo indiano, quizais); brazos estendidos ao longo da cruz; as mans abertas e dedos moi pouco pronunciados; o corpo pechado [pegado?] á cruz; as pernas un pouco flexionadas, case en paralelo; os pés sobre un supedáneo case inapreciable e o perizoma anoado ao lado dereito. No reverso leva unha imaxe da Virxe, posiblemente unha Inmaculada coas mans xuntas, en actitude orante e chea de ledicia enriba dunha peaña procesional. A cruz, neste lado, está adornada con rosetas nos brazos formadas por dous círculos con adobíos de grandeza. A peaña está formada por tres partes ben definidas: unha sección triangular, outra circular cun roel no centro e dúas abrazadeiras que protexen a Virxe.
...
Nun sentido xeral, mirando esta obra, poemos definir ou clasificar este Cristo como un dos mellores de O Valadouro tendo en conta a feitura (sentido artístico e xeracional), mais por outro lado é, cecais, un exemplar único merecente dun estudo máis polo miúdo. Comentan que fai tempo serviu de pedrón para separar propiedades e hoxe parroquias..." [6].

---

[1] Colección fotográfica: Xosé Blanco López.
[2] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 25.
[3] R. Reigosa Méndez, op. cit. (inédito), páxs. 24-25. Este autor chámalle *A Cruz do Pazo.*
[4] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 116-117.
[6] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

CRUCEIRO DO CEMITERIO

Situación: A Fonte da Vila → O Couto dos Castros → Igrexa parroquial.
Cronoloxía: 1930.

"Forma parte do grupo de Cruceiros nos cemiterios.
Presidindo o viario principal deste cemiterio achamos este cruceiro datado en 1930. Trátase dunha obra feita polos canteiros do Valadouro onde o valor está no que representa, na intención dos donantes [sic] ou pola lembranza de familiares dun crego. Consta dunha plataforma de dúas gradas cadradas, nunha base e varal moi sinxelos, capitel típico dos cemiterios de forma cúbica e unha cruz de tipo florenzada. Diante, nunha mesa, hai unha lenda: */D. EULOGIO CERDEIRAS/ GONZALEZ/ARCIPRESTE DE VALLE DE ORO/E PARROCO DE/SAN VICENTE DE LAGOA/EL TRES DE NOVIEMBRE DE 1930/A LOS SESENTA Y OCHO AÑOS DE EDAD/Y SU HERMANO/DON JOSE MARIA/EL VEINTIDOS DE DICIEMBRE/DEL MISMO AÑO/A LOS SETENTA AÑOS/D.E.P./*" [1].

[1] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

A TORRE DE PARGA

Situación: O Castro.
Perto do castro da igrexa parroquial.
Cronoloxía: século XVI [1].
Torre señorial construída nos últimos séculos da Idade Media [2].
O historiador Carlos A. González Paz chámalle A torre de Recaré ou Torre de Parga.
Tamén coñecida como Casa da Torre de Recaré ou A Casa de Parga, debido a que foi propiedade de Arturo Parga Pedreira [3].
Segundo González Paz, Vázquez Seijas afirma que pertenceu a Pardo de Cela.
Torre de forma rectangular, de tres plantas, a terceira é un faiado [4].
Porta principal con arco de medio punto.
Ben de Interese Cultural (BIC) do Ministerio de Cultura: R-I-510008936.

Coordenadas U.T.M.: X: 624.578; Y: 4.821.552 [5].

Figura no Inventario da Xunta de Galicia de 1985.

"Declarado como BIC con número no rexistro do Ministerio de Cultura R-I-510008936. Na descrición recollida no inventario da Xunta de Galicia realizado o 12 de outubro de 1985 exponse o seguinte:
Edificio cuadrangular de cachotería de granito y pizarra con esquinales de sillería. La cubierta es de lajas de pizarra. Del volumen único de la torre de dos plantas sobresalen los dos añadidos de planta baja.
Na actualidade toda a construción ten un lucido de cemento" [6].

Figura como Torre de Parga no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura militar e defensiva [7].

"La de San Julián se halla situada sobre un pequeño castro, que todavía se conserva en casi su total circuito, en una vallina de la parroquia de este nombre, en el Valle de Oro, término municipal de Ferreira [sic].
Es un edificio cuadrangular [sic], construido en bloques o *cachotes* de granito y piedra pizarra, excepto los ángulos que se forman con sillares de granito escuadrado y de tamaños distintos.
La fachada principal se orienta al Oeste, con una puerta en arco, de dovelas graníticas de gran tamaño. La fachada tiene de ancho unos 8 metros con altura aproximada de 11.
La correspondiente al Norte y su paralela del Sur, tienen una anchura de 13 metros. (Ventana).
A la fachada posterior se le ha agregado otra construcción, como una dependencia más de una casa de labrador y un solo hueco de ventana en su segunda planta.
A la izquierda, vista de frente, de esta fachada hay los restos de una torre albarrana o de flanqueo, semicircular, similar a las adosadas a la muralla de la fortaleza de Castro de Oro y quizás inspirada en la misma. Se forma con bloques no concertados de granito.
A la derecha, y formando una especie de patio, hay un trozo de muro de cierre muy deteriorado. Se apoya en un gran peñasco, como otras que abundan en el castro y al que la edificación fue adosada en la parte Sur de la fachada.

---

[1] C. A. González Paz, 16.08.2001.
[2] C. A. González Paz, "Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 187.
[3] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. VI, 1973, páx. 157. Nota dos autores: Arturo Parga Pedreira faleceu en Nois (Foz) o 20 de xuño de 2016 aos 90 anos de idade.
[4] L. Ponce Couce e J. A. Sánchez García facilitan, como a Xunta en 1985, unha descrición un algo errónea da torre: "edificio con torre de forma cuadrangular de duas plantas", en *Galicia. Guía do Patrimonio Arquitectónico*, 1998, páxs. 304-305.
[5] Medicións: Juan Francisco López Calzada, 2005.
[6] J. F. López Calzada (Arqueólogo Director), *Revisión do Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico. Concello do Valadouro*, Ferreira do Valadouro, 19.09.2005, páxs. 47-48. Inédito.
[7] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.

Hoy el propietario es D. Arturo Parga Pereira [Pedreira] [1], que adquirió la torre –cuya antigüedad se deduce del nombre de *Casa da Torre de Recaré* con que se designó– de otra persona, que a su vez la habría comprado a otros propietarios ajenos ya a sus primitivos dueños.
Los actuales desconocen el origen y la primera familia a que perteneció el edificio; sin embargo, puede ser dato interesante el hecho de que próximo a la torre y sin características especiales, se halla una fuente llamada *FONTE DO CONDE.*
La fachada lateral izquierda que linda con camino público, presenta dos huecos de ventana en su planta primera, tres en la segunda y una pequeña en la parte central alta, que corresponde al desván. Otro pequeño hueco enrejado asoma en el extremo derecho de esta fachada que parece corresponder al sótano" [2].

Nicanor Rielo Carballo reproduce, resumíndoa, na *Gran Enciclopedia Gallega*, a versión de Vázquez Seijas.

"La casa torre de Recaré, edificio cuadrangular, en bloques de granito y pizarra, con restos de un torreón o albarrana semicircular, parecido a los que protegen la muralla de la próxima fortaleza de O Castro de Ouro. La puerta de entrada, situada por el poniente, es de arco con dovelas, graníticas sin adorno alguno" [3].

A torre de Recaré ou Torre de Parga (segundo o historiador Carlos A. González Paz)

"Esta fortificación se hallaba en la aldea de su mismo nombre, en el lugar de Outeiro do Castro, en la parroquia de San Xián de Recaré. Aunque próxima a otras construcciones, no obstante adopta una posición estratégica al estar situada sobre un pequeño otero de naturaleza granítica, que se alza unos cinco metros sobre el territorio que la circunda, en la horquilla formada por dos ramales del camino que unía Viveiro con Lugo a través de la Serra do Xistral, el ramal que ascendía hacia O Cadramón y el ramal que se dirigía al sur, para empatar con el ramal que ascendía hacia O Pereiro.
Es una torre ligeramente rectangular de ocho metros en las fachadas oeste y este, por trece metros en el lado norte y once en el lado sur y unos once metros de altura. Posee tres pisos y se remata con tejado a cuatro aguas cubierto con pizarra. Los materiales de construcción son fundamentalmente el sillarejo para los muros y los sillares para el remate de las esquinas y enmarcación de los vanos, todos ellos unidos por argamasa de cal, mezclada con arcilla.
En la fachada oeste posee una puerta de entrada en forma de arco de medio punto formado por cinco dovelas de granito de gran tamaño y buen trabajo de labrado, además se conservan, a la izquierda de esta fachada, los restos de un cubo, de planta semicircular y construida también en sillarejo de granito. A su derecha se encuentran los restos de un patio que estaba cerrado por un muro perimetral también realizado en sillarejo. La fachada este o posterior presenta un añadido que consiste en un edificio anexo, típicamente de la zona, destinado a faenas agrícolas.
Según Manuel Vázquez Seijas, esta torre muy posiblemente había sido propiedad de los Pardo de Cela en el período que va desde finales del siglo XIV a finales del siglo XV aunque no ofrece base documental alguna para justificar esta afirmación" [4].

A TORRE DOS CONDES (ou DOS MOSCOSOS, ou A CASA DO PAZO)

Situación: O Pazo [5].
Cronoloxía: finais do século XV [6].
Estilo: isabelino.

[1] Nota dos autores: En realidade, a Torre de Parga compráronlla a Josefa López Rodríguez (que estaba solteira) no ano 1929 Juana Pedreira Ron e mais José Parga Expósito, avoa e pai, respectivamente, de Arturo Parga Pedreira. Arturo faleceu en Nois (Foz) o día 20 de xuño de 2016 aos 90 anos de idade. Informantes: María Olimpia e Ángeles Parga Pardiñas, 01.02.2018. (IF).
[2] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. VI, 1973, páxs. 155-157.
[3] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110.
[4] C. A. González Paz, "Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 187-189.
[5] Figura con este nome no Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 290.

Tamén chamada A Casa do Indiano ou da Indiana [1].
É a mencionada como A Torre dos Moscosos, que pertenceu a uns descendentes de Pardo de Cela (despois de pertencer a este), quen conservaban escudo con cabeza de lobo [2].
Tiña capela [a capela de San Felipe ou de San Caetano].

Descrición de Vázquez Seijas

"Con similares características, forma y materiales [aos dsa Torre de Parga], existe otro edificio, dentro de la misma parroquia y lugar próximo, sitio llamado A Torre lugar do Pazo, edificación que nos ofrece su puerta de entrada con arco de medio punto, de ancho dovelaje en granito, como la de San Julián [A Torre de Parga] y del mismo modo trazados los ventanales de su planta primera y segunda.

Esta es una de las varias fortalezas que poseía el famoso mariscal Pedro Pardo de Cela. El poderío del mariscal era extenso en esta comarca en fortalezas y bienes, por lo que no es extraño suponer que a él hayan pertenecido también las dos Casas fuertes de Recaré, a que venimos refiriéndonos" [3].

Descrición de Rielo Carballo

"Hay además la casa de O Pazo, de características similares a la anterior [a casa torre de Recaré], con puerta adovelada y varias molduras en la fachada. Quedan restos de la capilla particular con el campanil, ya desmontado, y molduras en la puerta de entrada y en la cornisa" [4].

Descrición de Santos San Cristóbal Sebastián

"Casa señorial do Pazo, estilo isabelino de finales del siglo XV, con molduras en la fachada y restos de la capilla con su pequeña espadaña desmontada y molduras de arco" [5].

Como queda indicado, na actualidade, os citados restos da capela non existen.

A Casa dos Montenegro

Personaxes. Pedro de Saavedra Montenegro.

Este Pedro de Saavedra Montenegro era receptor e escribán no bispado de Mondoñedo; casou con Margarita Sánchez Marqués Vela e tiveron dous fillos: Felipe de Saavedra Montenegro, que residiu en Granada de Indias, e Pedro de Saavedra Montenegro, ambos os dous irmáns benefactores do Santuario dos Remedios de Mondoñedo.

"Otras familias fueron las de los Saavedra Montenegro de Recaré que tienen por antepasado a D. Pedro de Saavedra y Montenegro, receptor y escribano del obispado de Mondoñedo" [6].

Personaxes. Felipe de Saavedra Montenegro. Cronoloxía: 1701-1707.

"... diremos también que en 10 de Mayo de 1707, por escritura ante Felipe Legaspi, D. Felipe de Saavedra Montenegro, Maestre de Campo y Alférez Mayor y Regidor perpetuo de la Concepción del Valle de Neiva, provincia del nuevo reino de Granada de Indias [de aquí o nome de "Casa do Indiano" á Torre Condes ou dos Moscosos ou do Pazo de Recaré], se obligó a construirla [a ermida que se menciona en 06.08.1750], bajo la advocación de la Virgen de Ariquinquina y San Felipe, y a tener en ella el ornato y lo demás que fuese necesario.
Don Felipe de Saavedra, que era descendiente de la Casa de los Montenegro, residía en la Casa y Torre do Pacío [Pazo], de San Julián de Recaré. Era hijo de Pedro de Saavedra Montenegro, Receptor y Escribano en el obispado de Mondoñedo; y [de] D.ª Margarita Sánchez Marqués Vela" [7].

---

[1] Coñecida como A Casa de Castilla, porque en dependencias dela viviu *Castilla*, o pai de Siro Vila Expósito, e mais este. A propietaria do Pazo, Dorinda de Puro, reside actualmente (2019) nesta casa do Pazo. Nalgún tempo estiveron en Vigo, e aparecían polo Valadouro no verán. A casa sufriu desafortunadas reparacións (IF, XP, Ángeles Parga, 20.02.2019).
[2] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 29.
[3] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. VI, 1973, páxs. 157-159.
[4] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 290.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 132.
[7] E. Lence-Santar y Guitián. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 153.

"Saavedra Montenegro, Felipe y Pedro. Benefactores del Santuario de los Remedios en Mondoñedo. D. Felipe residía accidentalmente en Recaré en 1701, fue maestro de campo y alférez Mayor, vecino de La Concepción en el Valle de Neiva (Colombia) hijo de D. Pedro Saavedra Montenegro, escribano de Recaré. Él y su hijo Pedro donaron *Las alhajas de un Santo Cristo de marfil y un lignum crucis de plata*" [1].

Personaxes. Domingo [Antón] López (O Indiano, falecido en 1764) e Juana Tejada Santiso (matrimonio). Cronoloxía: 1750.

«[Un protector del Convento de San Pedro de Alcántara ó del Rosal] Llamóse D. Domingo López y estuvo casado con D.ª Juana Texaca [Tejada] Santisa [Santiso].
Siendo vecino de Villanueva de Lorenzana, en 6 de Agosto de 1750, ante Domingo Cayetano Vaamonde, otorgó testamento.
En él dice:
"Yten mando y es mi voluntad que después de mi fallecimiento la persona que asista y govierne la casa y lugar del Pazo sita en dha Feligresía de Sn Julián de Recaré en el Valle de Oro, ha de tener In precisa obligación de asistir con lo necesario a los Relixiosos de dho Convento del Rosal siempre que fueren a pedir limosna y transitasen aotra parte y esto se entienda por los días de D.ª Juana Texada y Sn. Tirso mi lexítima mujer caso que me sobreviba. Y cuando ella no resida en la citada casa de la debida orden a la persona que la habitare y cuidare de su labranza para el cumplimiento de lo debido.
Yten les mando tambien por via de limosna una arca de castaño usada con su cerradura y llabe de porte de veinte hanegas poco más o menos de... quadros. Un cubilote de los que se hallaren en dha casa del Pazo y una pipa de cinco barriles uno y otro pa el recogimiento de una y otra limosna que se les diese en dho valle de oro y en el lugar de la misma casa puedan torcer la uba primero que otro alguno, y siendo voluntad de dhos religiosos el que dha arca cubilote y pipa subsistan en dha casa del Pazo la persona que sucediere en ella y la habitare después de mi fallecimiento y del de mi mujer no pueda impedírselo. Y si dhos religiosos quisiesen sacar las alajas y ponerlas en otra parte usen de dhas como suyas propias."
Dispuso también el testador que, á su fallecimiento, fuese libre el esclavo negro Rafael Antonio López de la casta de Arará, de mediana edad, que él había comprado y conducido de Indias, siendo niño dicho negro.
Y fundó una Misa, que se celebraría todos los días festivos, en la Ermita de Nuestra Señora de la Chiquinquira y San Cayetano, del Domingo López, situada junto á la Basa referida del Pazo [de Recaré]» [2].

Personaxes. Rafael Antonio López, un escravo negro en Recaré. Cronoloxía: Dahomey (África), ? – Recaré, 1753.

«Pouca xente sabe, ou se imaxina, que ao pasear polo chan da igrexa de Recaré está a pisar os restos óseos de moitos dos que o precederon nesta vida, cada un coa súa historia, como a de Rafael Antón López.
Nos libros de defuncións quedan reflectidas, moi brevemente, as nosas vidas. Os curas párrocos anotan a nosa idade, o noso estado civil e os fillos que nos quedaron. Todas as partidas de mortos aportan datos para o estudo da historia, pero hai algunhas, que cando son lidas provocan o desexo, irreprimible, de saber máis.
No libro primeiro de defuncións da parroquia de San Xiao de Recaré atopamos unha destas partidas no seu folio 100. Nela puidemos ler como o día 18 de febreiro de 1753 era administrado de todos os sacramentos e posteriormente soterrado na igrexa parroquial, dentro da sepultura dotada polos donos da Casa do Pazo, Rafael Antón López. Nada nesta partida nos chamou a atención ata que puidemos ler: "*escravo de raza negra*". Cal era a súa historia?
As pescudas realizadas, tanto nos arquivos Diocesano de Mondoñedo como no Histórico Provincial de Lugo, permitíronnos poder facer un breve esbozo da súa historia.
Sabemos que era de raza *"Arará"*, este era o termo que se empregaba en Cuba para definir aos escravos pertencentes ás etnias *ewe*, *adjá* e *fong* que foran capturados no antigo reino de Dahomey, actual República de Benin (África).
Dahomey era un reino composto por homes que se caracterizaban polo emprego dunha violencia excesiva cos seus inimigos; era práctica común cortar as cabezas dos inimigos e colgalas en árbores. As mulleres deste reino tampouco eran alleas ao emprego das armas e da violencia na loita, de aí que fosen coñecidas co nome de *as amazonas de Dahomey*.

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 150.
[2] E. Lence-Santar y Guitián. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páxs. 152-153.

Sobre Rafael sabemos que de neno fora mercado en América ("*que lo he comprado y conducido de Tierra de Indias, en su niñez*") polo mariñán Domingo Antón López, ao que se coñecía co sobrenome do *Indiano*. Este Domingo estaba casado con Xoana de Nieblas Tejada e Santiso, ambos residían en Vilanova de Lourenzá, onde tamén estivo vivindo Rafael, ata que se trasladan a residir á "*Casa do Pazo*", interesante edificación civil da parroquia de San Xiao de Recaré.
O día 6 de agosto de 1750, o escravo Rafael Antón recibía aquilo que tanto desexaba, a súa carta de liberdade, documento polo cal se convertía nun ser libre. Nesa data don Domingo Antón López, enfermo e privado do sentido da vista, firmaba un documento de liberdade redactado polo escribán Domingo Caetano Baamonde.
Nesta carta de liberdade podemos ler datos moi interesantes sobre o escravo Rafael, como que "*es de mediana edad, y que su servidumbre ha sido correspondiente a tal esclavo, sin que se experimentase ausencia ni otra cosa digna de reparo, en gratificación de esto, quiero y es mi voluntad que después de mi fallecimiento, use de su pesona como le pareciese, sin que por ningún pretexto se le pueda obligar a servir de tal esclavo, ni en otra manera, excepto que el lo quiera hacer de su voluntad, para lo que siendo necesario se le entregue la carta de libertad y la escritura de compra, que para en mi poder y para sus menesteres le mando por via de legato, cien ducados por una vez. La ropa de su cama, en que duerme, que se compone de dos mantas de buriel, dos sabanas [sic] de estopilla y dos almohadas, asi mismo de estopilla, con toda la ropa que se hallase al tiempo de mi fallecimiento. Asi mismo le mando una arquita que tiene de su uso, nueva, con su cerradura y llave, de porte de tres anegas, poco más o menos, cuyo legato se entienda que use, como uso de la libertad que le doy*".
Rafael recibe tamén o apelido López, o do seu anterior dono, que o emparentaba, tan só de maneira nominal, aos seus antigos posuidores, e que o acompañará ata o día da súa morte o 18 de febreiro de 1753.
Rafael descoñecía o seu país natal (Dahomey) polo seu nacemento nas Indias e tampouco tiña lembranza de seus pais; por estas dúas razóns rematou os seus días vivindo na parroquia de Recaré, moi preto dos seus amos, a única familia que coñecera. Era como aquel lobo salvaxe que de pequeno se encadea á porta dunha casa e que cando se libera, moitos anos despois, non é quen de saír lonxe da porta da casa.
O cariño que os antigos donos sentían polo seu escravo foi o que os decidiu a mandar soterrar a Rafael na sepultura que a "*Casa do Pazo*" posuía na igrexa parroquial, destinada aos membros da familia, na que, o día 9 de marzo de 1764, soterrarán o corpo de Domingo Antón (O Indiano), que atopará descanso a carón de Rafael, a súa antiga propiedade.
Tal vez [sic] o lector coide esaxerado o termo anterior, pero os homes e mulleres escravos, que pasaron e viviron na Mariña, eran tratados como mercadoría, como propiedade, como quen vende unha vaca.
...
Sirvan estas poucas liñas como recoñecemento a aquelas persoas que viviron na nosa Mariña e que forman parte da nosa historia colectiva, independentemente da súa raza» [1].

O LUGAR DA TORRE

Vázquez Seijas, referíndose á Torre dos Condes, sitúaa nun:

"Sitio llamado A Torre lugar do Pazo" [2].

"En el nomenclátor de1940 figuran los toponímicos de fortalezas siguientes:

Torre, parroquia de Recaré, municipio Valle de Oro" [3].

"Existen en el municipio de Valle de Oro los lugares de Torre y de Torrillón en la citada parroquia de San Julián de Recaré" [4].

Rielo Carballo intúe que nun destes lugares, na Torre ou no Torrullón, debeu estar situada a fortaleza-pazo de Vilanova dos Cabaleiros.

---

[1] J. R. Fernández Pacios-A. García Doural, "O escravo que vivía en Recaré"*, Candea branca*, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Núm. 1, Ano 2016, páxs. 12-14.
[2] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. VI, 1973, páxs. 157-158.
[3] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. I, 1955, páxs. 12-15. Tamén figura no Nomenclátor do DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006, co nome: *A Torre.*
[4] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. VI, 1973, páx. 159.

"Los topónimos de Torre y Torrillón, existentes en esta feligresía, y los dos edificios [a casa do Pazo e ou no Torrullón], hacen pensar en que uno de ellos estuvo o fue la fortaleza palacio de Vilanova dos Cabaleiros, situada en O Valadouro y así denominada porque en dicho valle tuvieron su solar más antiguo los caballeros de la estirpe de los Osorio" [1].

Máis verosímil parece que estivese en Vilaúde (San Pedro de Mor), polos datos que lle facilitaron a Vázquez Seijas e que el publicou (véxase Torres, en San Pedro de Mor).

Para os autores deste inventario, o lugar do Pazo non pode ser outro senón onde está situada a Torre dos Condes, dos Moscoso, do Indiano, da Indiana ou A Torre do Pazo, de finais do século XV, con estilo isabelino. Casa que pertenceu a uns descendentes de Pardo de Cela.

TORRES DESAPARECIDAS

A CASA-TORRE DE MERCURÍN

Situación: Mercurín [2].
O historiador Carlos A. González Paz chámalle A casa-torre de Marcorín.
Torre señorial construída nos últimos séculos da Idade Media.
A casa-torre estaba en pé en 1844. Derrubada a comezos do século XX.

«En el lugar de Marcorín, perteneciente a la parroquia de San Xián de Recaré, en un espolón sobre un ramal del camino que unía Viveiro con Lugo a través del de la Serra do Xistral y sobre el Rego de Recaré, se encontraba esta casa y torre de la que no quedan restos al haber sido derruida a principios del siglo XX, y reutilizado el solar para la realización de plantaciones forestales.
Las únicas referencias nos vienen dadas por un apeo de bienes que habían correspondido a Dolores Cerdeiras Díaz[3] por herencia de su padre Ramón Cerdeiras Álvarez Villaamil [4]:

"*Lugar de Marcorín, colona Antonia Agueira –Recaré. La casa y torre de Marcorín partida veintiuno y cuarta de la partija primera del pago que en ella se me adjudicó por frecuencia de mis difuntos padres y tío D. Manuel, Cura Rector de San Mateo de Vidal y Beneficiado de San Julián de Sante en veinte y tres de enero de 1844, y se dió ante el escrivano D. José Díaz Suárez del Ayuntamiento del Alfoz de Castro de Oro. Consta de cocina terrera, horno, cuarto alto mal pisado, cuadro [sic] debajo y corral cubierto pegado a ella por el medio día...*" [5].

En otras partes del documento la fortificación se encuentra individualizada en el mismo texto, por ejemplo, cuando se refiere a una serie de propiedades de la citada Dolores Cerdeiras Díaz que se encuentran "*... en parte dela casa de esta y en la dela torre citada...*"» [6].

---

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110. Ambos topónimos figuran no Nomenclátor do DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.006, cos nomes de *A Torre* e *Torrullón.*
[2] Nome oficial. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*. A Coruña, 2000, páx. 147.
[3] Dolores Cerdeiras Díaz era a nai de Ramón e Xosé Canoura Cerdeiras, avoa da nosa amiga e informante Milagros Canoura López, filla de Ramón Canoura Cerdeiras (IF, 27.08.2013).
[4] Ramón Cerdeiras Álvarez-Villamil, vinculado ao Casal-A Abelleira, de Recaré, está enterrado no cemiterio parroquial de Santa Cruz do Valadouro; na lápida sepulcral só figura o nome Ramón Cerdeiras. Informante: Milagros Canoura López (bisneta por vía materna deste Cerdeiras Álvarez-Villamil), 27.08.2013. Visita e fotografías: IF, 28.08.2013.
[5] 1844, enero, 44. Bienes que correspondieron a doña Dolores Cerdeiras Díaz por herencia de su padre don Ramón Cerdeiras Álvarez Villamil. ARCHIVO DE LA FAMILIA CERDEIRAS, Mazo de documentos correspondiente al año 1891, fol. 1. C. A. González Paz, "Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 190, nota 153.
[6] C. A. González Paz, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 189-191 e nn. 153, 154.

O CASAL (ou CASA DA ABELLEIRA ou DE CERDEIRAS)

Situación: Casal.
Perto do Torrellón.
Cronoloxía: 1719.
Foi casa dos cregos. Dos Cerdeiras, foi a casa máis influínte [1].
Tiña oratorio [2].
Ten celosías e signos marianos na pedra: lintel dunha xanela.
Construída por Ignacio de Arraña. No lintel doutra xanela figura a lenda:

IGNACIO DE ARRAÑA HIZO ESTA CASA AÑO DE 1719 [3]

No exterior do cemiterio parroquial existe un panteón da Casa da Abelleira [4].

"También destacan otras Casas Grandes situadas en diferentes parroquias: en San Xiao de Recaré tiene importancia la Casa do Casal, a la que se le conoce también como la Casa dos Abelaira [Abelleira] o das Cerdeiras [dos Cerdeiras]. Posee pozo propio e incluso poseían un panteón familiar. Tiene una lápida fundacional en la que se observa claramente la fecha del final de la construcción BARROCA, el año 1719..." [5].

"Destacar el panteón de los Abelairas [Abelleiras] sito en el [exterior del] cementerio de San Xulián de Recaré que fecha del S. XIX,..." [6].

Séculos XVII e XVIII

O clero no Antigo Réxime. Vinculación entre casas nobres e a Igrexa.

"A lo largo de los siglos XVII y XVIII se sucederán familias de sacerdotes o canónigos que constituyen verdaderas tribus de las que son ejemplo los Masedas de Zaragoza o los Casal de Abelleira, Santomés o Basantas" [7].

A casa da Abelleira e os seus personaxes

O historiador Andrés Canoura Quintana descríbea como A Casa de Abelleira ou Casal.

"La [casa] de Abelleira o también llamada Casal en la parroquia de Recaré, cuna del historiador Álvarez Villaamil, que remonta sus orígenes a Alonso Canoura en el siglo XVI. Pertenecieron a esta casa D. Bartolomé y D. Ignacio de Arraña Sanjurjo y Montenegro, benefactores del convento de Alcántara (Mondoñedo)" [8].

Personaxes. Bartolomé e Ignacio Arraña Sanjurjo y Montenegro. Cronoloxía: 1750.

"Arraña Sanjurjo y Montenegro, Bartolomé e Ignacio. Naturales de Recaré. Nacidos en el lugar de Abelleira de la misma parroquia. Benefactores del Convento de Alcántara de la Ciudad de Mondoñedo, D. Bartolomé fue cura de Mondoñedo, Capellán del convento de Alcántara en 1750, en el siglo XVIII lleva a cabo la reconstrucción de la hermita de Santiago de Cerdeirido en Lagoa, vinculada desde antiguo a su familia. D. Ignacio [fue] cura de Recaré" [9].

---

[1] F. Monterroso Carril, 12.04.2001.
[2] Informantes: Arturo Blanco Orol, 21.08.2000; Xosefa Díaz Cerdeiras, *Xefa*, 11.08.2013.
*[3] Visita e fotografías: IF, 18.05.2001.
[4] Visita e fotografías: IF, 13.04.2001.
[5] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[6] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[7] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 104.
[8] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 131.
[9] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 145.

"D. Gregorio Díaz del Casal del lugar de Abelleira (Recaré) a finales del XVIII era merino y justicia mayor de Villanueva de Lorenzana" [1].

Personaxes. Dominica Álvarez Villamil [2]. Cronoloxía: 1867.

Dominica Álvarez Villamil casara con Pedro Cerdeiras. Faleceu viúva o 11 de decembro de 1867, aos 67 anos de idade, e está enterrada no panteón familiar da Casa da Abelleira, en Recaré. Dominica deixou un fillo "fatuo" chamado Francisco, que faleceu o 18 de decembro de 1890, aos 61 anos de idade, e que tamén está enterrado no panteón familiar da Casa da Abelleira [3].

Personaxes. Félix Álvarez Villamil. Cronoloxía: 1881.

Tamén naceu nesta casa de Recaré Félix Álvarez Villamil, avogado, historiador, articulista e poeta. Membro da Real Academia da Historia [e director do boletín xudicial da Coruña] [4]; carlista vinculado co grupo do bispo de Mondoñedo Ponciano de Arciniega a través do seu irmán Fermín Álvarez Villamil e de diversos sacerdotes do Valadouro. Morreu en Lourenzá o 26 de abril de 1881 [5].

Personaxes. Manuel Álvarez Villamil. Cronoloxía: 1883.

Manuel Álvarez Villamil, párroco de Lieiro (Cervo), arcipreste de Sargadelos, prior de Ove (Ribadeo), faleceu en agosto de 1883, aos 68 anos de idade, e está enterrado no panteón familiar da Casa da Abelleira, en Recaré [6].

"Los Álvarez Villaamil en el siglo XIX defienden a ultranza las pretensiones de la rama carlista, incluso con escritos de carácter político" [7].

Personaxes: Gregorio Cerdeiras. Cronoloxía: 1885.

O Licenciado D. Gregorio Cerdeiras foi "cura propio" da parroquia de Santa María de Bretoña, no concello lugués da Pastoriza; tamén foi cura na cidade de Mondoñedo. Faleceu o 12 de xaneiro de 1885, aos 52 anos de idade, e está enterrado no panteón familiar da Casa da Abelleira, en Recaré [8].

Personaxes. Antonio Cerdeiras. Cronoloxía: 1892.

Antonio Cerdeiras foi "cura propio" da parroquia de Recaré; faleceu o 23 de xuño de 1892, aos 54 anos de idade, e está enterrado no panteón familiar da Casa da Abelleira, en Recaré [9].

Personaxes. Antonia Cerdeiras Álvarez. Cronoloxía: 1923.

Antonia Cerdeiras Álvarez debeu ser unha das últimas persoas que morou na casa da Abelleira, onde faleceu o día 3 de abril de 1923; está enterrada no panteón familiar da Casa da Abelleira, en Recaré [10].

Personaxes. Eulogio Cerdeiras González. Cronoloxía: 1930.

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 102.
[2] Nota dos autores: nas lápidas sepulcrais do panteón da Casa da Abelleira figura a forma "Villamil"; o historiador Canoura Quintana utiliza "Villaamil", e Milagros Canoura López propón "Villa-Amil".
[3] Visita e fotografías: IF, 13.04.2001.
[4] www.valadouro.org/es/historia/persoeiros.php, 24.04.2013.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 145.
[6] Lápida sepulcral. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 102.
[8] Lápida sepulcral. Visita e fotografías: IF, 13.04.2001.
[9] Lápida sepulcral. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.
[10] Lápida sepulcral. Visita e fotografías: IF, 13.04.2001.

Nesta casa morou outro presbítero, Eulogio Cerdeiras González, Arcipreste do Valadouro, párroco de Lagoa. Morreu o 3 de novembro de 1930, aos 68 anos de idade. Está enterrado no cemiterio parroquial de Recaré, mais non no panteón da Casa da Abelleira, senón no recinto interior do cemiterio [1].
Carmen Cerdeiras [2], posibelmente irmá do mencionado clérigo, foi a última persoa que morou nesta casa. Os Cerdeiras derradeiros residen en Montevideo [3].

Tal e como figura en notas anteriores, ao mencionarmos a casa-torre de Mercurín, tamén estaba vinculado a esta casa da Abelleira ou do Casal de Recaré Ramón Cerdeiras Álvarez Villamil, avó de Ramón e de Xosé Canoura Cerdeiras (*Ramón* e *Pepe de Lobeira*), e bisavó de Milagros Canoura López, actual propietaria da casa de Lobeira, en Cendemil (Santa Cruz do Valadouro). Ramón Cerdeiras Álvarez Villamil está enterrado no cemiterio parroquial de Santa Cruz [4].

Escudos de armas

Situación: O Pazo.
Torre dos Condes, Torre dos Moscosos, Torre do Pazo ou Casa do Indiano.
Había un escudo, o escudo do Indiano, que se vendeu no ano 1956.
Este escudo está nun chalé que hai na estrada que leva de Avilés a Gijón [5].

Situación: igrexa parroquial de Recaré.
Muro exterior dereito da nave.
Cronoloxía: 1700 [6].
Pedra de reedificación ou escudo eclesiástico con armas.

"... distinto es el caso del escudo eclesiástico de la iglesia parroquial de San Xulián de Recaré (S. XVII), de tipo partido –iconografía: llaves y espada con inscripciones y decorado con encadenado" [7].

[1] Lápida sepulcral. Visita e fotografías: IF, 13.04.2001.
[2] Nunha amena conversa que mantivemos con Xosefa Díaz Cerdeiras, *Xefa*, de 98 anos, díxonos que a última persoa que morara nesa casa fora dona Antonia Cerdeiras, tía en 2º grao da nosa informante (IF, Recaré, 11.08.2013).
[3] A casa comprouna Ramón Pardeiro González. Hoxe é propiedade, *pro indiviso*, dos fillos de Ramón, Ricardo e M.ª Dolores Pardeiro Rodríguez. Gardan os irmáns Pardeiro a árbore xenealóxica dos Cerdeiras (IF, 08.06.2001). Vendéronlla a Ramón Pardeiro González uns parentes de don Celestino Díaz Cerdeiras "que aínda levan de primeiro apelido Cerdeiras" (Informante: Fina Díaz Pardeiro, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 14.01.2017.
[4] Informante: Milagros Canoura López, 22.08.2013. Milagros dános o segundo apelido do seu bisavó coa forma Álvarez-Villamil, que acaso sexa a correcta. Visita e fotografía: IF, 28.08.2013.
[5] Informante: Xosé Manuel Maseda Blanco, 1998.
[6] Visita e fotografía: IF, 15.09.2000.
[7] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.

| Fontes |

A FONTE DA PEDREIRA

Situación: lugar do Pazo.
Perto da Casa do Pazo ou do Indiano [1].
Restaurada.

A FONTE DA VILA

Situación: A Fonte da Vila.
Con pío, pinguela e lavadoiro rústico [2].

| Fontes desaparecidas |

A FONTE DO CONDE [3]

[1] Visita: Xesús Pisón, Isaac Ferreira, Amalia Casabella López, Alfonso Pérez Blanco, 26.08.2015. Nota dos autores: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, ·Eres de Ferreira do Valadouro si...", 15.09.2016 (IF).
[2] Nota dos autores: María Olimpia Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, ·Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 26.01.2018; e Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, o 15.09.2016. (IF).
[3] Encarna Parga González publicou fotografía dun pío (que di proceder da Fonte do Conde) en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 10.03.2017 (IF).

O rei Recaredo

O rei Recaredo tiña reclinatorio na igrexa de Recaré, e foi o que trouxo o castellano para o Valadouro [1].

Fermín da Gaita

Unha tarde de inverno estaba unha nena de Recaré na cociña coa mai, cando pasou por alí Fermín da Gaita, que era manflorito, unhas veces home e outras muller, dependendo da lúa. Fermín tiña a barba mesta e andaba sempre vestido de negro, cuns pantalóns por debaixo e unha saia por riba. O caso é que aquel día sentou ao pé do lume e pediu un vaso de viño. A muller deullo e estiveron a parolar un pouco. Ao anoitecer dixo Fermín:
—Voume, que hoxe son muller e teño medo de que se metan comigo.
A muller repuxo:
—Déixate de lerias, Fermín, que ti es home.
—Ai, si? —dixo el—. Pois mira logo.
E desabotoou a camisa. A muller tapoulle os ollos á filla coa mao, mais a cativa viu por entre os dedos que Fermín tiña un peito de muller.
De alí a un tempo, sendo verao, estaba a nena a alindar as vacas na Alvariña, cando viu a Fermín espido ao sol. E aquel día era home" [2].

A cova do ouro

Un home de Recaré díxolle a un veciño que el sabía dunha cova onde había moito ouro, e pediulle axuda para ir apañalo.
O veciño, que era moi burlón, díxolle:
—Hoxe non podo ir. Vai ti e tráeme un saqueto cheo.
O home foi á cova e encontrouna inzada de sacabeiras. E para lle dar un escarmento ao veciño, encheu un saco delas e deixoullo na porta.
Á mañá, cando o burlón abriu o saco, achou que estaba cheo de ouro [3].

A viga de ouro

Un home de Recaré que andaba a cavar no monte da Corveira en procura da viga de ouro que hai alí enterrada, topou cunha moeda que tiña unhas letras moi malas de ler, e en pasando uns días foilla amosar a un reloxeiro de Mondoñedo que lle chamaban Varela. Despois de examinala, Varela díxolle que a gardase ben, que a moeda tiña moito valor. O home voltou para Recaré e contoulle o caso á muller. Ela contestoulle:
—Ai, home, fixeches ben, que para a semana son as Festas do Oito e non teño alfaia que poñer.
Cando chegou o día da festa, a muller prendeu a moeda no vestido e saíron os dous moi fachendosos para Ferreira. E en chegando á praza do baile desapareceulle a moeda do peito [4].

O ouro da Corveira

Ían dous homes buscar o ouro que hai enterrado na Corveira e de camiño pararon nunha casa de Recaré por beber unha pouca de auga. Alí díxolles un vello:
—Para dar co ouro tedes que cavar cantando. Se falades, o ouro non aparece.

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto VIII, páx. 18.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XXX, páx. 27.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXXVII, páx. 102.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXLVI, páx. 105.

Os homes seguiron camiño, e ao chegar ao couto puxéronse a cavar e a cantar, como lles dixera o vello. Aló contra a noite deron co ouro. Entón un deles dixo:
—Grazas a Deus!
E o ouro desapareceu [1].

A igrexa de ouro

Dous homes que estaban a traballar no Couto dos Castros, de Recaré, apartaron unha pedra e viron unha escaleira que se metía para debaixo da terra. Un dos homes meteuse polo furado e ao chegar abaixo reparou nunha luz moi grande, e é que alí había unha igrexa de ouro. O home saíu a correr para fóra e contoulle ao outro o que vira, conque acordaron ir buscar un carro para levar o ouro. E cando voltaron con el, desaparecera todo [2].

A Fonte do Cucharego

Nas Penas do Cucharego de Recaré había unha fonte, e alí víanse tres pícaras a bailar no véspera do San Xoán [3].

Os santos de Recaré

Un home de Recaré pasou por diante da igrexa un pouco antes do amencer do Día de San Xoán, e sentiu uns taraboulos dentro. O home agachouse detrás dunhas pedras, morto de medo. De alí a un pouco saíron os santos pola porta e colleron para a Fonte da Pedreira, onde se puxeron a bailar moi animados.
Ao abrir o día, voltaron para a igrexa, e xa nas súas peañas, despedíronse:
—Deica o ano que vén, compañeiros! [4].

A bodegueira e as Ánimas

Había unha bodegueira en Recaré, e todas as noites viñan buscala e levábana a rastro polos toxos, sen que ela soubese quen era.
Un día acendeu o forno e sentouse a agardar. E ao sentir que andaban nas caravillas, dixo:
—Hoxe non podo ir, que estou cocendo para as Ánimas!
E nunca máis volveron atormentala [5].


[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CXLVIII, páx. 106.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXLIX, páxs. 106-107.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXVII, páx. 112.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCVII, páxs. 121-122.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXVII, páx. 151.




Igrexa parroquial.
Recaré.
Cronoloxía: 1700.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.

Pedra de reedificación, con armas.
Igrexa parroquial.
Recaré.
Cronoloxía: 1700.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.





IGREXA PARROQUIAL DE RECARÉ
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo V, 1983, p. 289.



Igrexa parroquial.
Recaré.
Xanela da fachada principal.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.




Pía bautismal.
Recaré.
Muro exterior dereito.
Estilo: románico.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.





San Xulián (o patrón)
e *Santa Lucía* (século XVIII).
Recaré.
Fotos: Ángeles Parga.
Datas: 07-01-2018 e 08.01.2018.



Cristo da Indiana.
Recaré.
Face anterior.
Colección fotográfica Sargadelos.



Cristo da Indiana.
Recaré.
Face posterior.
Colección fotográfica Sargadelos.





Torre de Parga.
Recaré.
Cronoloxía: século XVI.
Fotos: María Olimpia Parga Pardiñas, facilitadas o 09.06.2018 e 10.09.2017.



Casa do Pazo ou do Indiano.
Recaré.
Situación: O Pazo.
Foto facilitada por:
Andrés García Doural
e Xosé Ramón Reges.
Data: 24-07-2016.





O Casal da Abelleira ou *de Cerdeiras.*
Recaré.
Situación: Casal.
Cronoloxía: 1719.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 13-04-2001.





O Casal da Abelleira ou *de Cerdeiras.*
Recaré.
Situación: Casal.
Cronoloxía: 1719.
Pedra fundacional e lintel con signos marianos.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



Panteón do Casal da Abelleira ou de Cerdeiras.
Recaré.
Exterior do cemiterio parroquial.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 13-04-2001.

O Reirado

O REIRADO

Parroquia do concello de Alfoz, arciprestado do Valadouro, diocese de Mondoñedo-Ferrol. Eclesiasticamente está distribuída entre as parroquias de Ferreira (O Valadouro) e San Pedro de Mor (Alfoz).

Coordenadas [1]: Latitude: 43º 32' Lonxitude: 7º 25'

Superficie [2] en Km^2: 0,27

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Budián (O Valadouro), Ferreira (O Valadouro) e Bacoi (Alfoz); ao sur, polas de Lagoa (Alfoz) e San Pedro de Mor (Alfoz); ao leste, polas de Bacoi (Alfoz) e San Pedro de Mor (Alfoz); e ao oeste, pola de Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro) [3].

É lindante coa parroquia da capital municipal, e atravésaa a estrada LU-160 (Mondoñedo-Ferreira).

Ten 54 habitantes (Homes: 25. Mulleres: 29) [4], distribuídos nas entidades de poboación de: *O Penido, O Reirado, San Caetano, As Teixoeiras* [5].

"Están los barrios de la Castellana y el de Reirado, donde se conserva la vieja ermita de San Cayetano por donde pasaba dicho camino [jacobeo] y en donde se celebraba el mercado hasta que se trasladó a la villa de Ferreira" [6].

Festividades [7]: *San Caetano*, 7 de agosto. (Tense celebrado os días 20 e 21 de xullo).
A titular da parroquia é Santa María (15 de agosto).

[1] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 171.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 64.
[3] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[4] Fonte: INE, 01.01.2017.
[5] DOG, núm. 245, 19.12.1991, páx. 10.346.
[6] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), páx. 16, 20.03.1992.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

| Toponimia | [1]

O Reirado: nome da parroquia.

Hidrónimos

Río Ferreira (afluente do *Ouro*<*Douro*; relacionado co lat. FERRUM > ferro).

Entidades de poboación

O Penido (do lat. PINNAM 'pena'), *O Reirado, San Caetano* [2], As *Teixoeiras* (fauna; do xermánico *taxo, –onis*, 'porco teixo', latinizado con variantes, como **taxonaria*, 'lugar onde hai porcos teixos'; non se debe confundir coa base 'teixo', árbore) [3].

Lugares

A Fonte das Viúvas [4].

Topónimos con data documentada

Reirado (1697) [5].

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] Nomenclátor de Galicia. Lugo, Xunta de Galicia, Imprime Litonor, A Coruña, 2000, páx. 19.
[3] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973. A. Moralejo Lasso, *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, páx. 41. F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páx. 318.
[4] "Encanto de la Fuente de las viudas", en D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 56.
[5] AHN. Clero. Libros, n. 6371. fols. 334v-329, data: 03.12.1697. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 261.

Século XVII

Foros. Cronoloxía: 1690-1698.

"En 3 de diciembre el prelado [Fr. Miguel Quijada, O. Cist., bispo de Mondoñedo (1690-1698)] otorgó foro a Antonio da Balsa y otros vecinos de Alaje de una heredad de 10 fanegas, que lindaba con el río que iba junto a la ermita de Ntra. Señora de Ferreira, hacia el lugar de Reirado, por tiempo de tres reyes y canon foral de la quinta parte del fruto" [1].

Século XVIII

Feiras. Cronoloxía: 1789.

"Ya en el siglo XVIII destaca la feria de ganado caballar de Reirado" [2].

"Don Alejo Arias, en virtud de Orden del Concejo de Mondoñedo, en 21 de Marzo de 1789, ante Luís Fernández del Riego, Escribano de aquel Concejo, firma una relación de las ferias y mercados existentes en la provincia mindoniense.
Vemos, pues, por esta relación, que había las ferias y mercados siguientes:
... La de Reirado, en Santa Cruz del Valle de Oro, era antigua, libre de impuestos y duraba el tiempo de la anterior [a de Carballido, os tres meses da primavera]" [3].

Século XX

Parroquias rurais-civís e relixiosas. Cronoloxía: 1960-1996.

"[O] Reirado (Sta. María, en el arciprestazgo de Valadouro, se reparte a efectos eclesiásticos entre Valadouro (S. Acisclo) y Mor (S. Pedro)" [4].

En realidade, a parroquia do Reirado é anexa eclesiasticamente á de Ferreira (Santa María), concello do Valadouro, creada no ano 1896; e civilmente pertence ao concello de Alfoz.

[1] AHN. Clero. Libros, n. 6371. Fols. 334v-329. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 261.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 98.
[3] E. Lence-Santar y Guitián, "Ferias y mercados de la provincia de Mondoñedo". Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páx. 155.
[4] M.ª P. de Torres Luna-F. R. Durán Villa [USC], "La Diócesis de Mondoñedo-Ferrol. El territorio y el clero (1960-1996)", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 628, n. 20.

CAPELA DE SAN CAETANO

Parroquia do Reirado *(Santa María)*
Situación: Estrada LU-160 (Mondoñedo-Ferreira), Km 19.
Cronoloxía: 1709.
Foron os seus fundadores José Maseda Río y Mos e Agustina Villar Mon Vidal (a súa segunda esposa) [1].
Particular [2].
Muro interior lateral esquerdo, ao lado do altar de San Xosé, lápida coa lenda da fundación da capela:

ESTA CAPILLA FUE FUNDADA POR DON JOSÉ MASEDA RÍO Y MOS Y SU SEGUNDA ESPOSA DOÑA AGUSTINA VILLAR MON VIDAL EN EL AÑO 1709 [3].

Pórtico con catro columnas.
No pórtico, á dereita da entrada, utilizada como altar, destaca unha suposta pedra sepulcral [4].
Porta con lintel e bólas encima.
Espadana dun só van.
Pintura mural, probabelmente unha Crucifixión, tapada ao calear as paredes interiores.
Dous retablos do século XVIII.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [5].

"Auténtico prototipo de capela rural" [6].

Camiño xacobeo

"Partiendo del punto de confluencia [del camino jacobeo] y sus inmediaciones, y a unos 300 metros en la parroquia actual de Ferreira, entonces perteneciente a Santa Cruz del Valle de Oro, están los barrios de la Castellana y el de Reirado, donde se conserva la vieja ermita de San Cayetano por donde pasaba dicho camino y en donde se celebraba el mercado hasta que se trasladó a la villa de Ferreira" [7].

"En REIRADO, la antiquísima capilla de la Divina Pastora y San Cayetano, con dos altares barrocos, una inscripción que no ha sido descifrada en una de sus paredes y un altillo en su pórtico que bien podría ser una antigua tumba" [8].

---

[1] Unha muller da familia dos Masedas casou co primeiro Acevedo que chegou ao Reirado, proveniente da Pontenova. De modo que un Acevedo Maseda, fillo dos anteriores, era avó de Ramón Acevedo Carballés, actual propietario da capela de San Caetano. Informantes: Carmen Alonso Villarino e Carlos Acevedo Alonso, 15.08.2013 (IF).
[2] Propiedade de Ramón Acevedo Carballés.
[3] Informante: Ramón Acevedo Carballés, 13.04.2001, descendente de Maseda y Río. José Maseda y Río debía ser sobriño ou neto de Maseda de Aguiar, orixinario de Valmaseda, País Vasco. Estes Masedas instauraran a industria do ferro no Valadouro, o mesmo que os Sánchez Vidarte. Dolores Sánchez Orol daba esta inscrición como sen descifrar até hoxe, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 29.
[4] D. Sánchez Orol, op. cit., 1994, páx. 29.
[5] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo I, 1993, páx. 73.
[6] Xosé Manuel Casabella [López], Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 21.01.2017.
[7] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso*, (A Mariña), páx. 16, 20.03.1992.
[8] D. Sánchez Orol, op. cit., Lugo, 1994, páx. 29. Nota dos autores: A inscrición está descifrada (véxase o parágrafo que ampara a nota 3).

Nave e pórtico

"Consta de nave cubierta a dos aguas, sencillo pórtico delante con cuatro columnas, puerta con dintel y bolas encima y espadaña de un solo vano. Pavimento de lastras y pila de agua bendita junto a la entrada. En el pórtico hay a la derecha de la entrada mesa fija de piedra, sobre la cual se celebraba la misa en los días de gran concurrencia hasta que, en el siglo XVIII, lo prohibió el obispo Sarmiento de Mondoñedo [Fr. Antonio Alejandro Sarmiento Sotomayor (1728-1751)], puesto que en los días de feria era frecuente el que los feriantes colocasen sus baratijas y mercancías sobre dicha mesa de altar" [1].

Presbiterio

Retablo maior.
Cronoloxía: século XVIII.

"Retablo mayor del siglo XVIII de dos cuerpos. En el primero cuatro columnas salomónicas y tres hornacinas. Lleva las imágenes de San Antón, San Cayetano y la Virgen (todas ellas de 0,62) del siglo XVIII. En el segundo cuerpo Santo Apóstol (0,72), siglo XVIII.
A los lados del retablo relieves de ánimas y San Miguel (0,25 x 0,35). Forman un todo con el retablo y están policromados" [2].

Muro lateral esquerdo

Retablo de San Xosé.
Cronoloxía: 1722.
Estilo: barroco.

"Pequeño retablo de un solo cuerpo, barroco, siglo XVIII, dos columnas salomónicas e imagen de San José con el Niño en la mano, buen estofado (0,82).
En el banco del retablo se lee: *Este retablo hizo a su costa Don José Maseda Río y Mos y su segunda mujer Doña Agustina Villar Mon Vidal, año de 1722.* Tiene este retablo frontal barroco de madera pintada.
Junto a este retablo lápida de fundación del pequeño templo por don José Maseda en el año 1709, está empotrada en el muro (1,40 x 1,00).
Pequeña imagen de San Cayetano de besar (0,25). San Lorenzo popular (0,24)" [3].

Imaxes existentes no ano 1999 [4]

San Xosé co Neno	Bon estufado.
San Caetano	
Santo Estevo	
Santo Antonio	Cronoloxía: século XVIII.
Virxe de Guadalupe	Cronoloxía: século XVIII.
Outro San Caetano	Restaurado.
San Vicente	De poñer [5].

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. III, 1980, páx. 32.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páxs. 32-33.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. III, 1980, páx. 33.
[4] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[5] Estaba pendente de restauración por parte do seu propietario, o mesmo que o Santo Antonio e a Virxe de Guadalupe, 13.04.2001.

| Cruceiros, cristos e cruces |

CRUZ DE PACO

Situación: As Teixoeiras.
Cronoloxía: comezos do século XXI.
Coordenadas: N: 4.354.592 W: 742.818

"Forma parte do grupo de Outras cruces.
Está ao carón da estrada de Ferreira a Alfoz, á esquerda, nas Teixoeiras. É propiedade de Paco de Monteiro.
Está formada por unha plataforma, un plinto, unha base e unha cruz asentada sobre outro plinto. Podemos comprobar que foi feita con trozos [sic] de cantería de diferentes zonas ou restos de cruces. É a única cruz desta parroquia de Alfoz e foi colocada a comezos do século XXI" [1].

| O Camiño Real e o Camiño de Santiago |

O CAMIÑO DE SANTIAGO

"Desde San Cayetano [O Reirado] el camino [jacobeo] sigue al puente nuevo de Castro de Ouro, documentado en la escritura de contrato de la obra... el 8 de mayo de 1615, según consta en el protocolo de Jácome Núñez Castrillón (1615, Archivo notarial de Viveiro)" [2].

O CAMIÑO REAL

Afírmase que pasaba a carón da capela de San Caetano [3] e continuaba polo lugar da Castellana cara a Ferreira.

[1] M. Saavedra Pérez, *Os Cruceiros, Cristos e Cruces no concello de Alfoz (Lugo)*, 2014, www.mesondoforno.com. Situación: no recinto da casa de Paco de Monteiro.
[2] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16.
[3] En tempos había pousada no lugar.

| Casas Grandes |

A CASA DOS ACEVEDOS

Situación: San Caetano.
Mantén o escudo de armas [1].

| Outras casas de interese |

A CASA DE SIXTO

Situación: O Liñar.
Fábrica de curtidos.
Cronoloxía: séculos XIX-XX.
Restos [2].

"En la casa de Sixto, quedan todavía restos que nos recuerdan una fábrica de curtidos" [3].

"Finalmente, Justo Alonso herda de Benito Alonso Pérez a propiedade, xa en estado de ruína, propiedade que mercan no ano 2009 Paula Ferreiro e Marco Candia, procedendo a restaurala parcialmente como vivenda" [4].

| Fontes |

A FONTE DAS VIÚVAS

Situación: desaparecida.
Existe lenda [5].

---

[1] Esta casa máis ben era dos Masedas, porque os Acevedos viñeron da Pontenova. Un Acevedo casou cunha Maseda da casa do Reirado. Informante: Carlos Acevedo Alonso, 25.12.2013.
[2] A piques da entrega deste Inventario para a súa publicación, sae á rúa o traballo de Claudio Otero Eiriz *As fábricas de curtumes de Alfoz. Historia e patrimonio*, publicado como caderno núm. 8, Área de Sociedade (da que é responsábel Xesús Pisón), do Seminario de estudos do Valadouro (SEVA), 2018. Neste traballo de investigación pormenorizado menciónanse tres fábricas de curtumes ou curtidoiros, o do Penido, o do Liñar o e de Vilaúde, ambos os tres na parroquia de San Pedro de Mor (concello de Alfoz), dado que daquela non existía aínda a parroquia do Reirado, onde actualmente están situados os restos das fábricas do Penido e do Liñar, sobre todo desta última. Francisco Pérez Mon tivo relacións empresariais de curtidos, e mesmo de amizade, con Pedro Sixto (da familia de Aquilino), que era o pai, entre outros, de Pilar Sixto Ben (*Pilariña da Barra*), e avó de Pilar Trigo Sixto (*Pilarita da Barra*). Un sobriño de Pedro Sixto, chamado Xesús Sixto, viviu nesta casa. Xesús Sixto tiña un irmán chamado Xaime, avogado, e eran curmáns de Pilar Sixto Ben. Informantes: Xulio Trigo Rouco e Pilar Trigo Sixto, 14.04.2014 (IF).
[3] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, Lugo, 1994, páx. 32.
[4] Claudio Otero Eiriz *As fábricas de curtumes de Alfoz. Historia e patrimonio*, caderno núm. 8, do Seminario de estudos do Valadouro (SEVA), 2018, páx. 40.
[5] D. Sánchez Orol, op. cit., Lugo, 1994, páx. 56. Figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLXX, páx. 111.

O Encanto da Fonte das Viúvas

“En este caso lo que se veía era un hermoso laurel en medio de un peñasco al lado de la fuente. Laurel, que siempre permanecía igual: no crecía, no se secaba, no le caía una hoja... Pero eso sí: si alguien intentaba acercarse, desaparecía como por arte de magia. Se alejaba[n], volvían a mirar y allí estaba otra vez el laurel tan pimpante.
Las gentes, al no comprender lo que ocurría, comenzaron a decir que allí había un ENCANTO y así lo siguieron contando aún los ancianitos que quedan por estas tierras.
Luego, un buen día desapareció para siempre y nunca más se supo lo que allí había ocurrido.
—*Era un encanto* —repiten los ancianos.
Yo lo cuento como a mi me lo contaron” [1].

A meiga do Reirado

Unha vez estaba unha muller do Reirado a muxir a vaca, cando pasou pola porta unha veciña; e niso o animal comezou a dar sangue no canto de leite.
A muller asustouse e foillo contar a un vello que moraba ao lado, e este díxolle:
—Cala, que habemos saber quen che meigou a vaca. Hoxe pola noite botas o leite na lareira e mazas nel cunha corda até que non quede unha gota.
A muller fíxoo, e pola mañá viu pasar a veciña toda denegrida, como se lle tivesen dado unha malleira [2].

A golpa

A Muchiqueta vivía soa no Reirado. Un día, ao erguerse, preguntoulle a unha veciña:
—E logo quen morrería?
—Ai, pois non che sei —respondeulle ela.
—Pois alguén morreu, que eu sentín a golpa de noite.
De alí a un pouco chegou un rapaz nunha bicicleta e dixo que morrera unha vella da parroquia [3].

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 56. Citada posteriormente por A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 38. Figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLXX, páx. 111.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXLII, páxs. 138-139.
[3] Contadora: Pepilla Galán Orol, 06.09.1998. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXCIV, páx. 162.





Capela de San Caetano.
O Reirado.
Cronoloxía: 1709.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 27-05-2001 e 13-04-2001.

San Pedro de Mor

SAN PEDRO DE MOR

Parroquia do concello de Alfoz, arciprestado do Valadouro e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 31' Lonxitude: 7º 25'

Superficie [3] en Km^2: 3,66

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Bacoi (Alfoz) e O Reirado (Alfoz); ao sur, polas de Adelán (Alfoz), Lagoa (Alfoz) e As Oiras (Alfoz); ao leste, polas de Adelán (Alfoz), Bacoi (Alfoz) e O Castro de Ouro (Alfoz); e ao oeste, pola de Lagoa (Alfoz) [4].

Ten 500 habitantes (Homes: 242. Mulleres: 258) [5], nas entidades de poboación de: *O Barral, O Candaedo, Correlos, Couto de Baixo, Couto de Riba, O Fargallo, O Fontelo, A Igrexa, Liñar, A Rega, Santa Mariña, A Seara, Vao, Vilagabe, Vilaúde, Xordelo* [6].

A Seara é a capital do concello de Alfoz.
Estradas LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira) e CP-0202 (Santo Acisclo-A Seara-As Oiras).
Na Granda de San Pedro está a Casa do Concello (estrada CP-0202, Km 6), anteriormente instalada na Torre do Castro de Ouro. Dispón de Arquivo municipal.

Festividades [7]: *San Pedro*, 29 de xuño. Titular e Patrón da parroquia.
San Cristovo, 10 de xullo. Celébrase o primeiro domingo de agosto no adro da igrexa parroquial. Popularmente coñecida como *A Festa dos Choferes*, é unha festa de todo o Concello de Alfoz.
A Nosa Señora do Carme, 16 de xullo.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXI, páx. 215.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 177.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 64.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 1999.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 245, 19.12.1991, páx. 10.346.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

San Pedro de Mor: nome da parroquia.
Etimoloxía. Dúas hipóteses:
1.- **Mor* (preindoeuropeo, anterior ao céltico; etrusco) = pedra [2].
2.- *Mauri (Sanctus Petrus de Mauri)* (1124), xenitivo, como no caso de *Vilamor* (Mondoñedo), *Villa Maur* (969), *Villa Mor* (1086) [3].

Orónimos

As Porcas (481 m), *Pico Grande* (452 m), *A Pena das Doce* (282 m; entre as parroquias de Adelán e San Pedro de Mor) [4].

Hidrónimos

Beloi, Ferreira, Ouro (*<Douro*), *Vao* (lat. VADU 'sitio pouco profundo do río'), afluente do *Ouro* en Santa Mariña.

Entidades de poboación

O Candaedo (*CAND–, tal vez emparentada con *CANT– 'pedra'; ou *CANDANETUM, der. de *cándano* 'póla seca; árbore queimada'), *Correlos, O Fargallo, Liñar* (flora; do lat. LINU 'liño', 'lugar onde se cultiva o liño'), *A Seara* (orixe céltica, **senara* = parte do terreo reservada ao señor; porción de terra cultivada), *Vilagabe, Vilaúde, Xordelo* [5].

Lugares

O Chao da Lama, Os Condes, A Malata (tal vez relacionado coa partícula *MAL–, *MALA–, preindoeuropeo, 'altura') [6], *O Molazal* (entre a igrexa parroquial e O Barral), *Santa Mariña, A Torre [de Vilaúde]* [7], *Vilagabe* [8].

Topónimos con data documentada

Mor (1164, 1443, 1488), *Mour* (1164, 1165), *Moor* (1442, 1443), *Rouoredum* (1164, Reboredo?), *Uilla Gaue* (Vilagabe, 1164), *Vilaúde* (1450), *Villaude* (1716), *Porto de Bouzas* (1855) (*porto,* 'paso de montaña'; *bouza,* 'terreo inculto poboado de toxos, xestas, uces') [9].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Amarelo, Carballa (flora; precelta, de *CARBALIU 'carballo'), *Condes, Gulpilleira* (fauna; do diminutivo latino VULPECULA, de VULPES 'golpe, raposo') [10], *Óso, Penido, Rego de Cartas, Reira do Partido (O Reirado)* [11].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páx. 257.
[3] N. Ares Vázquez, "Toponimia do concello de Mondoñedo", *EM*, núm. 14, 1998, páxs. 949-950.
[4] Lionel Rexes Martínez sitúaa claramente en San Pedro de Mor, 31.08.2012.
[5] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 973.
[6] F. Cabeza Quiles, op. cit., 1992, páx. 251.
[7] M. Vázquez Seijas menciona a "torre de Belaunde", en *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. IV, 1967, páx. 287; mais este mesmo autor, no t. VI, 1973, páxs. 51-52, xa lle chama a "torre de Vilaúde".
[8] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999. "Posible poblamiento que se remontaría a la época suevo-visigótica,... lugares como Gundín, Vilagave [Vilagabe], Vilaúde", A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 53.
[9] Fontes: E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páxs. 34-36, 428-429. Colección diplomática, *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páx. 102. Documento privado de 1855: "Na montaña do Vao de Mor". Era propietario do lugar Juan José Martínez Moscoso, Escribán de Cámara da Audiencia Territorial de Madrid, con residencia na parroquia de Santa Cilla do Valadouro" (IF).
[10] A. Moralejo Lasso, *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, páx. 307.
[11] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928.

Século XII

1124-1128

No ano 1124 a parroquia pertencía ao Conde de Sarria, don Rodrigo Vélaz:

O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII (1126-1157), xunto coa súa nai a raíña dona Urraca (1109-1126), fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 1128, morta xa dona Urraca, o rei Alfonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio... Post partem regis sanctus Petrus de Mauri* (San Pedro de Mor) [1].

"El repartimiento de tierras que lleva a cabo Alfonso VII en 1128 está basado en la ampliación del realengo a través de un reparto entre el conde [Don Rodrigo] y el obispo [Don Nuno]. De las diez iglesias que constituían la llamada *Terra de Aurio*, cuatro dependían del obispo y seis del rey. Este reordenamiento sufrirá transformaciones en 1164 con el trueque de la parroquia de *San Pedro de Mor...*" [2].

1164-1165

Trocos. Cronoloxía: 23.08.1164.

No ano 1164, o conde D. Álvaro e a súa muller, Sancha Fernández, subscribiron unha *escritura de cambio* co bispo de Mondoñedo Pedro II (1155-1167) e co prior, pola que aqueles cedían a estes a igrexa de San Pedro de Mor e outras máis [3].

Troco realizado, con consentimento do rei don Fernando II de León, entre o conde don Álvaro [Conde de Montenegro], por unha parte, e o bispo don Pedro, co Cabido da Catedral, por outra, en virtude do cal o primeiro concédelles ao prelado e á súa sé a igrexa de San Pedro de Mor, a metade da de San Xurxo de Lourenzá e de San Martiño de Ferreiros, e este outórgalle a aquel as parroquias de Santiago de Vigo (Ribadeo), Vilaselán e San Xoán de Piñeira [4].

O rei don Fernando II de León concédelle ao conde don Álvaro [Conde de Montenegro] a freguesía de San Pedro de Mor a fin de que el lla poida cambiar ao bispo de Mondoñedo. Concédelle, igualmente, o couto de Vilar de Caureses [5].

Concesións reais. Cronoloxía: 14.04.1165.

---

[1] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, páx. 25; e AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8; copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, 1878, páxs. 134-135. Tamén J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.

[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 42.

[3] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXI, páx. 215.
Bibliografía: F. Lanza Álvarez, *Ribadeo Antiguo*, Madrid, 1933, páx. 21. A. Barja Prieto, *Páginas históricas gallegas*, BCML, t. VII, Lugo, 1959. M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. II, 1959, páx. 249. S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980.

[4] ACM. Arm. 8, n. 17. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 510, n. 61. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. núm. 17, 23.08.1164, páxs. 33-35.

[5] ACM. Arm. 8, n. 16. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 14, 1998, páx. 510, n. 60. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, páxs. 35-36, doc. núm. 18, 14.04.1165.

"Existe otro documento del 14 de abril de 1165 por el cual el rey D. Fernando II concede a dichos condes [D. Álvaro e Dona Sancha Fernández] el caracterio de la feligresía de S. Pedro de Mor con todo su derecho y la voz regia sobre la parroquia" [1].

Século XIII

Carta de Concordia. Metade da parroquia de San Pedro de Mor queda incluída no alfoz do Castrodouro. Cronoloxía: 07.02.1254.

Hemos tratado de localizar el lugar donde esta fortaleza-palacio haya podido estar emplazada, siendo todas nuestras reiteradas pesquisas e investigaciones documentales infructuosas. Ni Madoz en su *Diccionario Geográfico*, ni los nomenclátores provinciales, nos dan luz alguna de un lugar o sitio en el municipio del Valle de Oro, que responda a tal nombre.
Nos decidimos, sin embargo, a utilizar los datos de referencia, tomándolos como veraces, dada la solvencia y seriedad del autor de los mismos" [5].

"Del Osorio a quien el Rey [D. Pelayo] hizo la donación, fue hijo de D. Gutierre Osorio, y de este, D. Osorio Pétriz, probable caudillo de la gente de Santiago, en la batalla de Clavijo, cuyo desenlace final fue glorioso para el ejército del Rey D. Ramiro I, a pesar de no haber sido favorable el primer día,

[1] C. A. González Paz, "Las fortificaciones medievales en el Val do Ouro", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páxs. 178-180.
[2] C. A. González Paz, op. cit., en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, 2006, páx. 148 e ss.
[3] Non coñecemos outro lugar chamado Vilaúde en toda a provincia de Lugo, mesmo nin en Galiza.
[4] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. IV, 1967, páx. 107.
[5] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. IV, 1967, páx. 101.

pues el único estandarte que quedó en poder de su ejército fue el que llevaba D. Osorio, quien logró que, aún hecho girones, no cayese en poder de los infieles. Este estandarte se conserva en la catedral de Astorga" [1].

"El apellido Osorio es gallego, descendiente del conde Gutierre Osorio, en los tiempos de Mauregato, rey de Asturias (783-789). Este ilustre linaje enlazó con la primera nobleza de España. Una rama pasó a Portugal, y otras varias se extendieron por distintos puntos de la nación, pues fue muy copiosa la descendencia de esta destacada familia" [2].

"Descendientes directos de la casa solar de Villanueva [de los Caballeros], fueron Don Osorio Gutiérrez, monje del siglo X,..., hijo de los condes D. Gutierre y Doña Aldonza, caballeros nobles y ricos de Galicia, emparentados con el rey de León. Pasó los primeros tiempos de su vida sirviendo al rey en la guerra contra los moros, y en la frontera estaba, cuando habiendo muerto su padre, le escribió una hermana llamada Urraca, para que viniese a tomar posesión de sus tierras.
Poco después y por fallecimiento de su mujer, se decidió a fundar un monasterio y hacerse monje. Este monasterio fue el de Lorenzana, a cuya inauguración [3] asistieron los obispos de Braga y Dumio, León, Iria, Tuy y Mondoñedo, acto que tuvo lugar el 17 de Junio del año 989" [4].

"El conde D. Osorio Gutiérrez, llamado el Conde Santo, estuvo casado con Doña Teresa Alonso, de la ilustre familia de los Fafes, y fue fundador del monasterio de Lorenzana, en el año 969, al cual hizo grandes donaciones, agregándole las que sus ascendientes habían hecho a otros monasterios próximos, y además los bienes y rentas que le donó el Rey D. Ordoño III (950-955)" [5].

"Toponímicamente resulta imposible la localización de la citada fortaleza y de haber existido en el Valle lo más aventurado sería situarla bien en la zona de Vilaúde o bien en la parroquia de Recaré donde existe una torre denominada en los documentos como *Casa Torre de Recaré* que algunos autores denominan *Torre dos Moscosos* existiendo en las proximidades de la torre una fuente con el nombre de *Fonte do Conde.* En la primitiva construcción de base cuadrangular con arco de acceso en la fachada principal destaca una torre de flanqueo y semicircular" [6].

VILANOVA DE AURIO

Vilanova de Ouro (< Vilanova de Douro)

Vilanova dos Cabaleiros?

Documentación. Doazóns. Cronoloxía: 02.03.1112.

Nun documento, datado no dous de marzo de 1112, a Raíña Dona Urraca (1109-1126) concédelle ao bispo de Mondoñedo, don Nuno Alfonso (1112-1136), tres *vilas* (casas de campo con propiedades) que tiña en Viveiro e no Valadouro.

"... de tribus villis de illo infantico quas habeo in Aurio, et in Viuario, uidelicet de Vilanoua de Aurio et de Petrosa et de Sancto Petro de Viuario" [7].

Este documento de doazón reprodúceo tamén o historiador Carlos Andrés González Paz nunha investigación pormenorizada que realiza no ano 2005 acerca das fortalezas medievais das terras de Viveiro.

Doazóns. Cronoloxía: 02.03.1112.

---

[1] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. IV, 1967, páx. 101.
[2] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. IV, 1967, páx. 104.
[3] *Enciclopedia Universal*, Edit. Espasa.
[4] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. IV, 1967, páx. 105.
[5] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. IV, 1967, páx. 103.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 129-129.
[7] ACM. Arm. 3, n. 39. E. Cal Pardo, "De Viveiro en la Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, páx. 79.

«... en una donación que la reina Dª Urraca (1109-1126) realiza el 2 de marzo de 1112 en favor de la sede mindoniense y de su prelado Munio Afonso (1112-1136). Se trata de tres *villae* pertenecientes a los bienes del infantado, situada una de ellas en la feligresía de San Pedro de Viveiro: "*... de tribus villis de illo infantico quas habeo in Aurio, et in Viuario, uidelicet de Vilanoua de Aurio et de Petrosa et de Sancto Petro de Viuario...*"» [1].

Dado que o topónimo *Vilanova* non subsistiu no Valadouro, é moi posíbel que este *Vilanova de Ouro* (*Vilanova de Douro?*) de comezos do século XII e o *Vilanova dos Cabaleiros* dos séculos IX-X mencionado por Vázquez Seijas fosen a mesma *vila*. As datas son razoabelmente próximas.

Será esta Vilanova de Aurio a Vilanova dos Cabaleiros relacionada cos Osorios?

Xenealoxía de Osorio Gutiérrez, o Conde Santo [2]

Era Hispánica: 872.
Era Cristiá: 834.
Don Luís Osorio, Señor de Villalobos en Campos.

Era Hispánica: 966.
Era Cristiá: 928.
Don Osorio Gutiérrez, tío e cuñado do rei Ordoño IV de León.

Era Hispánica: 991.
Era Cristiá: 953.
Don Gutierre Osorio, pai do Conde Santo e primo do rei de León.
A nai do Conde Santo era Dona Aldonza.

Era Hispánica: 1007.
Era Cristiá: 969.
Don Osorio Gutierre, Conde de Campos e de Galiza, fundador do Mosteiro de San Salvador de Lourenzá e frade de San Bieito neste mosteiro. O Conde Santo casou con Dona Urraca Núñez, da que tivo tres fillos.

Era Hispánica: 1007.
Era Cristiá: 969.
Condesa Dona Elvira, filla do Conde Santo.

Era Hispánica: 1167.
Era Cristiá: 1129.
Don Rodrigo Vela [Velaz?] Osorio, Conde de Campos e Cónsul do Rei de León.

Era Hispánica: 1169.
Era Cristiá: 1131.
Don Gutierre Osorio, Conde de Campos.

Era Hispánica: 1239.
Era Cristiá: 1201.
Don Gómez Vela [Velaz?] Osorio, Conde de Trastámara.

[1] ACM. Arm. 3, núm. 39. Transcrip. Villaamil y Saavedra, F. A., *Memorias Históricas de la S. I. Catedral de Mondoñedo*, fol. 25v. Edit. E. Cal Pardo, "De Viveiro en la Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, doc. 2, páxs. 78-79. En C. A. González Paz, "Fortificaciones medievales en la tierra de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 21, 2005, páx. 588 e n. 9.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *El Monasterio de San Salvador de Lorenzana*, 2000, páx. 9.

A CASA DE CACHÍN

Situación: Vao.
Cronoloxía: lugar de avoengo, fundado no século XVII [1].

A CASA DA REITORAL VELLA DE CORRELOS

Situación: Correlos.
Foi cárcere da Inquisición. Antiga Casa Reitoral.
En estado de abandono e medio arruinada.

A CASA DO ENCERADO

Situación: Vilaúde.
Cronoloxía: a casa actual é do século XVIII [2].
Antiga torre e residencia do conde Osorio.
Escudo de armas, procedente do Castrodouro.

"Mansión antaño de los Osorios" [3].

Autores hai que sosteñen que nesta casa naceu o Conde Santo de Lourenzá [4]. De ser certo isto, estariamos ante un claro indicio de que a fortaleza-pazo de Vilanova dos Cabaleiros estivo situada neste lugar, fortaleza que Rielo Carballo sitúa, hipoteticamente, na parroquia de Recaré. Mesmo podería ser que a Torre de Vilaúde e Vilanova dos Cabaleiros fosen a mesma construción.

En todo caso, posteriormente, esta casa foi dos Moredas, descendentes dos Moredas de San Cosme de Barreiros.

«No puedo dejar de citar la Casa do Encerado, en Vilaude. En esta casa existe una piedra de armas que dice así: "Armas de los Moredas, Rivadeneira y Aguiar 1737".
Este escudo lo heredó Don Alejandro Moreda Rivadeneira y Aguiar, casado con Doña Antonia Osorio y Bolaño, vecinos del barrio de Vilaude.
Existen datos, según los cuales en esta casa nació el Conde Santo de Villanueva de Lorenzana» [5].

"Estos Moredas de Barreiros, de los que descienden los de Vilaúde, tienen como antepasados a Alonso Fernández de Moreda casado con Dña. María Alonso, hidalgo del rey D. Juan en la guerra de Ariza, fue hijo de D. Alonso, D. Rui Fernández de Moreda casado con Dña. María Fernández, al que sucedió D. Juan de Moreda, vecino de Barreiros que ganó executoría de hidalguía en la Real Chancillería de Valladolid el 10 de abril de 1488 confirmada a 5 de marzo de 1495. D. Gaspar Moreda pleiteó en 1795 con el estado general sobre su hidalguía y nobleza. En 1753 residía en San Pedro de Mor D. Pedro Moreda, padre del anterior" [6].

"Como hidalgos figuraban [na xurisdición de Alfoz] en 1753, D. José Carlos Casado, D. Pedro Moreda, D. Pedro Somoza y D. Rosendo Villapol" [7].

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito).
[2] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/alfoz/3.html, 06.03.2013.
[3] N. Peinado Gómez, *Guía Monumental y Artística de la provincia de Lugo*, 1971, páx. 32.
[4] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 44.
[5] D. Sánchez Orol, op. cit., 1994, páx. 44.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 127.
[7] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. V, 1970, páx. 32.

A CASA NOVA DO BARRAL [1]

Situación: O Barral.
Dous escudos: un completo; o outro, a metade.

A CASA DE RUÍZ

Situación: Vilaúde.
Escudo raso.
Cabozo de tres cepas.

"Algunos autores quisieron situar en este lugar la patria y solar de los Osorio de Villalobos" [2].

| Escudos de armas |

Situación: Vilaúde.
Casa de Ruíz.
Escudo raso.

"Uno de estos escudos de campo liso sin talla, surmontado por un bloque también liso, de granito, dispuestos para ulteriores tallas, contiene en bordura la enfática leyenda:

DEL REY BAMBA Y SOBRINOS DESCIENDE ESTA CASA POR VIA RECTA Y CAMINOS" [3].

Está así descrito no dicionario heráldico dos irmáns García Garrafa, ao tratar o apelido Osorio [4].

Situación: Vilaúde.
Casa do Encerado.
Cronoloxía: 1737.
Escudo procedente do Castro de Ouro.
Este escudo herdouno Alejandro Moreda Rivadeneira y Aguiar, casado con Antonia Osorio y Bolaño, veciños do rueiro de Vilaúde [5].
Unha das pedras de armas ten certo interese, sobre todo pola caprichosa colocación dos emblemas, que desatende as leis heráldicas, *... y haciendo de los lambrequines un entrelazado de tallos* [6]. O debuxo é moi basto.
Debaixo do helmo, á destra, un castelo de dúas plantas e grandes ameas con pendón ondeante na do centro, unha árbore esquemática e unha cruz de vieiras no vértice [7].

"El otro escudo, ornado de caprichosos lambriquines, presenta, en un solo campo, en su parte alta, a la derecha un castillo de dos plantas, y a su izquierda, un árbol; debajo, al centro, una cruz de brazos

[1] Esta casa está dividida en dúas vivendas: unha, onde vive Laureano Maseda González, *Lelo*, o carpinteiro; a outra, a que ten só medio escudo, onde vivía Nivarda Rubal, xa falecida.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 128.
[3] M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. V, 1970, páx. 29.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páxs. 127-128.
[5] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 44.
[6] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXI, páx. 215.
[7] A. Barja Prieto, *Páginas históricas gallegas*, BCML, t. VII, Lugo, 1959. S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. IV, 1980.

iguales, rematados con veneras, flanqueadas, a su derecha, por un águila esplayada, y a su izquierda, tres veneras [1]; en bordura la siguiente inscripción:

ARMAS DE LOS MOREDAS RIBADENEIRAS Y AGUIARES AÑO 1737" [2].

"Escudo casi semejante, por no decir igual, en el que se incluye la misma inscripción, al existente en el barrio de Triana de S. Cosme de Barreiros teniendo [este] como año el de 1669" [3].

Os dous escudos existentes en senllas casas poden ser os únicos vestixios conservados da torre que houbo en Vilaúde.

Situación: O Barral.
Casa de Lelo.
Escudo completo.

Situación: O Barral.
Casa de Nivarda Rubal.
Metade dun escudo.

| Outras casas de interese |

A CASA DE MARIZ

Situación: A Veiga de Mariz [4].
Mariz-Santa Mariña.
Pasada a Ponte de Santa Mariña, cara a San Pedro de Mor.

A CASA DE REMEDIOS PARDO [5]

Situación: Vilagabe.
Patín.
Torre-pombal cuadrangular, formando parte da mesma casa, sobre o patín.
Porta alintelada con dúas pedras laterais, modillóns, suxeitando o lintel, semellantes ás da porta alintelada da Casa do Couto, nesta mesma parroquia.
Muro exterior con entrada principal, hoxe sen arco, formando un cabanón.
Cabanón exterior ao recinto da casa, con catro pilastras.
Cabozo de catro cepas.

"Miña bisavoa, Dolores Reges Pardeiro, veu para esta casa de criada con 7 anos. Alí viveu toda a súa vida. Remedios Pardo viña pasar as vacacións a Alfoz, pois ela tiña a súa residencia en Mondoñedo.

[1] "El árbol pudiese ser una morera. Un castillo en campo de azur, campea en la piedra de armas del Moreda alavés". M. Vázquez Seijas, *Fortalezas de Lugo y su provincia*, t. V, 1970, páx. 30, n. 1.
[2] M. Vázquez Seijas, op. cit., t. V, 1970, páx. 30.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 127.
[4] Xesús Pisón, 01.09.2001.
[5] Deixoulla Remedios Pardo ao Asilo de Mondoñedo, fundación financiada por esta señora. Remedios Pardo tiña un fillo e unha filla, ambos casaron, mais non tiveron descendencia. Remedios e a súa irmá, Xulia, eran descendentes dos Pardo Montenegro de Mondoñedo.
Visita e fotografías: IF, 10.07.2001.

A renda cobrábase nunha casa que tiñan en Adelán, Vilagabe era lugar de descanso e residencia. Nas casas vellas que había por detrais, hoxe derruídas, vivía miña bisavoa. Tamén vivía un home, que era alcalde de Alfoz; miña bisavoa contaba que [aquel home] sempre andaba a ler libros, tiña moitos libros. Ese home finou, e miña bisavoa quedou de caseira do lugar pagando renda, alí casou e tivo 5 fillas. Miña avoa Pilar naceu e viveu alí ate un ano antes da súa morte" [1].

A CASA DO BAR SAN PEDRO E O BURGO DE CORRELOS

Situación: Correlos, núm. 19.
Corredor con soportal, e patín.
Material: pedra de cantería.
Foi Casa do Concello, até que pasou á casa do Caselo, no lugar do Barral.
A finais do século XIX instálase na vivenda a taberna de Eliseo e Dominica.
Mediando o século XX mantense como hostalería con Aurelio Veiga (que exercería como mestre dando pasantías) e a súa muller Carmen. Nos anos 40 había proxeccións de cine, teatro e, ás veces, circo; tamén funcionou como salón de baile ao ritmo dun acordeonista.
Mais non todo foi esmorga no local; a partir da sublevación franquista de 1936, unha dependencia da casa funcionou como calabozo para mulleres presas políticas [2].

«Correlos, na parroquia de Mor, foi en tempos o núcleo administrativo do Alfoz do Castrodouro, ao ser habilitado o consistorio no inmóbel que hoxe ocupa o Bar San Pedro; sendo desprazado máis tarde a casa do Concello para o Barral, concretamente á casa do Caselo.
Correlos mantivo durante ben décadas o carácter de centro neurálxico, grazas á feira de gando que ocupala o souto cada primeiro mércores de mes; tal evento foi esmorecendo até desaparecer en 1988, poucos meses despois de iniciar a súa actividade unha das derradeiras tabernas de aldea que continúan en funcionamento na comarca do Valadouro, o xa citado Bar San Pedro.
A construción que alberga o devandito estabelecemento representa, sen ningunha dúbida, a *pedra de Rosetta* da historia do burgo.
A finais do século XIX, asentárase nesta mesma vivenda a taberna de Eliseo Andrade e Dominica Abella e, xa mediado o século XX, a casa mantivo a súa función hostaleira grazas a Aurelio Veiga, quen, ademais de taberneiro xunto á súa esposa Carmen, exercería como mestre, convertendo o local nunha das concorridas pasantías da época. Mais o histórico casarío sempre conservou o carácter de espazo público entre a veciñanza, quizais como legado do paso da institución municipal polas súas estancias. Seguramente por iso, representou a miúdo o lugar de reunión dos veciños da contorna.

Do lecer á represión

Nos anos '40 eran frecuentes as proxeccións cinematográficas, algunhas representacións teatrais e mesmo algún número circense neste local.
Foi soada a actuación dunha contorsionista que introducía o seu corpo por entre os ocos dunha cadeira, como se dunha serpe se tratase; e non menos recordada é a ocorrencia dun home podente que tentou conquistar a artista cun saqueto cheo de diñeiro. A rapaza, ofendida, desprezouno guindando o diñeiro polo chan.
Por esa mesma época, o acolledor soportal da vivenda (protexido polo corredor) era frecuentado pola mocidade para se congregar.
A rapazada tiña por costume xuntarse no ástrago cando a chegada das nevaradas empecía o desenvolvemento dos traballos agrarios, e os nenos, por outra banda, agardaban no mesmo lugar a partida dos ambulantes do cinematógrafo, pois era frecuente que desbotasen restos de celuloide nas inmediacións. Os pícaros de Correlos reaproveitaban tales refugallos observándoos á luz do sol, e tratando de interpretar uns fotogramas que ficaran obsoletos tras percorreren innúmeras localidades.
O mesmo espazo serviu como improvisado salón de baile ao son do acordeón, pois daquela chegaba con iso para artellar unha festa.
E escasos metros da histórica edificación existiu unha lastra de birlos (hoxe desaparecida), onde era costume que xogasen os mozos ao voltaren da misa.

[1] Informante: Alberto Vizoso Goás, 11.01.2017.
[2] A tradición oral mantén que nesta casa de Correlos, estiveron detidas as fillas do guerrilleiro, defensor da II República, Luís Trigo Chao, *O Gardarríos*, abatido en Lourenzá o 25 de xuño de 1948 pola brigadilla da Garda Civil de Viveiro.

Por eses mesmos anos, tras a sublevación militar de 1936, unha das dependencias da vivenda convértese en calabozo de presas políticas.
Contan as fontes orais que en Correlos padeceron prisión as fillas de Luis Trigo Chao, o célebre guerrilleiro republicano coñecido como *O Gardarríos*.
Consérvase, na actualidade, o fachineiro enreixado por onde lles era subministrada a mantenza ás reclusas; alén diso, estáballes permitido saír –sempre acompañadas dun soldado– para mercaren pan e froita nos fogares próximos.
Téñense datos doutra presa política chamada Gema e procedente de Xove.
Máis tarde, o cárcere feminino foi trasladado ao castelo do Castrodouro.
En outubro de 2015, Fernanda Cedrón Trigo, neta do *Gardarríos*, visitou o vello calabozo onde sufriran reclusión as súas devanceiras, un local que na actualidade cumpre a función de almacén do Bar Sa Pedro.
En novembro de 2016, a investigadora e ensaísta Aurora Marco estivo a recoller datos no histórico habitáculo.

Escolas, baiucas e xatos na balanza

A escola do xa amentado Aurelio Veiga o freceu o seu servizo formativo até ben entrada a década dos '70, no mesmo espazo que hoxe ocupan o mostrador e as mesas da taberna actual. Tratábase dunha pasantía, escola do candil, do ferrado, ou como diriamos na actualidade, unha academia para clases de reforzo.
Como xa adiantamos, a finais da década dos '80 desaparece a Feira de Correlos, e en decembro de 1987 inaugúrase o Bar San Pedro (onde os últimos feirantes puideron degustar as tapas de callos que converteran en tradición dúas antigas tabernas de Correlos –desaparecidas había poucos anos–, a Casa de Gervasio e mais a Casa de Benedicto, tamén denominada Casa Pereiras), manténdose fiel ao canon da antiga taberna de aldea: Tenda de comestíbeis, baiuca, restaurante e fonda.
No propio souto encontramos unha mostra de patrimonio histórico vinculada á economía labrega: a báscula de pesar xatos.
Protexida por unha sólida construción de pedra con cuberta de lousa (o alboio primixenio era un sinxelo caseto de táboas), este antigo servizo público permanece como testemuño arquitectónico da extinta feira de Correlos, evento onde infinidade de feirantes acudían á báscula para coñeceren o peso exacto dos becerros.
Foron xestores da báscula nas últimas décadas de actividade Eliseo Reigosa, *O Novo* (alguacil municipal) e os taberneiros Benedicto Díaz e Gervasio Maseda.
É ao redor dos anos '40 cando se constrúe a actual edificación, propiciando o traslado da báscula para a vixente localización. O vello cabanel de madeira encontrábase a escasos metros, máis próximo ao camiño de Conxeito.
A báscula de Correlos consérvase en perfecto estado, supón a única infraestrutura desta clase que perdura hoxe nas parroquias do Valadouro e constitúe un ben patrimonial da cultura gandeira.
E se facemos referencia á materia agropecuaria, non podemos deixar de citar as recordadas disertacións pronunciadas por Juan Rof Codina (1974-1967) na taberna de Gervasio, pois a iniciativa itinerante promovida pola *Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia* chegou até Correlos, e dese xeito o eminente veterinario catalán asentado en Lugo puido difundir o resultado das súas investigacións entre o campesiñado da comarca.
O lecer tamén contou coa súa sucursal no lugar, pois na época dos salóns de baile (Rizal, Tanín,...) mozos e mozas de todo o val acudían á Casa de Gervasio, local onde fora habilitada unha pista de baile no andar superior.

A historia negra: O crime do souto de Correlos

A comezos do século XX debían ser frecuentes as festas no souto, e nesa altura tivo lugar un acontecemento lutuoso no decurso dunha foliada.
Dise que Manxarín de Vilaúde rifou con outro mozo por motivos que se perden no tempo, e no medio da liorta apareceu Amando de Alexos, irmán do adversario de Manxarín. Amando entrou na pelexa para lle valer ao seu irmán, e ao tempo que pronunciaba en castelán: *Señores; isto é en defensa*, tiraba unha navalla "que roncaba ao abrila", para acabar acoitelando mortalmente a Manxarín de Vilaúde.
A Xustiza deulle a escoller ao homicida prisión ou desterro, e Amando de Alexos marchou para Buenos Aires, logrando alén mar unha fortuna considerábel, mais sen cesar de recordar a familia que deixara en Correlos, á que forneceu de numerosos instrumentos musicais. Dese xeito, unha das orquestras máis coñecidas da comarca comezou a súa andaina con instrumentos arxentinos.
Dise que nos derradeiros minutos de vida, Manxarín de Vilaúde adicou palabras cariñosas a Clotilde de Vizoso, dicíndolle, xa sen folgos: *Ai, miña nena*.
A partires dese momento, a malfadada Clotilde foi albo de rexoubas e mesmo de copliñas de escarnio; a máis coñecida das maliciosas rezaba así:

"*Anda viudiña cos homes, que eses póñente lucida, xa non pesas nin avultas, máis que unha mariquita*".
Curiosamente, Clotilde de Vizoso tamén acabou abandonando Correlos para emigrar a Buenos Aires, a mesma cidade onde ficou para sempre o responsábel da morte do seu mozo.

Hoxe

En 2017 erixiuse en Correlos o busto de Ramón Rubal Vázquez, fundador da empresa madeireira Hijos de Ramón Rubal. A decana das industrias alfocesas naceu en 1936, e en 2012 recibiu a medalla do Concello do Alfoz, en recoñecemento á súa longa traxectoria profesional.
A serra de Rubal, como é coñecida popularmente, conserva expostos nas súas instalacións algúns dos primitivos enxeños mecánicos empregados nos inicios da factoría.
En decembro de 2017, o Bar San Pedro cumpriu tres decenios mantendo viva a tradición das baiucas aldeás, locais que continúan a constituíren auténticos foros veciñais e espazos de xuntanza. Xunto coa taberna do Pereiro, este estabelecemento supón o derradeiro testemuño dunha actividade comercial enraizada na cultura rural da Galiza.
Hoxe, con moitos menos castiñeiros ca noutrora, o vello souto mudou radicalmente a súa fisonomía, e o balbordo da feira habita xa, unicamente, na memoria dos que recordan o souto de Correlos ateigado de gandeiros, de reses e de tratantes.
Consérvanse, como elementos do patrimonio histórico, a báscula e o calabozo, coa súa xanela incólume, tal e como estaba na época en que as presidiarias recibían a ración de sustento a través dos ferros.
Todos os veciños de Correlos coñecen unha norma emanada do ancestral Dereito Civil Galego (o mesmo polo que o itinerario por onde discorría un cortexo fúnebre se convertía en camiño público), grazas á cal o recinto feiral, aínda sendo de titularidade privada, total ou parcialmente, ha ser cedido, obrigatoriamente, para a celebración da feira, no momento en que a veciñanza mostre interese na recuperación do evento.
Labor de todos nós é garantir a conservación do patrimonio, a vixencia da memoria e mais a transmisión do respecto polo valor histórico e etnográfico dos referidos elementos arquitectónicos, paisaxísticos e consuetudinarios» [1].

A FÁBRICA DE CURTIDOS DE VILAÚDE

Situación: Contorna da casa de Pérez Mel.
Fábrica de curtidos.
Cronoloxía: séculos XIX-XX.
Restos.

"Os principais empresarios que rexentaron a fábrica de Vilaúde foron tres membros dunha mesma familia: Pedro Pérez Villapol, Francisco Pérez Mon e José Pérez Mon... Pedro Pérez Villapol [bisavó de Manuel Lourenzo e de Isaac Ferreira, e tataravó de Xesús Pisón] foi o empresario deste curtidoiro [de Vilaúde] polo menos desde os anos setenta até os últimos anos do século XIX. Natural de San Pedro de Mor, casou con María Josefa Mon y Moscoso, natural da freguesía de Santa Cecilia [sic], coa que tivo cinco fillos lexítimos: José María, Francisco, Ángela, Purificación e María Dolores [op. cit., páx. 61, n. 105]. O seu pasamento foi o 25 de abril de1901 na freguesía de San Pedro de Mor... Non sabemos cando comezou a curtir peles o curtidoiro de Vilaúde. O que si sabemos é que xa estaba en funcionamento en 1874... A Pedro Pérez Villapol sucedeuno no goberno do curtidoiro [o seu segundo fillo] Francisco Pérez Mon, que foi o empresario que dirixiu a fábrica nos primeiros anos do século XX. En 1903 contaba con 31 anos, estaba casado, era veciño de Ferreira e, o que aquí máis nos importa, era industrial. O último empresario do curtidoiro de Vilaúde foi o irmán de Francisco, José Pérez Mon, que foi o encargado de rexentar o curtidoiro os derradeiros anos de funcionamento do mesmo, até o ano 1915, cando para definitivamente a súa produción. Nos períodos adiantados a fábrica de curtidos de Vilaúde foi a máis relevante do concello de Alfoz, rexistra unha tributación un tanto superior ao curtidoiro do Penido, da familia Sixto. Malia o anterior, a fábrica fecha o mesmo amo [1915] no que á súa beira se empraza un serradoiro, polo que parece que o empresario José Pérez Mon vía con mellores ollos este novo eido industrial que se estaba a espallar por toda a xeografía galega" [2].

[1] Lionel Rexes, "Correlos no tempo", *Candea Branca*, núm. 2, Revista editada polo Seminario de Estudos do Valadouro, Xaneiro 2017-Xullo 2018, páxs. 19-21.
[2] Claudio Otero Eiriz *As fábricas de curtumes de Alfoz. Historia e patrimonio*, publicado como caderno núm. 8, do Seminario de estudos do Valadouro (SEVA), 2018, páxs. 60-62.

| Escultura |

A FAMILIA

Situación: Os Pisos-A Seara.
Autores: Juan Puchades e Alicia Puchades [1].
Cronoloxía: 1992 [2].
Material: ferro.
Descrición: Sobre un groso pé de granito e base cuadrangular de cemento.
Sen cartela. Ten a sinatura dos autores gravada en eléctrodo.
Representa unha familia: home, muller e neno, este sobre o ombro do home.

| Fontes |

A FONTE DO ADRO

Situación: A Igrexa.
Con cruz e pinguela.

| Pontes |

A PONTENOVA

Situación: Vilaúde.
Estrada LU-160 (Mondoñedo-A Seara-Ferreira).
Dista 0,5 Km da Seara (intersección con semáforo) e 2,5 Km da rotonda do Empalme (Ferreira).
Sobre o río Ouro. Relacionada co Camiño de Santiago.
Cronoloxía: 1615 [3]. Reformada no ano 1716.
Material: pedra de cantería. Tres arcos desiguais de medio punto crebado [4].
Construída polo mestre de obras Pedro de Morlote.
A ponte foi custeada polo concello de Viveiro, ao que lle interesaba para comunicarse con Mondoñedo, capital da provincia [5].
A parte antiga foi trasladada pedra a pedra, no século XX, até a súa actual situación [nunha área recreativa], que amosa graves defectos de reconstrución [os dous tallamares están agora mirando para abaixo da corrente de auga]. No seu emprazamento primitivo construíuse recentemente unha ponte de formigón [6].

---

[1] Informante: Juan Puchades Quilis, Mondoñedo, 15.12.2001 (IF).
Juan Puchades Quilis (Valencia, 1931), escultor e profesor. Alicia Puchades Tella-Villamarín (Mondoñedo, 1972), pintora e profesora, filla de Juan Puchades e de Alicia Tella-Villamarín Ferreiro.
[2] Inaugurouse cando se entregaron aos veciños os pisos do primeiro bloque de vivendas. Informante: Emilio Lousas Muíña, alcalde do Concello de Alfoz, 12.08.2013. Visita e fotografías: IF, 12.08.2013
[3] ANV, Protocolo de Jácome Núñez Castrillón, de 1615. P. Pérez Costanti, *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, 1930, páx. 397.
[4] X. L. Laredo Verdejo, *Galicia enteira*, 1998, t. 9, páx. 143. Este autor chámalle *A Ponte da Tafona.*
[5] A. Canoura Quintana; 01.08.2000.
[6] P. Rubal Pardeiro, "Miscelánea sobre Valadouro", *Ruta Pardo de Cela*, 1999, páx. 99.

"Pedro de Morlote, maestro de obras, vecino del lugar de Secadura, en el corregimiento de Laredo (Santander).
Largo tiempo debió vivir en la ciudad de Mondoñedo. En ella dícese *residente*, al otorgar en 31 de Mayo de 1615, escritura de fianza para la obra *de la puente nueva del Castro de Oro* que, por ochocientos ducados, le adjudicara en remate el corregidor de Vivero, en virtud de Real Consejo" [1].

"...la reconstrucción del antiguo puente de Castro de Ouro... Este puente fue realizado... sobre el puente viejo, que sin duda era coetáneo al puente de la Misericordia de Viveiro, al de Landrove y al románico de Viloalle, sito en las inmediaciones de Mondoñedo" [2].

"Desde San Cayetano [O Reirado] el camino [jacobeo] sigue al puente nuevo de Castro de Ouro, documentado en la escritura de contrato de la obra... el 8 de mayo de 1615, según consta en el protocolo de Jácome Núñez Castrillón (1615, Archivo notarial de Viveiro)" [3].

"Su construcción responde a la mejora de las comunicaciones comerciales entre Mondoñedo y Viveiro" [4].

A reforma da Pontenova no ano 1716

"D. Domingo Pardo Luaces, Procurador General del Concejo mindoniense, el 4 de agosto de 1716, a fe de Antonio Fernández de Parga, contrata con José Ferron, maestro de arquitectura y vecino de Puentedeume, la construcción de la puente maor de Arco de piedra del río Oro yendo Camino de Mondoñedo a la villa de Vivero y desde el Castro de Oro al lugar de Villaude en los términos de la fra [freguesía, 'feligresía'] de dho Castro de Oro se alla caída y arruinada al presente con solo un arco en ser ace la pte de Villaude, y siendo notorios los travajos y muertes que ordinariamente sucedían desde muchos años que está caída asta ahora por lo peligroso de aquel paso y puertos de dho río por lo rápido y caudaloso.
D. Lope de Salazar [capellán de honor de S. Majestad, catedrático en la Universidad de Salamanca y arcediano de Trasancos en la S. I. C. de Mondoñedo] dejara a su sobrino D. Juan de Torres Bracamonte, Canónigo de Mondoñedo, para la construcción de dho puente 700 ducados, que se invirtieron en la misma" [5].

A PONTE DE SANTA MARIÑA

Situación: Santa Mariña.
No século XVII, no contorno da ponte de Santa Mariña existía unha capela e mais un hospital [6].

[1] ACM, Protocolo do escribán Fernando Núñez de Callobre, de 1598. ANV, Protocolo de Jácome Núñez Castrillón, de 1615. P. Pérez Costanti, *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, 1930, páx. 397.
[2] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16.
[3] Escritura de contrato da obra da Ponte Nova: 08.05.1615 (ANV). F. Monterroso Carril, op. cit., *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 109.
[5] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado III*, (recompilación de artigos publicados por Eduardo Lence-Santar y Guitián), 2001, páxs. 69-70.
[6] Véxase (dentro desta mesma parroquia): Capelas e igrexas → Noticia da Capela e o Hospital de Santa Mariña.

A Capela de Santa Mariña

No seu devalar pola terra o Río Douro fai unha chea de voltas e revoltas. Unha delas é a de Entrambasaugas, onde Os Condes, na ribeira de contra arriba. Alí está a capela de Santa Mariña, moi mala de ver, agás que se teña o aquel das cousas antigas [1].

O menino da Pena da Casa do Encerado

Cando dinamitaron a pena que hai detrás da Casa do Encerado, en Vilaúde, para facer unha cabana, aquela non se deixaba partir, porque debaixo tiña a súa morada un menino que non quería que o estorbasen [2].

O Forno das Meigas (I)

«Al "Forno das meigas", una gruta en el "Pico Grande" de un monte de la parroquia de San Pedro de Mor, acudían las viejas de estos lugares a buscar alivio y remozamiento para sus destartalados cuerpos, y las más jóvenes a consultar las intenciones de sus novios» [3].

O Forno das Meigas (II)

O Forno das Meigas, de Adelán [San Pedro de Mor], aínda ten as paredes denegridas, e iso que hai ben tempo que non cocen xente alí [4].

As petadas na xanela

Un home de Vilaúde díxolle á muller:
—Atranca ben as portas, que vou ver o tío do Piñeiro, que está moi maliño, e se cadra non volto esta noite.
A muller fixo como o home lle dixera, e en chegando a noite foise deitar, mais non daba pillado o sono.
Alá contra a medianoite sentiu unhas petadas na xanela e, morta de medo, chamou pola criada para que a acompañase.
Á mañá volta o home coa noticia da morte do tío.
—E cando foi? —preguntoulle a muller, que aínda seguía preocupada coa teima das petadas.
—Xusto á medianoite —dixo el—. E botouse a durmir [5].

As luces na igrexa

Pouco antes de nacer o día ían dúas mulleres con froita para Mondoñedo, que está a unhas catro horas de camiño, e ao pasar pola Granda de San Pedro viron a igrexa aberta. Entón dixo unha:
—Imos entrar, que aínda están na misa.

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, 2005, conto VII, páx. 18.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLVII, páx. 109.
[3] P. Rubal Pardeiro, "Miscelánea sobre Valadouro", *Ruta Pardo de Cela*, 1999, páxs. 101-102.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXL, páx. 138. Forno das Meigas que nós situamos en Adelán, erroneamente, dado que pertence a San Pedro de Mor, como figura na lenda anterior, publicada por Pedro Rubal Pardeiro en 1999. Ubicación que nos reafirmou posteriormente o noso amigo Lionel Rexes Martínez (tamén bon coñecedor da zona), 31.08.2011.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLX, páx. 149.

En chegando á porta viron moitas luces nos bancos, e a muller máis nova asustouse. Entón a outra díxolle:
—Non te movas, a ver se vén o señor cura.
Mais o cura non viña, e elas fóronse moi asustadas.
Xa levaban unha hora de camiño e estrañáballes que non amañecese.
A muller nova quixo dar volta, co medo que tiña, mais a compañeira animouna e seguiron camiñando.
Logo de moito andar chegaron a Mondoñedo. E entón amañeceu [1].

A luz da Malata

Xosé Ramón de Cachín ía unha mañá cedo dacabalo para Mondoñedo, e ao pasar pola Granda de San Pedro viu unha luz de contra o cemiterio. Pensando que sería alguén do Barral que viña cun farol, quixo seguir camiño, mais o cabalo arrepúxoselle. Entón pasou a luz, e atrás dela unha cama cuberta de branco, e perdéronse pola Malata.
Xosé Ramón ficou atordado con aquela visión, e en chegando á Garita topou coa Falúa, unha muller de Mondoñedo que andaba a vender verduras nun carro. Xosé Ramón non lle falou, mais ela coñeceulle na cara que algo lle acontecera, e díxolle:
—Ai, Ramón, e onde che vai a pucha?
El contestoulle:
—Perdina na Granda de San Pedro, que me pasou isto...
E contoulle o que vira.
Entón a Falúa díxolle:
—Tente caladiño, que esta noite houbo para todos!
E botou a andar sen dicir máis nada [2].

A vedoira de Vilamor


A San Pedro veu de cura un tal don Celestino, que estando de párroco en Vilamor quixo averiguar se o caso dos vedoiros era certo ou non, e fixo a proba de bautizar unha nena cos óleos dos defuntos. A nena fíxose muller e acaboulle confesando ao cura que tiña a desgraza de ver pasar os enterros de xente que aínda non morrera [3].

[1] X. Pisón-M- Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLXXXV, páx. 159.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCCII, páxs. 164-165.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCCIV, páx. 165.



Igrexa parroquial.
San Pedro de Mor.
Reedificada en 1906.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 13-09-2000.





IGREXA PARROQUIAL DE S. P. MOR
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo IV, 1980, p. 262.



O Cristo de Vao.
Onde a casa de Cachín.
San Pedro de Mor.
Foto: Antonio Paz.
Data: 15.09.2017.



Cruz do Currán.
Pedestal.
San Pedro de Mor.
Foto: Juan Fanego Vidarte.
Data: agosto de 2016.



Familia (escultura).
San Pedro de Mor.
Situación: Os Pisos (A Seara).
Autores: Juan e Alicia Puchades.
Cronoloxía: 1992.
Material: ferro.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-08-2013.



Escudo de armas.
A Casa Nova do Barral.
Casa de Lelo.
San Pedro de Mor.
Foto: Xesús Pisón.
Data: agosto 2000.



Escudo de armas.
A Casa Nova do Barral.
Casa de Nivarda Rubal.
San Pedro de Mor.
Foto: Xesús Pisón.
Data: agosto 2000.





Casa de Remedios Pardo.
San Pedro de Mor.
Situación: Vilagabe.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 10-07-2001.



A Ponte Nova
(sobre o río Ouro).
San Pedro de Mor.
Situación: Vilaúde.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 11.05.2017.

San Tomé de Recaré

SAN TOMÉ DE RECARÉ

Parroquia do concello e arciprestado do Valadouro, e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 32' Lonxitude: 7º 28'

Superficie [3] en Km^2: 8,76

Delimitada, ao norte, polas parroquias de Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro) e Vilacampa (O Valadouro); ao sur, pola de Frexulfe (O Valadouro); ao leste, polas de Recaré (O Valadouro) e Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro); e ao oeste, pola de Miñotos (Ourol) [4].

Ten 45 habitantes (Homes: 17. Mulleres: 28) [5], nas 17 entidades de poboación de: *Alvite, Casal do Rico, As Casas de Baixo, As Casas de Riba, Esqueira, A Estibada, A Fonte de Alvite, As Laranxeiras, A Muxueira, O Navallo, Os Novás, Pardellas [As], Pedralba, Pedrouzos, Puñín, A Verdeal, Xurucido* [6].

Dista 4,5 Km da capital do concello, coa que se comunica pola estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín).

Festividades [7]: *O Santo Cristo da Providencia*, 14 de setembro. Algúns anos celébrase o domingo seguinte.
O titular da parroquia é San Tomé.

Outras celebracións: *Via Crucis vivinte*, mércores de Semana Santa [8].
A Rapa das Bestas, primeiro domingo de agosto.
Celébrase no Curro de San Tomé.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 178.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 1999.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páx. 3.160. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.
[8] As cruces colocáronse hai uns trinta anos, pola estrada que sobe á igrexa parroquial, no mesmo percorrido que outrora seguían os romeiros do Santo Cristo da Providencia. X. M. Palacios, *La Voz de Galicia*, 20.04.2000.

| Toponimia | [1]

San Tomé de Recaré: nome da parroquia.

Orónimos

Serra do Xistral (*Xistral,* orixe prerromana, 'vento que vén pola esquerda'), *O Penido Novo* (803 m), *O Coto da Pena Moura* (onde o curro), *As Curuxeiras* (771 m; fauna, lugar onde hai curuxas), *O Lombo da Camposa*, *A Pena do Bico Longo* (661 m), *Pena Teixeira* (635 m; no contorno do Prado das Chantas), *As Parañoas* (dun posíbel **petraneu* ou similar latino, derivado de PETRA 'pedra') [2], *Os Picos* (407 m).

Hidrónimos

A Fervenza da Torez (no río dos Seixos ou río do Canedo, arriba de Esqueira), *A Fonte das Minerais, A Fonte do Río Maseira* [3], *Rego do Penido* [4], *Rego das Balsadas* ('lamagais') *ou de Sinás, Rego de Pedrouzos, Rego de Recaré, Rego de Vilacampa.*

Entidades de poboación

Alvite (de *Alviti*, xenitivo do nome persoal *Alvitus*) [5], *Esqueira, A Estibada* (do lat. STIVA, ou de **silva extirpata*, de EXTIRPARE 'arrincar'; *estivada:* operación de cavar o monte e queimar a broza, traballo idéntico ao da roza), *A Muxueira, O Navallo* (do prerromano *NAV 'depresión ou valgada') , *Pardellas* (síncope de 'paredes'), *Pedralba* (lat. PETRA 'pedra' + preindoeuropeo *ALB 'monte'), *Pedrouzos* (do lat. PETRA), *Puñín, A Verdeal, Xurucido* [6].

Lugares

O Campo do Tesouro (no respaldo das Curuxeiras), *O Carballo Gallado, O Chao do Padorno* (de *Padrón* 'pedra'), *O Cortello de Couso* (onde o dolmen), *O Curro das Parañoas, Eixos, A Fresqueira, O Godellón, A Granda Vella, Liñares, A Ponte de Paredes, As Pontes de Pazos, Pormouro, Portelo Pazo* (onde a Santana), *O Pozo Mouro, O Prado das Chantas* (657 m), *Prados Vellos, A Veiga Mol* (entre o Penido Novo e O Lombo da Camposa) [7].

Topónimos con data documentada

Santome de Recareo (1420) [8], *Santo Thome de Recarey* [9], *Paredes* (1876) [10].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Cao, Casas Novas, Casatellado (Casa Tellada), Painzás (flora; do lat. PANICIUM 'paínzo, millo miúdo' > *paniciale* > *painzás*), *Sabucedo* (flora; lat. SABUCETU 'sabugueiro, bieiteiro') , *Sisto, Souto* (flora; lat. SALTUS 'bosque de castiñeiros') [11].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014. O límite das parroquias de San Tomé e Santa Cruz está na vertente do *Lombo da Camposa* cara a Vilacampa. Informante: Xosé Blanco Orol, 26.06.2001.
[2] F. Cabeza Quiles, *Os nomes de lugar*, 1992, páx. 334.
[3] O río Maseira é un afluente do Rego do Penido. Informante: Arturo Blanco Orol, 27.09.1999.
[4] F. Cabeza Quiles, op. cit., 1992, páx. 336. N. dos A.: O río dos Seixos, río de Paredes, río da Caverna, río de Santa Cruz ou río Vao (segundo os tramos) nace ao pé do Penido Vello; ao tramo superior do río Vao (este nace realmente no Pormaio) chámaselle O Rego do Penido, que vén sendo un afluente do río Vao pola dereita. Informante: Arturo Blanco Orol, 27.09.1999.
[5] A. Moralejo Lasso, *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, páxs. 113 e 294.
[6] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.007.
[7] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999. E Arturo Blanco Orol, 04.09.1999 e 20.08.2000.
[8] Fonte: Colección diplomática, *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páx. 71.
[9] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.
[10] Escritura de venda a favor de D. Manuel Canel y Quirós, 24.02.1876. Colecc. Orol Freire. Ferreira.
[11] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928, páx. 550.

Século XII

A parroquia pertencía ao Conde de Sarria, don Rodrigo Vélaz. Cronoloxía: 10.07.1124.

O 10 de xullo do ano 1124, Alfonso VII (1126-1157), xunto coa súa nai a raíña dona Urraca (1109-1126), fai unha composición entre o bispo de Mondoñedo don Nuno Afonso (1112-1136) e a súa igrexa, por unha parte, e don Rodrigo Vélaz, pola outra, precisando as parroquias pertencentes a un e ao outro e as relacións co mosteiro de Vilanova de Lourenzá. No ano 1128, morta xa dona Urraca, o rei Alfonso VII estendeu un novo documento aprobando a división realizada anteriormente. Nesta distribución figura *In terra de Aurio... Post partem regis... sanctus Tomas* (San Tomé) [1]. Este privilexio foi confirmado polo rei Fernando II no ano 1167 [2].

Século XIII

Cartas. Murcia. Cronoloxía: 17.06.1271.

Nunha carta enviada desde Murcia, no ano 1271, polo rei Afonso X o Sabio para o bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286), figura *Santome*.

"La segunda etapa de los acontecimientos se desarrolla en tiempos de Alfonso X el Sabio, siendo del 17 de junio de 1271 una carta del rey [ao bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286)] [3] en la que se hace referencia al intento de anexión del valle entero, que por algún tiempo logra el concejo y alcaldes" [4].

«La carta de Alfonso X [de data 17.06.1271] dirigida a D. Nuño II desde Murcia informaba a este último de la presentación de los del Castro al rey de otra carta carta abierta de Alfonso IX [avó de Alfonso X], confirmatoria de la concesión que les hiciera el Obispo D. Martín de cierto territorio: *"En términos de Val douro"*, por alfoz, y que se querellaban por que *"vos"*, téngase en cuenta que la carta va dirigida a D. Nuño: *"sen razon e sen dreito lles pasades a este foro et lles tenedes tomado aun felegresias que dicen S. Iohan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz et Santa Maria de Villa Campa et S. Martino da Veyga et San Gilao [San Xiao] de Recare et Santome et Santa Valla de Frejulfe et S. Jurio [San Xurxo] de Quadramon et Santo Esteuuo de Oyran* [Mondoñedo] *et S. Martino de Figueiras* [Mondoñedo]*, que cazen en el término de Val de Ouro, que es su alfoz et que elles tenian de juro et de poder cogelas non queredes leixar"*» [5].

Século XV

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Santo Thome de Recarey* [6].

Século XVI

[1] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 11, Palencia, 10.07.1124, páx. 25; e AHN. Sección Clero. Carpeta 1185. Núm. 8; copia de 21.01.1341. Resúmeo, con algunhas imprecisións nos nomes latinos das parroquias, J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo", Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878, páxs. 134-135. Tamén J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[2] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páx. 19.
[3] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páx. 12.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 59.
[5] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 59; e páx. 65, n. 27. M. Amor Meilán, t. IV, páx. 107.
[6] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, páx. 428.

Organización eclesiástica. Cronoloxía: 1545-1549.

En tempos do bispo de Mondoñedo, Diego de Soto (1545-1549), "Eran de la Dignidad [Episcopal] los yantares de San Tomé y Recaré" [1].

Foros e casas. Cronoloxía: 27.01.1568.

"El 27 de enero de 1568 nuestro prelado [D. Gonzalo de Solórzano, bispo de Mondoñedo (1567-1570)] otorgó documento de foro a favor de Lope de Esqueira, vecino de Sta. Cruz del Valle de Oro, del monte conocido con el nombre de Paredes, para que en él pudiese edificar una casa. La concesión se hizo por tres vidas y en canon foral de 7º de todo lo que labrare en dicho lugar" [2].

Preitos e foros. Cronoloxía: 16.12.1586.

"El 16 de diciembre del repetido año [1586] el Sr. Caja de la Jara [D. Isidro, bispo de Mondoñedo (1582-1593)] llega a un acuerdo con los vecinos de Sto. Tomé y S. Julián de Recaré. Estos vecinos debían a los prelados mindonienses un yantar [tributo xeralmente pagado en especies] y cierta devición, que se resistían a pagar, razón por la cual se había entablado un pleito entre ambas partes. En la indicada fecha el prelado otorgó documento de foro a los referidos vecinos, representados por dos de ellos. Pagarían anualmente mil maravedís. Y dado que hacía cuatro años que no pagaban el dicho yantar, deberían abonar 4.000 maravedís. Firmaron tanto el prelado como los representantes de los vecinos" [3].

Século XVII

Foros. Cronoloxía: 07.05.1687.

"El mismo día [Fr. Gabriel Ramírez de Arellano, OP, bispo de Mondoñedo (1682-1689)] otorgó igualmente foro a Pedro Díaz, vecino de Santo Tomé de Recaré, de la cuarta parte del lugar de San Martín de [da] Veiga –Santa Cruz del Valle de Oro–, por tiempo de tres vidas y cincuenta años más y en canon foral de tres reales de vellón además del quinto de todos los frutos" [4].

Século XVIII

Foros. Cronoloxía: 30.11.1707.

"El 30 de noviembre del mismo año [1707] [Fr. Juan Muñoz y Salcedo, bispo de Mondoñedo (1705-11728)] aforó a Juan Maseda y Aguiar dos jornales de viña y un nogal sito junto al Pelamio, que lindaba con los montes de Sto. Tomé del Valle de Oro, por todo lo cual debería de pagar 5 reales de vellón. La duración del foro se fijó en cien años" [5].

En 1718, a parroquia de San Tomé pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "Tierrallana del Valle de Oro" [6].

Século XIX

Organización eclesiástica. Cronoloxía: 1852.

---

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, (artigos publicados por Eduardo Lence-Santar), 1999, páx. 252.
[2] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 197ss. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 225 e n. 410.
[3] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 151-155. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 257 e n. 555.
[4] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 207-210. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 240 e n. 1.236.
[5] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fol. 431. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Primera mitad del siglo XVIII", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páx. 332 e n. 307.
[6] J. I. Fernández Villalba, op. cit., (artigos publicados por Eduardo Lence-Santar), 1999, páx. 252.

Adquiriu carácter de freguesía no ano 1852, mais xa existía anteriormente unha igrexa [1].

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato", que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados. Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.
En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo. Unha das 18 parroquias matrices que conformaban o "Deanato" da Mariña era *Santo Tomé de Recaré* [2].

Séculos XIX e XX

Personaxes: Juan R. Álvarez. Cronoloxía: 1880-1932.

Naceu na parroquia de San Tomé de Recaré o día 9 de xaneiro de 1880. Estudou no Seminario de Mondoñedo; traballou en Madrid no ramo da xoiaría, e en 1906 embarcou para Cuba. Na Habana estabeleceuse nunha xoiaría que figura como Santos y Álvarez; despois, xa pola súa conta, tivo unha xoiaría da que foron socios seu primo Ramón Blanco Álvarez, tamén natural de San Tomé, e mais un tal Varela. Posteriormente, este último vendeulles a súa parte do negocio a Álvarez e a Ramón Blanco.
Juan R[odríguez]. Álvarez casou en Cuba con María Luísa Peraza Flores e tiveron seis fillos. Nas aforas da Habana tiñan unha propiedade coñecida como "La Víbora" [3].

"A vida de Juan R. Álvarez estivo dedicada á emigración. Primeiro en Madrid e máis tarde na Habana traballou e prosperou sen por iso esquecer nunca a súa terra natal: O Valadouro. Achegámonos, en breves liñas, ao seu percurso vital.
Juan R. Álvarez naceu na parroquia de Santo Tomé de Recaré (O Valadouro) o 9 de xaneiro de 1880. Fillo de labregos acomodados, na Preceptoría de Ferreira do Valadouro estudou Latín e Humanidades durante tres anos. En 1893 ingresou no Seminario Conciliar de Santa Catalina de Mondoñedo para seguir a estudos eclesiásticos.
Non obstante, o noso protagonista non chegou a concluír a carreira sacerdotal. Así, marchou a Madrid para se dedicar ao comercio, ocupación que desenvolvería o resto da súa vida. Comezou a traballar nunha xoiaría da Carrera de San Jerónimo [núm. 14], negocio do que chegaría a ser socio. Na capital de España comezaría a súa actividade societaria, pois foi membro do Centro Gallego de Madrid. No entanto, Juan R. Álvarez non esquecía O Valadouro. En efecto, en Ferreira foi cofundador do xornal *El Valle de Oro*, medio a través do cal denunciou ás persoas que se enriquecían co tráfico migratorio.
En 1906 trasladouse a Cuba, pertencendo desde ese mesmo ano ao Centro Gallego da Habana [fundado o 29 de novembro de 1879, no 1980 tiña 713 socios e en 1919 xa tiña 53.664 socios]. Na primeira institución mutual dos galegos de Cuba Juan R. Álvarez desempeñou os principais postos. Así, ocupou os cargos de vogal da sección de instrución e da sección de recreo e adorno; por outra parte, foi vicepresidente da sección de sanidade. Ocupou o cargo de secretario da xunta directiva durante o bienio 1912-1914. En 1915 ocupou un posto de secretario [un dos 4 secretarios] na primeira mesa da Asemblea de Apoderados do Centro Gallego [cuxo presidente era Secundino Baños]. En 1917 foi elixido como vicepresidente da comisión executiva do Centro Gallego.
Estivo entre os fundadores da sociedade de instrución El Valle de Oro, entidade da que ocupou o cargo de vicesecretario da primeira xunta directiva. En 1915 foi elixido sétimo presidente de El Valle de Oro. Esta entidade microterritorial, creada en outubro de 1907, tiña por obxectivo fundamental o fomento da instrución nas parroquias dos concellos do Valadouro e Alfoz.

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 287.
[2] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[3] Os fillos eran: Juan Manuel, Angélica, José Antonio Narciso, Hilda, Isabel e M.ª Luisa. Informante: Isabel Blanco Orol (*Chiqui*), filla de Ramón Blanco Álvarez, nacida na Habana o 17 de xuño de 1922 (IF, 07.05.2014).

Profesionalmente en Cuba dedicábase ao comercio, sendo importador, entre outros produtos, dos reloxios "Lohengrin". Antes de se estabelecer pola súa conta, formaba parte da razón social Santos y Álvarez. Tiña o seu negocio en Muralla 117.
Juan R. Álvarez pertenceu tamén a outras entidades. Así, foi secretario fundador do Comité Representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción, entidade que pretendía agrupar ás sociedades microterritoriais da Habana. Membro da Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega [a RAG fundaríase en 1906] e da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia [fundada en 1872].
En 1922 foi elixido como conselleiro da Caja de Ahorros y Banco Gallego do Centro Gallego da Habana. Foi elixido como consiliario da directiva da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia para o período de 1924 / 1925, repetindo neste cargo en anos posteriores.
Juan R. Álvarez faleceu na Habana en marzo de 1932" [1].

«O prestixioso xornal *La Alborada*, que dirixía Roberto Blanco Torres, no seu número de febreiro de 1912, adicou a súa primeira páxina, adicada a galegos ilustres, a Juan R. Álvarez, entón secretario [da xunta directiva] do Centro Galego. Del decía [sic]: "Es uno de los gallegos que más merecen nuestra veneración y cariño. Su espíritu luchador, su civismo y, sobre todo, las grandes simpatías [de] que goza entre los que saben aquilatar debidamente las virtudes humanas, nos revelan [sic] de toda ponderación y encomio".
...
Juan R. Álvarez fundou, con Acevedo, o primeiro xornal comarcal do Valadouro [que saía á rúa cada dez días], chamado *El Valle de Oro*. Dende el, emprendeu unha das campañas máis enérxicas e resonantes contra os negociantes da emigración, os famosos "ganchos" que, según [sic] di *La Alborada*, "atendiendo sólo a sus fines lucrativos, no reparaban en cometer todo linaje de abusos e iniquidades"» [2].

"BENEFICENCIA MODERNA DE LOS AMERICANOS EN LA MARIÑA. Ayuntamiento de O VALADOURO.
Álvarez, Juan Ramón [3]. Emigró a Cuba en 1906. En 1920 donó 100 pesos para las obras de la iglesia de Ferreira. (*El Valle de Oro. Memoria Social.1928*. Habana 1929.)" [4].

Século XX

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo. Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas. Unha das dezaseis parroquias matrices é San Tomé de Recaré [5].

---

[1] M. Vila Pernas, "Juan R. Álvarez. Entre o comercio e as sociedades da Habana", 11.08.2009. Recollido en www.culturagalega.org/albumdaemigracion, 16.04.2013.
[2] M. Fernández, "Cen anos de 'Hijos del Valle de Oro' en Cuba", *El Progreso* (A Mariña), 19.08.2007, páx. 10.
[3] N. dos A.: o señor Lombardero comete un pequeno erro: Juan R. Álvarez Juan Rodríguez Álvarez.
[4] Ch. Lombardero Rico, *La huella de la emigración a América en el Cantábrico Occidental*, Gijón, 2013, p. 75.
Nota dos autores: Juan R. Álvarez era primo, e socio na xoiaría da Habana, de Ramón Blanco Álvarez (1891-1968). Tamén nacido en San Tomé o 22 de decembro de 1891, Ramón Blanco Álvarez emigrou para Cuba con dezaseis anos, onde "cortou caña e foi mozo nunha adega". Entre 1916 e 1917 xa vivía no primeiro andar da rúa Muralla, 117, en cuxos baixos estaba o negocio de xoiaría. Casou en 1920 con Celsa Orol Balseiro (1896-1995) e tiveron catro fillos, os tres primeiros nacidos na Habana: Celsita (1921-1933, falecida en Ferreira), Isabel (*Chiqui*, 1922), Ramón (1925-2003) e Xoán Xosé (nacido en Ferreira en 1938, músico vocalista). Ramón Blanco ocupou varios cargos na sociedade "Hijos del Valle de Oro"; en decembro de 1920 constituíuse na Habana o Comité Pro Iglesia de Ferreira, do que formaban parte, entre outros, Juan R. Álvarez e Ramón Blanco Álvarez; tamén aportou desde Cuba 100 pesos para as obras desta igrexa de Ferreira. Ramón Blanco Álvarez voltou definitivamente da Habana, coa súa familia, para Ferreira en setembro de 1932 onde abriu un comercio de ultramarinos. Faleceu en Ferreira o 3 de xuño de 1968 (IF, 17.05.2014).
[5] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

CONSTRUCIÓN OVOIDAL DO CHAO DO PADORNO

Situación: O Chao do Padorno.
Pasado o Curro da Rapa das bestas, á esquerda da primeira curva da pista. Muros circulares e rectangulares. Restos de 1 metro de altura, no ano 2000 cubertos de felga, hoxe, co monte rozado, máis visíbeis [1].
Cinco construcións circulares, en moi mal estado, no monte Padorno [2].

"Houbo un castro un pouco máis arriba da arca do Chao do Padorno [dolmen de San Tomé], pasada a arca, pola pista arriba, á esquerda, na primeira curva" [3].

AS CABANAS E AS CASETAS

Situación: entre os dous Penidos e noutros lugares dos montes de San Tomé.
Son construcións de tipo rectangular, consideradas por algúns como habitáculos temporais de pastores, sen poder precisar a súa cronoloxía.

Achamos en Villa-Amil y Castro unha observación que vén ao caso:

"Mayores analogías presentan y más viva luz derraman sobre los restos de edificios encontrados en los *castros* gallegos, los descubrimientos de este género de antiguas construcciones, verificados en el extranjero.
Uno de estos descubrimientos es el que ha hecho M. Devals, en el distrito de Montauban, de algunas chozas redondas, enterradas en el suelo cerca de dos metros, con un banco de tierra todo alrededor, las cuales se remontan al período galo; y otro el de los restos de habitaciones de antiguos pueblos, de que dio cuenta M. J. Ollier de Marichar, en el Congreso científico celebrado en Montpellier, en 1868; considerando como tales, por ciertos indicios, á pequeños espacios cuadrados rodeados de murallas formadas solamente de tres ó cuatro hiladas de piedra, conocidos en el país (el Vallon ó el Vivarais) con el nombre de *carradours*; cuyos edificios se encuentran reunidos, en muy considerable número, en determinados puntos y á la inmediación de ciertas antiguas sepulturas" [4].

Elementos arquitectónicos populares

"Nestas paraxes [do macizo de Manzaneda], as de menor densidade humana de Galicia, predomina a actividade pastoril, o que xerou nos pastizais elementos arquitectónicos populares coma palleiros e o curro e a cabana, que son éstes [sic] últimos construccións en pedra, orixinariamente comunais, para resgarda-lo gando das inclemencias climatolóxicas e das alimañas" [5].

Descrición das Cabanas

"Son unhas construccións de forma rectangular que se atopan ben nun circo de pedras formando un arco, ben ailladas" [6].

[1] Manuel Lourenzo, Xesús Pisón, Isaac Ferreira; visita, 29.03.2002. M. Lourenzo, Pablo Valencia, I. Ferreira; visita, 16.08.2002. En 2011 estaba todo inzado de vexetación (IF).
[2] Escrito de Manuel Lourenzo a Manuel Chamoso Lamas, Conselleiro Provincial de Bellas Artes, denunciando a súa existencia, 19.04.1974.
[3] Informante: Arturo Blanco Orol, 04.09.1999. Temos fotografías do lugar datadas en 27.09.1999 (IF).
[4] J. Villa-Amil y Castro, "Los castros y las mámoas de Galicia", 1878, páxs. 223-224.
[5] Nacho Blanco, "A natureza de Galicia. Manzaneda", *La Voz de Galicia* (Los Domingos de La Voz, núm. 141), 23.01.2000, páx. 1.
[6] Cillo Castro, "O Valadouro: arqueoloxía, xeografía, economía", A Coruña, (inédito).

Catro grupos:

a) A 700 m cara ao leste da Fonte do Paparoto atópase a primeira construción. Está formada por catro rectángulos (5 x 6 m, 6 x 7 m, 9 x 8 m, e 20 x 19 m). O circo, formado por pedras chantadas, é duns 200 metros de perímetro.

b) Uns 70 metros por baixo deste Chao das Cabanas hai outra illada, cunhas dimensións de 9 x 6 m.

c) Cara ao oeste, na Veiga, hai outra cabana con catro grandes circos. É de construción totalmente diferente ás anteriores. Son máis ben amoreamentos de pedras.

d) Na cara leste do río Vao, ao pé dos Penidos, aparecen outras tres cabanas rodeadas dun valado precioso formado por pedras chantadas.
As dimensións destas tres cabanas son 3 x 5 m, 6 x 5 m, e 7 x 5 m, e o circo ten uns 200 metros [1].

Dous datos: un pastor de 72 anos, a finais dos anos 70 do século XX, díxonos que as casetas e as cabanas e mais unha cruz gravada nunha das pedras, eran cousa de mouros.

Deixando á parte as construcións da Veiga, que coidamos poden ser dos chamados *anos da fame*, as outras construcións o mesmo poderían pertencer á época dos castros que ao século XVIII.

Comentarios do arqueólogo Abel Vigo

"Os conxuntos que se atopan nesa zona poden levar a pensar nun momento moi antigo, xa que están no contorno dun monumento megalítico como é a mámoa do curro. Pero analizando un pouco os conxuntos, inclínome a pensar que non teñen relación cronolóxica e prefiro orientarme cara a un mundo máis actual.
Parece moi significativo o da recuperación deste espacio, como me comentastes, na época da posguerra civil española, pastos e lugares para cultivos. Con isto non quero levar estas obras –claramente de factura humana (tanto os círculos líticos como as casetas pétreas)– a unha época contemporánea; pero analizando o visto e revisando as fotos polo miúdo considero máis prudente situar os conxuntos en época histórica máis próxima a nós que á prehistoria" [2].

«As casetas corresponderían a unha etapa "moderna", xa que non se constatan este tipo de construccións ata época castrexa, pero sempre en conxuntos, isto é, en asentamentos castrexos que imos definir como "típicos": un poboado. No mundo romano o home aproxímase aínda máis ó val co fin de conseguir unha mellor agricultura; así que teremos que irnos a un mundo medieval –no que, como é sabido, se recupera o monte e as zonas altas, así como lugares defensivos por motivos de crises sociopolíticas ou de subsistencia– ou posterior para poder situar estas edificacións» [3].

«Por último, hai que indicar que as casetas presentan varios tamaños e varias formas constructivas, podendo indicar unha "xerarquía" entre elas. Hai unha significativamente grande e cun espesor nas paredes importante que, aínda que inscrita dentro dun círculo lítico, parece diferenciarse do resto» [4].

"Outro impedimento para unha boa observación é a gran cantidade de vexetación salvaxe que presentan case todas estas estructuras, co que non podemos aproveitar ningún elemento que se poida conservar no seu interior para un mellor estudio das mesmas" [5].

[1] Cillo Castro, "O Valadouro: arqueoloxía, xeografía, economía", A Coruña, (inédito).
[2] Abel Vigo García, *Aportacións sobre O Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páx. 11.
[3] Abel Vigo García, op. cit., 2002, páx. 12.
[4] Abel Vigo García, op. cit., 2002, páx. 12.
[5] Abel Vigo García, op. cit., 2002, páx. 12.

IGREXA DE SAN TOMÉ DE RECARÉ *(San Tomé)*

Parroquial. *S. Thomas* (1128) [1].
Situación: Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), e desvío á man dereita a 3,2 Km de Ferreira. A igrexa está a 4,4 Km da vila de Ferreira.
Cronoloxía: 1896.
Construída, sobre outra anterior dedicada ao mesmo santo, polo párroco Fernando Bocelo.
Estilo: neoclásico.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [2].

"Pequeña feligresía que comenzó a funcionar como tal en 1852, si bien ya existía anteriormente allí una iglesia..." [3].

A igrexa

"Obra de estilo neoclásico, del siglo XIX, sobre la anterior iglesia, con nave, crucero y sacristía detrás del presbiterio, con torre de dos cuerpos y balaustrada" [4].

Fachada principal

Fachada: óculo central con rellas e vidros.
Sobre o óculo, pedra fundacional coa seguinte inscrición:

SE HIZO ESTA OBRA A EXPENSAS DEL ACTUAL CURA D. FERNANDO BOCELO AÑO DE 1896 [5]

Portada lateral dereita

Muro dereito: fermosa porta lateral, cun lintel de características arquitectónicas parecidas ás do lintel do pórtico da igrexa parroquial de Santa Cruz do Valadouro [6].

"La entrada secundaria está enmarcada en una moldura y rematada con una Santa Cruz" [7].

«A portada [lateral da igrexa] de San Tomé de Recaré tampouco coincide co resto da edificación. É posible que se trate dunha reutilización ou do aproveitamento dunha edificación anterior; isto é moi probable, xa que ó acharse enriba dun castro pódese supoñer unha "cristianización" dende ben antigo. Algo que, por outra banda, podemos apreciar en gran parte dos asentamentos castrexos do Valadouro» [8].

Muro dereito: segunda porta lateral, e, sobre o lintel, cartela de mármore que avisa:

UNA DE DOS O NO ENTRAR AQUÍ O ALABAR A DIOS [9].

Tres retablos

---

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 287.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 287.
[5] Visita e fotografías: IF, 12.04.2001.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 24.
[7] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[8] Abel Vigo García, *Aportacións sobre O Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páx. 14.
[9] Visita e fotografía: IF, 12.04.2001.

"Retablo mayor neoclásico con tres hornacinas e imágenes modernas.
Retablo derecho, moderno, con imagen del Niño Jesús (0,65), siglo XVIII.
Retablo izquierdo, moderno, con Cristo (1,20), siglo XVIII" [1].

Sacristía

"Un Cristo popular (0,82).
Cruz procesional de plata, barroca, (0,74 x 0,33); en su macolla se lee: *Iglesia de Santo Tomé de Recaré, año de 1758*" [2].

Imaxes existentes no ano 1999 [3]

San Tomé	Titular da parroquia.
Neno Xesús	Cronoloxía: século XVIII.
Cristo crucificado	Situación: nunha fornela. A ambos lados, dous cadros: O Corazón de Xesús e A Virxe.
Virxe das Dores	
Cristo crucificado	Estilo: popular. Situación: sacristía.
Santo Antonio	De pedir. Sobre bandexa de madeira.
San Fernando	
A Inmaculada	

VIACRUCIS E SANTUARIO DO SANTO CRISTO DA PROVIDENCIA

Situación: recinto do adro da igrexa parroquial.
Cronoloxía: 1863.
Estilo: neoclásico [4].

Viacrucis moderno, na subida á igrexa, que remata nun pequeno retablo de pedra con frontón triangular e efixies de Cristo, a Virxe [Dolorosa] e San Pedro [5], e que nós chamamos Santuario do Santo Cristo ou simplemente O Santo Cristo.
O santuario foi custeado polo cura ecónomo da parroquia de San Tomé, Fernando Bocelo. Na ara figura a seguinte lenda:

FUE INAUGURADA Y COSTEADA ESTA OBRA POR D. FERNANDO BOCELO CURA ECONOMO DE ESTA PARROQUIA. AÑO DE 1863 [6]

"El único Peto de Ánimas del Valle está en el adrio [sic] de la iglesia de San Tomé. Al igual que ella [su] estilo es Neoclásico, con una base moldurada y columnas dóricas adosadas, acabando con

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 287.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 287.
[3] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[4] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[5] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXVI, páx. 110.
[6] Visita e fotografías: IF, 1999.

frontón clásico triangular. Se representa el Santísimo Cristo de [la] Providencia, acompañado por la Dolorosa y San Pedro. Es del año 1863" [1].

O Viacrucis figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Etnografía: Cruceiros e petos de ánimas [2].

Característica específica: ritual de poñer o santo. O poñente emprega a seguinte xaculatoria: *Cristo vive, Cristo reina, Cristo te libre de todo mal. Amén* [3].

"En el camino de subida a la iglesia, un Via-crucis con cruceiros sencillos de piedra y grupo de la Crucifixión con el Cristo, la Dolorosa y San Pedro, con inscripción del año 1863" [4].

Canoura Quintana dános o ano 1868 para a fundación da romaría do Santo Cristo; mais, como queda expreso, a construción do santuario data de 1863.

«Este peto de ánimas está situado diante da igrexa de Santo [sic] Tomé. Coñécese este peto como "O Santísimo Cristo da Providencia". A construción é de estilo neoclásico e está formado por unha base con moldura, columnas dóricas, frontón clásico triangular,... O Cristo está acompañado pola Virxe das Dores e San Pedro. Foi costeado [sic] polo crego da parroquia de Santo Tomé don Fernando Bocelo no ano 1863. Diante destas efixies son moitas as persoas que depositan flores ao longo do ano» [5].

Imaxes existentes no altar pétreo do adro no ano 1999 [6]

Cristo crucificado

San Pedro Moi comido da traza.
Fáltalle unha man.

Dolorosa

Personaxes. Fernando Bocelo. Cronoloxía: 1868 [1863].

"Fernando Bocelo, cura de Sto. Tomé de Recaré, funda e impulsa en su parroquia (1868) la romería del Sto. Cristo de la Providencia" [7].

Cemiterio

Lauda sepulcral.
Situación: porta do cemiterio e procedente deste, facendo de soleira.
Cronoloxía: a data está ilexíbel [8]; mais, se a relacionamos cos Montenegros de Recaré, non sería desacertado datala na segunda metade do século XVII.
Escudo coas armas dos Montenegro.

Coordenadas U.T.M.: X: 623.529; Y: 4.821.622 [9].

"En el cementerio, dintel con grabados e inscripción. A la entrada, lápida sepulcral con escudo e inscripción" [10].

[1] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.
[3] J. M. Blanco Prado, *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*, 1996, páx. 190.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. V, 1983, páx. 287.
[5] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[6] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[7] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 146.
[8] F. Monterroso Carril, párroco, falou cos veciños e ningún lembra a data desta lápida; 12.04.2001.
[9] Medicións: Juan Francisco López Calzada, 2005.
[10] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. V, 1983, páx. 287.

"En dicha parroquia en la entrada del cementerio existe una lauda sepulcral con las armas de los Coras, Aguiares y Montenegros" [1].

"Na entrada ao cemiterio da parroquia de San Tomé atopamos o que parece ser unha lápida ou estela sepulcral no chan, que, pola súa tipoloxía, parece pertencer a un nobre do século XVII. A súa ubicación é no chan da cancela de acceso ao cemiterio, a modo de lousa, e presenta unha perforación para a ancoraxe da cancela. Esta agresión, xunto ás pisadas dos fregueses, motivarán a rápida degradación deste ben, polo que se insta á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a que tome as medidas que se estimen oportunas" [2].

"Destacar... la lápida sepulcral del cementerio de San Tomé de Recaré, decorada con lambrequines y rematado [sic] con casco de fidalguía" [3].

CAPELA DE CAO

Situación: Cao.
Comezo da estrada que leva á igrexa parroquial de San Tomé.
Desaparecida.
Era propiedade dos Cerdeiras da Casa da Abelleira (Recaré).
Restos: pía bautismal. Muros dunha casa [4].

CAPELA DE SAN ISIDRO

Situación: arriba do Canedo.
Restos da construción [5].

CAPELA DE SAN XOSÉ

Situación: monte Pormouro ou Cerqueiro.
Máis arriba do lugar de Sisto.
Existen restos da construción, como é un murete rectangular [6].
Era de refuxio.

IGREXA DO GODELLÓN

Situación: Prados Vellos.
Lugar: O Godellón.
A memoria popular lembra que houbo alí unha igrexa [7].

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 131.
[2] J. F. López Calzada (Arqueólogo Director), *Revisión do Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico. Concello do Valadouro*, Ferreira do Valadouro, 19.09.2005, páx. 48. Inédito. Nota dos autores: na actualidade, a lauda con escudo señorial está integrada velticalmente, sobre unha base de pedra, na lateral esquerda da igrexa, dentro do recinto do cemiterio parroquial.
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] A pía bautismal apareceu enterrada no lugar de Cao; actualmente está na casa de M.ª Dolores Pardeiro Rodríguez, propietaria do lugar, *pro indiviso*, co seu irmán Xosé Ricardo Pardeiro Rodríguez (IF, 08.06.2001).
[5] F. Monterroso Carril, 28.08.2013.
[6] Situada nunha leira propiedade de Suso Mandiá, das Casas de Riba (Xesús Pisón, 08.12.1997).
Hai uns depósitos de auga para os veciños. Informante: Arturo Blanco Orol, 2000.
Existía o lugar de San Xosé, que foi da familia de Arturo Blanco Orol, 07.08.2013 (IF).
[7] Informante: Arturo Blanco Orol, 04.09.1999.

CRUZ DA ESTIBADA

Situación: A Estibada.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 3.
Descrición: cruz alta de pedra, sinxela, dunha soa peza, sen labra ningunha.
Sobre un pequeno penedo que fai de base [1].
Historia: é o "Cruceiro asasino" dos Contos do Valadouro [2].

«Unha das cruces, cicais máis coñecidas de Santo [sic] Tomé, sexa a Cruz da Estivada [Estibada]. Está situada ao carón da estrada camiño de Ferreira [sic] nunha encrucillada. Trátase dunha cruz alta, de sección cuadrangular, colocada enriba dunha pena. Comentan os veciños [Milagros Canoura López] que esta cruz ía para Cendemil, en Santa Cruz, e un señor [Xan do Eixo] que estaba enriba do carro, sentado na cruz, dixo: "Din que Deus está alá arriba no ceo e neste momento eu estou enriba del". Naquel intre partiuse o carro, e acordaron deixala neste lugar para perdoar o pecado. Nos "Contos do Valadouro" é coñecido como o "Cruceiro asasino", de X. Pisón, M. Lourenzo, I. Ferreira» [3].

"O Cristo [sic] da Estibada traíao un home da miña familia, Xan do Eixo, pero era para poñer na miña finca. Miña bisavoa era Marica Díaz Eijo, e ese señor era seu pai [o tataravó de Milagros Canoura López] e deu volta o carro [entornouse] e morreu alí [na Estibada]. Pero na miña finca puxeron outro que ten moitas indulxencias [O Cruceiro de Cendemil] concedidas polo bispo Ponciano de Arciniega [1857-1868]..." [4].

AS CATORCE CRUCES DE PEDRA DO VIA CRUCIS

(Véxase tamén Viacrucis e Santuario do Santo Cristo).

"O Viacrucis de Santo [sic] Tomé está formado por catorce estacións. Nun principio as estacións eran de madeira. Saía o Viacrucis da Cruz de Liñares, cruz de granito, que desapareceu alá polo ano 1963 cando se fixo o actual. Esta cruz sinalaba o comezo do Viacrucis, e databa do ano 1863. Se temos en conta o Inventario Provincial de Lugo dinos que se trataba dun cruceiro con Cristo e un Santo. O Viacrucis actual foi cambiado, restaurado ou feito por Abel de Esqueira. Todos os anos faise unha representación por Semana Santa" [5].

CRUCEIROS DESAPARECIDOS

CRUZ VELLA DA IGREXA (ou A CRUZ DE LIÑARES)

Este fermoso cruceiro, datado en 1863, desapareceu cando fixeron a estrada da igrexa, nos anos sesenta, e marcaba o principio do antigo *Via Crucis*, que era de madeira.
Se nos guiamos polo Inventario provincial [6], estaba formado polo grupo da Dolorosa, un Santo e mais o Cristo. Non era moi alta, mais tiña as cores case en perfecto estado.
Nesta cruz tíñase o costume de ler a primeira oración do *Via Crucis.*
Un dos mellores coñecedores da parroquia lembra que era unha pedra grande fincada que tiña gravada unha cruz [7].

---

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 24. Visita e fotografía: IF, 29.10.2001.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto XXVII, páx. 23.
[3] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[4] Informante: Milagros Canoura [López], Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 26.10.2016.
[5] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[6] *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, E. Valiña Sampedro, N. Rielo Carballo, S. San Cristóbal Sebastián, J. M. González Reboredo.
[7] Informante: Arturo Blanco Orol, agosto de 2000.

Canoura Quintana menciona unha cruz, acaso antropomórfica, dunha soa peza, en San Tomé, hoxe desaparecida, semellante á cruz do Pau da Vella (da Serra do Buio), que a seguir describe o propio Canoura.

"Cruz [do Pau da Vella] de brazos cortos con una envergadura de 65 cm., teniendo de alto 107 cm., la encontramos esculpida en una sola pieza, como la existente en Sto. Tomé, hoy en día destruida, a la que iba asociada una leyenda, o la que existe al lado de la iglesia de O Pereiro" [1].

O Camiño Real e o Camiño de Santiago

VÍA DA ÉPOCA ROMANA E RAMAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO?

«Por lo que respecta a los caminos que recorrían el territorio es interesante recordar el artículo de Villaamil [y Castro] en el que se cita una vía que el autor lleva al tiempo de los romanos y que "*viniendo del N.O pasa por las inmediaciones de Vivero y tomando desde aquí la dirección S.E pasa por Landrove y cruzando el Valle de Oro se dirige a la ciudad de Mondoñedo*" [2] a ésta se le vendría a unir otra procedente de Ribadeo, camino este último que Villaamil asocia al citado por el Anónimo de Rávena que se dirigía desde Luco Astorum (Sta. María de Lugo, en las proximidades de Oviedo) hasta Iria Flavia.
No debemos identificar este camino que recorria el valle con la actual carretera Vivero Meira abierta en 1869. Se trata de un antiguo recorrido que partiendo de Mondoñedo cruza por Loñán [Zoñán], la Recadieira, Agüeiras, Pereiro, Padorno en Sto. Tomé, Sinás en Vilacampa [en realidade, en Miñotos, Ourol] y de aquí hasta el puente de Landrove en Viveiro» [3].

O CAMIÑO REAL

Situación: Paredes.
Pasado Paredes á dereita, perto do pasadoiro de lastras que xa está derrubado.
Calzada de pedra.
Itinerario: saía do Batán e pasaba por Cerqueiro→Pormouro→Casa Tellada→Esqueira→O Navallo→Pedrouzos→Coutomil→Baer→Couso e Freixido [4].
Existen restos do camiño subindo para O Chao do Padorno.

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 25.
[2] J. Villa-Amil y Castro, "Pobladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo, Boletín de la Sociedad Geográfica, Madrid, agosto de 1878.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páxs. 27 e 31, n. 29.
[4] Informante: Arturo Blanco Orol, 21.08.2000.

Casas Grandes ou de interese

A CASA DOS MEL

"Otras familias fueron... los Meles de Sto. Tomé de Recaré descendientes de Pedro Mel el Viejo y Domingo Mel" [1].

A CASA DOS RIBADENEIRA

Esta casa dos Ribadeneira, de San Tomé, no ano 1912 pertencía aos herdeiros de D. Antonio Prieto [2].

"La [casa] de los Ribadeneyra en Sto. Tomé de Recaré" [3].

A CASA DE SANTOMÉ

En 1912 pertencía á familia Basanta, por sentencia firme daquelas datas [4].

Outras casas de interese

A CASA DO CRISANTO

Situación: As Casas de Riba.
Lintel dunha xanela, coa lenda cristiá: IHS MAIGU.
Xanela abucinada.
Cruz gravada, realzada con pintura branca. Parede, porta lateral [5].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 132.
[2] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 21.
Nota dos autores: existe unha casa dos Ribadeneira ou Valcarce en Frexulfe, no lugar do Pazo.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 131.
[4] J. Martínez Cobo, op. cit., 1912, páx. 21.
[5] Visita: Xesús Pisón e Isaac Ferreira, 31.08.2002. Fotografías: IF, 31.08.2002.

A FONTE DA MARCULINA (ou MERCULINA)

Situación: Rego das Balsadas.
Tamén coñecido como Rego de Sinás, na Pasada de Sinás.
Cóntase unha misteriosa historia:

"A Marculina era unha muller do outro lado [Ourol] que se entendía cun home deste lado [O Valadouro] e víanse nesta fonte" [1].

A FONTE DE RÍO

Situación: o lugar de Río.
Con pío, pinguela grande de pedra e escaleiras [2].

A FONTE DO CURRO

Situación: A Rega de Moleiros.
Contorna da Rapa das Bestas.
Con pío e dúas pinguelas [3].

A FONTE DO NAVALLO

Situación: O Navallo.
Con pío e pinguela [4].

[1] Informante: Roberto Prieto Ferreiro, 04.03.2000.
[2] Nota dos autores: Evaristo Galdo Blanco publicou fotografía en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 22.05.2018 (IF).
[3] Nota dos autores: Evaristo Galdo Blanco publicou fotografías en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 19.03.2017 e o 28.01.2018 (IF).
[4] Nota dos autores: Ángeles Parga Pardiñas publicou fotografía en Facebook, ·Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 02.12.2016 (IF).

As Escaleiras do Padorno

Nunha pena que hai nas Escaleiras do Padorno vese o sinal dunha ferradura, de cando pasaran por alí dacabalo o Apóstolo Santiago e mais o Demo. O Apóstolo saltou e o Demo caeu no río [1].

O cruceiro asasino

Un home traía un cruceiro nun carro, de San Tomé para Cendemil, e ao pasar pola Estibada, saía a xente ao camiño para velo sentado no cruceiro. E el fachendeaba:
—Deus poder, poderá moito. Mais eu veño dacabalo del.
Nisto o carro entornouse e o cruceiro veuse enriba do home e matouno [2].

O libro

Na igrexa que había arriba da Caverna de San Tomé moraban uns cregos moi vellos que baixaron a Esqueira para morreren. Viñan tan pobres que traían a vida nunha cesta, e deixaron un libro onde puña que a fin do mundo había vir cando se cubrise todo de camiños [3].

O Monte Pormouro

No Monte do Pormouro
hai o pelexo dun boi mouro
cheo de prata e de ouro,
que ha ser destapado
polas cabras de outro [4].

A pelella do boi mouro

En Pero Amigo hai unha caseta, e debaixo hai a pelella dun boi mouro chea de ouro e prata, que ha ser destapada polos pés das cabras [5].

O Casal do Rico

Un home que andaba coas ovellas no Chao do Padorno, sentindo que lle viña encima a treboada, gardouse debaixo dunhas penas, e como non paraba de chover, botou a noite enteira alí. Cando acordou, á mañanciña, viu que a auga lavara o acubillo, descubrindo un baño cheo de ouro. Axiña quixo facerse con el, mais o baño pesaba tanto que o home tivo que baixar á aldea e xunguir unha parella de bois para carretalo. Co ouro que tirou fixo un casal, que aínda hoxe lle chaman O Casal do Rico [6].

---

[1] Contador: Xosé Blanco Orol, 09.02.2002. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto VI, páx. 18.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XXVII, páx. 23.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XXIX, páx. 23. Nota dos autores: é moi verosímil que esta lenda faga alusión indirecta á Santana, onde hai restos dun posíbel mosteiro medieval. Aínda que A Santana pertence á parroquia de Santa Cruz do Valadouro, consideramos máis natural, por mencións directas (A Caverna, Esqueira, San Tomé), incluír a lenda nesta parroquia de San Tomé de Recaré.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXI, páx. 99.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXIX, páx. 100.
[6] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXXXII, páx. 100.

O libro para ver o ouro

Un vello de Esqueira tiña un libro para ver o ouro dos Encantos. Un día o fillo pillou o libro e foise con el para as Arcas da Pena Moura. Ao chegar alí abriuno e viu o ouro que había enterrado. Niso o vento pechoulle o libro e o rapaz quedou alí para sempre [1].

As Arcas da Pena Moura

Nas Arcas da Pena Moura vense unhas rapazas moi guapas que se están peiteando con peites de ouro [2].

O Encanto da Fonte da Fresqueira

O Encanto da Fonte da Fresqueira é un paxariño branco que só se ve polas mañás [3].

O Encanto do Canedo

O Encanto do Canedo lavaba a roupa no río. O Encanto non se vía. O que se vía era a roupa moverse na auga e mais cando estaba tendida [4].

A Casa do Encanto de Paredes

Na Casa do Encanto de Paredes saen tres rapazas a lucir o cabelo enrestrado [5].

O Encanto de Esqueira

"Otra leyenda vinculada a cruces escondidas es la del encanto de Esqueira. El denominado Chao de Esqueira se encuentra situado en la parroquia de Sto. Tomé a orillas del río Bao [sic], en las proximidades del Canedo, donde un supuesto encanto tienta a los que intentan acercarse al río, con dos enormes arcas, repleta una de cruces de oro y la otra de alquitrán hirviendo" [6].

O Encanto do Padorno

"Un poco más elevado que Esqueira está Padorno, donde según me contaron, la mañana de San Juan los de Sta. Cruz solían madrugar para ver la colada del ENCANTO de PADORNO" [7].

"El encanto de Padorno tiene ropa a secar y guarda unos pollos" [8].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CXXXV, páx. 101.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXII, páx. 110.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXIX, páx. 111.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXIV, páx. 111.
[5] A informante dixo que esta casa era unha "caseta" (podería ser unha arca, non identificada por nós). X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXVI, páx. 112.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 36.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 36.
[8] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 37.

O Encanto de Paredes

"Cuentan los antiguos que en este lugar de nuestro valle aparecía todas las mañanas una gallina con sus polluelos y ropa tendida a secar. Al anochecer desaparecía todo sin quedar señales de ello por ninguna parte. Lo mismo ocurría si alguien se acercaba; desaparecía todo en un instante. ¿Qué ocurría allí? Nunca se supo. Un día desapareció para siempre sin que nadie pudiese descubrir aquel misterio. La gente lo cuenta como que era un ENCANTO" [1].

As lavandeiras do Río de Paredes

Rosa do Cheto viu unhas rapazas lavando no Río de Paredes e pensou que eran as criadas da Casa de Cerdeiras. E cando lles foi falar, as rapazas desapareceron [2].

A xiganta da Ponte de Paredes

Cando Rafael de Sidro baixaba de apañar o molime en San Tomé, reparou en que deixara o paraugas no monte, e voltou alí. Un pouco máis abaixo da Ponte de Paredes viu saír unha muller moi grande do río e pór a roupa a enxugar. O home asustouse tanto que deixou o paraugas e escapou a correr para a casa [3].

O corno da Pedralba

Un labrador da Pedralba que estaba a cavar na roza sentouse á sombra dun caxigo para comer o almorzo, e viu un home moi ben vestido furando na terra coas mans. O home desenterrou un corno e púxose a tocar nel. De alí a un pouco chegou a filla do labrador e meteuse co home por entre unhas penas. O labrador chamou pola rapaza e ela non contestou. Entón púxose a furar onde furara o outro, e ao pillar o corno ardéronlle as maos [4].

O Camiño do Corno

No Camiño do Corno, por baixo do Encanto de Paredes, perdeuse un carro. Rompeulle a chavella, caeu no pozo e nunca máis se soubo del [5].

O lume

No fondal da Santana moraban dúas mulleres que viñan buscar o lume a Sisto, porque elas non sabían facelo. Un día desapareceu a máis nova, e a xente dixo que a levara o Encanto.
Moitos anos despois, estando tres homes a facer un camiño en Paredes, atoparon o esqueleto da muller debaixo dunha pedra. E pillaron tanto medo que levaron o camiño por outro sitio [6].

A muller, a vaca e o boi roxo

Unha noite ía un home por San Tomé e sentiu que viña alguén atrás del. Ao volverse viu unha muller que non coñecía e deulle as boas noites, e ela pasoulle diante sen contestar.

---

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 56.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CLXXIX, páx. 112.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CLXXXII, páx. 112.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXCVII, páx. 117.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CC, páx. 118.
[6] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCII, páxs. 118-119.

De alí a un pouco adiantoulle unha vaca que levaba dous farois acesos nos cornos, e púxose á par da muller.
O home foinas seguindo por entre a felga, e cando chegaron á Fresqueira deu en retumbar o chao. Entón saíu un boi roxo de debaixo da terra, e polo furado que deixou metéronse a muller e mais a vaca. Despois meteuse o boi e todo ficou calmo [1].

O boi roxo


No Monte da Fresqueira hai un boi roxo debaixo da terra, e un día hase levantar e ha varrer as casas de abaixo [2].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXII, páxs. 122-123.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXIII, páx. 123.
No *Nomenclátor de Galicia - Lugo*, Xunta de Galicia, A Coruña, 2000, páx. 148, figura a entidade de poboación *As Casas de Baixo*.





Igrexa parroquial.
San Tomé de Recaré.
Cronoloxía: 1896.
Estilo: neoclásico.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 12-04-2001.



IGREXA PARROQUIAL DE SAN TOMÉ
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo V, 1983, p. 288.





O Santo Cristo.
Peto de ánimas.
San Tomé de Recaré.
Adro da igrexa parroquial.
Cronoloxía: 1863.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 1999.





Lauda sepulcral, con armas.
San Tomé de Recaré.
Cemiterio parroquial.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 12-04-2001.



Lauda sepulcral, con armas.
San Tomé de Recaré.
Cemiterio parroquial.
Situación actual.
Foto: Juan Fanego Vidarte.
Data: 11-08-2016.



Cruz da Estibada.
San Tomé de Recaré.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 30-10-2001.



Via Crucis.
San Tomé de Recaré.
Foto: Evaristo Galdo Blanco.
Data: 08-02-2018.





Casa do Crisanto.
San Tomé de Recaré.
Situación: As Casas de Riba.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 31-08-2002.





Casa do Crisanto.
San Tomé de Recaré.
Situación: As Casas de Riba.
Lintel con gravado.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 31-08-2002.

Santa Cilla do Valadouro

SANTA CILLA DO VALADOURO

Parroquia do concello de Foz, arciprestado de San Martiño e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 33' Lonxitude: 7º 20'

Superficie [3] en Km^2: 9,86

"Parroquia matriz de San Acisclo de Vale de Ouro y antiguamente curato de segundo ascenso y de presentación, alternativamente, del cabildo de Mondoñedo y de la Casa Quindós de Betanzos. Perteneció al decanato de A Mariña" [4].

Delimitada, ao norte, polas parroquias de San Martiño de Mondoñedo (Foz) e Santo Acisclo do Valadouro (Foz); ao sur, polas de Carballido (Alfoz) e Oirán (Mondoñedo); ao leste, pola de San Martiño de Mondoñedo (Foz); e ao oeste, polas de Carballido (Alfoz) e Santo Acisclo do Valadouro (Foz) [5].

Bañada polo río *Ouro* (<*Douro*), rexistra a súa máxima altitude na *Frouseira* (427 m), lindante coa parroquia de Carballido (Alfoz).

Ten 274 habitantes (Homes: 127. Mulleres: 147) [6], nas entidades de poboación de: *O Chao, Folgosa, A Rega, O Souto Novo, Vilacizal, Vilatuíxe, Viñas* [7].

Comunícase pola estrada LU-152 (Foz-Ferreira).

Festividades [8]: *O Carme* (1º domingo de xullo).
Santo André (30 de novembro, en Teixeira celébrase en fin de semana).
A titular da parroquia é Santa Cilla (22 de novembro).

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 179.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 72.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 188.
[5] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[6] Fonte: INE, 01.01.2017.
[7] DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 983.
[8] Fonte: www.concellodefoz.es, 13.04.2013.

| Toponimia | [1]

Santa Cilla do Valadouro: nome da parroquia.

Orónimos

Coto do Barreiro (165 m; *Coto*, da base **cotto* 'couto, penedo', orixe hispano-caucásica + **barro* 'lama, fango', orixe prerromana), *A Frouseira* (427 m).

Hidrónimos

Río Ouro (<*Douro*), *Rego da Senra* (*Senra:* céltico > lat. SENARA > seara, senra; 'porción de terra cultivada'), *Rego de Vilatuíxe*; *Fontao* (do lat. FONTEM 'fonte'; lugar: *O Condado de Fontao*), *A Rega* (de 'rego'; lugar: *A Costa da Rega*).

Entidades de poboación

Folgosa (flora; do lat. tardío **filicosa*, 'lugar onde hai felgos), *O Souto Novo, Vilacizal* (antigamente *Villa Cesar* > *Villacesar* > *Vilacesar*), *Vilatuíxe* [2].

Topónimos con data documentada

Uilla Cesar (1101) [3], *Villa Cesar* (1118), *Felguosa* (c. a 1100) [4], Villacesar (1422) [5], *Vilacesar* (1567), *Trasmonte* (1313), *Fontao* (1391), *Folgoso* (1415), *Santa Cesilia* (1378) [6], *Santa Çesilia* (1415) [7], *Santa Çezilia* (1432) [8], *Santa Çiçilia* (1464, 1488) [9], *Tras do Río* (hidrónimo; lugar; 1711, 1734) [10], *Santa Zezilia* (1752) [11], *Cova do Ouro* (1912) [12].

No ano 1849, Pascual Madoz cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Barradela, Barreira (do prerromano **barro* 'lama, fango'), *Bouroa, Cardoje, (Cardoxe), Fontao* (hidrónimo; de 'fonte'), Rega (hidrónimo; do lat. RIGARE 'regar'), *Teijeira* (*Teixeira*, flora; do lat. TAXUS 'teixo', árbore velenosa) [13].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 983.
[3] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 58v-59r. A. Rodríguez González- J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 69, páx. 107. Esta 'vila' ou 'casa de campo coas súas terras' estaba no que hoxe é concello de Barreiros.
[4] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. A. Rodríguez González- J. A. Rey Caíña, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 13 C, páx. 44.
[5] E. Cal Pardo, *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Deputación Provincial, Lugo, 1990, doc. 1.642, páx. 614. En N. Ares Vázquez, *Estudos de toponimia galega*, RAG, A Coruña, t. I, 2011-2012, páx. 561.
[6] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 117, Vilamaior-Mondoñedo, 12.03.1378, páx. 194.
[7] Fonte: coleccións diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 4, 1988, páx. 121; núm. 7, 1991, páxs. 107, 159, 184; núm. 8, 1992, páxs. 50, 107, 115.
[8] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 149, páx. 258.
[9] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, docs. 187, 206, páxs. 357, 428.
[10] Escritura de codicilo (1711) sobre o testamento (1706) do Lic. D. Alonso de Agueira. Colección particular: Orol Freire. Ferreira do Valadouro. Mazo A, Docs. 1, 3, páx. 31. Transcrición: IF, novembro de 2001.
[11] AHPLu. Sección Hacienda. Doc. 'Fazouro. Transcrición da enquisa realizada para o Catastro do Marqués de Ensenada, data: 26.11.1752. X. R. Fernández [Pacios], "Organización administrativa do concello de Foz (1835-1975)", *Un povo con memória própia*, I Xornadas de história de Foz, setembro de 1997, páx. 17.
[12] Lindante polo Sur na *Veiga de Baer* e polo Norte nas *Chaas de Modroi*. Documento: División de montes. Cronoloxía: 14.02.1912. Colección particular: M.ª Xosé Pérez-Mel. Vilaúde (Alfoz).
[13] P. Madoz, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, t. XV, 1849, páx. 596.

Século XI

No Apeo de servos e posesións do mosteiro de Lourenzá, cara ao ano 1100 [1], no apartado 13 C, Noticia das *villas* que Guterri Osoriz (fillo de Osorio Guterriz, o Conde Santo), figura: *Villa in Felguosa*.

"NOTICIA DE VILLAS DE GUTERRI OSORIZ QUE DEDIT MONASTERIO VILLENOUE.
Decem uillas que sunt in Aurio, id sunt: Villa in Sancti Aciscli; Villa de Radulfi [Raúlfe, Santo Acisclo]; Villa Mayorciti; villa in Uillare; Villa de Butinane [Budián]; Villa in Radulfi [Raúlfe, Santo Acisclo]; Villa Mayor; Villa de Ambresco; Villa in Felguosa [Folgosa?, Santa Cilla]; Villa de Randanes que dedit domno Manualdit [Manualdo] a Guterri Osoriz" [2].

Século XII

Nun documento de data 18 de maio de 1101 menciónase un lugar ou casa chamado *Villa Cesar* (*Vilacesar*) que non é o que hoxe coñecemos como *Vilacizal*, de Santa Cilla do Valadouro (este aparecerá nun documento de 1422) [3], senón un do mesmo nome situado en Barreiros e hoxe desaparecido do Nomenclátor [4].

De uilla mea propria que habeo territorio Barrarios, loco predicto Uilla Cesar,... per illa uilla de Uilla Cesar [5].

Contrato de compra-venda. Cronoloxía: 18.05.1101.

«... una yegua "collore rosella", tasada en quince sueldos, vale un tercio de villa en Villacesar, territorio Barreiros, en 1101» [6].

«Adefonso adefonsiz vende al monasterio, por "una equa collore rosella adpreciata in XV solidos et aliud", sus derechos en una villa que tiene en "territorio barrarios" en el lugar de uilla cezar "secus litus aqua lata discurrente eccesie sancti petri subtus mons pausatorio". Año 1101, mayo 18» [7].

Século XIV

Nun documento do ano 1378 menciónase *Santa Cesilia* [8].

Organización eclesiástica. Unión á Mesa Capitular da Catedral de Mondoñedo.
Cronoloxía: 12.03.1378.

A don Lope séguelle don Vasco López de Moscoso y Río, señor da casa señorial de Río, casado con dona Sancha Rodríguez de Lobeira y Mariño.

O señorío de Fontao

Séculos XV e XVI

Personaxes: Vasco López de Moscoso [de Río y Mariño], *O Vello*. Cronoloxía: 1531.

O señorío de Fontao estivo ligado desde o século XV á familia Moscoso de Altamira [3].
Un membro importante desta liñaxe foi Don Vasco de Moscoso, de sobrenome *O Vello*, señor da casa señorial de Río, casado con D.ª [María] Constanza López de Aguiar; tomou partido contra o seu conveciño o mariscal Pardo de Cela [4].

Séculos XVI e XVII

Felipe II fundou o señorío no ano 1564, vinculando as terras á familia Moscoso de Altamira. Créase daquela a casa de Ferreira (Ferreira Vella), en San Martiño de Mondoñedo [5].

Personaxes. Sancho López de Moscoso [de Río y Aguiar] [6]. Cronoloxía: 1565.

Funda o morgado da Torre de Ferreira Vella, por facultade de Felipe II, ao redor de 1565 [7], Don Sancho López de Moscoso [8] [casado con dona Inés de Baamonde Miranda y Ron] [9] .

"Fue en 1531 cuando Vasco López de Moscoso otorgó testamento en sus casas del lugar de Ferreiravella, en la feligresía de San Martín. Y don Vasco, casado con Constanza López de Aguiar, había combatido al Mariscal Pardo de Cela. El hijo de ese López Moscoso, Sancho, fundó el mayorazgo del palacio de Ferreiravella y el primogénito de este, Don Lorenzo López de Moscoso de Altamira y Miranda [10], fundó, en 1595, el mayorazgo del palacio de Fontao" [11].

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 132.
[2] José Luis Lamigueiro, "Genealogía del Linaje Moscoso de Río, séculos XIV-XIX", *Xenealoxías do Ortegal* (XOR). http://www.xenealoxiasdoortegal/moscosofontao.htm, 11.02.2014, páx. 1.
[3] José Manuel Romero Moreno, actual Conde de Fontao, V Xornadas de Historia local de Foz, Asociacion Cultural A Pomba do Arco, *La Voz de Galicia* (A Mariña), 02.08.2000, páx. 3.
[4] *La Voz de Galicia* (A Mariña), 02.08.2000, páx. 3.
[5] J. M. Romero Moreno, V Xornadas de Historia local de Foz, *La Voz de Galicia* (A Mariña), 02.08.2000, páx. 3.
[6] J. L. Lamigueiro, op. cit., 11.02.2014, páx. 1.
[7] Outras fontes escritas secundarias dannos o ano 1545 para a fundación do morgado do "Pazo de Ferreira" [Vella]. J. L. Lamigueiro, op. cit., , 11.02.2014, páx. 1.
[8] J. M. Romero Moreno, "San Lorenzo y la Casa de Fontao", folleto das festas de verán de Foz: *San Lourenzo 2001*, Fontao, 14.07.2001, s/n.
[9] J. L. Lamigueiro, op. cit., 11.02.2014, páx. 1.
[10] J. M. Romero Moreno, op. cit., *San Lourenzo 2001*, Fontao, 14.07.2001, s/n.
[11] Anónimo (Redacción. Foz) (2001), "El conde de Fontao habló de las raíces de su estirpe en San Martiño", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 14.07.2001, páx. 4.

"La leyenda afirma que en la fundación del Señorío de Fontao tuvo algo que ver la enemistad entre las familias Moscoso y Pardo de Cela, de modo que aquellos decidieron llevar su residencia a un punto que estuviera completamente desenfilado de las vistas del castillo y fortaleza de la Frouxeira [Frouseira].
La realidad histórica es más bien otra: el deseo de los señores de Ferreiravella y Fontao de acercarse al mar. En efecto, el hijo del fundador de Fontao culminó esta llamada del mar y fue él quien inició la explotación de barcos balleneros" [1].

1595-1608

Personaxes. Lorenzo López de Moscoso de Altamira y Miranda. Cronoloxía: 1595-1608.

Don Lorenzo López de Moscoso [de Altamira] Miranda y Ron.
Don Lorenzo funda, en 1595, o Morgado do Pazo de Fontao.

"Don Lorenzo López de Moscoso Miranda y Ron, Señor de las Casas Señoriales de Río y Ferreira. Capitán de Milicias del partido de S. Martiño de Mondoñedo, casado con Dña. Teresa de Parga Andrade Camba y Vilamarín" [2].

"... el hijo del fundador de[l] mayorazgo de la Torre de Ferreiravella, por facultad de Felipe II, alrededor de 1565, que fue a su vez el fundador, en 1595, del mayorazgo del Palacio de Fontao, inauguró la serie de titulares llamados Lorenzo. Se trata de Don Lorenzo López de Moscoso de Altamira y Miranda. El I Señor de Fontao incorporó a su mayorazgo el patronazgo de la Capilla de la Magdalena en la Catedral de Mondoñedo.
[...]
Pero lo [que] me gustaría destacar en este momento, es el II Señor de Fontao, que había sido bautizado con el nombre de Vasco –puesto que Vasco y Lope eran los patronímicos más usados por la familia, hasta ese punto–, decidió adoptar [cambiar] su nombre por el de Lorenzo, en la ocasión en la que la legislación canónica le daba lugar a ello, cuando fue confirmado.
[...]
A este Lorenzo sucedieron dos Antonios [3], que ostentaron sucesivamente el Señorío: el primero de ellos, impulsor del Astillero en la desembocadura del río Oro [sic]; el segundo, que lo fue hasta finales del siglo XVII, cuya hija casó con don José Flórez, tronco del que desciende la actual Condesa de Fontao, y fundador de la Capilla de Fontao" [4].

Século XVII

A comezos do XVII está xa instaurado o Morgado de Fontao, señorío que contou con cárcere e potestade para nomear xuíces e do que se conservan aínda os calabozos e os grillóns.

No século XVII os señores de Fontao convertéronse en armadores. A súa flota baleeira tiña base no porto de Nois, e na desembocadura do río Ouro [<Douro] (Fazouro) contaban cun estaleiro para atender os seus barcos [5].

"En 1607, el Obispo D. Diego González Samaniego [1599-1611], afora y confirma la cesión anterior [del diezmo de ballenas], donando a la Fábrica [de la Catedral de Mondoñedo] el citado derecho, para siempre jamás, extendiéndolo a los puertos de Nois y Foz, levantados desde dos años, y a otros cualesquiera que se levanten en el obispado.

[1] J. M. Romero Moreno, "San Lorenzo y la Casa de Fontao", folleto das festas de verán de Foz: *San Lourenzo 2001*, Fontao, 14.07.2001, s/n.
[2] J. L. Lamigueiro, "Genealogía del Linaje Moscoso de Río, séculos XIV-XIX", *Xenealoxías do Ortegal* (XOR). http://www.xenealoxiasdoortegal/moscosofontao.htm, 11.02.2014, páx. 1.
[3] Nota dos autores: segundo algúns xenealoxistas, despois do primeiro Lourenzo e antes do primeiro Antonio está "Don Lorenzo López de Moscoso Camba y Vilamarín, Señor de las Casas Señoriales de Río y I Sr. jurisdiccional de Ferreira [Vella], Y San Martiño de Mondoñedo. Capitán de Milicias del partido de San Martiño de Mondoñedo. Capitán de las Milicias de Sta. Icía do Valadouro y S. Martiño de Mondoñedo en 1588, casado con Dña. Aldonza de Omaña Rodríguez de Quirós". J. L. Lamigueiro, op. cit., 11.02.2014, páx. 1.
[4] J. M. Romero Moreno, op. cit., Fontao, 14.07.2001, s/n.
[5] J. M. Romero Moreno, *La Voz de Galicia* (A Mariña), 02.07.2000, páx. 3.

En 1608, el racionero Pedro de Pondal, en nombre del Cabildo y Fábrica, acude ante el Provisor D. Pedro Paternina, pidiendo que D. Lorenzo Sánchez de Moscoso, el regidor Juan Maseda, Juan López de Pravio y otros pagasen el diezmo de las ballenas y cabrotes que habían muerto en el puerto de Nois, después que habían armado y hecho costera en el" [1].

Foro do Coto de Fontao

Cronoloxía: 1685. Este foro outorgouno a Mitra de Mondoñedo o 23 de xaneiro de 1685.

Personaxes. Antonio de Moscoso y Omaña. Cronoloxía: 1685.

"Don Antonio Moscoso Omaña y Quirós, Sr. de la Casa Señorial de Río, y II Sr. jurisdiccional de Ferreira [Vella], y San Martiño de Mondoñedo. Recibió foro del Obispo de Mondoñedo sobre el coto de Fontao con su jurisdicción temporal, civil y criminal en 1685. Regidor perpetuo de la ciudad de Mondoñedo. Capitán de Milicias del partido de San Martiño de Mondoñedo. Capitán de las Milicias de Sta. Icía do Valadouro, y S. Martiño de Mondoñedo, casado con Dña. María Regueiro Freire de Andrade" [2].

Como queda indicado, don Antonio de Moscoso y Omaña; no ano 1685 consegue da Mitra de Mondoñedo o foro do Coto de Fontao, coa súa xurisdición civil e criminal.

"En nuestro libro *Del Obispado de Mondoñedo* tomo I páginas 160 y 161, vese lo que sigue acerca del Coto de Fontao:

El Ilmo. Sr. D. Fr. Gabriel Ramírez de Arellano, Obispo y señor de Mondoñedo [1682-1689], del Consejo de S. M., su Confesor y Predicador, aforó á D. Antonio de Moscoso y Omaña, morador en el lugar de Fontao, por tres vidas de reyes de España y cien años más, por el canon anual de 1.000 maravedis, pagos el día de S. Martín, en Mondoñedo, al Mayordomo de rentas de la Dignidad Episcopal, la jurisdicción civil y criminal del coto de Fontao, que comprendía los lindes siguientes:
De la parte del río deoro que pasa por el lugar de fontao avajo desde el puerto que llaman abarna de Baltasar hacia la parte de la dha. fra. de santiago de façouro cojendo derecho asta dar en el camino frances que biene desde façouro para fontao y desde alli derecho por la cumbre del monte y bouza arriba ala bista del dho. lugar de fontao asta donde llaman la panda del ladrido y desde dha. parte alta del pico de Castrillon y desde el pico de Castrillon derecho y en redondo al chao de teifee aguas vertientes para el dho. lugar de Fontao y a su vista asta dar en el camino ppco [público], que va de noies [Nois] y façouro para el balle de oro; y desde el dho. camino hacia la parte de avajo y bista de dho. lugar de fontao Asta dar en el foso de Agoeira y desde dho. foso da agoeira vajando avajo en redondo aguas bertientes y derecho por el camino qe. biene dela fra. de cordido para el lugar y aldea de teijeira feligresia de Santa cecilia todo á la bista de dho. lugar y aldea de fontao hasta dar enel corno que llaman de souto vello y desde dho. souto pr. el cerro abajo derechamente a la puente de fontao y de la otra parte del dho. rrio asta topar en el dho. Puerto de pelourín y marco que debide la jurisdicción del coto de ferreira [Vella] con la de foz y Sancta cicilia y desde dicho marco por el camino derecho y en redondo hacia la parte de abaxo asta dar en el dho da barcia que vaja del rrego do foxo y que dho. sitio y territorio que esta en dho. lugar y aldea de fontao y dentro de los dhos. Confines y demarcaciones y su ambito y todo de una parte y otra aguas verticales del dho. lugar de fontao y á su vista quanto á dho. territorio era suyo propio y los montes altos y bajos.

En Fontao había tres casas, en una de las cuales vivia el D. Antonio de Moscoso [y Omaña]; en otra, Antonio de Manín, y en la otra, Blas de Barbon" [3].

Personaxes. Antonio Moscoso Freire de Andrade.

"Don Antonio Moscoso Freire de Andrade, II Sr. de Fontao, III de Ferreira [Vella], San Martiño de Mondoñedo, casado con Dña. Luisa Pardo de Aguiar Castro y Ulloa, Sra. del Mayorazgo de S. Pedro do Río" [4].

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado II*, 2000, páxs. 81-82.
[2] J. L. Lamigueiro, "Genealogía del Linaje Moscoso de Río, séculos XIV-XIX", *Xenealoxías do Ortegal* (XOR). http://www.xenealoxiasdoortegal/moscosofontao.htm, 11.02.2014, páx. 2.
[3] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páxs. 234-235.
[4] J. L. Lamigueiro, op. cit., 11.02.2014, páx. 2.

Séculos XVIII e XIX

Personaxes. Lorenzo Moscoso [Omaña Castro y Ulloa] [1]. Cronoloxía: 1711-1732.

"Don Lorenzo Moscoso Omaña Castro y Ulloa, Santiago de Fazouro, III Señor de Fontao, IV de Ferreira [Vella] y villa de San Martiño de Mondoñedo. Juez de Montes y Montero Mayor del Obispado de Mondoñedo (1711), casado con Dña. Juana Andrea Pardo Montenegro y Lemos, Cedeira (Sta. M.ª do Mar), IV Sra. de Donalbai y Senalde [sic]" [2].

"El último señor de Fontao llamado con el nombre de nuestro Santo Patrono, fue Don Lorenzo Moscoso de Altamira [sic], Señor de Fontao hasta 1732. De él podemos decir que amplió las posesiones por matrimonio [con dona Juana Andrea Pardo Montenegro y Lemos] [3] de los señoríos de Donalbay (junto a Baamonde), Senande, Barreiros –en Lugo– y Cedeira, Labandeira y Sanguñedo –en La Coruña [sic]– y desempeñó también como otros antecesores suyos en Fontao, el cargo de Regidor perpetuo de Mondoñedo" [4].

Personaxes. José María Moscoso [de Altamira] y Miranda. Cronoloxía: 1749-1802.

"Don José María Alonso Antonio Moscoso y Miranda, Valedouro [sic] (Sta. Icía), 15-IX-1749, V Sr. jurisdiccional de Fontao. VI de Ferreira [Vella], Donalbai, y Villa de San Martiño de Mondoñedo. Coronel de Milicias Provinciales de Mondoñedo. Empadronado como hidalgo de sangre en Castropol y Santiago de Abres desde 1759 hasta 1789, y como noble en la jurisdicción de Foz en 1797, y 1801, casado [en] 14-I-1782, Montouto (Sta. Cristina) con Dña. María del Carmen Josefa Quiroga y Quindós, [nacida o] 2-VIII-1774 [1764] [5], Betanzos (Santiago)" [6].

«D. José María Moscoso y Miranda (1749-1802) [pai do primeiro conde de Fontao], natural de Santa Cecilia [sic] do Valadouro, veciño de Mondoñedo, de onde era rexedor perpetuo e coronel das Milicias provinciais. Os Moscoso eran os señores xurisdiccionais de Ferreira Vella, posuíndo ademais outras importantes propiedades: Fontao, Formarán, Donalbai, Senande, Barreira... Desde o ano 1588, en que D. Lorenzo Sánchez de Moscoso foi nomeado señor xurisdiccional de Ferreira [Vella], esta familia dominou esta zona da provincia de Mondoñedo. Sería precisamente Moscoso de Altamira [o primeiro conde de Fontao] o derradeiro señor xurisdiccional de Ferreira Vella (San Martiño de Mondoñedo). Cómpre afirmar que o apelido "de Altamira" non lles pertencía en senso estricto, foi precisamente D. José María Moscoso y Miranda o que entre os seus apelidos intercalou o "de Altamira", buscando, sen dúbida, un maior ennobrecemento, e así o transmitiría ao seu fillo [7]. Porén, os Moscoso non eran só uns simples propietarios territoriais. En efecto, non hai dúbida de que xogaron un papel moi importante na industria da zona. Así, a modo de exemplo, sinalamos que desde comezos do século XVII D. Lorenzo Moscoso participaba como empresario na pesca de baleas que se levaba a cabo desde o porto de Nois, actividade pola que aboaba décimo ao bispo de Mondoñedo" [8].

O 16 [a acta de defunción é do día 17] de novembro de 1802 falecía no Pazo de Fontao José María Moscoso... [y Miranda] [9].

---

[1] J. L. Lamigueiro, "Genealogía del Linaje Moscoso de Río, séculos XIV-XIX", *Xenealoxías do Ortegal* (XOR). http://www.xenealoxiasdoortegal/moscosofontao.htm, 11.02.2014, páx. 2.
[2] J. L. Lamigueiro, op. cit., 11.02.2014, páx. 2.
[3] J. L. Lamigueiro, op. cit., 11.02.2014, páx. 2.
[4] J. M. Romero Moreno, "San Lorenzo y la Casa de Fontao", folleto das festas de verán de Foz: *San Lourenzo 2001*, Fontao, 14.07.2001.
[5] P. Vivero Mogo, "Aristócrata e revolucionario: Notas biográficas do primeiro conde de Fontao, 1788-1854", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.216, n. 10.
[6] J. L. Lamigueiro, op. cit., 11.02.2014, páx. 2.
[7] Emilio González López, *El reinado de Isabel II en Galicia: La Regencia de María Cristina. Moderados, progresistas y carlistas*, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, 1984. Apunta González López que foi o pai do futuro conde de Fontao o que intercalou o "de Altamira" entre os seus apelidos, *vid*., páx. 42. En P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.216, n. 8.
[8] Eduardo Lence Santar y Guitián, "La pesca de ballenas en la costa de la antigua provincia de Mondoñedo", *Boletín de la Comisión provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, t. IV, n. 34, 1950, páxs. 100-104. En P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.216, n. 9, e páxs. 1.215-1.216.
[9] E. Lence-Santar y Guitián, *El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad*, 1930, páx. 68.

Personaxes. José María Moscoso de Altamira Quiroga y Quindós. Cronoloxía: 1788-1854 [1].

Un capítulo importante escríbese entre finais do século XVIII e mediados do XIX con José María Moscoso de Altamira Quiroga (fillo de José María Moscoso y Miranda, personaxe de Santa Cilla descrito na recensión anterior), que iría ser o primeiro conde de Fontao (1840-1854).

«José María Moscoso de Altamira Quiroga y Quindós vén ao mundo na cidade de Mondoñedo o 24 de maio de 1788 [2]. Nese mesmo ano morría o rei Carlos II, un ano despois –no 1789– o pobo de París asaltaba a Bastilla, rematando cun símbolo da arbitrariedade do Antigo Réxime e pondo os alicerces dun novo xeito de entender o Estado e a política. Mencionamos estes dous acontecementos porque a vida de D. José María Moscoso estivo marcada polo vello e polo novo, polo absolutismo que ficaba no pasado, e polo liberalismo que nacía. O noso protagonista participaría de ambos...

Pero antes de que D. José María accedese ao cumio das novas institucións liberais, a súa vida estivo marcada polo nacemento dentro da clase social máis característica da Galiza do Antigo Réxime: a fidalguía [3]. En efecto, Moscoso pertencía a unha importante familia fidalga da provincia de Mondoñedo, con destacadas propiedades nesta zona e noutros lugares de Galiza.

A nai de Moscoso, Dna. María del Carmen Quiroga y Quindós, nada no 1764, era natural de Betanzos, onde viviu até 1782, ano no que se traslada a Mondoñedo para contraer matrimonio con D. José María Moscoso y Miranda. Pola liña materna temos que destacar aos bisavós de Moscoso de Altamira, que eran os marqueses de San Sadurniño, moi vencellados á cidade de Ferrol... [4].

O matrimonio entre D. José María Moscoso y Miranda e Dna. María del Carmen Quiroga tería catro fillos: o primoxénito D. José María (o noso protagonista), D. Joaquín, Dna. María e Dna. Manuela [5].

No ano 1803 Moscoso de Altamira foi admitido na clase de cabaleiros cadetes do Real Colexio de Artillería de Segovia, despois de aprobadas as pertinentes probas de nobreza.
... a educación recibida por Moscoso de Altamira en Segovia foi eminentemente ilustrada, sería precisamente este un dos datos que explicaría a súa posterior decantación polo liberalismo.

No ano 1804 foi admitido D. José María no Real Corpo de Maestranza de Cabalería de Ronda, novamente tras ter superado as probas de nobreza. En 1805 estaba recoñecido como "Noble hijodalgo" de sangue nos empadroamentos formados na xurisdicción de Ferreira Vella, parroquia de San Martiño de Mondoñedo. A mesma cualificación tería na parroquia de Santiago de Abres, xurisdicción de Castropol, nos anos 1825 e 1831...

No ano 1808 foi electo pola Xunta Provincial de Mondoñedo representante da nobreza deste partido para o Congreso composto de deputados desta clase, máis os de clero e o estamento popular, convocado pola Xunta soberana do Reino de Galiza na cidade da Coruña, este Congreso tería a finalidade de proporcionar recursos na loita contra dos franceses. Neste mesmo ano, Moscoso foi nomeado pola Xunta da Coruña como Comandante con graduación de Tenente Coronel do terceiro Batallón do rexemento de Milicia de reserva de Mondoñedo...

... no ano 1812 ocuparía o posto de rexedor do consistorio mindoniense, chegando a ser o seu alcalde constitucional no 1814; son, xa que logo, estes os primeiros cargos que ocupaba Moscoso no réxime liberal.
... a Moscoso de Altamira tamén lle correspondía [por herdanza de seu pai] o posto de concelleiro perpetuo en Mondoñedo. Ora ben, no ano 1808 D. José María Moscoso de Altamira vai ser nomeado

[1] P. Vivero Mogo, "Aristócrata e revolucionario: Notas biográficas do primeiro conde de Fontao, 1788-1854", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.213-1.232.
[2] ADM. *Libro de Bautizados de Mondoñedo de 29.03.1785 ao 18.03.1792*, fol. 233. En P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.215, n. 6.
[3] Ramón Villares, *Foros, frades e fidalgos*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1982, páxs. 111-113. En P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.215, n. 7.
[4] "Todos estes datos dos proxenitores de D. José María Moscoso obtémolos do expediente formado cando se lle concedeu a Real Orde de Carlos III: *vid*. AHN. Sección Estado: Carlos III. Expediente n. 2.302". P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.216, n. 10.
[5] "O dato verbo dos irmáns de D. José Moscoso de Altamira obtémolo a través da acta de defunción do seu pai (17 de novembro do 1802). Queremos amosar o noso agradecemento a D. Serafín Rodríguez García, cura párroco de Santa Cecilia, que amabelmente nos facilitou este documento". P. Vivero Mogo, op. cit., 2002, páx. 1.216, n. 11.

alcalde ordinario de Mondoñedo... xunto con D. Lorenzo Santomé y Aguiar. Cómpre ter en conta que na Administración do Antigo Réxime non había unha nidia separación entre as funcións executivas, lexislativas e xudiciais, producíndose unha mistura de tarefas. Polo que respecta aos alcaldes ordinarios podemos dicir que eran principalmente os encargados de administrar xustiza...
... Podemos comprobar, pois, como os primeiros pasos de D. José María como home público foron na Administración do Antigo Réxime.

Pero, sen dúbida, o acontecemento máis sobranceiro por aquel tempo foi a invasión das tropas francesas. A cidade de Mondoñedo non se ía ver libre dos exércitos de Napoleón, que ocuparon a cidade o 25 de xaneiro de 1809, comandados polo xeneral François Fournier. Inmediatamente, as autoridades francesas ordenaron que tres individuos sobranceiros de Mondoñedo debían acudir a Madrid a ofrecer xuramento de fidelidade perante o novo rei Xosé I, irmán de Napoleón. Entre os elixidos para levar adiante esta misión atopábase D. José María Moscoso, que, sen embargo, acadou librarse dun labor que non debía ser nada grato para o noso protagonista [1].

A reimplantación do absolutismo por Fernando VII no 1814, tras o seu regreso de Francia,... creou Comisións de Estado encargadas de perseguir aos elementos liberais. Neste senso, D. José María Moscoso tamén sería encausado pola súa vencellación ao liberalismo... Moscoso era acusado de non intervir mentres outros militares defendían á Constitución de 1812, polo que a súa condena, máis que por acción foi por omisión. Aínda así, Moscoso de Altamira non chegaría a cumprir esta pena. Temos que sinalar, porén, que a partir deste momento a vencellación de D. José María co exército desaparece, pasando a estar vinculado en exclusiva á Administración» [2].

"En maio de 1817 celebrouse o matrimonio entre D. José María Moscoso de Altamira e Dna. María Taboada y Bueno, da casa fidalga dos Bendoiro; era esta filla de D. José María Taboada y Núñez, coronel do rexemento provincial de Lugo, e de Dna. Antonia Bueno Quindós. O casamento tivo lugar na cidade de Lugo, onde Moscoso de Altamira e a súa dona residiron por un tempo, para fixaren máis tarde a súa residencia no Ferrol; sería precisamente nesta cidade onde vería a luz a filla de D. José María: Dna. Sofía María Moscoso de Altamira (no futuro II condesa de Fontao) foi bautizada o 20 de febreiro de 1818 na parroquia de San Xulián da cidade de Ferrol" [3].

«En agosto do 1817 Moscoso de Altamira daría un paso máis na súa carreira nobiliaria ao ser nomeado "Gentil-hombre de Cámara de S. M. con entrada"; ... a vencellación coa camarilla rexia debeu ser fundamental para as aspiracións políticas de Moscoso...

... os primeiros anos de vida do noso biografiado estiveron marcados polo estamento social no que nacera, aspirando a todos os privilexios que un nobre podía obter na sociedade do Antigo Réxime» [4].

"A volta do absolutismo no 1814 non significou que os sectores liberais deixasen de conspirar para a reimplantación da Constitución do 1812. Foron frecuentes por este tempo os pronunciamentos dos sectores máis liberais do exército, sería como consecuencia dun destes levantamentos cando no ano 1820 o rei Fernando VII veríase na obriga de xurar a Constitución de Cádiz. Foi precisamente o ano 1820 o momento no que Moscoso de Altamira deu o seu grande salto político, vencellándose definitivamente ao liberalismo. Co levantamento liberal dese ano, Moscoso converterase nun dos homes clave para o triunfo do pronunciamento no Ferrol, formando parte da Xunta revolucionaria instalada nesta cidade e converténdose no seu primeiro alcalde constitucional do Trienio Liberal (1820-1823) [5].

Pouco exercería Moscoso como alcalde, xa que nese mesmo ano de 1820 foi electo deputado por Galiza para as primeiras Cortes do Trienio Liberal...

---

[1] *Libro de Actas do Concello de Mondoñedo*, sesión do 27.03.1809 (AMM). Libro 957 (1806-1810). "Moscoso acadou que o xeneral francés Mathieu o librara desta misión, atendendo á súa mocidade (tiña daquela 21 anos) e outras razóns que a Acta municipal non especifica". P. Vivero Mogo, "Aristócrata e revolucionario: Notas biográficas do primeiro conde de Fontao, 1788-1854", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.219, n. 19.
[2] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.215-1.219.
[3] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.219-1.220.
[4] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.220.
[5] Xosé Ramón Barreiro Fernández, *Liberales y Absolutistas en Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1982, páxs. 22-23. En P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.220, n. 23.

Correspondendo coas primeiras discordias entre a familia liberal que podemos atopar no Trienio, Moscoso vaise vencellar ao liberalismo máis moderado... Sería igualmente nesta época cando atopamos a vencellación de D. José María Moscoso coa masonería" [1].

"A actuación parlamentaria de Moscoso de Altamira foi destacada; se ben é certo que se situou a carón das posicións moderadas, tamén podemos afirmar que o futuro conde de Fontao non deixou de dar mostras do seu claro talante liberal,... Moscoso vai reclamar nas Cortes que se premie a aqueles militares que se sublevaron para proclamar a Constitución de 1812...
... Moscoso, aínda estando a favor da anulación de todos os dereitos feudais, como liberal moderado defendeu as posicións dos propietarios territoriais, entre os que el propio se atopaba. Por outra parte, Moscoso de Altamira destacouse nas Cortes por defender todas aquelas cuestións que tivesen relación con Galiza, ben en solitario ou conxuntamente co resto dos deputados galegos. A este respecto non queremos deixar sen mencionar a discusión verbo da nova división provincial; D. José María, ademais de defender a integridade territorial de Galiza (opóndose á creación dunha provincia do Bierzo integrada con algúns territorios galegos), defendeu o mantemento da provincia de Mondoñedo... [Na súa petición] Moscoso fai chegar a provincia de Mondoñedo, e polo tanto Galiza, até o río Navia" [2].

"A carreira política de Moscoso por estes anos foi rápida: en xuño de 1821 accederá á vicepresidencia das Cortes [3]. Pero o seu grande momento chegou en febreiro do 1822 cando foi nomeado ministro da Gobernación, dentro do terceiro Gabinete constitucional encabezado por D. Francisco Martínez de la Rosa.
... O 7 de xullo do 1822 produciríase un intento de golpe de Estado por parte da Garda Real, coa intención de restaurar o absolutismo. A pasividade do Goberno en reprimir esta sublevación suporía a caída do Gabinete Martínez de la Rosa. Os exaltados, que inmediatamente accederon ao poder, fixeron responsábeis do sucedido ao anterior Goberno moderado. Deste xeito, os membros do Gabinete Martínez de la Rosa, entre eles Moscoso de Altamira, foron detidos e enviados á cadea, abríndoselles un proceso que máis tarde sería sobresido. Malia esta delicada situación, Moscoso de Altamira axiña pasaría a ocupar outros postos na alta Administración do Estado. En efecto, no ano 1823 accedería ao Consello de Estado" [4].

«Pero o ano 1823 foi tamén o da caída do réxime constitucional, producida pola intervención en España dos *Cen mil Fillos de San Luís*, exército francés enviado pola Santa Alianza para restablecer a Fernando VII no trono absoluto... Moscoso tamén sufriu as consecuencias da reacción absolutista de 1823... Por Real Decreto autógrafo expedido en Andújar en 31 de outubro de 1823, Moscoso foi separado do seu cargo de "Gentil-hombre de Cámara".

D. José María Moscoso, obrigado a deixar Madrid, trasládase nun primeiro momento a Lugo, instalándose máis tarde novamente na cidade de Ferrol, onde pasaría a maior parte da Década Ominosa. Comezaba neste período a *travesía do deserto* do noso protagonista, que ao seu desterro da Corte debía engadir a morte da súa dona o 13 de outubro do 1824» [5].

«Á morte de Fernando VII en setembro de 1833,... Moscoso convértese nun home clave para a nova monarquía de Isabel II. Moscoso era un representante prototípico da oligarquía moderada que... hexemonizará a construcción do Estado liberal, e... alguén que pode asegurar a fidelidade do seu territorio de orixe á monarquía de Isabel II. Cómpre lembrar... o problema sucesorio xerado tras o pasamento de Fernando VII; o irmán do rei defunto, D. Carlos, non aceptou a sucesión de Isabel II e lanzouse a unha sublevación armada (guerra carlista, 1833-1839)), que sería crucial na definitiva consolidación do Estado liberal en España.

Na complexa situación do momento, o Goberno buscaba persoas que foran [sic] quen de garantir a fidelidade da periferia á monarquía de Isabel II,... Entre eses individuos estaba D. José María Moscoso de Altamira, que en decembro de 1833 foi nomeado subdelegado de Fomento (antecedente do gobernador civil) da provincia de Lugo.

---

[1] P. Vivero Mogo, "Aristócrata e revolucionario: Notas biográficas do primeiro conde de Fontao, 1788-1854", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.220-1.221.
[2] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.221-1.222.
[3] "Sen embargo, non era a primeira vez que don José María accedía á Mesa das Cortes, pois xa en outubro do 1820 fora electo como vicepresidente das Cortes, *Vid.* Diario de Sesiones de las Cortes (DSC), sesión do 09.10.1820". P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.222, n. 30.
[4] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.222-1.223.
[5] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.223-1.224.

Pero os servicios que D. José María Moscoso podía ofrecer á monarquía de Isabel II axiña ían ir máis alá da subdelegación de Fomento de Lugo. Así, a monarquía deu mostras de querer reconciliarse con Moscoso polas ofensas pasadas. Nese senso é como comprenderemos que por Real Decreto de 19 de febreiro do 1834 se lle restituíse o título de "Gentil-hombre de Cámara" coa antigüidade que lle correspondía... Sen embargo, non era só a monarquía quen elevaba a Moscoso aos máis altos postos de responsabilidade: tamén o Goberno encabezado por D. Francisco Martínez de la Rosa deu cargos de responsabilidade a Moscoso. Así, o 30 de marzo de 1834 vai ser nomeado como decano da Sección de Fomento do Consello Real de España e Indias, institución creada por Real Decreto de 24 de marzo de 1834. En definitiva, todos estes honores anunciaban a futura volta de Moscoso ao Goberno.

En efecto, por Real Decreto do 17 de abril do 1834, D, José María Moscoso de Altamira era nomeado ministro de Fomento en substitución de D. Javier de Burgos; novamente nun Gabinete encabezado por Martínez de la Rosa... Non era casual que, ao mes seguinte de ser nomeado ministro, o departamento de Fomento mudara [sic] o seu nome polo de Interior (e os subdelegados de Fomento pasaran a ser gobernadores civís)...

Desde o Ministerio do Interior Moscoso de Altamira organizou as eleccións de xuño do 1834... Nestes comicios Moscoso de Altamira sería electo procurador pola provincia de Lugo; converténdose desde entón na figura máis influínte da vida política desta provincia...

Anque [sic] esta segunda experiencia ministerial foi máis prolongada, Moscoso de Altamira dimitiu como ministro do Interior en febreiro do 1835,... Isto non vai supor o apagamento da figura de Moscoso, que vería recompensado o seu labor como ministro coa concesión da Grande Cruz da Orde de Carlos III o 4 de marzo do 1835, condecoración que lle foi entregada de mans de Dna. María Cristina de Borbón, raíña gobernadora...» [1].

"... o caso da desamortización dos bens do clero (primeiro regular, máis tarde secular); D. José María Moscoso foi un dos principais compradores de bens desamortizados na [comarca da] Mariña lucense entre 1837 e 1840, sería esta a zona da provincia de Lugo onde máis vendas se realizaron, xa que os partidos xudiciais de Viveiro, Mondoñedo e Ribadeo eran os únicos non declarados en estado de Guerra por mor do conflicto carlista [2]. Por outra parte, D. José María tampouco rexeitaba participar en diversas actividades económicas; a título de exemplo, en xuño de 1833 integrábase na sociedade que explotaba as minas de chumbo e prata de Riotorto, participando coa importante cantidade de 4.000 reás" [3].

"O movemento revolucionario do verán do 1835 levará aos progresistas ao poder encabezados por Mendizábal, na segunda lexislatura das primeiras Cortes do Estatuto Real Moscoso tivo poucas intervencións e nas eleccións de febreiro do 1836 non vao saír elixido procurador,...

Coa caída do Gabinete Mendizábal e a suba ao poder de Istúriz, en maio de 1836, Moscoso volveu a ocupar o protagonismo da vida política da provincia de Lugo. Nas eleccións convocadas polo novo Gabinete en xullo de 1836 (primeiras eleccións directas na historia de España),... Moscoso concentrou novamente o maior número de votos na provincia de Lugo. De pouco serviron estes comicios, xa que no verán deste ano o movemento revolucionario desencadeado en toda España polos progresistas remataba co réxime do Estatuto Real e reinstauraba a Constitución de 1812.

As eleccións de outubro do 1836 foron dominadas na provincia de Lugo polos progresistas, ao igual que no resto do Estado. Das Cortes electas nestes comicios vai saír a Constitución do 1837, que, entre outras diferencias coa do 1812, deseñaba un réxime bicameral: a partir deste momento as Cortes estarían compostas por un Congreso dos Deputados e un Senado; esta segunda Cámara tería un carácter netamente conservador e moderador...; dela formarían parte as clases máis podentes, os maiores propietarios. Será no Senado onde Moscoso desenvolva a súa vida política a partir de 1837, sendo electo nese ano senador pola provincia de Lugo; D. José María foi ademais o primeiro presidente da Cámara Alta, ocupando este cargo de xeito continuado até 1840 e novamente en 1844-1845" [4].

---

[1] P. Vivero Mogo, "Aristócrata e revolucionario: Notas biográficas do primeiro conde de Fontao, 1788-1854", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.224-1.227.

[2] Ramón Villares, *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Siglo XXI, Madrid, 1982, páx. 152, nota 34. En P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.228, n. 47.

[3] Luís Rodríguez Rodríguez, *Los liberales lucenses (1808-1854)*, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1981, páx. 224. En P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.228 e n. 48.

[4] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páxs. 1.228-1.230.

"Pero os honores recibidos por Moscoso de Altamira non rematarían coa presidencia da Cámara Alta. A máis alta recompensa pola súa carreira política e polos servicios emprestados á monarquía chegaríalle no ano 1840, cando a raíña gobernadora premie a Moscoso co título nobiliario de conde de Fontao [1].
Temos, xa que logo, a un Moscoso que se eleva definitivamente á elite política e social do momento. A estrela de Moscoso decaería un tanto co Trienio esparterista (1840-1843), como en xeral acontecería cos moderados. A partir do 1843, cos pronunciamentos deste ano, os moderados dispóñense a ocupar definitivamente o poder; Moscoso de Altamira será novamente elixido para o Senado e a partir do 1845, cando a Constitución promulgada neste ano deseñou un Senado nomeado integramente pola Coroa e vitalicio, Moscoso vai ocupar, como non podía ser doutro xeito, un posto entre os designados" [2].

"Por outra parte, D. José María ocupou tamén altas responsabilidades dentro de institucións non políticas; tal é o caso da súa pertenza á Academia das Ciencias Naturais (desde 1838) e individuo das Sociedades Económicas de Amigos do País de Santiago, Lugo, Granada, León e outras. O recoñecemento da súa figura chegaríalle tamén do estranxeiro: no 1839 converteríase en cabaleiro da Lexión de Honra de Francia. No cumio da vida política, influíndo nos acontecementos e controlando a vida política lucense continuaría Moscoso até a súa morte, acontecida o primeiro de marzo do 1854" [3].

Séculos XIX e XX

O Condado de Fontao

Desde o 25 de decembro de 1839 comeza a existencia dos condes de Fontao, previo o Vizcondado de José María de Altamira y Quiroga.

Personaxes. (I conde) José María Moscoso de Altamira y Quiroga. Cronoloxía: 1840-1854.
Personaxes. (II condesa) Sofía M.ª Moscoso de Altamira y Taboada. Cronoloxía: 1854-1869.
Personaxes. (III conde) Alfredo Moreno y Moscoso de Altamira. Cronoloxía: 1869-1921.
Personaxes. (IV conde) José Moreno y Osorio. Cronoloxía: 1921-1963.
Personaxes. (V conde) Alfredo Moreno y Uribe. Cronoloxía: 1963-1981.
Personaxes. (VI condesa) María Moreno Uribe. Cronoloxía: 1981-1983.
Personaxes. (VII condesa) Pilar Moreno Uribe. Cronoloxía: 1983-1993.
Personaxes. (VIII conde) José Manuel Romero Moreno [4]. Cronoloxía: 1993-Até hoxe (2014).

"Concedido por la reina Isabel II, el 17 de diciembre de 1839 (Real Decreto de 27 de febrero de 1840), con el Vizcondado previo de Moscoso de Altamira, a José María Moscoso de Altamira y Quiroga, maestrante de Ronda, alcalde de Ferrol, diputado por Galicia en 1821, ministro de la Gobernación en 1822, presidente del Senado, caballero gran cruz de la real y distinguida Orden de Carlos III.
El I Conde de Fontao contrajo matrimonio con María Antonia Taboada y Bueno, de la Casa de Bendoiro, de quien tuvo a Sofía Moscoso de Altamira y Taboada, II Condesa de Fontao. Casó esta con el coronel José Moreno y Sopranis (hijo del mariscal de campo y gran cruz de San Hermenegildo, José Moreno y Daóiz). Sucedió a la II Condesa su hijo Alfredo Moreno y Moscoso de Altamira, III Conde de Fontao, diputado a Cortes, casado con María de los Dolores Antonia Osorio y Chacón, de quienes fue hijo José Moreno y Osorio, IV Conde de Fontao, ingeniero de Caminos, presidente del Consejo de la R. E. N. F. E., gran cruz de la orden del Mérito Civil, caballero de la Legión de Honor francesa y de la Corona de Italia, gentilhombre de Cámara del Rey. De su matrimonio con María Uribe y Garrido es hijo... el V Conde de Fontao, Alfredo Moreno y Uribe, Marqués de San Saturnino, ingeniero de Caminos, cruz de Guerra, medalla de la Campaña, cruz blanca al Mérito Militar, grandes

[1] O título foi concedido o 17 de decembro de 1839 (Real Decreto de 27 de febreiro de 1840) co vizcondado previo de Moscoso de Altamira. P. Vivero Mogo, "Aristócrata e revolucionario: Notas biográficas do primeiro conde de Fontao, 1788-1854", *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.230, n. 55.
[2] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.230.
[3] P. Vivero Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 18, 2002, páx. 1.231.
[4] Avogado e profesor de Filosofía do Dereito na Universidade Complutense de Madrid. *La Voz de Galicia* (A Mariña), 02.08.2000, páx. 3. Suso Fernández, "Foz", *Ruta Pardo de Cela*, 1999, páx. 77.

cruces de la orden del Mérito Civil y de la orden del Yugo y de las Flechas, medalla de oro al Mérito en el Trabajo" [1].

Personaxes. Víctor Deán Cabaleiro. Cronoloxía: 1856-1932.

Víctor Deán Cabaleiro, de Moucide, tenente, combatente na guerra de Cuba, foi mordomo do Pazo de Fontao e concelleiro do concello do Valadouro. Faleceu o seis de novembro do ano 1932, aos 76 anos de idade. Está enterrado no cemiterio vello de Moucide, anexo pola dereita á igrexa parroquial [2].

Escudos de armas

Situación: Pazo de Fontao.
Tres escudos:
Na fachada principal.
Na fonte do pazo.
Outro escudo, moderno, na construción que fai de garaxe.

"El condado de Fontao trae por armas en su escudo la de los Moscoso de Altamira; de oro y una cabeza de lobo, de sable, lampasada de gules. Al timbre, corona de conde" [3].

Outras casas de interese

A CASA DA CERCA

Situación: A Cerca-Naranxeiras-Vilatuíxe [4].
Estrada LU-152 (Foz-Ferreira), Km 6,200.
Consérvase un portón de entrada con arco, a cerca de pedra e mais a casa.

A CASA DO CREGO

Situación: Vilacizal [5].

---

[1] J. Bugallal y Vela, "Condado de Fontao", *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIII, 1974, páx. 169.
[2] Visita e fotografías: IF, 26.05.2001.
[3] J. Bugallal y Vela, op. cit., *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIII, 1974, páx. 169.
[4] A entidade de poboación de Vilatuíxe abrangue, entre outros, os lugares da Cerca e Naranxeiras. En Vilatuíxe-Naranxeiras-A Cerca morou Francisco Pérez Mon (era a casa de seus avós maternos), natural de San Pedro de Mor, avó de Manuel Lourenzo Pérez e de Isaac Pérez Blanco (*Isaac Ferreira*), e bisavó de Xesús Pisón. A casa, hoxe, é propiedade de M.ª Xosé Pérez Mel, 12.09.2000. No cemiterio parroquial de Santa Cilla do Valadouro figura un panteón familiar de Francisco [Antonio] Mon [Pardo Ribadeneira (1790-1890)], a súa dona [Vicenta Martínez Valcárcel de Moscoso († 1868)], e as súas fillas Ramona [Mon Martínez Moscoso] e Benita [Mon Martínez Moscoso († 1910)]; estas dúas últimas eran irmás, xunto con Ángela, de Xosefa Mon Martínez Moscoso, casada con Pedro Pérez Villapol (bisavós de Manuel Lourenzo e Isaac Ferreira e tataravós de Xesús Pisón), pais do noso avó e bisavó, respectivamente, Francisco Pérez Mon. Visita e fotografías: IF, 12.09.2000.
[5] Como queda citado, a Casa do Crego é propiedade da familia de Concepción Martínez Legaspi (irmá de Ramón Martínez Legaspi, *Ramón da Escoura*), falecida o 29.04.2001.

| Fontes |

A FONTE DA REBEXENTA

Cuberta e restaurada.
Con pío grande, pinguela e lavadoiros [1].

A FONTE DE NEIXAS

Cuberta de lousa e con lavadoiros [2].

| Pontes |

A PONTE DE FONTAO

Cronoloxía: anterior a 1887.

"No mesmo estado [que a de Fazouro] está a ponte que hai en Fontao, que nas actas aparece como *Ponte de Fontao* ou ben *Ponte de Teixeira en Fontao*, sexa como sexa, no 1887 estaba nun estado similar á anterior, *se halla intransitable por la deterioridad en que totalmente se halla su piso efecto del mucho tránsito de los carros que por él pasan y además la acción de los temporales* [3].
Para poñela en condicións encárgaselle a obra a D. Juan Méndez, mestre de mampostería, que calcula un presuposto de 970 pesetas para poder adecentala" [4].

A PONTE DE SANTA CILLA

Cronoloxía: anterior a 1865.

"En 1865 temos a primeira referencia á ponte de Santa Cilla, onde se nos fala que se levou a cabo a súa reconstrucción por un valor superior ós 4.000 reás.
Tras 12 [7?] anos, en 1872, máis concretamente o 14 de Xaneiro, hai unha sesión no Concello [de Foz] onde se trata o problema da ponte de Santa Cilla. A Deputación Provincial cre de importancia a creación dunha ponte en Santa Cilla, pero o presuposto necesario para conseguir facer esa ponte é de 3.729 pesetas e 98 céntimos. A máis forte oposición contra este proxecto xurde do Concello, que basea a súa actitude nos puntos seguintes:

1.- Consideran excesiva a cantidade a investir [5].

2.- O río está nun dos extremos de Santa Cilla, quedando a ponte para servicio peatonal.

3.- Ó quedar Santa Cilla lonxe das demais parroquias, as prestacións persoais serán aportadas tan só polos veciños da mesma, que tamén se encargarán das obras de obtención e traslado da pedra que fose necesaria... E terían que deixar os labores do campo" [6].

---

[1] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook o 03.05.2018 (IF).
[2] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook o 16.05.2018 (IF).
[3] AMF, *Libro Acordos Plenarios*, 09.01.1887.
[4] P. López Pérez-J. R. Fernández Pacios, *Recuperación da memoria histórica. Foz*, 1993, páx. 126.
[5] AMF, *Libro Acordos Plenarios*, 14.01.1872.
[6] P. López Pérez-J. R. Fernández Pacios, op. cit., 1993, páx. 126.

Os mouros

"La referida a los castros de Sta. Cecilia do Valadouro, según la cual los mouros se comunicaban saltando desde San Martiño a Vilacizal, de aquí al de Caballoso [O Carballo Só] y de éste al Castro de Ouro" [1].

O caldeiro con ouro

"... se cuenta que en A Frouxeira [sic] hay un caldero lleno de oro y si alguien cava para encontrarlo, sobrevendrá la tormenta. Si damos con el sitio adecuado, el caldero se desviará y sólo podrá dar con él un caballo dándole con una pata" [2].

O anel do Mariscal

En Santa Cilla din que o Mariscal tiña un anel que facía afondar os barcos e dous cabalos que chegaban do Castrodouro a Mondoñedo en media hora [3].

Os candeeiro dourado

Cando o Canelo de Santa Cilla era novo atopou na Frouseira un candeeiro dourado e vendeullo a un prateiro de Betanzos que andaba aqueles días polo Valadouro [4].

O lume de San Xoán


Cando se fai o lume de San Xoán, os de Santa Cilla din que as charetas que voan son meigas que van para O Xistral [5].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 36.
[2] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/foz/22.html, 09.03.2013. Esta lenda non figura en ningunha das dúas publicacións (1998, 2005) de *Contos do Valadouro*.
[3] E. Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 88. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto XIX, páx. 21.
[4] E. Lence-Santar, op. cit., edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 89. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CXLV, páx. 105.
[5] Contador: Xosé Paleo Rodríguez (de Foz), 02.09.2000. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXIV, páx. 127.





Igrexa parroquial.
Santa Cilla do Valadouro.
Foz.
Cronoloxía: século XVIII.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 12-09-2000.



IGREXA PARROQUIAL DE STA. CILLA
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo VI, 1983, p. 189.



Capela da Madalena.
Santa Cilla do Valadouro.
Situación: Folgosa.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-09-2000.



Capela do Carme.
Santa Cilla do Valadouro.
Situación: Vilacizal.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 21-02-2017.



O Cristo.
Peto de Ánimas (frontal).
Santa Cilla do Valadouro.
Situación: O Cristo.
Foto: Juan Luis Pisón Villapol.
Data: 23-07-2016.



O Cristo.
Peto de Ánimas (fronto-lateral).
Santa Cilla do Valadouro.
Situación: O Cristo.
Foto: Juan Luis Pisón Villapol.
Data: 23-07-2016.



Torre de Trasmonte.
San Martiño de Mondoñedo.
Vinculada a Santa Cilla do Valadouro.
Foz.
Cronoloxía: 1595.
Foto: Xesús Pisón.
Data: 1994.





Pazo de Fontao.
Santa Cilla do Valadouro.
Foz.
Fotos: Juan Luis Pisón Villapol.
Data: 22.09.2016.





Pazo de Fontao.
Santa Cilla do Valadouro.
Foz.
Fotos: Juan Luis Pisón Villapol.
Data: 22.09.2016.



Pazo de Fontao.
Santa Cilla do Valadouro.
Foz.
Foto: Juan Luis Pisón Villapol.
Data: 22.09.2016.





A Casa da Cerca.
Santa Cilla do Valadouro.
Foz.
Situación: Vilatuíxe.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 12-09-2000.

Santa Cruz do Valadouro

SANTA CRUZ DO VALADOURO

Parroquia do concello e arciprestado do Valadouro, diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 32' Lonxitude: 7º 27'

Superficie [3] en Km^2: 7,58

Delimitada, ao norte, polas parroquias de A Laxe (O Valadouro) e Vilacampa (O Valadouro); ao sur, polas de Recaré (O Valadouro) e Lagoa (Alfoz); ao leste, polas de Ferreira (O Valadouro) e O Reirado (Alfoz); e ao oeste, polas de San Tomé de Recaré (O Valadouro) e Vilacampa (O Valadouro) [4].

Está bañada polos ríos *Ferreira* (nacido en Vilacampa, afluente do *Ouro* [<Douro] pola súa dereita, arriba da Ponte Nova, en Vilaúde), *Rego do Penido* (nacido na aba do Penido Vello, conflúe co río *Vao* pola súa esquerda no lugar de Gatoi, Santa Cruz do Valadouro), *Vao* (nacido no Pormaio, afluente do *Ouro* ao que lle dá as augas en Santa Mariña-San Pedro de Mor), *Rego da Silvosa e Rego de Vilacampa.*

Ten 208 habitantes (Homes: 103. Mulleres: 105) [5], nas 43 entidades de poboación de: *Albares, Bandexa* [na parroquia de Vilacampa temos *A Bandexa*], *Bardoleiras, Bermún, Cabanas, A Cabanela, Camonde, As Carballas, A Carreira, A Casanova, A Casela, Cendemil, Cernadela, O Coto, As Curuxeiras, Fontelo, Fraxope, Gatoi, Gradaílle, As Lamas, A Lapa, As Leas, Liñares, Lodeiros, O Machuco, Pazos, O Pedregal, Pedrido, O Portelo, O Rego da Pía, A Revolta, Río Cabreiro, Sabugueira, San Cosme, Soutiño, Suaigrexa, A Torre, Valiña Boa, Vao, A Veiga, O Vilar, O Vilarao, Zaragoza* [6].

Comunícase pola estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín) e mais por numerosas estradas secundarias.

Festividades [7]: *A Santa Cruz*, 3 de maio. Titular da parroquia.
O Carme da Casela, 16 de xullo. Celébrase o 1º domingo de agosto.
O San Roque, 16 de agosto.

Feiras: *Feira do Cabalo*. A Décima Feira celebrouse o 3 de setembro de 2006.
Concursos de estampa e beleza; andadura galega e trote; carreiras.
Organiza: Cabaleiros do Valadouro.

[1] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 180.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 1999.
[5] Fonte: INE, 01.01.2017.
[6] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páxs. 3.160 e 3.161. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[7] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

| Toponimia | [1]

Santa Cruz do Valadouro: nome da parroquia.

Orónimos

Serra do Xistral, Pedra Furada (636 m, cara a Vilacampa), *O Penido dos Ladrós* (486 m).

Hidrónimos

A Fonte da Calzada (en Cabanela), Río *Ferreira, Rego do Penido*, Río *Vao* (lat. VADU 'sitio pouco profundo do río') [2]*, Rego da Silvosa* (do lat. SILVA 'bosque')*, Rego de Vilacampa.*

Entidades de poboación

Unha compañía do "Regimiento de Infantería de Marina", chegada de Lugo, e oito homes ó mando dun tenente, do de "Caballería de Cazadores de Galicia", da Coruña, ademais da Guardia Civil, vixían para impedir calquera desorde ou asomo de protesta. Os ánimos da xente están exaltados; uns polo espectáculo que van presenciar [5] en pouco tempo, outros por ser manifestamente contrarios a un acto inhumano, que Mondoñedo non presenciaba dende 40 anos atrás.
No campo da feira levántase unha construción impoñente e terrible. Sobre un taboado, seis postes agardan a outros tantos condenados a morte que pouco despois das oito da mañá vanse ver cara a cara cos seus verdugos.
Hoxe é o día fixado para a execución por garrote dos seis asasinos do cura de Santa Cruz do Valadouro e os seus criados. Pasou só un ano menos un mes dende que, o 1 de abril de 1889 a Audiencia de Mondoñedo publicara a sentenza de morte contra Manuel Luxilde, Ramón Seivane,

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páxs. 68-72.
[2] M. Vila Pernas, *O crime de Santa Cruz do Valadouro,* Ediciós do Castro, Historia, Sada, 2004. A fotografía da capa do libro, onde figuran os seis acusados do crime, cedeulla Andrés García Doural ao autor. Miguel Vila Pernas é Premio Nacional de Periodismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro 2004 e 2006. O autor deste libro realizou unha fotografía da Casa Reitoral no inverno de 2003-2004.
[3] Nota dos autores: trátase de Ovidio Vila Mariña, a quen o autor dedica o libro. A nai do xornalista é Araceli Pernas Fernández.
[4] M. Vila Pernas, op. cit., 2004, páx. 11.
[5] N. dos A.: contábase na familia que a nosa avoa (de ML e IF) e bisavoa (de XP), Vitoria Salvatierra Freire (1872-1955), fora a pé desde Vilanova, onde moraba, até Mondoñedo para asistir á execución. Vitoria tiña daquela 13 anos e acompañábaa unha criada da casa de Lourenzá. Tamén se afirmaba que, no camiño de volta, as alcanzara o verdugo e que mesmo estabeleceran conversa. Esta parte da anécdota fáisenos difícil de comprender sendo como era o verdugo executor da Audiencia de Valladolid, e o outro verdugo procedía da Coruña, pois Lourenzá víñalles quedando a calquera dos homes algo a contramán.

Xosé Gabín, Ramón Seco, Antonio Fernández e Xosé Lindín, convictos e confesos autores do asasinato, na noite do 22 de novembro de 1888, de Manuel Neira, cura párroco de Santa Cruz do Valadouro, e Xesús e Luísa López e Xosefa Gasalla García, criados do primeiro. Tódolos implicados no suceso, vítimas e asasinos, son naturais do concello da Pastoriza.
Corre o rumor por Mondoñedo de que cinco dos condenados foron indultados polo Goberno, e que só Manuel Luxilde vai ser axustizado ó nacer o día. Pero son poucas as esperanzas de que esta noticia sexa certa» [1].

"MONDOÑEDO, 29 de marzo de 1890. 6,30 horas.- Confírmase o indulto de cinco dos condenados a morte polo asasinato do cura de Santa Cruz e os seus criados na noite do 22 de novembro de 1888, que ían ser executados esta mañá en Mondoñedo.
Ás cinco da madrugada recibiuse o telegrama oficial polo que se comunicaba o indulto de cinco dos condenados. Unicamente será executado Manuel Luxilde, ó que se lle denegou a gracia.
Está prevista para as oito da mañá a saída de capela do reo, que será trasladado ó patíbulo nun carro contratado polo concello de Mondoñedo despois de moitas xestións, xa que ninguén quería facer este servizo. Tampouco se atopou un xastre disposto a confeccionar as hopas que han vestir os condenados, polo que tiveron que ser feitas polos propios executores, que tamén se encargaron, ó longo do día de onte, de levantar o patíbulo. Con este fin, o verdugo da Coruña, Sr. Mayer, veu acompañado dun sobriño seu, carpinteiro de oficio. A mesma negativa dos mindonienses en colaborar nesta execución obrigou a dispoñer aloxamento para os verdugos na cadea municipal, xa que ninguén quixo darlles acubillo.
Os condenados están en capela dende as oito da mañá de onte" [2].

«MONDOÑEDO, 29 de marzo de 1890. 8,30 horas.- Manuel Luxilde, natural da Pastoriza, de 41 anos, labrador, casado e pai de sete fillos deixou de existir hoxe, tralo cumprimento da pena de morte que lle fora imposta polo asasinato do cura de Santa Cruz do Valadouro e serlle negado o indulto, concedido ós outros cinco condenados.
Luxilde saíu da capela ás oito da mañá visiblemente abatido, o que non lle impediu subir polos seus propios medios ó patíbulo.
Executou a sentenza, en presenza dun grandísimo número de persoas..., o verdugo da Audiencia de Valladolid, Lorenzo Huerta.
Xornalistas chegados de toda Galicia e de España enteira darán fe, nas súas crónicas, das últimas horas de Luxilde. Tamén o fará, 65 anos despois, o escritor desta terra Álvaro Cunqueiro, na súa primeira novela "Merlín e familia".
Estas poderían ser as crónicas dunha madrugada do mes de marzo de 1890 no que Mondoñedo asistiu ó remate dun episodio da historia do norte da provincia de Lugo que, a piques de rematar o século XIX, levantou viva polémica nos xornais galegos da época.
Todo comezou...» [3].

Séculos XIX e XX

Capital do concello de "Tierra Llana" até o ano 1832, en que pasou a A Laxe (até 1869), e de aquí pasou a Ferreira [4].

En 1849, describe a parroquia Pascual Madoz, e aínda a dá como capital do concello:

"VALLE DE ORO (STA. CRUZ DE): feligresía en la provincia de Lugo (10 leguas), diócesis y partido judicial de Mondoñedo (3 leguas) y ayuntamiento de Tierrallana del Valle de Oro, del que es capital" [5].

Personaxes. Andrés López Palmeiro. Cronoloxía: ?.

"Natural de Sta. Cruz y lugar de A Pena, benefactor de la villa de Ferreira. En su testamento destina 40.000 pts para que de sus intereses se destinen 50 pts para la escuela de Ferreira" [6].

Personaxes. Andrés Canoura Palmeiro. Cronoloxía: 1852-1930.

[1] M. Vila Pernas, *O crime de Santa Cruz do Valadouro*, 2004, páx. 17.
[2] M. Vila Pernas, op. cit., 2004, páx. 18.
[3] M. Vila Pernas, op. cit., 2004, páx. 19.
[4] Informante: Xosé Rodríguez López, *Joseíño*, (fora funcionario do Concello do Valadouro).
[5] P. Madoz, *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, (1845-1850), t. XV, 1849, páxs. 595-596.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 149.

Nesta parroquia de Santa Cruz do Valadouro naceu Andrés Canoura Palmeiro (pai de Ramón Canoura Fernández, entre outros, e bisavó do noso estimado amigo o historiador Andrés Canoura Quintana), o 8 de abril de 1852. Rico indiano, filántropo, benfeitor da vila de Ferreira. [Na Habana foi propietario da zapataría La Moda] [1]. Cofundador, co número 5, do Centro Galego da Habana e da Sociedade de Beneficencia (cuxo 1º Presidente foi Nicolás Villageliú), sendo vogal da xunta de goberno nos anos 1879, 1880, 1881-1882 e 1888-1889 (na Xunta Directiva de1893-1894 xa non figura). [En 1881 tamén pertencía á directiva da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, que se fundara en 1872. En 1891, durante unha visita ao Valadouro, casou con Ramona Fernández Mel] [2]. Foi Presidente de Honra da Sociedade Hijos del Valle de Oro en la Habana, e fundador da Hidroeléctrica e fábrica de fariñas do Canedo, no Valadouro. Pretendeu do Centro Galego a creación dun hospital a medio camiño entre Alfoz e O Valadouro. Foi tamén alcalde deste último concello. Faleceu en Ferreira o 25 de xaneiro de 1930 [3].

"A capital de Cuba foi pioneira na fundación de sociedades de emigrantes. Así, en decembro de 1871 creouse a *Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia*, popularmente coñecida como a *Beneficencia Gallega*. Foi esta a primeira sociedade de emigrantes galegos creada no continente americano. Entre as súas funcións estaba a protección mutua e a axuda aos emigrantes, favorecendo, chegando o caso, o regreso a Galiza. Entre as actividades máis destacadas da *Beneficencia Gallega* estivo a celebración, todos os 25 de xullo, dun festival na honra a Santiago e a Galiza. Como veremos, da xunta directiva desta institución formaron parte destacados emigrantes do Valadouro.

Poucos anos despois, en 1879, creouse o *Centro Gallego* da Habana. A idea de crear esta institución correspondeulle ao xornalista emigrado Waldo Álvarez Ínsua, natural da Estrada. Ínsua propuxo, no seu periódico *El Eco de Galicia*, a creación dunha entidade que agrupase a todos os galegos residentes na Habana [4]. Na fundación do *Centro Gallego* da Habana xa atopamos protagonistas naturais do Valadouro. Aquí é necesario falar da figura de Andrés Canoura Palmeiro [5]. Este emigrante naceu na parroquia de Santa Cruz [do Valadouro] o 8 de abril de 1852. Para o ano social de 1881-1882 foi elixido como membro da directiva da *Beneficencia Gallega*, sendo reelixido en varias ocasións. Por outra parte, en 1882 realizou unha doazón de vinte e cinco pesos ouro a esta entidade. Estivo entre os promotores do *Centro Gallego*, sendo vogal da primeira directiva desta institución. Canoura Palmeiro era propietario da zapataría "La Moda", negocio que tiña como enderezo a confluencia das rúas San Rafael e Galiano da capital cubana. En 1889 retornou a Galiza, casando en 1891 con Ramona Fernández Mel. Ora ben, en 1892 viaxaría de novo a Cuba, pois unha noticia aparecida no semanario *El Eco de Galicia* informaba de que nese ano procedera á remodelación do seu negocio. Tras o seu asentamento definitivo en Galiza foi alcalde do Valadouro. Faleceu en Ferreira o 25 de xaneiro de 1930" [6].

Canoura Palmeiro e o "Centro productor". Cronoloxía: 1887.

«... xa antes da constitución das sociedades microterritoriais podemos atopar iniciativas dos emigrantes a prol das súas localidades de orixe. En efecto, desde finais do século XIX vemos aparecer na prensa habaneira noticias que nos informan da reunión de varios emigrantes para axudar

[1] P. Viveiro Mogo, "Os nosos homes na Habana. Memoria da Sociedade El Valle de Oro", *Búsola*, núm. 2, revista anual editada pola Casa da cultura do concello do Valadouro, Suso Rubio (dir.), 2006, páx. 36.
[2] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Búsola*, núm. 2, 2006, páx. 36.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 147-148. A tradución é nosa.
[4] Prudencio Viveiro Mogo, "A emigración galega a Cuba: o Centro Gallego da Habana", en *Alborada*. Centro Galego de Barcelona, abril de 2007, páxs. 30-33. En P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 608, n. 8.
[5] Sobre Canoura Palmeiro figuran varias referencias no periódico habaneiro *El Eco de Galicia*, núm. 290, 14 de xaneiro de 1888, páx. 7; núm. 295, 18 de febreiro de 1888, páxs. 3-4 e núm. 465, 23 de maio de 1891, páx. 7. En P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 608, n. 9.
[6] P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 607-608 e nn. 8, 9, 10. Nota dos autores: A nova, na prensa, do falecemento de Andrés Canoura Palmeiro di: "Ferreira, 29 de Enero de 1930. En su casa de Ferreira del Valle de Oro ha dejado de existir a los ochenta años de edad el señor don Andrés Canoura Palmeiro..."

ao progreso das súas parroquias natais. Os emigrantes xuntáronse para remodelar cemiterios, construír as primeiras escolas ou levar adiante todo tipo de obras. Neste labor os emigrantes do Valadouro non quedaron atrás. Xa en 1887 houbo un primeiro intento de crear unha sociedade. En efecto, nese ano os emigrantes Andrés Canoura [Palmeiro], Juan Manuel Cancio e o viveirense Justo Taladrid Catá promoveron a construción do que eles denominaban "Centro productor" no Valadouro, centro que tería como misión a mellora da agricultura no Valadouro, incidindo na súa necesaria industrialización... A iniciativa destes emigrantes foi moi ben acollida no Valadouro, pois o Concello remitiu unha carta de gratitude á Habana, misiva que foi publicada no semanario *El Eco de Galicia*. O Concello do Valadouro facía fincapé na pobreza e decadencia económica que se vivía, situación que levaba á emigración e ao despoboamento. Prometía achegar fondos municipais á proposta dos emigrantes e asemade anunciaba que se dirixiría ao veciño Concello de Alfoz para que se sumase á empresa. Destacaba especialmente o Concello valadourés os elevados propósitos dos seus emigrantes e gababa a súa capacidade para xuntar esforzos...» [1].

A corrente eléctrica no Valadouro. Cronoloxía: 1909-1911.

As obras do Canedo comezaron o 18 de setembro de 1909 e acabaron as probas preliminares o día 20 de xaneiro de 1911. A obra (400 metros de canal máis 400 de tubería) custou máis de 200.000 pesetas.
Os muíños fariñeiros estaban instalados na parroquia de Santa Cruz, e outros na vila de Ferreira, Os Muíños de Canoura, Avda. do Xistral [2].

"La primera planta de luz en el Valle de Oro fue la instalada en el CANEDO, por don Andrés Canoura [Palmeiro (1852-1930)] [3]. Anteriormente se había instalado otra en San Acisclo que también daba luz para el Valle de Oro. Tenía el problema de que cuando el río Oro experimentaba una crecida, sus aguas anegaban parte de las instalaciones y no podían dar alumbrado. Así como a la del Canedo le ocurría lo mismo cuando había seca y el agua escaseaba. Motivos estos por los que muchas casas tenían instalado el alumbrado de las dos plantas, conocidas como la de Canoura, que era la del Canedo y la de Don José, que era la instalada en el río Oro" [4].

Canoura Palmeiro e as escolas do Valadouro. Cronoloxía: 1917.

"O Concello do Valadouro continuou no futuro solicitando axuda económica aos seus emigrados, moi especialmente en todo o relativo ao ensino. Así, o 12 de maio de 1917 os membros do Concello – entre os que se atopaba o antigo emigrante Andrés Canoura [que foi alcalde do Valadouro]– informaban á sociedade *El Valle de Oro* de que tiñan pensado patrocinar a apertura de dous colexios, en locais alugados, nas parroquias de Vilacampa e Santa Cruz [do Valadouro]. Para ambos centros os concelleiros solicitaban dos emigrantes axuda para material pedagóxico e mobiliario. *El Valle de Oro* non desoíu a petición de axuda e, en xunta extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 1917, concedeu a cantidade de 1.600 pesetas para cada un dos colexios que o Concello pretendía pór en marcha. Ora ben, os emigrantes tiñan moi claro que a sociedade á que pertencían abranguía dous Concellos, polo que de inmediato decidiron escribir ao Concello de Alfoz para que, do mesmo xeito que o seu veciño, patrocinase a creación de centros escolares" [5].

[1] P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 611-612.
[2] Tirado de: Corresponsal, "UN PAISANO, Ferreira del Valle de Oro, 31 de Enero de 1911", *El Progreso*, 04.02.1911.
[3] "Fundador de la Hidroeléctrica y fábrica de harinas de El Canedo". A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 148.
[4] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páxs. 14-15.
[5] Sociedad Gallega de instrucción, recreo y protección mutua "El Valle de Oro". Memoria 1916-1917, A Habana, Imprenta "Avisador Comercial", páx. 17 e seguintes. P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 612.

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é Santa Cruz do Valadouro [1].

[1] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

CONTORNO DA IGREXA DE SANTA CRUZ

Abrangue o castro de Santa Cruz, que non trataremos neste catálogo, por incluírmolo no período da Prehistoria.

Situación: igrexa parroquial.
A 2 Km da vila de Ferreira, en sentido suroeste, no couto da igrexa parroquial, tendo como referencias máis próximas os lugares de Suaigrexa, Albares, Pazos e Lodeiros.

Coordenadas [1]:

a) Xeográficas:	Norte (Latitude): 43º 32' 42'', Oeste (Lonxitude): 07º 27' 09''	
b) UTM:	X: 625.020	Y: 4.822.600
Altitude:	entre os 90 e os 100m sobre o nivel do mar.	
Medidas:	Eixo NO-SL: 375m	Eixo NL-SO: 250m
	Superficie: 0,9 Ha	

A uns 500 metros encóntrase o lugar da Torre, posíbel emprazamento dunha torre de Pardo de Cela, hoxe desaparecida; e, a 1 Km está Cendemil, que conserva os restos doutra fortaleza do Mariscal.

Utensilios (muíños de man, columna, cerámica)

Os muíños de man poden pertencer á etapa prehistórica (Idade do Ferro).

"En Santa Cruz iniciáronse unhas escavacións que descobren grande abundancia de información histórica. Cara ao ano 1959 abriuse unha estrada veciñal Ferreira-Batán, que pasa ao pé do castro onde se acharon uns muíños [de man] celtas ou romanos e unha pedra con caracteres probabelmente visigóticos [2].
No ano 1987 ampliouse un camiño de acceso á igrexa e apareceron uns cimentos a uns dous metros de profundidade, muíños redondos e barquiformes, unha columna de dimensións considerábeis, que está *in situ* [3], bastantes fragmentos de cerámica popular e cerámica fina gravada. As escavacións estiveron dirixidas polo Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Santiago de Compostela" [4].

"Escavacións recentes no castro denotaron a existencia de abundantes restos visigodos, entre os que podemos citar unha fiestra calada de estilo prerrománico asturiano, amais de abundante cantidade de muíños de man da época celta" [5].

"Donde recientemente se han encontrado restos arqueológicos que muestran la existencia de una antigua población. Molinos barquiformes celtas o de época romana y una piedra con caracteres visigóticos, muestras de cerámica vulgar y fina grabada, así como una columna" [6].

Existen muíños de man na Casa de Aurelio (As Curuxeiras) e outro na Casa de Lobeira (Cendemil), este último aberto en dúas metades ultimamente (2007) [7].

[1] Abel Vigo García, *Aportacións sobre O Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páx. 5.
[2] É unha xanela calada, procedente da igrexa visigótica; está depositada na sacristía da igrexa parroquial. F. Monterroso Carril, 12.04.2001.
[3] Enterrada no lugar onde se achou, Fernando Monterroso Carril, 12.04.2001.
[4] F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 213. F. Monterroso Carril, "Ferreira en sus orígenes", *Programa das Festas do Oito de Setembro*, Lugo, 1988, s/p. A tradución é nosa.
[5] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito).
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 21.
[7] M. Lourenzo-I.Ferreira, visitas: 14.08.2001. X. Pisón, 16.09.2001.

CAPELA OU MOSTEIRO DA SANTANA

Clave de identificación: GA.27.063.RE3 [1].
Situación: pasado o Coto de Fernando Orella, cara a Vilacampa [2].
Parroquia: Santa Cruz do Valadouro.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), a 3,2 Km de Ferreira existe un desvío á dereita, cara á igrexa de San Tomé (a igrexa está a 4,4 Km da vila de Ferreira). Pasada a igrexa, é preciso tomar o ramal da dereita que leva ás casas do lugar de Esqueira. Desde poucos metros despois hai que subir a pé até o enclave da Santana.
Cronoloxía (hipotética): séculos IV-V [3].

Coordenadas Xeográficas [4]: Norte: 43º 32' 52'' Oeste: 07º 29' 03''
Coordenadas U.T.M.: X: 622.312 Y: 4.823.064 [5].
Altitude: 463 metros sobre o nivel do mar.

Os montes eran propiedade dos Gasallas. Cando un dos nosos informantes, membro desta familia, era un neno (hai uns 50 anos) lembra que ían recoller molime alí e que, daquela, a Santana xa non tiña tellado. Conservaba un muro moi alto e en moi boas condicións.
Entre as ruínas aparecera unha imaxe da Santa Ana; era unha figura pequena (duns 30 ou 40 cm), de madeira. E levárona para a igrexa de San Tomé. Naquel tempo era sacristán Arturo Blanco Orol [6].

"... xunto coas talas periódicas de madeira van deteriorando os restos do conxunto que non están sometidos a ningún tipo de protección lexislativa. Non aparece a Santa Ana no Inventario do Patrimonio Artístico, nin Arqueolóxico, en parte pola imposibilidade de definila como conxunto e concretar a súa época e función" [7].

Hipóteses [8]

1) Posíbel vila romana do Baixo Imperio (séculos II-III d. C.), reutilizada posteriormente para algunha instalación de tipo cristián.

2) Posíbel cenobio altomedieval de tipo irlandés.

Formou parte este mosteiro dun conxunto de obras de frades bretóns coma os de Bretoña? San Martiño de Mondoñedo podería ser o convento *Maximum* e dependendo del estarían o convento de Bretoña e o da Santa Ana.

"Desde el punto de vista de la cristianización, el territorio del valle aparece íntimamente ligado a la comunidad bretona asentada en el norte de la actual provincia de Lugo, pues desde aquí, y tras el establecimiento de esta iglesia, es lógico, dentro del proselitismo que caracteriza el cristianismo en su labor de apostolado, que irradiara la doctrina a través de los monjes que llegados a los primitivos

[1] Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014. Listaxe facilitada por Manuel Miranda Ruíz, de Mariña Patrimonio, 17.05.2014 (IF).
[2] Situado nun monte que pertence, entre outros, a Ramón Gasalla Onega. Informante: Arturo Blanco Orol, 17.09.2000. Visita ás ruínas: Manolo Camba Gaioso e a súa dona Andrea, Moncho Ermida, Xosé Paleo Rodríguez, Xoán Carlos Bouso, Xoán Xosé G. Basanta, Isaac Ferreira, 03.09.2000.
[3] Segundo unha análise, realizada na Universidade de Santiago de Compostela, dunhas tégulas recollidas por Roberto Reigosa Méndez no ano 2001.
[4] Abel Vigo García; visita con Eva Vázquez, Luís Pisón Pascual, Xesús Pisón e Isaac Ferreira. Fotografías; IF, 25.08.2002.
[5] Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014.
[6] O párroco de San Tomé era D. Manuel Fernández Rodríguez, hoxe falecido.
[7] Reigosa Méndez, R., "Santa Ana de Vilacampa: Un posible cenobio altomedieval", *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 571.
[8] R. Reigosa Méndez, 24.08.2001.

castros del valle enseñaran el evangelio a una población pagana o poseedora de un débil cristianismo, incluso de influencia priscilianista" [1].

Planta

A planta continúa en pé, de forma case rectangular, con catro habitáculos ben definidos e un corredor central.
Dimensións aproximadas da planta visíbel: 120 metros cadrados [2].

Paredes

Muros de 2 metros de altura.
Estrutura dos muros: disposición romana. Pedras "en negativo e positivo". Este tipo de encaixamento é propio da época romana. Moitas pedras dos muros da Santana van encaixadas deste modo.
Parte das pedras desta capela ou mosteiro usáronse para a construción da torre da actual igrexa parroquial de Ferreira [3].
Xanela con dobre abucinado, aparentemente do século IX.
O muro onde está a xanela abucinada todo el é dunha mesma época [4].

Torres

A uns 100 metros do mosteiro existe a planta de dúas construcións circulares de 5 metros de radio, afastadas entre elas outros 5 metros.
Poderían ser torres-vixía, ou simplemente almacéns de gando ou gran [5].

Cemiterio

Abaixo do mosteiro existe unha zona de enterramento.
A uns 5 metros do muro con xanela abucinada hai un corte en baixada e logo unha plataforma chá. Este é o suposto emprazamento do cemiterio.

Muro perimetral

Muro de pedras, de forma lixeiramente elíptica, cerrando o conxunto, duns 800 metros de perímetro (776,660 m) [6].
O muro parece posterior á planta da Santana [7].

"O aproveitamento actual do solo redúce-se a explotacións madeireiras de planta de eucalipto e nunha parte monte raso de uces, toxos e rañas.
A finca corresponde-se no catastro ao polígono 71, parcela 778, 779, 780 e 781, fotografía aérea 95 A do catastro de 1959. Está parcelado sobre si mesmo e a parcela maior onde se atopan os restos habitacionais, a 778, pertence en propiedade privada individual a Concepción Gasalla Onega" [8].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 53.
[2] Visita: Roberto Reigosa, Manuel Lourenzo, Xoán Manuel L. Eirís, Xesús Pisón, Eduardo Villanueva, Carme Acevedo Alonso, Isaac Ferreira e outros, 24.08.2001.
[3] Informante: Euloxio Fernández Sampayo, 06.12.1999.
[4] Abel Vigo García, visita 25.08.2002.
[5] Visita: R. Reigosa, M. Lourenzo, X. M. L. Eirís, X. Pisón, E. Villanueva, C. Acevedo Alonso, I. Ferreira e outros, 24.08.2001.
[6] Reigosa Méndez, R., "Santa Ana de Vilacampa: Un posible cenobio altomedieval", *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 570.
[7] Abel Vigo García, visita 25.08.2002.
[8] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 570.

Cruces gravadas

Na cabeceira deste muro perimetral, que dá ao camiño, existe unha pedra cunha cruz pola parte do interior do cerrado. Esta cruz tal vez sexa unha cristianización da pedra, que anteriormente tivo outro uso.
A uns 50 metros da anterior, no mesmo muro, existe outra pedra cunha cruz patriarcal, de Caravaca, medieval, gravada na cara que dá ao camiño. Esta segunda cruz podería ser unha cruz 'de término', de división das parroquias de San Tomé e Santa Cruz do Valadouro [1].

Imaxes

Existía unha imaxe da Santa Ana, intacta, na igrexa parroquial de San Tomé, procedente da antiga capela. Era unha Santa Ana sentada, coa Virxe no colo; unha talla de madeira de pequeno tamaño, mais de moito valor [2].

Comentarios de Abel Vigo

«O conxunto da Santana móstrase como un elemento singular dentro do contorno no que se ubica. Este consta dunha serie de elementos significativos: un conxunto edificado que parece presentar unha planta bastante cadrada, un contorno murado con dúas estructuras circulares gardando a que posiblemente fose a entrada, dúas cruces gravadas no contorno murado, unha ventá dobremente abucinada, e unha gran cantidade de tégula que respondería a unha cubrición similar á que hoxe pode haber polo occidente galego e que en época antiga era coñecida como cubrición "siciliana".
O conxunto de construccións presenta, como xa se dixo, unha estructura bastante cadrada, na que se poden observar varias estancias nas que a única forma de comunicarse co exterior serían as portas, salvo unha ventá de mínimas dimensións.
Polas paredes que quedan en pé e os buratos que se observan nelas, podería ser que o conxunto tivese un piso antes do tellado.
O contorno murado máis próximo á estructura, por onde entramos, responde, bastante ben, a unha forma de construír semellante ó edificio da Santana; pero non así as pedras do contorno nas que se ubican as cruces gravadas, cruces bastante semellantes ás [do muro exterior] da igrexa de Santa Cruz.
Debemos diferenciar, pois, dous tipos de aparello de cerre, que, supostamente, responden a dous momentos de construcción diferentes.
O punto principal de traballo debe ser a Santana e os muros que cerran o espacio ao redor da mesma, pero os máis próximos, xunto con aquelas dúas estructuras circulares da entrada. Estas estructuras circulares de entrada poden responder a algún tipo de sistema de control de acceso ó recinto, ou [ser o] lugar de ubicación dunha porta exterior, onde "avisar" da entrada nun lugar privado.
Toda esta parte do muro exterior parece corresponderse moi ben coa estructura habitacional que temos próxima.
Co que hoxe podemos ver non se pode indicar a que tipo responde esta construcción; isto é, non podemos dicir se era un cenobio, unha igrexa, unha casa ou un castelo, xa que non temos elementos de definición claros.
O que si podemos indicar é que parece un edificio de bastante relevancia, polo sistema de acceso e por estar "defendido" cara ó exterior, ó non achar ventás cara a fóra, só cara a dentro, separando diversos espacios.
Significativa é a lenda dos frades que circula polas proximidades do lugar.
Se atendemos ás formas constructivas e ó sistema de cubrición, debemos irnos, polo menos, ó século VI-VII ou máis adiante no mundo medieval, sendo prudente achegarnos cara á plenitude da Idade Media nos séculos IX ou X.

Isto débese a varias razóns: o sistema de ventá responde a un tipo pre-románico e románico, moi exemplificado na chamada arte "bárbara", pero sen atreverme a identificalo como tal. O outro motivo

[1] Visita: Roberto Reigosa, Manuel Lourenzo, Xoán Manuel L. Eirís, Xesús Pisón, Eduardo Villanueva, Carme Acevedo Alonso, Isaac Ferreira e outros, 24.08.2001.
[2] Hai uns vinte anos, sendo párroco de San Tomé Manuel Fernández Rodríguez, xa falecido, taxouna un experto de Barcelona en cinco millóns de pesetas. Circulan comentarios de que a comprou un particular de Ribadeo. O mito de Santa Ana é un mito céltico da Nai das Augas. Ana simboliza a divindade estéril como consecuencia de abrasarse o universo. As lágrimas de Ana son as augas. J. Markale, *Los celtas y la civilización celta*, 1992, páx. 36.

de levalo máis adiante [ss. IX-X] é a tella que serve para cubrir o edificio, que é moi diferente ó que sería a *tugulae* romana, de moito máis tamaño, en lonxitude, grosor e peso.
As actuacións a seguir, para poder ver algunha cousa máis e precisar mellor estas breves indicacións, serían: a limpeza da mesma –desbrozado da maleza– e do contorno inmediato, así como dos muros que a rodean, e das estructuras circulares da entrada.

Con isto poderíamos ter unha idea mellor das estructuras e do espacio que ocupaban, así como da súa forma, e aínda se podería observar algún sinal que quedase nas paredes ou no chan do antigo asentamento.
Sería interesante saber que é o que atoparon os que realizaron os butróns dentro e fóra das estructuras, tipos de cerámica, pedra, niveis estratigráficos, algo que... sirva para salvar algunha información da queima feita nos dous puntos precisos.
Unha vez analizados todos os datos, poderemos ter unha base para poder seguir traballando no conxunto, e mesmo se podería afrontar un traballo arqueolóxico realizando unha serie de catas en determinados lugares que puidesen producir máis información» [1].

Investigacións de Roberto Reigosa

"O meu primeiro paso foi limpar por completo as malezas que cubrían a entrada e o conxunto para poder actuar sobre el. Aínda que non fora un xacemento afectado seguimos unha serie de medidas cautelares que preserven a integridade dos restos no caso en que nun futuro se levara [sic] a cabo unha campaña arqueolóxica, co aquel de non alterar en absoluto calquera dos dados que do [sic] análise do subsolo se puideran [sic] obter.
A Santa Ana sufrira varios saqueos intencionados por mor das lendas que sobre ela circulan, o que fai aos veciños crer na posibilidade de que houbera [sic] algún tesouro agachado; por este motivo podian-se observar unha serie de conos de violación repartidos no interior dos recintos mellor conservados, dos escombros desta desfeita obtivemos algún material de superficie completamente descontextualizado pero que, en definitiva, é o único resto arqueolóxico moble co que nos puidemos facer sen incorrer en delictos patrimoniais e morais.
Logo do rescate destas pezas que logo se describirán (a totalidade material de obra), procedemos a efectuar un fotografado das zoas [sic] de saqueo e ao mesmo tempo de todo o proceso de limpeza e das estructuras en si.
Aproveitou-se a destrucción dos muros por derrubes de árbores para tomar imaxes da estructura e disposición interna dos paramentos efectuando unha limpeza do espacio destruído. O cepillado so se fixo das pedras que sufriran a acción destructiva do impacto.
De seguido procedemos a tomar medidas de todos os espacios, profundidade de derrubes e grosor de muros acompañando estas cun plano en planta [véxase en gráfica, ao final deste catálogo].
As fotografías aéreas axudaron a situar no espacio o conxunto...
Por último foi preciso rastrear todo o perímetro do muro de cerre para medir a súa extensión e localizar algún resto que nos puidera [sic] axudar a contextualiza-lo" [2].

"O acceso efectuase [sic] por unha apertura no muro profundamente deteriorada, no flanco dereito aparecen os restos do que puidera ser un elemento torreado de pouca envergadura, fabricado coa axuda dunha rocha natural que para esto [sic] foi perforada.
Logo de penetrar no recinto debe-se camiñar uns 30 m. ata atopar un dos muros que delimitan o frontal do edificio principal. Estes muros cerran completamente un pequeno espacio rectangular que chega ata o muro de cerre ou muralla perimetral, obrigando a pasar polo edificio para entrar dentro da finca.
A porta que debeu haber neste muro exterior difumina-se entre derrubes e roturas efectuadas para facilitar a entrada en diferentes zoas [sic]. Cando chegamos a este punto xa podemos ver de frente a que debeu ser fachada principal do edificio" [3].

[1] Abel Vigo García, *Aportacións sobre O Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páxs. 8-10.
[2] Reigosa Méndez, R., "Santa Ana de Vilacampa: Un posible cenobio altomedieval", *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páxs. 571-572.
[3] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 574.

“O muro perimetral é de mampostería [cachotería] sen desbastar, disposta de maneira aleatoria utilizando esteos de pedra que se sitúan de cada varios metros para formar a estructura. O paralelismos están claramente afincados nos sistemas constructivos tradicionais de cerre agrícola común a toda a zoa [sic] da Mariña Lucense e tamén a boa parte das serras do Cantábrico galego. Unicamente sorprende del a especial altura que gana en certas partes.
No seu perímetro atopamos dous dos esteos con cruces inscritas, de marcado carácter medieval unha e posiblemente prehistóricas noutro caso.
Neste aspecto parece que o segundo ortostato puido proceder da tapa dunha arca ou cista, dada a abundancia destas na proximidade” [1].

“Os paramentos do recinto habitacional pertencen a un tipo completamente distinto ós do cerre ou muro perimetral; compoñen-se de mampostería fina sen argamasa disposta a un primitivo sistema de cuñas lixeiramente semellante ao clásico soga e tizón; cada esteo maior colocado horizontalmente recibe un rebaixe en negativo que coincide co positivo situado na peza menor. Axudando-me de algunhas zoas [sic] onde a tala de árbores destruíra parte da estructura efectuamos un cepillado dun espacio de pouco mais de dous metros da superficie da parede sur da habitación B [que é o cuarto da xanela con dobre abucinado]; o resultado descubre un sistema completamente descoñecido para o tipo edilicio popular da zoa [sic].
En boa parte dos muros podemos encontrar tamén como parte do complemento constructivo anacos de cerámica de obra (tellas) que pode significar o reaproveitamento de edificios anteriores.
O único vano [sic] que se conserva intacto aparece na parede este [sic] da habitación B. A súa tipoloxía é completamente intemporal, tanto en uso no mundo antigo como ata hai poucas décadas na mesma comarca.
O grosor dos muros mantén unha uniformidade bastante interesante, as paredes da fachada miden de grosor aproximadamente 65 cm, as divisións interiores manteñen esa medida agás as que cerran a habitación B que ascenden ata 70 cm ou algo mais ao igual que as que lindan co talude [sic] e coa fronte sur” [2].

“A entrada primitiva debia-se realizar polo norte a través dun corredor acotado por muro de cerre... O vano [sic] de acceso parece que estivo enmarcado por unha estructura en arco da que se conservan os arranques das dúas xambas; pola ausencia de caleado e a falta de escavación deixarei esta afirmación unicamente como hipótese de traballo... No ángulo sur-oeste conservan-se restos de dous esteos de certa envergadura, un horizontal e outro vertical ao chan, o horizontal ten cerca de un metro cadrado. Cabe a posibilidade [de] que esta zoa [sic] fora [sic] utilizada como lar.

... En ámbolos dous espacios hai unha serie de buratos nos muros que, canto menos na habitación A, interpretamos como un sistema de asento de bigas [vigas, trabes] para dispor unha escaleira que accedera [sic] á planta superior.

... A saída do edificio efectúa-se cara o sur e aparece protexida por un elemento constructivo en forma que quarto de círculo de función incerta.

Para finalizar debemos sinalar un espacio acotado por un muro e terraplén situado na banda este [sic] do edificio principal que puido funcionar a modo de horta ou de cemiterio” [3].

“Producto da recollida de restos que se atopaban diseminados polo arredor do ángulo sur-oeste do habitáculo A [que, segundo o autor, sufriu unha serie de saqueos] obtivemos algunhas tellas (ímbrices) fragmentarias, unha delas case completa... resulta difícil atopar modelos que, por medio do [sic] análise tipolóxico [sic], nos axude a obter unha datación relativa da peza. Hai de toda-las [sic] maneiras unha serie de conclusións que, xunto coa documentación escrita da que dispoñemos pode que nos leven a algún lado.
A peza maior que recollerei é lixeiramente maior á tipoloxía común que aínda se segue a usar en Galiza, tamén é mais grosa. A textura de matriz fina abunda en degrasantes sólidos e está confeccionada cunha arxila composta por micas, cuarzo e calcitas en menor grao. A ausencia de caolinita e a presencia de metacaolinita demostra que foi cocida en forno cerrado a aproximadamente 900 graos.
A información técnica obtivo-se no Instituto de Cerámica de Galicia, ao que debemos o noso agradecemento pola súa desinteresada colaboración.

[1] Reigosa Méndez, R., “Santa Ana de Vilacampa: Un posible cenobio altomedieval”, *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 575.
[2] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 575.
[3] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páxs. 575-579.

O seu director ofreceume algunhas observacións interesantes sobre a peza: para el corresponde-se a un exemplar bastante ben feito, que non chega á calidade dunha peza romana nin á pobreza dunha medieval normalmente cocidas ó sol e de pouca resistencia. Apuntou tamén que se o derrubo fora [sic] por abandono sen acción antrópica probabelmente estiveran [sic] a maioría das pezas do tellado enteiras " [1].

"... a tradición popular amósa-nos que a Santa Ana é claramente un edificio de carácter relixioso, do cal procederon en data incerta unha serie de imaxes, das cales, alomenos [sic] unha Santa Ana sedente conservou-se ate [sic] a segunda metade do século XX na igrexa de Santo Tomé de Recaré, desaparecendo nesta data para perderse completamente todo rastro dela, unicamente se poden rescatar da oralidade algúns datos da forma que pudo ter orixinariamente, unha imaxe sedente, senlleira e sen atributos nas mans;...

Ademais debemos recordar que nas inmediacións do recinto aparecen tradicións directamente relacionábeis co cenobitismo, sempre de data sen concretar" [2].

«– Do traballo nos diferentes arquivos da comarca obtiven a seguinte información:
No século XVIII non había en todo o Valadouro ningún sitio habitado, con "casa con fumes" que se chamara [sic] Santa Ana, non existía tampouco nesta época nas parroquias ás que pertence o territorio do achádego ningunha capellanía [sic] privada nen pertencente ao bispado, nin ningunha cofradía [sic] co nome de Santa Ana. A partires de mediados deste século encárganse varios aniversarios de misas en honra de Santa Ana e da Inmaculada Concepción.
– A principios do século XX os documentos refírense da mesma maneira que na actualidade ao recinto agrupando as dúas palabras no nome de Santana.
– A fotografía de máis de 40 anos de antigüidade ofrécenos unha imaxe dos restos exactamente igual á que agora temos.
– Por último debemos referirnos á alternancia, xa no século XVII, da tella coa lousa nas cubricións das casas no Valadouro.
– Todo isto lévanos á seguinte pregunta, que case require dunha resposta afirmativa...: Estaba xa abandoado [sic] o recinto edilicio da Santa Ana no século XVIII?» [3].

"Conclusións: Aínda que foron moi poucos os datos dos que dispuxen para traballar cun edificio tan complexo non resultou de todo estéril a nosa [sic] labor e, xuntando varias liñas de investigación podemos chegar aos seguintes puntos completamente firmes:

1. O edificio de Santa Ana tivo, e mantén no imaxinario popular, un carácter relixioso, con toda probabilidade cristiá [sic].
2. Aparece deshabitado alomenos dende o século XVII e sen alteracións importantes na súa estructura dende os anos 50 do século pasado [XX].
3. Foi un edificio de certo prestixio, o que indica que estivera cuberto con tella e non con colmo ou outras estructuras perecedeiras.
4. Pertenceu ó monte de propios da parroquia de Santa Cruz ata que no século XX pasa a ser propiedade privada.
5. A súa estructura de dúas plantas delimita particularmente en altura e en espacio un habitáculo concreto.
6. O conxunto marcou no seu momento un espacio acotado e defendido pola presencia dun muro de cerre e torreóns franqueando a entrada" [4].

"Como contexto histórico resulta fundamental buscar relación cun suceso peculiar que aconteceu na primeira metade do século VI no norte da provincia de Lugo: a chegada dun grupo de monxes procedentes da Fisterra británica que establecerán unha comunidade, que posteriormente pasará a formar diócese [sic] co nome de *Britoniense*" [5].

[1] Reigosa Méndez, R., "Santa Ana de Vilacampa: Un posible cenobio altomedieval", *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páxs. 581-582.
[2] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 586.
[3] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páxs. 590-591.
[4] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páxs. 593-594.
[5] Reigosa Méndez, R., op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 19, 2003, páx. 594.

IGREXA DE SANTA CRUZ DO VALADOURO *(Santa Cruz)*

Parroquial. *Sancta Crux* (1128) [1].
Situación: Suaigrexa. Asentada sobre un castro (GA.27.063.010) [2].
Estrada Avenida da Veiga (Ferreira)-Os Pinos-Lodeiros-As Curuxeiras-Suaigrexa-Igrexa parroquial e cemiterio. A 1,9 Km da vila de Ferreira
Cronoloxía: a igrexa actual é do terceiro cuarto do século XVII [1667] [3] ou de comezos do XVIII [4].
Estilo: barroco.
A primitiva igrexa era románica. Erixida sobre os restos doutra visigótica [5].
Chamada en séculos anteriores A Catedral do Valadouro [6].
A súa construción realizouse en distintas etapas.
Fachada principal de tres arcos: pórtico con tres cabezas trofeo policromadas.
Muros laterais: contrafortes. Na aresta exterior do brazo esquerdo do cruceiro existen dúas pedras con cruces gravadas, talvez dos séculos XVII-XVIII [7].
Cinco retablos: o maior máis dous en cada brazo do cruceiro.
Cruceiro: pinturas no teito. Autor: Casanis.

Coordenadas U.T.M.: X: 624.960; Y: 4.822.606 [8].

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [9].

A pegada visigótica

«Trala morte de Martiño de Dumio [bispo] no ano 579, outros personaxes continuaron a súa obra destacando no século VII a figura de Fructuoso no Bierzo chegando a ser metropolitano de Braga. Promoveu de forma decidida e eficaz o monacato galego implantando a *"Regula Monachorum"* con marcado carácter rigorista e ascético que se mantivo ata a Regula *"Sancti Benedicti"*.
Desta época foi unha antiga Igrexa situada no camiño vello, no lado norte que conduce á cima do castro, onde está ubicada a actual Igrexa de Santa Cruz. Obrigados polas esixencias da vida moderna, abriuse unha entrada á Igrexa para mellorar o acceso. Ó ter que rebaixar máis o camiño, aproximadamente metro e medio, encontráronse algúns restos con caracteres claramente visigodos, entre eles unha celosía pétrea [acaso de estilo prerrománico asturiano] [10], unha columna que está *"in situ"* e outros restos. Ademais apareceron muíños redondos e algún barquiforme e varios trozos [sic] de cerámica lisa e traballada.
Fíxose unha cata exploradora que dirixiu o arqueólogo D. Gonzalo Meijide cun equipo de alumnos e arqueólogos, na que se encontraron abundantes restos que están depositados na Universidade de Santiago.
Visitou o sitio un especialista Catedrático de Historia Antiga e opinou que debería facerse unha escavación; pero por falta de medios está aprazada.

---

[1] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 19.
[2] Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014. Listaxe facilitada por Manuel Miranda Ruíz, de Mariña Patrimonio, 17.05.2014.
[3] En "Lo mejor de O Valadouro Lugo, que ver en O Valadouro, arte...", http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013, figura: "La construcción del actual edificio data del año 1667".
[4] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. X. L. Laredo Verdejo, *Galicia enteira*, t. 9, 1998, páx. 143.
[5] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito). A xanela calada visigótica aparecida no ano 1959 está recollida, como xa se indicou anteriormente, na sacristía da igrexa parroquial.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 113.
[7] Visita, localización e fotografías: IF, 12.08.2001. Visita: Abel Vigo García, 04.08.2002.
[8] Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014.
[9] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.
[10] R. Reigosa Méndez, op. cit., (inédito).

No chan da Igrexa consérvase unha lápida, que debeu ser unha estrela que contén no corpo superior unha figura que parece simbolizar a virilidade; na parte inferior ten unha inscrición en latín que parece ser da última etapa da Idade Media.
Á tradición sueva e visigoda uníronse influencias doutros pobos a raíz das esporádicas incursións en terras galegas dos musulmáns e dos normandos.
A finais de [do] século VII unha profunda crise no reino visigótico ocasionou a súa rápida caída ante a puxanza musulmana» [1].

A igrexa

"Sobre un castro prehistórico se alza la iglesia, que data de comienzos del siglo XVIII y consta de tres naves, crucero, capilla mayor, sacristía, la torre de las campanas y un pórtico en el frontis" [2].

"Edificada sobre un castro celta al que se sube por un precioso camino entre frondosas arboledas formando un conjunto de belleza extraordinaria con el que entona a maravilla la torre barroca del templo" [3].

"En el mismo castro, y bajo escombros sacados posiblemente para levantar la actual iglesia, quedan restos de una iglesia visigótica de la que se han encontrado ya algunos elementos" [4].

"A construción que podemos contemplar parece responder á época Moderna; as características da portada responden ó mundo barroco" [5].

Naves e fachada principal

Cartela no frontispicio do pórtico. Cronoloxía: 1727.

OPORTET EXALTARI
FILIVM HOMINIS
IOA. C. 3. AÑO DE 1727 [6]

"Obra de los primeros años del siglo XVIII, con tres naves, crucero, capilla mayor sacristía a la derecha de ésta, torre a los pies de la nave izquierda y un pórtico ante la fachada principal. Desplome de los arcos interiores sobre pilastras cuadradas y pórtico de tres grandes arcadas con inscripción en la puerta principal: *Oportet exaltari filium hominis, Joan, c. III.* Pueden leerse las fechas de 1715 y 1721. Torre de dos cuerpos con su balaustrada y escalera de caracol, con cúpula, bolas y remate de cruz de hierro. Pinturas de Casanis en la techumbre del crucero y estaciones de Vía-crucis" [7].

As cabezas trofeo do pórtico

Cabeza da esquerda: Eva.
Cabeza do centro: Demo.
Cabeza da dereita: Adán.

Comentarios

"El pórtico de la iglesia de Sta. Cruz do Valadouro presenta adosadas tres cabezas trofeo de la época celta, que Cuevillas denomina *cabezas de muerto*, y que forman parte del grupo de figuras antropomórficas con la variante de cabezas sueltas, en oposición a los llamados guerreros.

[1] F. Monterroso Carril, "O Valadouro na Idade Media", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, Deputación Provincial de Lugo, 2006, páxs. 104-105.
[2] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 184.
[4] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), páx. 16, 20.03.1992.
[5] Abel Vigo García, *Aportacións sobre O Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páx. 6.
[6] Visita e fotografía: IF, 13.08.2001.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 184.

Empotrados en las paredes de las casas castreñas, su finalidad podría ser: la representación de antepasados con un fin religioso o quizás un carácter meramente decorativo.
Constituídas por unos contornos simples: un óvalo que forma el rostro, cejas formadas por líneas horizontales recta y seguida, ojos formados por dos cavidades redondas, nariz figurada, dotada de un evidente infantilismo, y la boca hecha con una hendidura profunda. Aunque el dar a estas cabezas un origen totalmente celta resulta un tanto aventurado, lo cierto es que su carácter popular por lo menos evidencia una clara influencia del celtismo.
Las cabezas de [la iglesia de] Sta. Cruz se encuentran muy decoradas, reutilizadas posteriormente, agregándoseles elementos como la cabellera y pintadas como lo debió de estar el resto del pórtico. Con ellas se trató de representar el pecado original: Adán, Eva y la serpiente, cabeza central a la que se le añadió una especie de lengua que cuelga hasta el dintel del pórtico, de características arquitectónicas parecidas al de la puerta pequeña de Sto. Tomé" [1].

"As cabezas que coroan a portada parecen achegarse a unha forma medieval, pero non estaría tan seguro [de] que todas –como me inclinei a pensar nun primeiro momento– respondan a esa etapa tan antiga.
A cabeza do lado esquerdo, (vista a portada de fronte), parece aproximarse a ese mundo; pero sería a única, pois podemos observar que a Catedral de Mondoñedo, nas dúas torres barrocas que presenta na fachada principal, ten cabezas semellantes a estas coroando os arcos que dan entrada ós ocos das campás" [2].

"[La iglesia] Posee además restos de otras edificaciones >> dintel de talla BARROCA policromada de origen popular de la entrada principal, traido posiblemente del antiguo convento de la Veiga de Santa Cruz... En él se representa a Eva y Adán flanqueando a Satanás, en una clara alusión al Pecado Original" [3].

Presbiterio

Retablo maior [4].
Cronoloxía: segunda metade do século XVIII.
Estilo: barroco.

"Retablo mayor de la segunda mitad del siglo XVIII, policromado y buen dorado, de dos cuerpos y sagrario, con imágenes de San Antonio (1,12), buen estofado; San José (1,12), buen estofado; Santa Elena (1,20), hermosa talla barroca, siglo XVIII; San Pedro Apóstol (0,65), siglo XVI, con pintura posterior; y San Bernardo (0,66), con cogulla, siglo XVI" [5].

"Dicho retablo suscitó pleito con su constructor" [6].

"En un muro del presbiterio, un Cristo popular de 0,34" [7].

Brazo dereito do cruceiro

Retablo.
Estilo: neoclásico.

"En el brazo derecho del crucero, un retablo neoclásico de dos cuerpos, con las imágenes del Nazareno (1,25), al óleo, talla de finales del siglo XVIII; San Roque (0,72), popular; San Francisco (0,69), siglo XVIII, recibiendo la impresión de las llagas, y San Cosme y San Damián (0,52), siglo XVI" [8].

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 24.
[2] Abel Vigo García, *Aportacións sobre O Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páx. 6. Visita: 04.08.2002.
[3] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[4] N. Rielo Carballo, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páxs. 184-185.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 113.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 1983, páx. 185.
[8] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 185.

Brazo esquerdo do cruceiro

Retablo.

"En el brazo izquierdo del crucero, retablo de orden jónico, con las imágenes de la Virgen de los Dolores (0,95), siglo XVIII; Virgen de la Merced (0,82), siglo XVIII; San Antonio popular (0,80); San Miguel (0,50), popular, siglo XVIII; San Roque (0,50), siglo XVII; Santa Lucía (0,50), popular, y Santiago Apóstol (0,45)" [1].

Nave lateral dereita

Lápida.
Cronoloxía: 1673.
Material: granito.

Lenda: ALONSO DE LOVERA Y SU MUGER MARIA YANES ENTERRADOS EN ESTA IGLESIA DEJARON SU HACIENDA PARA LA FUNDACIÓN DE UN ANIVERSARIO PERPETUO DE MISAS SEMANALES UNA EN ESTA IGLESIA LOS JUEVES Y OTRA EN LA DE RECARÉ LOS LUNES. COMIENZAN A CORRER EL 17 DE AGOSTO DE 1673 [2].

Nave lateral esquerda

Lápida.

"En la nave izquierda, otra lápida de fundación de misas por parte del bachiller don Fernando de Bahamonde" [3].

Baptisterio

Retablo.
Estilo: barroco.

"En el baptisterio, separado por cuatro pilastras, un pequeño retablo barroco de un solo cuerpo con imagen de San Juan Bautista (0,60), popular, con dorados malos y pintura azul" [4].

Sacristía

Retablo (restos).
Estilo: plateresco.

"Cruz procesional de estilo rococó, de plata, con macolla de rocallas; en el reverso, la Inmaculada. Imagen popular de la Virgen (0,90), siglo XVII. Santa Elena (0,80), policromada, siglo XVI. Curiosa imagen popular de San Miguel (0,82), siglo XIX. Custodia de plata (0,43), siglo XVIII. Copón sencillo de plata (0,22), siglo XVIII.
Cáliz sencillo de plata (0,22).
Restos de un antiguo retablo plateresco enmarcando espejo.
Virgen popular de besar (0,30).
San Damián popular de besar (0,27).
Relieve de San Pedro (0,55 x 0,30), siglo XVIII" [5].

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 185.
[2] Visita e fotografías: IF, 30.10.2001.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 185. Esta pedra menciona os lugares de *Albares* e *Ruviás* [talvez Os Rubás, na parroquia lindante de Vilacampa (IF)].
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 186.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 186.

Imaxes existentes no ano 1999 [1]

Virxe do Rosario (?)

San Xoán Baptista	Estilo: popular. Situación: retabliño barroco do baptisterio.
San Roque	Cronoloxía: século XVII. Ao anxo fáltalle a man dereita.
Santiago dacabalo	Aos pés, dous mouros.
Santa Lucía	Estilo: popular.
Cristo crucificado	
Santa Helena	De poñer.
San Miguel	Cronoloxía: século XIX. Estilo: popular. Situación: sacristía.
San Roque	Pequeniño. Fáltalle o can.
San Cosme	Pequeniño.
Santa Rosa (?)	Pequeno tamaño. Fáltalle a man dereita.
Santa Rosa (?)	Tamaño grande.
San Francisco	Cronoloxía: século XVIII.
Virxe das Mercedes	Cronoloxía: século XVIII.
Santo Antonio	Cronoloxía: século XVIII.
Cristo crucificado	Situación: sacristía.
San Miguel	Situación: cimo dun retablo.
Santo	Peregrino. Manto azul. Man esquerda, libro. Man dereita, vara, báculo ou cruz.
Santa Helena	Cronoloxía: século XVI? Situación: sacristía.
San Rosendo	

Santos sobre taboíñas [2]

Talvez procedentes de retablos.

Santo	Situación: sacristía. Sobre cabeza humana.

[1] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[2] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.

Santo	Situación: sacristía. Sobre xata ou año.
Santo	Situación: sacristía. Con anxo.
Santo	Situación: sacristía. Gordo, barbado. Libro na man esquerda.
Santo	Situación: sacristía. Barbas. Só se ve até a cintura. Na man esquerda, cruz rota.

Outros santos [1]

San Pedro	Situación: retablo do presbiterio.
Santa Helena	Situación: retablo do presbiterio.
Santo	Situación: retablo do presbiterio. Roupa dourada con capucha. Man dereita, vara ou caxato. Man esquerda, libro.
Santo Antonio	Situación: retablo do presbiterio.
San Xosé	Situación: retablo do presbiterio. Man dereita, vara con flores de plástico.
San Cosme e San Damián	Situación: retablo do presbiterio.

Capelanías

San Miguel e San Sebastián. Cronoloxía: 1625-1735.
A Nosa Señora do Carme. Cronoloxía: 1699-1852 [2].

Confrarías

Santo Antonio e a Vera Cruz. Cronoloxía: 1669.

"La Cofradía de San Antonio y la Vera Cruz fue fundada en 1669 ante el Ldo Andrés Ribadeneyra, cura de la misma, siendo sus fundadores: D. Andrés Paz de Cordido, D. Pedro Cerdeiras, Francisco Álvarez y Antonio Maseda de Zaragoza" [3].

O Rosario. Cronoloxía: 1674.
As Ánimas. Cronoloxía: 1709.

"La Cofradía del Rosario en 1674 fue fundada ante D. Pedro Piñón, la de Ánimas en 1709 ante D. Juan Maseda de Aguiar, siendo su primer mayordomo Simón Rouco" [4].

[1] Colección gráfica: XP, 1999. Hai unha Virxe María do s. XVI no Museo Diocesano, 15.12.2007, IF.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 137.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 113.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 113.

CAPELA DA CASELA *(O Carme)*

Situación: A Casela.
Cronoloxía: ss. XV-XVI [1] ou comezos do século XVIII? [2].
De advocación carmelita.
Era de "patronazgo de legos".
Nos anos 1887 e 1888 repararon o seu exterior [3].
Entre os anos 1925-1930 os veciños da Casela compráronllela aos de Ruíz.
Entre 1991 e 1992 retellárona.
Espadana dun só van. Pequena cruz sobre a espadana.
Portada: frontón triangular partido.
Escudo de armas.
Dous óculos, un a cada lado da porta.

Figura como Capela do Carme no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [4].

"Una capillita que goza de gran estima popular es la de la Virgen del Carmen da Casela.
Fue construída por los años 1500-1600. Luego parece ser que hubo unos litigios tremendos por su posesión, que ya se pierden en la historia.
Entre los años 1925-1930 fue comprada a los Sres. de Ruíz, por los vecinos de este barrio (La Casela). Pero faltaba el terreno para el atrio a su alrededor. Fue entonces cuando la familia Carballés de Alaje (ya todos fallecidos) regaló el campo que hay en su entorno. Sin embargo, ya había sido totalmente arreglada en su exterior entre los años 1887-1888.
Ya entre 1991-1992 fue totalmente recubierta" [5].

"Construida a principios del siglo XVIII según reza en una inscripción en el interior de la misma" [6].

"En el lugar denominado A Casela, fundada en el siglo XVIII, formando nave rectangular con frontón triangular sobre la puerta, partido, con escudo de los fundadores y pequeña espadaña de un solo vano" [7].

"... fue poseedora de pinturas murales ya desaparecidas" [8].

Retablo.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: barroco.
Destruído [9].

"Retablito del siglo XVIII con dos cuerpos, de columnas salomónicas y estriadas, con imágenes de la Virgen del Carmen (1,00), estofada; San José (0,85), con el Niño; un Santo Apóstol al óleo (0,85), y un Cristo de 0,90, todas del siglo XVIII.
A los lados, escudos policromados del fundador.
Imagencita de besar de Santa Teresa de Jesús (0,27).
Cruz procesional popular con extremos dorados, madera (0,50 x 0,45).
El muro derecho de la capilla tiene interiormente inscripción en piedra alusiva a la fundación (1,10 x 0,80)" [10].

As imaxes citadas anteriormente foron trasladadas para o Museo Catedralicio de Mondoñedo.

---

[1] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 100.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 187.
[3] D. Sánchez Orol, op. cit., 1994, páx. 101.
[4] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.
[5] D. Sánchez Orol, op. cit., 1994, páxs. 100-101.
[6] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 113.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 187.
[8] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[9] Comesto da traza, desafortunadamente decidiron queimalo na década dos 90 do século XX.
[10] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 187.

Imaxes existentes no ano 1999 [1]

No ano 1999 existían na capela tres imaxes modernas:

A Virxe do Carme

Santo André

San Xosé

"Tiene esta capilla un altar en cuyo centro se venera la imagen de la Virgen del Carmen...
[...]
A ambos lados de la imagen de la Virgen se encuentran las imágenes de S. Andrés a la derecha, y San José a la izquierda.
Este barrio de la Casela y por tanto su capilla pertenecen a la parroquia de Santa Cruz" [2].

O Santuario da Virxe do Carme

Característica específica: ritual de poñer o santo.
O poñente emprega a seguinte xaculatoria: *Cristo vive, Cristo reina, Dios che dea a sanidá, e che quite a enfermedá, polo poder que a Virxe do Carmen ten. Amén* [3].

CAPELA DO PAZO DE GRADAÍLLE

Situación: Gradaílle.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), a 2,2 Km de Ferreira.
Particular.
Magnificamente conservada.

"Capilla comunicada con la casa y con fachada al exterior de frontón triangular, escudos a los lados y espadaña de un solo cuerpo" [4].

Retablo.
Estilo: barroco.

"Retablo de dos cuerpos, barroco con columnas salomónicas e imágenes de una santa popular.
Inmaculada (0,68), del siglo XVIII.
Pequeña Dolorosa del siglo XVIII (0,15), barroca.
Otras cuatro imágenes barrocas, todas de 0,42 y del siglo XVIII.
En el muro derecho de la capilla cuatro laudas sepulcrales de miembros de la familia" [5].

Pequeno altar, marrón e dourado, con volutas barrocas [6].

Imaxes existentes no ano 1999 [7]

Cristo crucificado Situación: fachada da capela.

[1] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[2] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 101.
[3] J. M. Blanco Prado, *Exvotos e rituais nos Santuarios lucenses*, 1996, páxs. 189-190.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páxs. 186-187.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páxs. 186-187.
[6] Xesús Pisón, 1999.
[7] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.

Inmaculada	Estilo: barroco.
San Pedro	
Neno Xesús	
San Bartolomeu (?)	Barbas. Vestido verde, manto vermello. Man dereita, vara rematada en algo dourado. Man esquerda, anaco de cadea. Libro debaixo do brazo esquerdo. Aos pés, demo negro.

NOTICIA DA CAPELA DE SAN COSME E SAN DAMIÁN

Situación: San Cosme (entre os lugares da Veiga e Gradaílle).
Cronoloxía: século XVIII.
Hoxe desaparecida.

"A unos 400 metros [da actual igrexa parroquial de Santa Cruz] existió también la capilla de San Cosme y San Damián, que desapareció totalmente, quedando el topónimo y dos imágenes de talla muy pequeña que se dice pertenecientes a ella" [1].

"En el siglo XVIII existía una ermita dedicada a los santos Cosme y Damián" [2].

CAPELA DE ZARAGOZA

Situación: Zaragoza.
Con retablo [3].
(Véxase na parroquia de A Laxe).

[1] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), páx. 16, 20.03.1992.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 114.
[3] Dolores Sánchez Orol, 06.12.1999.

"Del monasterio de Santa Cruz, perdido en la antigüedad medieval, no quedan vestigios de construcción en el lugar y su historia está aún sin estudiar suficientemente" [1].

"En la noche medieval se esconden los orígenes de gran número de monasterios que se levantaban especialmente en la faja costera que va desde la desembocadura del Eo hasta la ría ferrolana. Tales han sido, entre otros, el de Santa María la Mayor; el de San Adrián; el de Santa Cruz del Valle de Oro; el de San Miguel de Colleira [Coelleira?], en la isla de este nombre..." [2].

«[Quintín] Aldea Vaquero no seu *Diccionario de Historia Eclesiástica* [vol. III, p. 1.717] dinos que "en la noche medieval se esconden los orígenes de gran número de monasterios..." [cf. parágrafo anterior], e entre eles nomea Santa Cruz do Valadouro, San Miguel da Coelleira, San Vicente da Isla, San Pablo dos Freires, San Martín de Luama, San Esteban de Pasaxe (Sismundi), San Pedro de Peñas (Ladrido), San Juan de Mosteiro e Santa María de Mogor» [3].

"El autor anónimo de un manuscrito del monasterio de Samos dice es preciso advertir que el conde Osorio Gutiérrez [O Conde Santo], para la fundación del monasterio de Lorenzana [segundo Madoz, a construción do mosteiro rematou no ano 977], trajo los monjes de otros [monasterios] menores que estaban en su circunferencia: San Félix y los Macabeos, en la ribera del río Masma, *subtus monte cornaria* [4], Santa María Mayor y Santa María Magdalena de Pinneyro; todos ellos fundaciones del referido conde y sus abuelos. La escritura de fundación cita los de Santa María Mayor, San Adriano y Bermudo, opinando Amor Meilán que este último acaso corresponda al lugar de Bermún [5], en el actual municipio de Valle de Oro. Yepes [6] agrega los de Santa Cruz del Valle de Oro y San Martín de Jubia, afirmando que el de Santa María Mayor, fundación o restauración del propio Osorio Gutiérrez, estaba ubicado en Mondoñedo: según él, el conde santo lo habrá dado a su hermana doña Urraca, y ésta fue quien consiguió trasladar a dicho monasterio la sede mindoniense, que estaba en San Martín de Mondoñedo" [7].

"El mismo conde [O Conde Santo] fundaría además como sufragáneos del primer abad [de] Lourenzá, Munio (969-1015), los monasterios de Santa María Mayor de Mondoñedo, San Adrián de Lourenzá, Santa Cruz de Valadouro y San Martín de Xubia" [8].

O topónimo na documentación

Cronoloxía: 969.
Vermui (17.06.969): Testamento de Osorius Guterriz [O Conde Santo], fundador do mosteiro de Vilanova de Lourenzá [9].
"Monasterio Vermui cum suis adiunctionibus" (17.06.969) [10].

Cronoloxía: 1064
Veremundi (11.09.1064): Pacto [despois do preito] entre o bispo don Suario [Suero] e Garsia [o infante don García] 'prolis Fredenandi Regis' [da familia do rei Fernando] sobre herdades da Condesa dona Giluira [Elvira] 'qui erat nepta de Gvtirre Osoriz' [Gutierre Osorio, fillo do Conde Santo].

---

[1] F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 213.
[2] J. Trashorras Pacio, "«Mondoñedo» en DHEE", *Estudios Mindonienses*, núm. 4, 1988, páx. 443.
[3] J. R. Fernández Pacios, *O Camiño de Santiago na Mariña Lucense*, Xunta de Galicia, Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, Lugo, 2004, páx. 63.
[4] O documento orixinal en Archivo Histórico Nacional, carp. 1107, n. 1. F. Mayán Fernández, "El monasterio de Lorenzana", *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, páx. 280, n. 7.
[5] *Bermún*, figura na toponimia oficial (DOG, 09.04.1992) como entidade de poboación pertencente á parroquia de Santa Cruz do Valadouro. Existe outro *Bermún* no concello de Chantada.
[6] Fr. Antonio de Yepes, *Crónica General de la Orden de San Benito*, t. V, 1615.
[7] F. Mayán Fernández, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, páx. 280.
[8] M. A. Castiñeiras González, "La actividad artística en la antigua provincia de Mondoñedo", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 292, n. 17.
[9] F. Mayán Fernández, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, páxs. 296 e 328. A tradución é nosa.
[10] A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páx. 23.

"UEREMUNDI: monasterio in terra de aurio" [1].

Veremudi (11.09.1064): no mesmo documento anterior [2].
"... in terra de Aurio, monasterio de Ueremudi cum suis aiunctionibus,..." [3].

Cronoloxía: 1125
Veremudi (13.09.1125): Aragunti Gundisaluiz [Aragunte González] fai testamento a favor do mosteiro [de Lourenzá] dunha propiedade que ela ten [4].

NOTICIA DO MOSTEIRO, A IGREXA E A PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DA VEIGA

Situación: entre as actuais parroquias de Santa Cruz do Valadouro e San Tomé de Recaré. O cemiterio, hoxe desaparecido, da antiga parroquia de San Martiño da Veiga, segundo as nosas indagacións, estaba situado na actual entidade de poboación denominada A Veiga, pertencente á parroquia de Santa Cruz do Valadouro [5].

Con respecto a un mosteiro da Veiga, nunha primeira lectura, relacionámolo cun documento, de data 27 de marzo de 1106, en que a condesa dona Aldonza fai doazón a Santa María de León da parte que posúe neste mosteiro da Veiga, que os autores do traballo "Tumbo de Lorenzana" citan como 'sen identificar'.

Doazóns. Cronoloxía: 27.03.1106.

"... de mea porcione quam habeo in monasterio Ueyga" [6].

Mais, de momento, temos que desbotar este suposto, dado que máis adiante, no mesmo documento, figura "Santa María" e a citada parroquia do Valadouro honraba a San Martiño.

"... hoc autem monasterium Ueyga in honorem Sancte Marie..." [7].

"Muy cerca de la iglesia de Santa Cruz existió un monasterio en época medieval [8] y también una iglesia hoy desaparecida y nominada en algunas escrituras como San Martín da Veiga, tal vez la del monasterio pero sin duda relacionada con la cercana catedral de San Martín de Mondoñedo" [9].

"La fachada principal [da igrexa parroquial de Santa Cruz] se cree que fue trasladada del barrio de la Veiga donde parece ser que hubo un Convento" [10].

---

[1] F. Mayán Fernández, "El monasterio de Lorenzana", *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, doc. 11, páx. 296 e Índice toponímico, páx. 328. Debe haber unha lectura errónea do profesor Mayán, *Veremundi*, por *Veremudi* (doc. 11). O Tumbo de Lourenzá cita claramente *Veremudi*. A tradución é nosa.
[2] F. Mayán Fernández, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, páxs. 307 e 328.
[3] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23r-v. e AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 111r-112v. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, docs. 11-169, páx. 40.
[4] F. Mayán Fernández, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 5, 1989, doc. 119, páx. 304 e Índice toponímico, páx. 328.
[5] Estaba no rueiro que forman, entre outras, a casa do Queirogo, outra dos Acevedos e outra dos Pardeiros. Visita: IF, 19.08.2013. Informante: Fernando Monterroso Carril, 28.08.2013.
[6] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fol. 63r. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páxs. 116-117 e 290.
[7] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fol. 63r. A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páx. 117. Dados os topónimos que figuran no documento (Ueyga, Uilare, Couelas), podería referirse á Veiga, no actual concello de Castroverde (IF).
[8] J. Trashorras Pacio, *Diccionario de historia eclesiástica de España*, t. III, Madrid, 1973, páx. 1.716.
[9] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), páx. 16, 20.03.1992.
[10] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 111.

A primeira noticia que temos desta parroquia de San Martiño da Veiga, hoxe desaparecida, é por unha carta do rei Alfonso X ao bispo de Mondoñedo don Nuno ou Munio, e data de 1271.

Cartas. Cronoloxía: 17.06.1271.

«Dice Villaamil y Castro que Alfonso X, en 17 de Junio de 1271 participa desde Murcia al Obispo D. Nuño que los del Castro de Oro le mostraran carta abierta del Rey Alfonso [IX], abuelo de Alfonso X, confirmatoria de la cesión que les hiciera el Obispo D. Martín de cierto territorio en términos de "Valdouro por Alfoz", y se querellaran del Prelado diciendo que sin razón y sin derecho "lles pasedes a este foro e lles tenedes tomado" las feligresías de San Juan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz, Santa María de Villacampa, San Martín de Veiga, San Gilao [San Xiao] de Recaré, Santo Tomé, Santa Olalla de Frejulfe, San Jurio [San Xurxo] de Caadramón, San Esteban de Oirán y San Martín de Figueiras, que cazen en términos de Val Douro e que lles tenían de juro"» [1].

Documento público. Cronoloxía: 19.02.1488.

San Martiño da Veiga figura tamén nun documento público de data 19 de febreiro de 1488, do xuíz comisario e subcolector apostólico do "Reyno de Galisia", que menciona todas as parroquias do bispado de Mondoñedo, coas súas igrexas, capelas e mosteiros, por mor da *décima* ou subsidio, imposto nos reinos e señoríos de España, con destino á guerra de Granada, para o que San Martiño da Veiga pagou 200 marabedís [2].

Foros. Cronoloxía: 05.10.1696.

No documento de renovación dun foro en 1696 (citado anteriormente e que reproducimos aquí, polo seu interese) menciónase o lugar de Verdeal en San Martiño da Veiga, parroquia de Santa Cruz do Valadouro. É moi importante ter en conta que na actualidade (2017) o lugar coñecido como *A Verdeal* pertence á parroquia de San Tomé de Recaré, e que ambas as dúas parroquias son lindantes.

"El 5 del mismo mes [outubro de 1696], ante el referido apoderado [Julián López] compareció Roque de Esqueira, vecino de Santa Cruz del Valle de Oro, y su hermano Juan, a quienes se renovó el foro del lugar de Verdeal, en San Martín da Veiga, parroquia de Santa Cruz del Valle de Oro. Debían pagar en concepto de canon foral 100 reales" [3].

Partición de bens. Cronoloxía: 09.02.1900.

No documento de partición dos bens de Ángela Cerdeiras Álvarez-Villamil dise que esta señora, da Casa dos Cerdeiras de Recaré, faleceu no lugar de San Martiño da Veiga, parroquia de Santa Cruz do Valadouro, no ano 1900 [4].

[1] Eduardo Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, Mondoñedo, xuño de 2010, páx. 83.
[2] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 206, páx. 428.
[3] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 172-177. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páxs. 260-261.
[4] Documento de partillas, colección particular de Milagros Canoura López, de data 09.02.1900. Transcrición: IF, 20.08.2001.

ALGUNHAS NOTAS SOBRE O MOSTEIRO VERMUDO E SAN MARTIÑO DA VEIGA [1]

"El Conde Santo fundó otros monasterios. El primero fue el de Santa María Mayor [Mondoñedo]; el segundo el de San Adriano [Lourenzá]; el tercero el de Veermundo [Bermún?], el cuarto el de Santa Cruz del Valle de Oro; San Ciprián y Jubia, según testimonio de alguno de los monjes de la casa, los cuales a su vez lo habían oído a otros. Los hizo todos en su tiempo, y todos ellos eran prioratos de Lorenzana" [2].

"Con respecto a los monasterios que el mismo Conde [O Conde Santo] fundó en Santa María Mayor, San Adriano, Vermundo, Santa Cruz del Valle de Oro, San Ciprián y Jubia hay que destacar que de ellos no ha quedado memoria alguna ni de donde estuvieron exactamente ubicados. Del de Vermundo inclusive se desconoce a que localidad pertenece" [3].

"Comenzado el edificio [do mosteiro benedictino de San Salvador de Lourenzá] en el año 969 [4], se termina dos años después [5], quedándole sujetos los de Santa María Mayor, en Mondoñedo; San Adrián, en Lorenzana; Santa Cruz, en Valle de Oro; el de Bermudo, de ubicación desconocida, así como el de Villanueva de Cobelas, en el actual Ayuntamiento de Castroverde" [6].

O historiador Canoura Quintana relaciona a igrexa ou ermida de San Martiño da Veiga co mosteiro de Bermún [7], e deduce que deberon ser un só, razoándoo documentalmente e poñendo máis luz sobre o asunto, tal e como transcribimos neste apartado.

"La existencia del monasterio de Sta. Cruz do Valadouro, cenobio benedictino dependiente del monasterio de Lorenzana, es conocida a través del testamento de D. Gutierre Osorio [fillo de Osorio Gutiérrez, O Conde Santo, que é o verdadeiro autor do testamento], fechado en el año 969, así como otro documento del Tumbo de Lorenzana, fechado en 1064 [*in terra de Aurio, monasterio de Ueremudi cum suis aiunctionibus*] y referido al pleito entre el obispo D. Suero [Suario II, antes de 1058-1070] y el infante D. García sobre la herencia de la Condesa Doña Elvira, nieta del citado conde D. Gutierre Osorio [8].

A estas fuentes documentales se le une la redundancia en la que Flórez, por influjo de Yepes, cronista de la Orden, cae al hablar de dicho monasterio, al citar al monasterio Vermudo y añadir el de Sta. Cruz de Valle de Oro, cuando los dos vendrían a ser uno mismo.

El testamento de D. Gutierre Osorio [D. Osorio Gutiérrez] redactado a finales del siglo X dice lo siguiente: *In Auriam ecclesiam Sancti Stephani cum suis adiunctionibus. Monasterio Vermui cum suis adiunctionibus* [9]. Se habla por tanto dentro de la antigua iglesia del Ouro de un monasterio con el nombre *Vermui.*

En el tomo XVIII de la España Sagrada de Flórez, al hablar de dicho Conde se dice lo siguiente: *Como el conde era rico, dotó copiosamente al monasterio y no llegando esto a satisfacer las ansias que tenía de complacer a Dios se dio a sí mismo entrando en aquella casa para vivir como monje donde acabó como santo, con tan gran ejemplo y patrono se hizo muy famoso el monasterio y fue*

---

[1] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 61-63.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, *El monasterio de San Salvador de Lorenzana*, 2000, páx. 15.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., 2000, páx. 20.
[4] Acta do 17.06.969. E. Zaragoza y Pascual, "Abadologio del monasterio de San Salvador de Lorenzana (1015-1835)", *Estudios Mindonienses*, núm. 11, 1995, páx. 179. A. de Yepes, *Crónica General de la Orden de San Benito*, 1615, Ap. Fol. 440r.
[5] Máis verosímil parece como data da súa finalización o ano 977, indicado por Narciso Peinado Gómez na súa obra *Guía Monumental y Artística de la provincia de Lugo*, 1971, páx. 26.
[6] A. Rodríguez González-J. A. Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páx. 12.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 114.
[8] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 111r-112v. Nota dos autores: este documento, núm. 169, xunto co núm. 6, con data 11.09.1064, corresponde ao preito mencionado entre o bispo don Suero e o infante don García sobre a herdanza da condesa dona Elvira, neta do conde don Gutierre Osorio e bisneta do Conde Santo, que é o autor do testamento de xuño do ano 969. Canoura Quintana atribúelle a autoría do testamento ao fillo, don Gutierre Osorio. O testamento do Conde Santo figura no mesmo Tumbo de Lourenzá como documentos núms. 1-2, AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 1-9r e 9v-14r.
[9] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 1-9r e 9v-14r.

cabeza de otros: el testamento refiere el de Santa María la Mayor, el de S. Adrián y el de Bermudo, Yepes añade los de Sta. Cruz del Valle de Oro y S. Martín de Jubia.

Los datos existentes sobre el citado monasterio son insuficientes para elaborar una teoría consistente acerca de su localización en el espacio, tan sólo es citado el nombre y su localización en un territorio demasiado amplio. Su situación en la parroquia de Sta. Cruz quizás pudiera considerarse arriesgada, de no ser por esta especie de redundancia que nos da una pequeña luz acerca del mismo. En las próximas líneas intentaré, en la medida de mis posibilidades, desenmarañar tan oscuro tema.

Algunos autores quisieron situar al monasterio en el lugar de la Veiga de Sta. Cruz, entre ellos Amor Meilán. Las razones por las que el historiador lugués lo sitúa en este lugar podrían ser varias: 1º El conocimiento de datos aportados por un célebre manuscrito anónimo citado por Narciso Peinado al hablar de la fortaleza de Villanueva de los Caballeros, solar de los Osorio, que este autor sitúa en el valle, 2º La leyenda de la traslación del pórtico de la iglesia de Sta. Cruz desde el lugar de A Veiga, lo que no resulta incongruente si tenemos en cuenta la existencia de la desaparecida parroquia de *San Martiño da Veiga.*

Dicha parroquia la encontramos citada por primera vez en la carta de Alfonso X [1252-1284] del año 1254 [1271?] al obispo D. Nuño [II Pérez, 1261-1286]. Nombrada como tal en el año 1488 en la relación de foros del cabildo de Mondoñedo. San Martiño da Veyga por tanto debió de dejar de ser considerada como parroquia entre 1500 y 1550, si atendemos a la visita que D. Gregorio de Velasco por orden de Messia de Tovar [Alfonso, bispo de Mondoñedo, 1612-1616] lleva a cabo a la parroquia de Vilacampa el nueve de abril de 1615 en la que se hace mención a que ha sido iglesia parroquial recibiendo beneficios de esta última.

De ella quedaba una pequeña ermita en la visita que el obispo Messia realiza a la parroquia de Sta. Cruz en abril de 1615: *S. Martino da Veyga que esta mal reparada y no tiene bienes ningunos*, citada en la posterior de Zorrilla [Pedro Fernández de Zorrilla, bispo de Mondoñedo, 1616-1618] en 1617 e inexistente en la visita que D. Carlos Riomol [y Quiroga, bispo de Mondoñedo, 1752-1761] efectuó el 20 de junio de 1754 a la parroquia [1]. Estos datos nos dan idea de que si el manuscrito citaba como localización del monasterio la Veiga de Sta. Cruz, no se refería al lugar actual sino a una parroquia entre Sta. Cruz y Sto. Tomé. Recordemos sin más que en un documento del Tumbo de Lorenzana se cita *Uitragilde* en esta misma posición [*Villa in Aurio, Uitragilde inter Sancta Cruce et Sancti Tomé*] [2].

Dentro de este desaparecido territorio encontramos un lugar que responde a la forma Vermui, topónimo de origen germánico, que hace referencia al patronímico Vermudo, situado a unos trescientos metros de la Veiga, con el nombre actual *Vermun* [na toponimia oficial *Bermún*], y vinculado con toda probabilidad a una antigua villa: Villa Vermuii, que por herencia pasó a la familia de los Osorio Villalobos hasta que el conde decidió incluirla en los bienes cedidos al monasterio de Sta. María la Mayor de Lorenzana convirtiéndola en dependencia del citado monasterio.

Recurriendo a la toponimia de las tierras que circundan el citado lugar podemos observar los nombres de Vila Mayor o Villa Mayor, Engrovea o Angrovia, Terreo da fábrica y Alcacereira. Vila Mayor puede que haga referencia a una antigua explotación que se remontaría a la Alta Edad Media, quizás la Villa Mayor del documento 23v del cartulario. Recordemos que engrovea es el nombre dado en Valadouro a los fosos con sus correspondientes parapetos que defendían la croa por la parte opuesta a la que se encontraba la iglesia. Tarreo da fábrica, a la fábrica del monasterio, alcacereira a alcázar o lugar de defensa elevado" [3].

Aportacións do párroco e historiador Monterroso Carril

"O mosteiro de San Salvador de Lourenzá, fundado no século X, tivo unha influencia importantísima en toda a comarca. Flórez dinos que é unha das cousas nobres deste Bispado. Ten o honor de ser fundado por un home pertencente á nobreza da primeira clase; pero máis esclarecido pola súa santidade [Osorio Gutiérrez, O Conde Santo]. Fundouno de acordo coa aprobación dun concilio de bispos. Era un conde moi rico e tiña o desexo de que en todos os seus dominios tivese Deus un lugar especial de culto.
O seu testamento menciona como mosteiros dependendo do de Lourenzá: o de Santa María Maior, o de San Adrián e o de Bermundo. Yepes cita tamén o de Santa Cruz e o de San Martín de Xubia.

[1] ACM. Visitas. Messia de Tovar 41/4, Zorrilla 41/9, Riomol 41/11.
[2] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. *Apeo de siervos y posesiones del monasterio de Lorenzana.* Documento en latín, sen data.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páxs. 61-63.

O de Bermui e o de Santa Cruz poden ser o mesmo; pero tamén puideron ser dous tendo en conta que a división parroquial non era a de hoxe, xa que temos a parroquia de San Martín da Veiga que xa hai uns 300 anos que deixou de existir e estaba entre Santa Cruz e Santo Tomé. Por outra parte o concepto de mosteiro en cada caso concreto tiña as súas características propias de carácter familiar ou unhas circunstancias especiais. Coma [sic] a documentación que hoxe por hoxe temos non nos permite dicir moito máis, só parece poder dicir que existiu o mosteiro de Bermui ou Beremún en Santa Cruz. Certa tradición popular parece dicir que nesta zona debeu haber unha Igrexa de Refuxio da catedral de San Martiño de Mondoñedo. (Para esta afirmación non hai, que eu saiba, ningún documento que o comprobe)" [1].

"Bermún abarcaba todas as terras [da parroquia] de San Martiño da Veiga" [2].

NOTAS SOBRE VILANOVA DE AURIO (VILANOVA DOS CABALEIROS?)

Nun documento en que a raíña Dona Urraca (1109-1126) lle concede ao bispo de Mondoñedo don Nuno Alfonso (1112-1136) tres 'vilas' que tiña, unha en Viveiro e dúas no Valadouro, unha destas menciónase como 'Villanueva de Oro'. Cronoloxía: 1112.

"El tercer documento que habla de Viveiro tiene fecha de 1112. La Reina doña Urraca (1109-1126) concedió al obispo don Nuño Alfonso (1112-1136), recién nombrado Obispo, tres villas, una de las cuales estaba situada en Viveiro –Vivario–. Un poco más adelante precisará que esa villa se hallaba ubicada, en concreto, en la feligresía de San Pedro de Viveiro. Le concedió también otras dos villas sitas en el Valle de Oro: en Villanueva de Oro [?] y en Pedrosa [?] [3]. No se trata, pues, de la actual villa de Vivero, como parece insinuar el Dr. Chao Espina, que cita a este respecto a Donapétry, sino de una villa en sentido medieval –casa de campo, rodeada de heredades– sita en San Pedro de Vivero" [4].

"[...] Quo circa ego Urraca, Dei gracia, totius Hispaniae Regina, volens valibriensem Ecclesiam, sucut autorem Deum incepi deliberare de multis persecutionibus quae actenus per Comites terrarum passa est, facio hans sortem testamenti Sanctae Mariae valibriensis Ecclesiae de tribus villis de illo infantico quas habeo in Aurio, et in Viuario, uidelicet de Vilanoua de Aurio et de Petrosa et de Sancto Petro de Viuario..." [5].

O documento que nos facilita Cal Pardo (1991) está reproducido, en parte, nun traballo posterior moi esclarecedor, acerca das fortificacións medievais, realizado por González Paz (2005).

Doazóns. Cronoloxía: 02.03.1112.

«... en una donación que la reina Dª Urraca (1109-1126) realiza el 2 de marzo de 1112 en favor de la sede mindoniense y de su prelado Munio Afonso (1112-1136). Se trata de tres *villae* pertenecientes a los bienes del infantado, situada una de ellas en la feligresía de San Pedro de Viveiro: "*... de tribus villis de illo infantico quas habeo in Aurio, et in Viuario, uidelicet de Vilanoua de Aurio et de Petrosa et de Sancto Petro de Viuario...*"» [6].

Existe a posibilidade, polo de agora non probada, de que esta Vilanova de Aurio sexa a Vilanova dos Cabaleiros relacionada cos Osorios; e é por iso que nós a incluímos no lugar de Vilaúde, parroquia de San Pedro de Mor.

---

[1] F. Monterroso Carril, "O Valadouro na Idade Media", en M. A. Valín Valdés-C. A. González Paz-J. R. Fernández Pacios (coords.), *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo*, Lugo, 2006, páxs. 108-109.
[2] F. Monterroso Carril, 28.08.2013.
[3] Actualmente existe un lugar chamado *Pedrosa* na parroquia de Valcarría, en Viveiro (IF).
[4] E. Cal Pardo, "De Viveiro en la Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, páx. 15.
[5] ACM. Arm. 3, núm. 39. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, doc. 2, páxs. 78-79.
[6] ACM. Arm. 3, núm. 39. Transcrip. Villaamil y Saavedra, F. A., *Memorias Históricas de la S. I. Catedral de Mondoñedo*, fol. 25v. Edit. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, doc. 2, páxs. 78-79. En C. A. González Paz, "Fortificaciones medievales en la tierra de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 21, 2005, páx. 588 e n. 9.

CRUCEIRO DE CENDEMIL

Situación: Cendemil.
Contorno da Casa de Lobeira. Á beira do río Vao. No fondal dos prados de Cendemil, en terreo privado.
Cronoloxía: como moi tarde, 1868.
Descrición: cruceiro de fermosas proporcións e moi boa labra, alto, coa base e o fuste octogonais, e o capitel modulado. A cruz tamén é octogonal, con dobre iconografía: por unha cara, Xesucristo crucificado, exento do fuste, de tres cravos; debaixo del, a imaxe orante da Virxe Dolorosa; pola outra cara, gravado dun relicario ou viril fixado na súa correspondente peaña.
Conserva restos de policromía.
Historia: aínda que está situado nun lugar pouco común, antes sinalaba un cruce de camiños importantes, hoxe desaparecidos.
É froito dunha doazón particular, con concesión de indulxencias [1].

"Forma parte do grupo de Cruceiros dos séculos XVIII, XIX e XX.
Nunha encrucillada, preto dun regato, está este cruceiro, hoxe en estado de esquecemento. O lugar onde se atopa foi vieiro de comunicación coa torre que hai ao seu carón [A Torre de Cendemil]. A xente comenta, lenda popular, que [o nome d]o lugar de Cendemil procede dunha liorta onde de mil soldados só quedaron cen. Nun caso ou noutro o cruceiro está alí e podemos sinalar que está formado por unha base en dous tramos, un varal nos extremos cuadrangular e o resto coas arestas rebaixadas, un capitel modulado, cruz octogonal coa efixie de Cristo no anverso e brazos estendidos. Ten un supedáneo coa efixie da Virxe en actitude orante semellante a outros cruceiros deste concello. Conserva policromía. Segundo comentan os da casa de Cendemil, Milagros Canoura López, da casa de Lobeira, en documento de 1868, di que Miguel [do] Eijo e a súa muller Juana López pediron ao bispo de Mondoñedo a bendición deste cruceiro" [2].

CRUCEIRO DE GATOI

Situación: Gatoi.
Estrada Avenida da Veiga (Ferreira)-Os Pinos-Lodeiros-As Curuxeiras-Suaigrexa-A Veiga.
Dista 1,9 Km da vila de Ferreira e 100 metros da subida á igrexa parroquial de Santa Cruz.
Asentado na gabia da estrada, perto da ponte do mesmo nome.
Cronoloxía: 1930-1940.
Descrición: basa e fuste cuadrangulares, este último en chafrán. Capitel modulado e sobre el unha cruz moi esvelta e de iconografía sinxela nunha soa cara: a imaxe principal é a de Xesús crucificado, con tres cravos, exento da cruz. Debaixo del, unha pequena figuriña que representa á Virxe orante, de trazos sinxelos e moi populares.
Historia: é froito dunha doazón particular de mediados dos anos 1930. Até hai pouco pertencía á familia do doador; actualmente transferiuse á Igrexa, que se ocupa de conservalo limpo.
Comentario: de boa labra, robusto pero esvelto [3].

"Forma parte do grupo de Cruceiros dos séculos XVIII, XIX e XX.

[1] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páxs. 26-27. O documento de doazón obra en poder de Roberto Reigosa Méndez. Os autores deste *Inventario* posúen unha copia do escrito que Miguel do Eijo e a súa muller, Juana López, labradores e veciños de Santa Cruz, lle envían ao bispo de Mondoñedo, Ponciano de Arciniega (1857-1868), rogándolle que nomee unha comisión para bendicir a citada cruz, feita a expensas dos asinantes. Documento de data 10.02.1868. Colección particular: Casa de Lobeira. Propietaria: Milagros Canoura López. Visita e fotografías: IF, 14.08.2001.
[2] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[3] R. Reigosa Méndez, op. cit., páx. 27. Cruceiro mencionado por A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 117. Visita e fotografías: IF, 15.09.2000.

Está situado en Gatoi, moi preto da pista de A Veiga a Suaigrexa. Formado por unha base cuadrangular en dous tramos, con varal cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaixadas no resto, capitel en varios tramos e unha cruz renacente, tipo florenzada. Está datado no século XX, 1930, e o canteiro era do Valadouro segundo testemuña dos veciños. No anverso hai unha efixie de Cristo cos brazos estendidos ao longo da cruz mirando ao fronte e un supedáneo no que aparece unha Virxe en actitude orante. Coméntase que foi doado por unha familia á igrexa de Santa Cruz" [1].

CRUCEIRO DE EMILIO

Situación: As Lamas.
Cronoloxía: 2002.

"Forma parte do grupo de Cruceiros actuais do século XXI.
Trátase dun cruceiro doado por un crego a Emilio, do lugar das Lamas. Foi feito por Mario de Galdo, de Viveiro, no ano 2002. É un cruceiro moi sinxelo e soamente imos sinalar o seguinte: O Cristo está mirando ao chan e o seu rostro reflicte o sufrimento, pois un dos ollos está totalmente inflamado. Un detalle a sinalar é a innovación aprendida como diferencial ao amosar o pé esquerdo enriba do dereito. Consta de plataforma cuadrangular, base paralelepípeda, fuste cuadrangular e arestas rebaixadas menos nos extremos, capitel en dous tramos con molduras e un espazo intermedio, a cruz con cartela mostra no anverso a efixie de Cristo descrita anteriormente" [2].

CRUCEIRO DE XOSÉ LUÍS

Situación: O Rego do Muíño.
Cronoloxía: 2000.

"Forma parte do grupo de Cruceiros actuais do século XXI. [O ano 2000 é o último do século XX].
Este cruceiro ten como canteiro a escola de Trasparga en Guitiriz. Foi colocado preto do Rego do Muíño por Xosé Luís de Recaré. Convén sinalar a expresión do Cristo, onde achamos o sinal do sufrimento. Está datado no ano 2000. Consta dunha plataforma cuadrangular, por base a moa dun muíño, fuste sinxelo, capitel en dous tramos, cunha escocia e un tramo cuadrangular e un Cristo propia da escola de Trasparga" [3].

CRUZ DE LODEIROS

Situación: Lodeiros.
Estrada Ferreira-Os Pinos-Lodeiros-Suaigrexa.
Dista 1,1 Km da vila de Ferreira e 700 metros da igrexa parroquial de Santa Cruz.
Cronoloxía: 1950-2002.
Descrición: cruz de madeira co seu Cristo metálico.
Está asentada nunha pedra cilíndrica, que pode ser unha pedra de muíño. Nunha recente visita, observamos que a base ten un rebaixe cadrado na parte superior sobre a que se asenta a cruz.
Que nós saibamos, desde 1950 vén sendo de madeira. A actual repuxérona os veciños en 2002 [4].

[1] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[2] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[3] M. Saavedra Pérez, op. cit., 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[4] Visita e fotografías: IF, primavera de 2003.

CRISTO DA LAPA

Situación: A Lapa.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín).
Dista 1,4 Km de Ferreira; á marxe dereita, entrada dun camiño, pasada a casa de Cabaleiro.
Cronoloxía: século XX.
Desaparecido recentemente [1].
Queda a base [2] de pedra.
Sobre esta base, unha cruz sinxela de madeira [3].
Descrición da cruz de pedra desaparecida: trátase dunha cruz pequena, cravada nunha pena natural, de corpo octogonal e iconografía sumamente sinxela. Na face dianteira aparece en relevo a imaxe de Xesús crucificado, con tres cravos e cartela de INRI completa. O Cristo é proporcionalmente moi pequeno, pois só ocupa un pequeno espazo da parte central da cruz.
Historia: Foi erguido cando un home morreu esmagado polo seu propio carro nese punto.
Comentario: corresponde a un exemplar máis de cruz marcadora dunha traxedia. En canto á súa iconografía, podemos resaltar a enorme semellanza que ten con calquera cruz de pau do tipo das que se usan para poñer nos rosarios, cruz da que seguramente copiou o canteiro [4].

"Forma parte do grupo de Outros Cristos.
Está situado á man esquerda, na entrada dun camiño, da estrada dende O Cadramón a Ferreira, no lugar da Lapa, moi preto da casa de Cabaleiro. A base é unha pedra grande moi irregular e enriba había unha cruz de granito tipo florenzada e baixa, de sección cuadrangular e arestas rebaixadas. No anverso efixie de Cristo non exento da cruz, con cartela, brazos en forma de V, mirada ao fronte e pé esquerdo sobre o dereito. Este Cristo da Lapa desapareceu non hai moito tempo, quizais alá polo ano 1985 segundo testemuñas. Hoxe, no mesmo lugar, a base soporta unha cruz de madeira cun Cristo de metal. Neste lugar morrera un home debaixo dun carro con mulime. Os veciños e familiares colocan flores en lembranza daquela morte, por devoción.
Andrés Canoura Quintana noméaa como a Cruz do Portelo pola proximidade, mais isto non debe ser certo xa que no Portelo había outra cruz que desapareceu alá polo ano 2000. Outras testemuñas falan deste Cristo como Cruz de Pormaio relacionada coa bendición dos campos no mes de Maio. O que podemos sinalar é que moi preto, nas cavadas con froito, colocábase unha cruz de madeira polos veciños para protexer as colleitas. Esta información foi recollida no lugar de Zaragoza" [5].

CRUCEIROS ESNAQUIZADOS

CRUCEIRO DA TORRE

Situación: na gabia da estrada nova que conduce da igrexa ao Rebuxento.
Cronoloxía: c. a.1967.
Descrición: unha das últimas obras dos nosos canteiros; de factura popular.
Está composta de basa cuadrangular, fuste octogonal, capitel modulado e cruz con iconografía sinxela. Esta cruz é, por descontado, a máis importante da obra popular do val nas súas últimas décadas do século XX. De moi boa pedra, representa, en vulto redondo, a imaxe de Xesús crucificado, con tres cravos, vivo e de trazos arcaizantes. Un estudo pouco profundo concederíalle unha idade moito máis antiga da que en realidade ten.
Historia: procede dunha doazón, e foi confeccionado por un canteiro, xa morto, desta mesma localidade.

---

[1] Xesús Pisón, 21.12.1999.
[2] No camiño que vai da casa de Xosé Manuel Adrio Méndez ao lugar da Casela. Informante: Xosé Blanco López, decembro de 1999.
[3] Visita: IF, 29.10.2001.
[4] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páxs. 28-29. Tamén coñecida como Cruz do Pormaio. Mencionada por A. Canoura Quintana, que a identifica como Cruz da Portela; *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 117.
[5] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.

Comentario: sirva este exemplar como proba de que a arte popular non pode nin poderá nunca ser encadrada nun estilo concreto. Aquí mestúranse trazos barrocos con caracteres propiamente románicos, como o hieratismo e a frontalidade do crucificado. Mentres que o traballo dos nosos canteiros perdure manteremos incorrupto un estilo de miles de anos, mais cando estes fenezan xa ninguén, por moi bon escultor que sexa, poderá resucitalo xamais [1].
"Foise de onde estaba" e, andado o tempo, volveu para o seu sitio. Está sen recolocar [2].

"Está á beira da estrada dende a igrexa á Cruz da Lapa e Rebuxento. Foi feita por un canteiro de Santa Cruz coñecido polo nome de Nicanor Fernández. Este canteiro, bo coñecedor de cruceiros, seguramente é o autor doutras moitas obras no concello de O Valadouro. Hoxe está totalmente esnaquizado, quedando no lugar unha base e un fuste cuadrangular e coas arestas rebaixadas, capitel modulado. A cruz está desaparecida e no anverso había unha efixie de Cristo, comentan os veciños, –parecía que estaba vivo–. Deste xeito, e seguindo a información da xente de Santa Cruz, foi derrubado por razóns de herdanza entre familiares. A data de colocación estaría situada no ano 1967 aproximadamente" [3].

CRUCEIROS DESAPARECIDOS

CRISTO DE CAMONDE

Situación: Camonde.
Desapareceu no ano 1995 [4]. "Cambiou de sitio" [5].

«Forma parte do grupo de Outros Cristos.
Este Cristo desaparecido dende o ano 1995 estaba ao carón do camiño do Villarao á Grela [sic], hoxe desaparecido por mor da concentración. Era coñecido tamén como "Cruz dos Limbos". Neste lugar enterráronse nenos nacidos mortos sen bautizar. Era moi dado que sempre tivera flores; máis a xente foise esquencendo del e deixárono ir. Uns veciños comentaban que se cambiou de sitio e ninguén fixo nada por retelo. "Cousas do esquecemento polo paso do tempo non deixan cova" –din polo miúdo–. Tratábase dunha cruz de granito con un Cristo en relevo sobre unha base tronco piramidal e esta sobre un plinto. Esta información foi recollida en Camonde e facilitada por dona Teresa Pomares Sixto, deste lugar» [6].

CRUZ DO PORTELO

Situación : O Portelo.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 1.
Encrucillada coa pista que leva á Casela [7].
Cronoloxía: desaparecida polo ano 2000.
Descrición: de madeira.

CRUZ DAS QUINTAS [8]

Situación: A Casela.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), Km 1, desvío á dereita.
A uns 300 metros da capela da Casela, no cruce de Cabanela.
Descrición: de madeira.

---

Situación: rueiro da Veiga.
Ultimamente era propiedade dos Acevedo Carballés.

"Eiquí viviron Antón [Orol] e Mari Pepa, pais de Ramona e de Lola. Ramona foi a nai de José Orol Rego (Pepe de Antón), o derradeiro morador [da de Acevedo] ata que herdou a casa dos Meles" [5].

A CASA DA BURRA

Situación: rueiro da Veiga.

"Na casa da Burra viveu A Xila, nai de Ceferino, Celsa e Antonia. Antonia era a nai de Rita e esta era a muller de Emilio do Rato... Despois viveu A Burra... Ninguén sabe de onde veu nin se tiña familia. Viveu e morreu soa e na miseria..." [6].

---

[1] Informante: Carmen López González, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 07.01.2017.
[2] Informante: José Ramón Reges, Facebook, "Eres de...", 10.01.2017.
[3] Informante: Fernando Monterroso Carril (IF, 28.08.2013).
[4] Informante: José Ramón Reges, Facebook, "Eres de...", 10.01.2017.
[5] Informante: José Ramón Reges, Facebook, "Eres de...", 15.01.2017.
[6] Informante: José Ramón Reges, Facebook, "Eres de...", 15.01.2017.

A CASA DE MASEDA

Situación: rueiro da Veiga.
Era propiedade de Maseda (o pai de Chelo do Requinto e avó de Marifé).

"A casa onde vive Fidel [Parga Pardiñas] e mais Mari Fe [Orol], é de construción relativamente recente; foi feita por Maseda, pai de Chelo do Requinto e abuelo [sic] de Mari Fe" [1].

"Na casa de Mel, da Veiga, hoxe vive Fidel Parga Pardiñas. A casa é propiedade dos sogros [Pepe de Lorenzo e Chelo do Requinto, os pais de Mari Fe]" [2].

"Chámanlle a Casa Nova porque se fixo despois, claro, pero a xente chámalle a Casa de Maseda... Fixérona os avós e os pais de Marifé Orol [a muller de Fidel Parga Pardiñas] cando estes retornaron de Holanda" [3].

"Entre a casa onde vive meu irmán [a Casa de Maseda] e a casa da nai de José Ramón Reges [a Casa (de María) do Queirogo], pasa un camiño. Este camiño que pasa polo medio vai á Casa de Mel, dos sogros de meu irmán Fidel [Pepe de Lorenzo e Chelo do Requinto]" [4].

A CASA DE MEL (OU DA VEIGA)

Situación: A Veiga.
A poucos metros do propio rueiro da Veiga e de camiño ás Naranxeiras.
É unha casa grande, que foi propiedade dos Mel [5].

"Había un camiño de pé, entre [a casa de] Doña Josefina [Pardeiro González] e as hortas de meu abuelo [sic], que pasaba por diante da casona de Mel e iba ás Naranxeiras. Había que cruzar o río por unha ponte vella de pao" [6].

"Eu recordo que vivía unha muller da familia dos Mel. Meus pais parábanse naquela casa no camiño entre A Veiga e As Naranxeiras. Tería algo que ver con don Nicanor, mestre de Santa Cruz? Non o sei.
Carmen López González tamén recorda alguén dos Mel..., e recorda aquel camiño que creo que xa non existe..." [7].

"Na casona dos de Mel... recordo a catro [cinco] irmaos: Manuel, Pedro, Lola, Ramona e Concha. Don Nicanor, o mestre, vivía en Pedrido.
Nesa casa hoxe vive Pepe de Lorenzo e Chelo de Requinto [os pais de Marifé Orol e sogros de Fidel]. Eu moitas cousas recórdoas dos anos 60, cando voltei do Brasil, e quedáronme as imaxes moi gravadas. Logo faltei moitos anos da parroquia" [8].

"José Orol Rego (Pepe de Antón), o derradeiro morador [da casa de Acevedo] ata que herdou a casa dos Meles." [9].

"Onde viven os sogros de meu irmán [Fidel Parga Pardiñas] chámanlle a Casa de Mel" [10].

---

[1] Informante: Carmen López González, Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 08.01.2017.
[2] Informante: Ángeles Parga [Pardiñas], Facebook, "Eres de...", 12.01.2017.
[3] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, 14.05.2017.
[4] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, 14.05.2017.
[5] Informante: Juan Antonio Fernández Casabella (IF, 17.08.2000).
[6] Informante: Carmen López González, Facebook, "Eres de...", 08.01.2017.
[7] Informante: Fina Díaz Pardeiro, Facebook, "Eres de...", 08.01.2017.
[8] Informante: Carmen López González, Facebook, "Eres de...", 08.01.2017.
[9] Informante: José Ramón Reges, Facebook, "Eres de...", 15.01.2017.
[10] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, 14.05.2017.

A CASA DE DEMETRIO

Situación: O Vilar.
Pedra dun lintel con lenda, nunha porta interior da casa [1].

A CASA DE LOBEIRA

Situación: Cendemil.
Antigamente debía ser unha soa casa coa de Pedrosa.
Na eira da casa están os restos da Torre de Cendemil.
Muíño do século XVI. A 50 metros da casa.
Cabozo de tres cepas.

A Casa de Lobeira era propiedade de Agustina Pardo y Ribadeneira e o seu marido Del Río y Santomé [2].

A CASA DE PEDROSA

Situación: Cendemil.
Pegada á Casa de Lobeira. Antigamente debían ser unha soa.

Pertencía a Ramón Pedrosa de Andrade, vinculado á Casa da Escoura, de Adelán, casado con Dominica de Miranda y Ron, famoso alcalde do Crime da Real Chancelería de Granada, onde procesou e levou ao patíbulo a Mariana Pineda (Granada, 1834-1831).
Dominica, esposa de Ramón Pedrosa, morreu o 11 de agosto de 1847 [3].
(Cf. A Casa da Escoura, en Adelán).

Pedras da porta da antiga Torre de Cendemil, están na parte traseira desta casa, ao lado dun forno [4].

A CASA DE XAQUÍN DO ESCORIAL [5]

Situación: perto da casa de Cabaleiro [6].
Nesta casa había teares entre os anos 1930 e 1950, e traballaban neles a muller e mais as fillas de Xaquín [7]. Aínda existe un tear [8].

---

[1] Demetrio Mandiá Orol, sacristán da parroquia de Santa Cruz do Valadouro, falecido.
[2] Actualmente é propiedade de Milagros Canoura López. O bisavó de Milagros era Ramón Cerdeiras Álvarez-Villamil, da Casa da Abelleira, O Casal (Recaré). Visita: M. Lourenzo-I.Ferreira, 14.08.2001. Nesta casa naceu don Celestino, o mestre. Informante: Xosefa Díaz Cerdeiras, *Xefa*, irmá de don Celestino (IF, Recaré, 11.08.2013). José Canoura Cerdeiras, (*Pepe de Lobeira*, tío de Milagros Canoura López) emigrou a Cuba (o mesmo que seu irmán Ramón, pai de Milagros) e traballou na industria do vidro e mais no comercio de calzados "La Moda", propiedade de Rafael Canoura Fernández. Informante: Milagros Canoura, Facebook, 17.11.2016. José Canoura [Cerdeiras] era socio activo da sociedade "Hijos del Valle de Oro" e na relación do 31.12.1928 figura co número 194.
[3] E. Lence-Santar y Guitián, publicación *Mondoñedo*, feita polo Corpus de Lugo, 07.06.1953, páx. 3.
[4] Visita e fotografías: M. Lourenzo-I. Ferreira, 14.08.2001.
[5] Xaquín Orol Gómez. A esta casa parece ser que alude unha *cóxega* do Bruxo dos Ermos, titulada "Pouca chiminea". Celestino Cabarcos Suárez, *Cóxegas*, 1955, páxs. 79-80.
[6] Informante: Xosé Manuel Adrio Méndez, falecido.
[7] Informante: Isabel Blanco Orol (IF, 31.10.1999).
[8] Informante: Juan Antonio Fernández Casabella (IF, 17.08.2000).

A CASA-ESCOLA DE SANTA CRUZ

Construída polos veciños da parroquia.
Recibiu doazóns para a súa construción e remate no primeiro terzo do século XX, e outras para mobiliario e material educativo, por parte dos emigrantes do Valadouro a Cuba.
Doazóns diversas.

A construción das escolas

"A sociedade *El Valle de Oro* ademais de construír directamente as escolas ás que se fixo referencia [Adelán, Bacoi, O Cadramón, Vilacampa] tamén colaborou na construción doutras. Así a comezas de 1924 a sociedade enviou a cantidade de cen pesetas para axudar ao levantamento dunha casa-escola na parroquia de Santa Cruz" [1].

| Escultura |

A CABEZA DO PAZO DE GRADAÍLLE

Situación: Gradaílle.
Estrada CP-0101 (Ferreira-O Cadramón-Abadín), a 2,3 Km de Ferreira.
Cronoloxía: época castrexa?

Coordenadas U.T.M.: X: 623.951; Y: 4.823.094 [2].

No muro exterior que dá á estrada, entre un portón e a capela, hai inserida unha cabeza humana de pedra [3].

"A cabeza de Gradaílle podería ser unha cabeza cortada, formando parte dun bloque empotrado [encaixado] no muro do que sobresae a cara" [4].

"Os meus coñecementos sobre imaxinería castrexa fanme pensar que non se trata dunha cabeza desta época. Creo que se trata dunha etapa posterior: medieval ou moderna, sen poder precisar isto máis.
Esta escultura parece estar reutilizada neste muro. Sería interesante coñecer antigas edificacións relixiosas que estivesen ubicadas perto deste pazo" [5].

"Grazas ás indicacións de Xesús Pisón e Isaac Ferreira, localizouse o que parece ser a cabeza dunha escultura que podería estar vinculada á arte castrexa. Trátase dunha escultura moi esquemática, da que tan só se aprecian os ollos, o nariz, a boca e as orellas.
A escultura está situada no muro exterior do pazo de Gradaílle, na súa parte máis ao norte do lado da estrada. A 1 Km ao LSL atópase o castro de Santa Cruz, de onde pode proceder orixinariamente" [6].

---

[1] *La Emigración Española*, Madrid, ano XII, núm. 3, 15 de febreiro de 1924, páx. 42. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 616, e 617 n. 31.
[2] Medicións: Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014. Listaxe facilitada por Manuel Miranda Ruíz, de Mariña Patrimonio, o 17.05.2014 (IF).
[3] "De guerreiro castrexo", R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito). "O uso de repertorios castrexos, como as cabezas humanas, é común na Galiza dos séculos XII-XIII". M. A. Castiñeiras González, "La actividad artística en la antigua provincia de Mondoñedo: del Prerrománico al Románico", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páx. 314.
[4] Fernando Acuña Castroviejo, Mondoñedo, 14.12.2001 (IF).
[5] Abel Vigo García, *Aportacións sobre O Valadouro*, agosto de 2002, (inédito), páx. 7.
[6] J. F. López Calzada (Arqueólogo Director), *Revisión do Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico. Concello do Valadouro*, Ferreira do Valadouro, 19.09.2005, páx. 47. Inédito.

A FERRERÍA DE PESQUEIRAS

Situación: Pesqueiras- Río Cabreiro.
Estrada LU-161 (Viveiro-Ferreira), Km 21. Desvío a Augarrío e A Bandexa.
Cronoloxía: 1530-fins do século XVII.
Construtor: Pedro Maseda de Aguiar.
Actualmente son uns prados e dous muíños, un deles en estado de abandono.

Resumo

«A ferrería de Pesqueiras foi construída por Pedro Maseda de Aguiar no primeiro cuarto do século XVI; sobre 1544 pleiteaba co Bispado de Mondoñedo sobre a xurisdicción das terras onde estaba a ferrería. Foi aforada en 1571 ao viscaíno Francisco Sánchez Vidarte. Funcionou durante case 150 anos. Foi das últimas da provincia de Mondoñedo en producir ferro mediante o sistema de "forxa catalana". Nos documentos antigos vén como: Pesqueiras, Pesqueras, de la Pesquera... Poño unha partida de nacemento de 1639, (pode verse algo máis)» [1].

Historia

«De non haber antes outro enxeño, a Ferrería de Pesqueiras data do segundo cuarto do século XVI, e é obra do fidalgo Pedro Maseda. Do ano 1544 data unha concordia entre el e o bispo de Mondoñedo xa que "pretendía exercer actos de xurisdicción dentro de los términos de dicha ferrería, a que se opusieron los señores obispos y su alqualde maior, y por evitar pleitos se hizo una concordia por la qual se le concedió alguna jurisdicción sobre los oficiales y carboneros quanto a lo civil y criminal"» [2].

«Anos despois, 1571, foi alugada por Pedro Pardo de Aguiar e Pedro de Maseda ó vasco Francisco Sánchez Vidarte, que tamén levaba en arrendo a de Vilanova de Lourenzá. No documento consta que se lle aforan a "ferrería e machuco que se dize de Pesqueiras (...) con todas sus casas, torre y molino, huertas, sotos y árboles que hestán entre las aguas de la dicha ferrería" [3]. En 1583 mercaba aquí ferro o viveirense Juan García de Castrillón, e en 1627 Juan Díaz de Bao: "treynta quintales de hierro labrado y sacado al maço de la herrería"» [4].

«Coidamos que non traballase desde a primeira metade do século XVIII, pois no *catastro* de La Ensenada correspondente a esta freguesía non figuran máis que dous mazos arruinados, dos que un poidera ser o da ferrería. Tampouco en 1788, xa que a mencionan os veciños de Rúa como inactiva no permiso outorgado a favor de Raimundo Ibáñez: "otra en el Valle de Oro y sitio de Pesqueira (...) de las cuales se surtían en la mayor parte los naturales para las indispensables labores de labranza y demás menesteres precisos a la sociedad y aumento de casas y población. Cuyas herrerías, por diferentes motivos, han quedado a hiermo y sin uso, imposibilitadas de jamás renovarse,...". Por último, no recurso presentado á Coroa por varias parroquias da xurisdicción de San Cibrao contra o devandito Ibáñez, din que a de Sargadelos acabaría coa leña e que despois quedaría abandonada, como xa estaban a de Bravos (Ourol) e a de Pesqueiras» [5].

Descrición

[1] Informante: Juan Fanego Vidarte, Facebook, "A Ferrería de Pesqueiras", "Eres de Ferreira do Valadouro si…", 04.11.2016.
[2] ADM. Apeo de bens. Fol. 56. C. González Pérez, *A Producción Tradicional do Ferro en Galicia: As Grandes Ferrerías da Provincia de Lugo*, 1984, páxs. 222 e 230, n. 165.
[3] ARG. Causas, 21.859/104. C. González Pérez, op. cit., 1984, páxs. 222-223 e 230, n. 166.
[4] ANM. Protocolos notariais. P. Rodríguez, ano 1583. C. González Pérez, páxs. 223 e 230, n. 167.
[5] C. González Pérez, op. cit., 1984, páxs. 223 e 230, n. 168; citando a Antonio Meijide Pardo, *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos*, 1979, doc. núm. 26, 1788, páx. 88.

«Actualmente, a non se-lo topónimo, nada lembra a existencia desta desaparecida industria siderúrxica. Só queda a canle que se utiliza para regar uns prados e para leva-la auga a un pequeno muíño, situado no mesmo lugar onde estivo o banzado da ferrería, agora tamén abandonado. Este prado aínda se chama "o da ferrería", por estar situado nel a siderurxia de Pesqueiras...» [1].

"La industria del hierro gozó de especial fama a través de los numerosos vascos que llegados de Vizcaya fundaron herrerías en el Norte, durante el siglo XVI. Procedente de la zona de Valmaseda, D. Pedro Maseda de Aguiar funda hacia el año 1530 la ferrería de Pesqueiras en Sta. Cruz do Valadouro (próxima al lugar de Augarrío [A Laxe]). La finalidad de esta ferrería era la de fabricar hierro. En torno a ella va surgiendo un entramado formado por oficiales, obreros y carboneros dependientes del patrón. Situación que llegó a crear conflictos entre Maseda de Aguiar y el obispado, por motivos de jurisdicción, al arrogarse éste la misma en los términos de Pesqueiras, y llegando a un acuerdo con el obispo [2] y el alcalde de la Tierra Llana en lo civil y criminal sobre oficiales y carboneros en en año 1554" [3].

"El 18 de Abril [de 1544], [o bispo de Mondoñedo, Fr. Antonio de Guevara, 1537-1545] otorga concordia acerca de la Herrería de Santa Cruz del Valle de Oro. De esta Herrería en concordia otorgada por el sucesor de Guevara [Fr. Antonio Alejandro Sarmiento Sotomayor, 1728-1751], el 27 de Febrero de 1749, ante Rodrigo da Pena, se dice que la construyera Pedro Maseda [de Aguiar], quien pretendía ejercer actos de jurisdicción dentro de los términos de ella, a lo que se opusieron los señores obispos, y que, por evitar pleitos, se hizo concordia, por la cual se le concedía alguna jurisdicción sobre los oficiales y carboneros *quanto a lo civil y lo criminal*" [4].

"[En 1571] la ferrería fue arrendada a D. Francisco Sánchez Vidarte, rendero de la de Lorenzana, y sucesivamente a los miembros de esta familia. De esta manera, en el año 1627 lo era D. Andrés Sánchez Vidarte, encontrándose en 1725 en desuso" [5].

"Familias de origen Vizcaino como los Sánchez Vidarte, los Maseda y los Pérez de Cora entran a formar parte del entramado familiar del valle, estos últimos como descendientes de D. Gonzalo Pérez de Cora y Aguiar, señor de la ferrería de Bravos, se entrecruzan con los Roucos de Cabanela, afamados foreros de la zona, a través de Dña. María Pérez de Cora y Aguiar" [6].

"El problema fundamental que traía consigo la puesta en funcionamiento de una ferrería lo constituía el abastecimiento del carbón obtenido del roble, lo que provoca enfrentamientos como los ocasionados en el siglo XVI entre los vecinos de Adelán y el Concejo de Mondoñedo" [7].

Ferrarías da provincia de Lugo. O Valadouro. Penúltima versión. (2004).

"A única que houbo estaba en Pesqueiras ou Pesqueira, na parroquia [de Santa Cruz] do Valadouro, e xa existía en 1544, como o amosa unha concordia deste ano entre o fidalgo Pedro Maseda [de Aguiar] e o bispo de Mondoñedo [Fr. Antonio de Guevara, 1537-1545], porque o primeiro *pretendía exercer actos de jurisdicción dentro de los términos de dicha ferrería, a que se opusieron los señores obispos y su alqualde maior, y por evitar pleitos se hizo una concordia por la qual se le concedió*

[1] C. González Pérez, *A Producción Tradicional do Ferro en Galicia: As Grandes Ferrerías da Provincia de Lugo*, 1984, páx. 223.
[2] Concordia entre o bispo e Pedro Maseda, 1544. ADM. Apeo de bienes. Fol. 56. A concesión da xurisdición a Pedro Maseda ten data 27 de febreiro de 1549. A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 105, n. 22.
[3] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 95.
[4] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 247.
[5] ANM. Farto. 1598. Fol. 288, e D. Farto. 1627. Fols. 92-93. En 1571 a Ferrería foi aforada por Pedro Maseda de Aguiar e Pedro Pardo de Aguiar, Señor de Samarugo, a Francisco Sánchez Vidarte, biscaíño, rendeiro da ferrería de Lourenzá, en 6.000 marabedís ao ano. *Ferrería e machuco que se dize de Pesqueiras... con todas sus casas torre y molino, huertas, sotos y árboles que hestan entre las aguas de la dicha ferrería.* A ferrería non debeu pasar momentos prósperos cara ao ano 1725, polo que se deduce da reclamación que realiza D. Álvaro Pedrosa de Adelán en 1725. AHRG (Arquivo Histórico do Reino de Galicia). Causas. 21.8597104. A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páxs. 95 e 105, n. 23.
[6] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 95.
[7] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 95.

alguna jurisdicción sobre los oficiales y carboneros cuanto a lo civil y criminal [1]. En 1571 collíaa en aluguer o vasco Francisco Sánchez Vidarte, que tamén corría coa de Vilanova de Lourenzá. Continuaba activa en 1627, pero xa ficaba parada e arruinada a mediados do século XVIII, e seguía así en 1788, como consta no permiso outorgado a Raimundo Ibáñez [o Marqués de Sargadelos] polos veciños da [sic] Rúa. Por último, menciónase nun recurso presentado á coroa por varias freguesías da xurisdición de San Cibrao contra o anterior, alegando que logo de acabar coa leña a de Sargadelos tamén a deixarían abandonada, como as de Bravos e Pesqueiras [2]. Actualmente só se conserva o topónimo" [3].

Ferrarías da provincia de Lugo. O Valadouro. Última versión. (2014).

FERRERÍA DE PESQUEIRA

Lugar: A Ferrería (Santa Cruz do Valadouro)
Municipio: [O] Valadouro
Río: Rego da Ferrería [Río Ferreira]
Coordenadas: 43º 32' 59" N. 7º 26' 29" W.

«Se encuentra a la salida de Santa Cruz de [sic] Valadouro en dirección a Vivero [sic], en el lugar de A Ferrería, en el que actualmente no hay más que prados.

La ferrería de Pesqueira, con un machuco en sus aledaños, la construyó en el segundo cuarto del siglo XVI el hidalgo Pedro Maseda, probablemente como veremos después, en compañía de Pedro Pardo de Aguiar. Con la ferrería, el tal Pedro Maseda "*pretendía exercer actos de jurisdición dentro de los términos de dicha ferrería, a que se opusieron los señores obispos y su alqalde maior*". Pese a esa oposición, *"por evitar pleitos"*, el obispo de Mondoñedo, en 1544, "*hizo una concordia por la qual se le concedió alguna jurisdicción sobre los oficiales y carboneros quanto a lo civil y criminal*" [4]. Es decir, que como en otros caso y también en ese siglo XVI, con la ferrería, sus dueños pretendían tener como señores la jurisdicción civil y criminal sobre los trabajadores de la misma, cosa que al parecer lograron. Probablemente el terreno era del obispo de Mondoñedo, y aquellos la tenían en foro.

Pedro Pardo de Aguiar, señor del coto de Saramugo [Samarugo (Vilalba)], y Pedro Maseda de Aguiar aforaron en 1571 al vizcaíno Francisco Sánchez Vidarte, rendero de la ferrería de Lorenzana, y a su mujer María Sánchez, ausente, "*aquella nuestra herraría y machuco que se dize da Pisqueira que está dicha en la sita feligresía de Santa Cruz con todas sus casas, torre y molino, huerta, sotos y árboles que hestán entre las aguas de la dicha ferrería e con todos los aparatos e yngenios e artifiçios y herramientas de la dicha ferraría*", en precio y renta de 6.000 maravedís anuales, con varias condiciones. Entre elas la de reparar a su costa y a la de sus sucesores la ferrería y machuco para que siempre funcione; que no la puedan vender, empeñar o traspasar salvo a persona llana; y además, que si no pagan tres años seguidos la renta perderán los derechos del foro [5]. Dicha renta ha de abonarse por mitad a cada uno de los propietarios y a sus respectivos descendientes» [6].

«La mitad de ese machuco de Pesqueira lo arrendó Francisco Sánchez de Vidarte probablemente al año siguiente, en 1572, a Juan Méndez, hijo de Alfonso Fernández, antiguo rendero de Lorenzana, y la otra mitad a Diego de Candeán, como conocemos por el juicio contra el fiador de este último Juan López Carpintero en 1573. Un testigo, el vizcaíno Juan Olazábal, dice saber que "*el dicho Francisco Sánchez rendero tiene arrendado e aforado el dicho machuco de la ferrería de la Pesquera a Pero Maseda de la Pesquera e a Pero Pardo de Sanmarugo e como tal suyo propio lo lleba e tiene el dicho*

[1] ADM. Apeo de bens. Fol. 56. C. González Pérez, "A minaría e a siderurxia tradicionais do ferro na provincia de Lugo". En VV. AA., *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, Xunta de Galicia, A Coruña, 2004, páx. 37 e n. 42.
[2] A. Meijide Pardo, *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos*, Ediciós do Castro, Sada, 1979, páxs. 88 e 102. En C. González Pérez, op. cit., VV. AA., *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, 2004, páx. 37 e n. 43.
[3] C. González Pérez, op. cit., en VV. AA., *Minaría. Expedientes de explotacións mineiras no Arquivo Histórico Provincial de Lugo*, 2004, páx. 37 e nn. 42, 43.
[4] P. Saavedra, *Economía, política y sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, Madrid, páx. 327. En J. A. Balboa de Paz, *Catálogo de las ferrerías del Noroeste de España*, Universidad de León, Departamento de Historia, Tesis Doctoral, tomo II, 2014, páx. 314, n. 2387.
[5] AHRG. R. A.: 21.859/104. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 314, n. 2388.
[6] J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páxs. 313-314.

Francisco Sánchez rendero por fuero o arrendamiento de los sobredichos y trayéndolo allí sabe que tenía arrendado la mytad parte del dicho machuco a Juan Méndez hijo de Afonso Fernandez rendero y que lo tenía bien aderezado y que lo arrendó en la otra mitad a Diego de Candean en el que el lo vió, pues entonces estaba él en la ferrería y machuco de la Pesquera" [1]. Diego de Candeán, a quien arrendó por un año y diez ducados de renta la mitad del machuco, huyó dejándolo en mal estado, probablemente por la peste, aunque en el juicio se diga lo contrario» [2].

«Este Francisco Sánchez Vidarte aparece en años posteriores como rendero, con quien se concierta en 1583 el mercader de Vivero [sic] Juan García de Castrillón para que le suministre 30 quintales de hierro pletina [3]. En 1627 lo era probablemente un descendiente suyo, de nombre Juan Andrés Vidarte, el cual como rendero de Pesqueira vende a Juan Díaz de Bao [Vao] "*treynta quintales de hierro labrado y sacado del maço de la ferrería*"; cantidad de hierro que habrá de entregar en enero de 1628 pagando 33 reales por quintal, y como adelanto 500 reales» [4].

«Uno de los problemas de la ferrería, en competencia de las cercanas de Bravos y Lorenzana, fue encontrar combustible para reducir el mineral, lo que dió lugar a enfrentamientos con aquéllas y con los vecinos de los alrededores. En 1650 el monasterio de San Salvador de Lorenzana se querelló contra el capitán Fernán Basanta de Saavedra porque éste "*a secuestrado çierta cantidad de carbón y leña que mi parte tenía comprada a unos carboneros y a otras personas para una herrería y nachuco donde labra hierro*", con la intención de pbligar a la ferrería de Lorenzana a cerrar, después de causarle, añaden los monjes, más de doscientos ducados de pérdida. A su vez el procurador del capitán recuerda que "*en dicha jurisdición deValle de oro está la herraria das Pesqueiras en que mi parte tiene parte y es util y prouechosa para los vezinos de el*"; y por el contrario, que los montes de Picano donde carboneaban los carboneros de Lorenzana son de los vecinos de Adelán y Valle del Oro; y añade "*porque en dicha jurisdición*" están los dueños de la ferrería en posesión de llevar carbón de tales montes sin que se pueda vender en jurisdiciones foráneas [5]. Desconocemos que parte de la ferrería pertenecía al mencionado Fernán Lasanta [Basanta] Saavedra; pero probablemente era suya la mitad, pues un Saavedra aparece en el siglo XVIII como dueño de la mitad de la ferrería, como veremos posteriormente» [6].

"En un pleito sobre la ferrería de Pesqueira se toma testimonio, el 12 de octubre de 1722, a Francisco Sánchez de Vidarte, presbítero "*en la feligresía de Santiago de Brabos y sitio de la erraría della* [de Bravos]" [7].

«Desde finales del siglo XVII o principios del XVIII debió dejar de funcionar como ferrería, probablemente por falta de combustible [8]. En 1722 don Alvaro de Pedrosa y Saavedra, dueño de la mitad de la ferrería, denuncia a varias personas descendientes de Francisco Sánchez Vidarte por impago de la renta foral de la ferrería y machuco de Pesqueira [9]. Algunos de los encausados reconocen que es verdad, que desde hace algunos años –doce dice uno– no pagan la renta, de la

[1] AHRG. R. A.: 1140/65. En J. A. Balboa de Paz, *Catálogo de las ferrerías del Noroeste de España*, Universidad de León, Departamento de Historia, Tesis Doctoral, tomo II, 2014, páx. 315 e n. 2389.
[2] AHRG. R. A.: 1140/65. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 315 e n. 2390.
[3] P. Saavedra, op. cit., Madrid, 1985, páx. 329, n. 87. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 315 e n. 2391.
[4] P. Saavedra, *Economía, política y sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, Madrid, 1985, Xunta de Galicia, Madrid, 1985, páx. 329, n. 86. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 315 e n. 2392.
[5] AHRG. R. A.: 67/18. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páxs. 315-316 e n. 2393.
[6] J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 316.
[7] ARHG. R. A.: 21.859. J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 220, n. 2003.
[8] AHRG. R. A.: 67/18. «En 1650 en el juicio entre Lorenzana y el capitán Fernán Basanta de Saavedra dice éste que "*dicha herraría de Pisqueiras lo qual la mayor parte del año no labra por falta de dicho carbón ni labró después de que dicho P. Administrador lleuó dicho caruón y taló dichos montes*"». En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 316 e n. 2394.
[9] AHRG. R. A.: 21.859/104. «Dice el tal don Alvaro de Pedrosa a los denunciantes: "*llebadores y poseedores de la Erraria que se dice da Pisqueira, con sus casas, molino, guertas, sotos, machuco, eredades, edificios, aparejos, erramientas, montes y más anexo y perteneciente a dicha Erraría y machuco, según todo es bien conocido, y se alla sito en la feligresía de Santa Cruz deste balle y jurisdición, en que me toca y pertenece la mitad enteramente y por mi título de foro lleban los sobredichos, porque en cada un año me pagan y deuen pagar de canon, renta y pensión tres mil maravedís*"». En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 316 e n. 2395.

que unos no saben ni siquiera la cantidad y otros creen que son ocho ducados [1]. Sin embargo, don Antonio Villar Osorio, marido de doña María Pascuala Vidarte y curador de su cuñado Benito Vidarte, hijo otro Francisco Vidarte [2], señala que cuando se encargó de la curadoría, ocho años antes, "*estaba la referida herraria totalmente deshecha e inutil para el trabajo sin thener materiales algunos, mas que las dos arboles maiores y lo demás se auía consumido con el dilatado tiempo de diez y ocho años que estaua de aquella suerte sin que ubiese fructificado emolumento alguno*". Esto último también lo confirman otros testigos al señalar que no pagaban renta porque nada producía; pero, añade aquél, que desde "*el año pasado de [mil] setezientos y diez y nuebe (...) a costa de sus mismos vienes la hizo y fabricó y puso a trabaxar, como oy esta auil para ello*" [3].

«Es decir, que durante años estuvo parada y fue este Antonio Villar el que la volvió a poner en funcionamiento en 1719. Durante años nadie pagó la renta, ni los dueños parece que se preocuparon en cobrarla; pero ahora que está nuevamente en funcionamiento vienen a reclamarla. Muchos de los herederos no tienen inconveniente en reconocer la deuda y comprometerse a pagar los atasos porque quieren participar en los beneficios. En 1724 la justicia dio un auto a favor de don Alvaro, que don Antonio Villar apeló; pero en 1726 a la viuda de aquél, doña Baltasara de Aguiar, le reconoce la Real Audiencia el directo dominio de la mitad de la ferraría y el canon de 3.000 maravedís de renta al año.
La otra mitad debía de ser de los antiguos Maseda, ya que en 1733 un Josef Maseda y Río, vecino de la feligresía de Santa Cruz de Valle de Oro, administrador de la ferrería de Pesqueira, se queja del juez ordinario de la jurisdicción de dicho valle, porque dice su procurador *"que necesitando mi parte bastimento de leña y caruon para dicha herraria compró a Diego Gonzalez... unos castañales viejos e ynutiles... y se hizo caruon con ellos (...) y desde el ocho de abril un carbonero natural del Principado de Asturias asta el 27 que en este concurrió mi parte en la noticia que se dio de estar en estado; con carros y bueis y otras personas para hauer de conducir dicho caruon a la citada ferrería y poder proseguir la fabrica de fierro que por falta de dicho Bastimento tenía parada con los oficiales y obreros que diariamente trauajan en ella y tambien porque el temporal amenaza ruina y sucedía caer agua y mojarse dicho carbón perdía la fuerza y se destruía sin quedar de prouecho para dicho ministerio y de llegado al referido soto hallaron la nouedad de que dicho juez heuía puesto en él coto y embargo a instancia de D. Andrés Louera Fajardo, vecino de la misma feligresía*", el cual vio realizar las labores durante los diecinueve días que tardó la operación sin decir nada y luego lo denunció, causando un gran perjuicio a la ferrería» [4].

«No debió funcionar mucho tiempo, pues el Catastro de Ensenada no menciona la ferrería, sólo dice que en esta parroquia hay dos mazos arruinados, que sin duda son la ferrería y el machuco de la escritura de 1571. Tampoco la nombran Cornide ni Lucas Labrada. En febrero de 1788, en el permiso que los vecinos de Rúa otorgan a don Antonio Raimundo Ibáñez para construir una ferrería, recuerdan que "*en la provincia de Mondoñedo, en que se incluía esta parroquia, había antes de ahora cuatro herrerías de labrar hierro; la una en el valle de Lorenzana, otra en Santa Marta, otra en el Valle de Oro y sitio de Pesqueira y otra en la feligresía de Bravos (...). Cuyas herrerías, por diferentes motivos, han quedado a hiermo y sin uso, imposibilitadas de jamás renovarse, efecto de la falta de leñas y carbón para su subsistencia*"» [5].

«Este problema del combustible lo vuelven a señalar varias parroquias de la jurisdicción de San Ciprián, en agosto de 1788, en su oposición a la fábrica de Sargadelos, porque al igual que los dueños de las anteriores fábricas, Ibáñez se enriquecerá destruyendo los montes y arruinando los pueblos: *"de que tienen los exponentes dos ejemplares bien recientes, en las dos (herrerías) que se*

[1] «Así el presbítero Francisco Sánchez Vidarte sabe "*que el dicho D. Albaro Antonio da Pedroa y Saavedra vecino de la feligresía de Santiago de Adelán tenía y tiene parte en la erraria de la Pesqueira, con sus casas, molino, sotos, machuco y más a ella conducentes. No sabefixamente lo que hes, solo saue que entre todos los hixos y erederos de D. Francisco Sánchez Vidarte y Dª Mariana de Luaces su hermana lleuan en foro la dicha erraria de la Pesqueira toda la parte que tocaua a D. Alonso de Pedrosa al presente difunto padre del dicho don Albaro y que por ella le pagaban ocho ducados de renta y canon en cada un año entre todos los dichos herederos*"» (AHRG. R. A.: 21.859/104). En J. A. Balboa de Paz, *Catálogo de las ferrerías del Noroeste de España*, Universidad de León, Departamento de Historia, Tesis Doctoral, tomo II, 2014, páx. 316 e n. 2396.
[2] AHRG. R. A.: 21.859/104. «Dice el texto que a este Benito Vidarte, en las partijas de sus padres, se le adjudicaron "*las dos terceras partes enteramente de la herraria da Pisqueira*"». En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 316 e n. 2397.
[3] AHRG. R. A.: 1140/65. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páxs. 316-317 e n. 2398.
[4] AHRG. R. A.: 8698/87. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páxs. 317-318 e n. 2399.
[5] A. Meijide Pardo, *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos*, Ediciós do Castro, 1979, páx. 88, documento nº 26. En J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 318 e n. 2400.

construyeron en los valles de Oro y Bravos, y en que después de que sus dueños asolaran los montes de la circunferencia llevándose las utilidades de ellos, desamparan las fábricas, actualmente abandonadas, y dejaron a los naturales del país en la mayor penuria de leñas y maderas" [1].

"Por tanto, mucho antes de que se construyera la fábrica de Sargadelos estas dos ferrerías habían dejado de funcionar por problemas con el carbón y la madera.

ESTADO: No queda sino el topónimo de la Ferrería" [2].

| F o n t e s |

A FONTE DA CALZADA

Situación: Cabanela.
Restaurada, mais desamparada pola creación dunha nova estrada [3].

A FONTE DAS CURUXEIRAS ou DE SANTA HELENA

Situación: As Curuxeiras.

A FONTE DO VILAR

Situación: O Vilar.
Con pío, pinguela, canle e lavadoiro [4].

[1] A. Meijide Pardo, *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos*, Ediciós do Castro, 1979, páx. 104, documento nº 33. En J. A. Balboa de Paz, *Catálogo de las ferrerías del Noroeste de España*, Universidad de León, Departamento de Historia, Tesis Doctoral, tomo II, 2014, páx. 318 e n. 2401.
[2] J. A. Balboa de Paz, op. cit., tomo II, 2014, páx. 318.
[3] Visita: Xesús Pisón, Isaac Ferreira, Amalia Casabella López, Alfonso Pérez Blanco, 26.08.2015.
[4] Nota dos autores: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook, ·Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 15.02.2018 (IF).

A batalla de Cendemil

En Cendemil, ao pé da casa de Lobeira, vense aínda as pedras dun cabanón que fora en tempos torre de Pardo de Cela. Contan que alí houbera unha batalla e que de mil quedaran cen. E como a torre fora abandonada, os veciños aproveitaran as pedras para facer as súas casas, como a propia de Lobeira ou a de Pedrosa, que chegara a ser gobernador de Granada en tempos do rei Fernando VII, e mandara matar a patriota Mariana Pineda por bordar unha bandeira republicana.
Cando se fixo a casa de Lobeira, apareceu un pozo cheo de ósos de coello e mais de cunchas de ostras, que virían de Viveiro, de onde era alcalde o Mariscal.
Tamén apareceu un selo coas armas gravadas, que levou un de Ferreira, e do que nunca máis se soubo [1].

Xoán Tenreiro

En Suaigrexa había unha figueira, a mellor do lugar, e tiña un amo chamado Xoán Tenreiro, que fachendeaba de que nunca lle roubaran un figo. Os pícaros devecían por eles, e unha noite xuntáronse na horta de Xoán, cubertos cuns farrapos vellos, e postos en ringleira, como fai a Estantiga, ían cantando:

—Alma cándida
que vas de primeira,
pilla a Xoán Tenreiro,
que está na figueira.

Xoán Tenreiro, que tal sentiu, cimbrouse embaixo, apavurado, e os rapaces acabáronlle cos figos [2].

A Santana

No fondal da Santana moraban dúas mulleres que viñan buscar o lume a Sisto, porque elas non sabían facelo. Un día desapareceu a máis nova, e a xente dixo que a levara o Encanto.
Moitos anos despois, estando tres homes a facer un camiño en Paredes, atoparon o esqueleto da muller debaixo dunha pena. E pillaron tanto medo que levaron o camiño por outro sitio [3].

A Fonte das Curuxeiras ou de Santa Helena

"...y la [Fuente] de Sta. Elena, en la misma parroquia [de Sta. Cruz], a donde la imagen de la santa se escapaba todas las noches teniendo que devolverla los del pueblo a la iglesia" [4].

A Santa Ana

Un día, a Santa Ana da igrexa de Santa Cruz foise do Valadouro, e en chegando a Mondoñedo ninguén soubo para onde pillou [5].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto XVII, páxs. 20-21.
[2] Contadora: Nila Reimunde Cal, xullo de 1985. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto XLVIII, páx. 36.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCII, páxs. 118-119. Nota dos autores: aínda que o lugar de Paredes pertence á parroquia de San Tomé de Recaré, esta lenda fai mención expresa da Santana, onde hai restos dun posíbel mosteiro. É por iso que incluímos esta lenda na parroquia de Santa Cruz do Valadouro, á que pertence A Santana.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 37.
[5] Contador: Ramón Iglesias Fernández, 07.06.2001. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCX, páx. 122.

O xatiño de Fontelo

Nunha casa de Fontelo parira unha vaca, e estando a xente a aloumiñar no xatiño, este botou unha risada e saíu voando pola porta [1].

O cabalo das Pontes de Pazos

María e Lola de Xusto viñan unha noite de San Tomé, da casa da irmá, e ao pasar polas Pontes de Pazos viron saír un cabalo do río e meterse polo medio dun milleiral, arrostrellándoo todo.
As mulleres tomaron medo e agacháronse detrás duns amieiros, até que o animal tornou a meterse no río.
Para o outro día voltaron cun veciño e viron que o millo non tiña mal ningún [2].

O becerro e o Cruceiro de Cendemil

Ramón e Manuel de Vilagabe viñan unha noite de Ferreira cando viron un becerro a brincar nun prado. Pensando que lle escapara a algún veciño, amarrárono coas faixas e levárono para a casa. Ao pasar polo cruceiro de Cendemil, o becerro non quixo andar por máis que lle afalaron, e tiveron que levalo por outro camiño.
Cando chegaron á casa metérono na corte e atrancaron a porta, e despois contáronlle ao pai o que lles pasara. O vello díxolles que aquel animal era o trasno e mandoulles ceibalo decontado, mais eles non lle fixeron caso e fóronse deitar.
Para o outro día cando baixaron á corte o becerro xa non estaba [3].

Rosa e Avelina

Unha noite Rosa e Avelina de Santa Cruz ían cargar o muíño. Rosa ía diante, e niso púxoselle un xato nas costas, e ela non se decataba. Avelina chamouna dúas veces e Rosa non contestou. Entón fíxolle a benia e o xato desapareceu [4].

O vulto

Un rapaz do Caniote viña de noite para a casa, cando viu un vulto ao lonxe que subía e baixaba. O mozo achegouse para ver ben o que era, e levou dúas labazadas. Entón botou a correr para a casa e non tardou dous días en morrer [5].

As avelaíñas brancas

En Fraxope había dúas vellas que ían todas as noites tocar ás Ánimas na igrexa de Santa Cruz.
A máis vella subía ao campanario, e no entanto, a máis nova daba voltas de xeonllos arredor da igrexa.
Unha noite, cando viñan de tocar, viron un enxame de avelaíñas brancas contra Albares, e estiveron a ollar para elas até que desapareceron.
Á mañá unha veciña foinas avisar de que morrera unha rapaza en Albares [6].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCXIX, páx. 127.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXIII, páx. 128.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXXIV, páx. 129.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXLI, páx. 138.
[5] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLV, páx. 148.
[6] Contadora: Nila Reimunde Cal, xullo de 1985. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLVI, páx. 148.

A galiña que canta como un galo

Un home de Santa Cruz foi ver unha vella do Vilar que estaba moi enferma, e deixou as fillas na casa amañando a cea. Ao pechar a noite, as rapazas viron unha galiña no potín cantando como un galo, e asustáronse tanto que foron para a casa da veciña.
Cando chegou o pai contáronlle o que acontecera, e el dixo que naquela hora xusta morrera a vella do Vilar [1].

O lume

Un rapaz de Santa Cruz que estaba a parolar coa moza diante da igrexa viu arder o monte arredor da casa e botou a correr a todo canto daba, chamando polos veciños. Cando chegou, non había lume ningún, e ao entrar na casa atopou o pai acabando de morrer [2].

O velorio

Nas Leas morrera un vello que en vida fixera moito mal, e ninguén lle quixo ir ao velorio. Entón a muller pediulle ao cura que a acompañase aquela noite. El consentiu e a muller acomodouno ao pé da caixa, prendeu unha vela e puxéronse a rezar o rosario. Niso apagouse a vela e sentiron unhas rabuñadas na porta. A vella quixo ir mirar quen era, mais o cura non lle deixou. De alí a un pouco pararon as rabuñadas. Entón a vella pillou os mistos, e ao prender a vela viron que o morto non estaba na caixa [3].

O hábito do defunto (I)

Na casa de Río, en Santa Cruz, había un rapaz que axudaba á misa na Casela. Unha mañá cedo, indo para a ermida, tívolle o camiño un defunto e díxolle:
—Tesme que tirar o hábito, que estou condenado e non me deixa ir para o meu sitio. Mañá pola noite vés e tírasmo.
O rapaz chegou á Casela moi asustado e contoulle ao cura o que lle pasara.
Este díxolle:
—Tes que levar unha fouce de sete brazas e cortarlle o hábito por riba, que se llo cortas por baixo o defunto lévate canda el.
Conque ao chegar a noite foron os dous para o sitio da aparición. O rapaz agardou no camiño e o cura meteuse detrás dun cachopo.
De alí a un pouco presentouse o defunto e díxolle ao mozo:
—Córtamo por baixo.
El, co medo que tiña, íallo cortar, mais o cura avisouno:
—Por riba, Daniel!
E cortoullo por riba.
Nisto abriuse a terra e comeu o defunto [4].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLVIII, páx. 148.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLIX, páx. 149.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXV, páxs. 150-151.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXIX, páxs. 152-153.

A xiganta de Suaigrexa

Unha noite un home do Reirado viña de ver unha moza que tiña na Veiga de Santa Cruz, e ao pasar Suaigrexa, topou cunha muller moi alta toda vestida de negro que ía camiño do cemiterio. O home foi atrás dela, e ao chegar ao camposanto tirou uns mistos, para verlle a cara, mais non lle prenderon. Entón a muller díxolle:
—Vaite, se non queres que che pase o peor.
O home asustouse tanto que nunca máis por alí pasou [1].

O hábito do defunto (II)

A Dama de Santa Cruz aparecía xunto do cemiterio. Un día pasaba por alí un home, e ao vela preguntoulle:
—Que fas aí, bruxa?
Ela respondeulle:
—Ti sigue ao teu.
O home seguiu camiño cara a Ferreira e, ao pasar por un camposo onde xogaba a xente aos bólos, topou cun cadaleito e viuse el propio dentro, vestido co hábito de San Francisco. De alí a pouco o home morreu e enterrárono co hábito que el vira [2].

A Ponte das Paxariñas

Viña un cavador do monte, cando ao pasar a Ponte das Paxariñas deron con el no río. Por máis que quería saír non podía, que o tiñan agarrado pola roupa. Entón volveuse para ver quen era, e non vendo ninguén, dixo:

Aparta de aí, Satanás,
cen leguas de min atrás,
porque o día de Santa Cruz
cen veces dixen Xesús,
coroa, cravos e cruz.

E saíu da auga e foise para a casa sen outro mal [3].

As dez misas do defunto

En Santa Cruz morrera un cura moi vello, e desde que o enterraron sentíase tocar a defunto todas as noites. Os veciños andaban agrimados co caso e non ousaban ir mirar quen tocaba. Conque o Garrido de Bermún, que non tiña medo de calquera cousa, dixo:
—Calade, que habemos saber quen vai picar nas campás.
Ao chegar a noite o Garrido foise para a igrexa e agachouse na tribuna. Aló polas doce sentiu que andaban na igrexa, e ao erguerse para mirar viu levantarse unha lastra do chao e saír o cura morto, que o enterraran alí. O Garrido deu en saloucar e entón o cura díxolle:
—Non teñas medo, Garrido, que non veño por mal. Veño tocar a defunto todas as noites porque morrín en pecado e quero que me deades dez misas para poder descansar.
O Garrido prometeulle cumprir o encargo e foise para a casa. Á mañá contoulles o sucedido aos veciños e déronlle as misas. E nunca máis sentiron tocar as campás [4].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLXXI, páx. 153.
[2] Informante: C. A. González Paz, 16.01.2001. X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXXII, páx. 154.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXXIV, páxs. 154-155.
[4] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXXX, páxs. 157-158.

A nena orfa

No Vilarao morrera unha nena orfa, e a avoa, por non gastar na caixa, meteu a nena nunha hucha e deixouna alí toda a noite. Á mañá chegou a xente e mais o cura e fórona enterrar. Desde que voltaron do cemiterio, a vella almorzou e deitouse. E niso saíu da hucha un enxame de moscas que se lle botaron aos ollos e deixárona cega [1].

O souto de Cabanela

Tres rapaces de Santa Cruz viñan unha noite das mozas polo souto de Cabanela, cando sentiron crebarse as pólas todas dos castiñeiros. Os rapaces botaron a correr por entre a ramada que caía, e ao chegar á casa acordaron non contar o sucedido.
Para o outro día voltaron ao souto por mirar o que pasara, e non viron nada [2].


A Pastoriña

Unha rapaza de Santa Cruz estaba a lavar no río cando se lle apareceu na outra beira unha cadeliña branca coa lingua colorada. A rapaza pasou o río para pillala, e a cadeliña foina levando, levando, até unha casa onde acababa de morrer un neno. E alí desapareceu. A rapaza contou o que lle acontecera e explicáronlle que a cadela que vira era a Pastoriña, que se lle aparecía á xente cada vez que morría un anxo [3].

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 2005, conto CCLXXXI, páx. 158.
[2] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCLXXXVIII, páx. 160.
[3] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto CCXCVII, páx. 163.



Cabeza de suposto guerreiro castrexo.
Santa Cruz do Valadouro.
Situación: Pazo de Gradaílle.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 17-05-2001.



Xanela calada.
Santa Cruz do Valadouro.
Restos dunha igrexa visigótica,
aparecidos no ano 1959
perto da igrexa parroquial.
Fotografía tirada de:
"Ferreira en sus orígenes",
F. Monterroso Carril,
Programa das Festas do Oito, 1988.






A Santana.
Santa Cruz do Valadouro.
Planta.
Xanela con dobre abucinado.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 24-08-2001 e 25-08-2002.





A Santana.
Santa Cruz do Valadouro.
Muro interior.
Tellas (ss. IV-V d. C.).
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2001.



Lam. I. Planta do edificio e construccións paraleas.
(Plano diseñado por Carlos Cornide)

A Santana.
Santa Cruz do Valadouro.
Plano da planta.
Deseño: Carlos Cornide.
Data: 2003.




A Santana.
Santa Cruz do Valadouro.
Cruz patriarcal.
Situación: muro perimetral.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 24-08-2001.



Igrexa parroquial.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: barroco.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



Igrexa parroquial.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XVIII.
Estilo: barroco.
Muro lateral dereito.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



IGREXA PARROQUIAL DE SANTA CRUZ
Elías Valiña Sampedro,
Nicanor Rielo Carballo,
Santos San Cristóbal Sebastián,
José Manuel González Reboredo.
Inventario Artístico de Lugo y su provincia,
tomo VI, 1983, p. 185.





Igrexa parroquial.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XVIII.
Portada principal e torre barroca.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.



Igrexa parroquial.
Santa Cruz do Valadouro.
Pórtico.
Cabezas trofeo:
Eva, O Demo, Adán.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 13-08-2001
e 15-09-2000.







Igrexa parroquial.
Santa Cruz do Valadouro.
Inscricións do interior.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 07-12-2001.



Santa Helena.
"De poñer".
Santa Cruz do Valadouro.
Igrexa parroquial.
Sacristía.
Foto: Xesús Pisón.
Data: 1999.





Capela da Casela.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XVIII.
Escudo de armas.
Fotos: Isaac Ferreira.
Datas: 12-04-2001 e 03-08-2000.



Cruz de Cendemil.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XIX.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 14-08-2001.



Cruz de Lodeiros.
Santa Cruz do Valadouro.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: primavera de 2003.



Cruceiro de Gatoi.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XX.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 15-09-2000.





Torre de Cendemil.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XV.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 14-08-2001.





Torre de Cendemil.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XV.
Muro e pozo (tapado).
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 14-08-2001.





Torre de Cendemil.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: século XV.
Pedras da antiga porta, hoxe na casa de Pedrosa.
Pedra lobulada, posibelmente dunha amea.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 14-08-2001.





Pazo de Gradaílle.
Santa Cruz do Valadouro.
Vista xeral.
Capela do Pazo.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 20-05-2001.





Pazo de Gradaílle.
Santa Cruz do Valadouro.
Portón lintelado.
Escudo (s. XIX) sobre o portón.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 20-05-2001.





Casa das Curuxeiras
ou *Casa de Aurelio*.
Santa Cruz do Valadouro.
Cronoloxía: 1776.
Porta lintelada.
Fotos: Isaac Ferreira.
Data: 13-08-2001.





Casa de Cigarro O Vello.
Santa Cruz do Valadouro.
Situación: Cabanas-Cendemil.
Escudo: posíbeis armas dos Díaz de Labrada.
Fotos: Eloi Galán / Isaac Ferreira.
Datas: 1972 e 16-04-2001.



Casa Reitoral Vella.
Santa Cruz do Valadouro.
Foto: Miguel Vila Pernas.
Data: 22-06-2016.



Antiga Escola Unitaria.
Santa Cruz do Valadouro.
Foto: Emma Elvira Brunet.
Data: 16-08-2017.

Santo Acisclo do Valadouro

SANTO ACISCLO DO VALADOURO

Parroquia do concello de Foz, arciprestado de San Martiño e diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Coordenadas [1]: Latitude: 43º 33' Lonxitude: 7º 22'

Superficie [2] en Km^2: 12,78

"Parroquia aneja de Santa Cecilia de Vale de Ouro... Formó parte del decanato de A Mariña" [3].

Delimitada, ao norte polas parroquias de Cordido (Foz) e Fazouro (Foz); ao sur, polas de Bacoi (Alfoz), Carballido (Alfoz) e Santa Cilla do Valadouro (Foz); ao leste polas de San Martiño de Mondoñedo (Foz) e Santa Cilla do Valadouro (Foz); e ao oeste, polas de Budián (O Valadouro) e Moucide (O Valadouro) [4].

Está bañada polo río *Ouro* (<*Douro*) e o regueiro *Pena Adrada* [5].

Ten 108 habitantes (Homes: 54. Mulleres: 54) [6], repartidos entre as entidades de poboación de: *As Abidueiras, Martín, A Ponte, Raúlfe, Valmaior* [7].

Comunícase polas estradas LU-151 (Fazouro-Santo Acisclo) e LU-152 (Foz-Ferreira).

Festividades [8]: *San Roque* (celébrase entre abril e maio).
O titular da parroquia é Santo Acisclo (17 de novembro).

Outras celebracións [9]: Festa da Malla (3ª fin de semana de agosto).

[1] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 181.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 72.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 187.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214.
[6] Fonte: INE, 01.01.2017.
[7] DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 983.
[8] Fonte: www.concellodefoz.es, 13.04.2013.
[9] Fonte: www.concellodefoz.es, 13.04.2013.

| Toponimia | [1]

Santo Acisclo do Valadouro: nome da parroquia.

Orónimos

Coto do Curro (289 m), *Coto do Corvo* (261 m; *Coto*, da base **cotto* 'couto, penedo', orixe hispano-caucásica), *Coto da Casanova* (241 m), *A Costa da Barreira* (207 m).

Hidrónimos

Río Ouro (<*Douro*), *Rego das Barreiras, Rego da Pena Adrada, Rego da Senra* (*Senta:* céltico > lat. SENARA > seara, senra 'porción de terra cultivada'), *Rego de Valmaior.*

Entidades de poboación

As Abidueiras (flora; da base celto-latina **betulus*, lat. BETULLA 'bideiro, bido', árbore que nós coñecemos como 'abidueira'. N. C.: *Betula L.*) [2], *Raúlfe* (*villa de Radulfi, villa in Radulfi;* documento sen data, cara a 1100) [3], *Valmaior* [4].

Lugares

O Lagar (rueiro situado despois da igrexa parroquial), *A Rabia* [5], *A Senra* (orixe céltica, **senara* > lat. SENARA > seara, senra 'porción de terra cultivada') [6].

Topónimos con data documentada

Sancto Acisclo (1078) [7], *Sancti Aciscli* (c. a 1100) [8], *San Acisco* (1313) [9], *Santo Açisco* (1479, 1488) [10].

No ano 1849, Pascual Madoz cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Alto, Barrocide [11]*, Carballo* (flora; de *carba*, prelatino), *Forcada* [12].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] A. Moralejo Lasso, *Toponimia gallega y leonesa*, 1977, páx. 293. As abidueiras (bidueiras, bidueiros) forman parte da paisaxe galega desde os inicios do Holoceno, hai uns 11.000 anos. F. Calo Lourido, *A cultura castrexa*, 1993, páx. 52.
[3] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. Nós achamos este topónimo *Raúlfe* nun documento que fai referencia a el no ano 1718. Colección particular: Orol-Freire. Ferreira do Valadouro. Doc. núm. 3. Mazo B, 1734. Transcrición: IF, 2001.
[4] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 983.
[5] Baixo a forma *A Ravia* achámolo en dous documentos privados, un de venda, de data 04.06.1837, doc. núm. 43; o outro, de permuta de bens inmobles, de data 16.04.1870, doc. núm. 75. Colección particular: Orol-Freire. Ferreira do Valadouro. Transcrición: IF, 18.10.2001.
[6] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[7] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 51v-52r. Doc. 53. Cronoloxía: 03.03.1078.
[8] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. Doc. 13 C. Cronoloxía: cara a 1100.
[9] Fonte: colección diplomáticas, *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, páx. 107; núm. 8, 1992, páx. 90.
[10] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páxs. 379 e 428, docs. 194 e 206.
[11] Baixo as formas *Barrocido* e *A Rigueira de Varrocido* figura nun documento de 1734. Colección particular: Orol-Freire. Ferreira. Doc. núm. 3, páxs. 34 e 54. Transcrición: IF, 2001.
[12] P. Madoz, *Diccionario Geográfico*, t. XV, 1849, páx. 596.

Século XI

Nun documento do ano 1078 figura *per Sancto Acisclo* [1].

No Apeo de servos e posesións do mosteiro de Lourenzá, cara ao ano 1100 [2], no apartado 13 C, Noticia das *villas* de Guterri Osoriz (fillo de Osorio Guterriz, o Conde Santo), figura: *Villa in Sancti Aciscli* e *Villa in Radulfi*.

"NOTICIA DE VILLAS DE GUTERRI OSORIZ QUE DEDIT MONASTERIO VILLENOUE.
Decem uillas que sunt in Aurio, id sunt: Villa in Sancti Aciscli; Villa de Radulfi [Raúlfe, Santo Acisclo]; Villa Mayorciti; villa in Uillare; Villa de Butinane [Budián]; Villa in Radulfi [Raúlfe, Santo Acisclo]; Villa Mayor; Villa de Ambresco; Villa in Felguosa [Folgosa?, Santa Cilla]; Villa de Randanes que dedit domno Manualdit [Manualdo] a Guterri Osoriz" [3].

Século XIV

Mandas. Testamento de Teresa Fanega. Cronoloxía: 28.06.1313.

"Traslado de una carta extendida en Viveiro en la que se acredita que los frailes de San Francisco de esta villa mostraron el testamento de Teresa Fanega en el que figuraba una manda hecha a la Catedral de Mondoñedo: su quiñón de la iglesia de San Acisclo" [4].

"Saban quantos esta carta viren commo en presença de min, Pedro Peres, notario del Rey en Viueiro, et das testemoias que en esta carta son scriptas, XXVIII dias de juyo, Era de mill et CCCLI annos, veo Martin Dias de Villamayor et disso que vinna de mandado do Cabidoo de Mendonnedo et pidio aos frades de San Françisco que lle mostrassen a manda de Thereyia Fanega por raçon que lle disseran ao Cabidoo de Mendonnedo que lles por la manda mandara algo. E o Gardian de San Francisco mandou a Frey Juhan Goyos que lla mostrase. Et Frey Juhan Goyos mostroua en presença de min, notario. Et contensse na dita manda entre las outras que mandaua a dita Thereyia Fanega aa Iglesia de Villamaior o seu quinon da iglesia de San Acisco [sic], que complara et gaanara por saluamento de su alma..." [5].

Século XV

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Santo Açisco* [6].

Século XVI

No Antigo Réxime, o que hoxe é concello de Foz tiña as súas parroquias divididas en tres xurisdicións: Foz, Nois e Vilaronte. A parroquia de Santo Acisclo do Valadouro pertencía á xurisdición de Foz, dentro da provincia de Mondoñedo [7].

---

[1] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 51v-52r. Cronoloxía: 03.03.1078. A. Rodríguez González-J. A Rey Caíña, "Tumbo de Lorenzana. Transcripción y estudio", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 53, páx. 90.
[2] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 51.
[3] AHN. Clero. Lorenzana. Tumbo 1044 B. Fols. 23v-26v. A. Rodríguez González-J. A Rey Caíña, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, doc. 13 C, páx. 44.
[4] E. Cal Pardo, "De Viveiro en La Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, doc. 30, páx. 107.
[5] ACM. Arm. 3, n. 9/1. Calendario I. Fol. 99v. Transcrición: XVIII. Fols. 93v-94r. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 7, 1991, doc. 30, páx. 107.
[6] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, páx. 428.
[7] X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. IV, 1993, páx. 293.

Beneficios. O beneficio de Santo Acisclo. Cronoloxía: 1522.

[O 29 de marzo de 1522] O provisor do bispado de Mondoñedo, Juan Pérez de Luarca, tendo presente que estaba vacante o beneficio (cuarta parte sen cura), co seu padroado, de Santo Acisclo do Valadouro, por renuncia presentada polo rexedor de Mondoñedo Juan Ares, como procurador de Roy Basanta, clérigo, considerando así mesmo a pobreza da mesa capitular da Catedral; uniu e incorporou á devandita mesa capitular a referida cuarta parte de Santo Acisclo, co dereito de padroado e presentación da mesma. O chantre Álvaro Rebellón tomou posesión do dito beneficio o 9 de abril do mesmo ano [1].

Cesión. Cronoloxía: 1569.

"Dña. María [de las Alas Pumariño, fundadora do Mosteiro da Inmaculada Concepción Francisca, falecida en 1601] casó con D. Fernando Pérez Parragués, natural de Parga, vecino y regidor de A Coruña, de cuyo matrimonio no tuvo descendencia...
En 1569 falleció su padre y el 25 de septiembre de ese mismo año, ante el escribano de Viveiro Vasco Abad de Espiñarido, cumpliendo con su testamento, cedió al convento de Santo Domingo de Viveiro diez fanegas de trigo de renta perpetua sobre una propiedad que tenía en San Acisclo, jurisdición del Coto de San Martiño de Mondoñedo, para cumplir con la manda de su abuelo el regidor D. Juan Pita de Pumariño" [2].

Século XVII

Préstamos. O préstamo de Santo Acisclo. Prestameiro: Diego de Saavedra Osorio. Cronoloxía: 1628.

«... Álvaro Pérez en su testamento, otorgado en 1628, ante el escribano Francisco Díaz Durán, en el que se lee: "... y en la escritura que ycimos de fundación y dotación de la dicha capilla [de la Concepción, de la Catedral de Mondoñedo] dotamos para después de la vida del dotor don Diego de Saabedra Ossorio, Deán desta Santa Iglesia por el préstamo de Santo Acisclo del Balledouro, que está incorporado a la renta de la Mesa Capitular de dicho Cabildo..."» [3].

Préstamos. Unión do préstamo de Santo Acisclo á Mesa Capitular de Mondoñedo. Cronoloxía: 10.01.1634.

"El 10 de enero de 1634, con el consentimiento de Dña. María Marquesa, viuda de D. Álvaro Pérez Osorio Rengifo, regidor que había sido de la ciudad de Mondoñedo, como patrona que era *in solidum* del préstamo, tercera parte sin cura, de San Acisclo del Valle de Oro, [Don Francisco Villafañe, bispo de Mondoñedo (1631-1633)] [4] unió a la mesa capitular el referido préstamo, en virtud de la Bula del papa Nicolás V. El 15 del mismo mes y año el cabildo tomó posesión del referido préstamo" [5].

Beneficios de Santa Cilla e Santo Acisclo. Cronoloxía: xullo-agosto de 1675.

"Otra comisión del cabildo visitó al Sr. obispo [Fr. Sebastián de Arévalo y Torres, OFM, bispo de Mondoñedo (1672-1682)] en julio de 1675 para hablarle del beneficio de Santa Cecilia y San Acisclo.

[1] ACM. Arm. 3. Est. 4. Leg. 3. Núm. 5. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVI", *Estudios Mindonienses*, núm. 15, 1999, páxs. 144-145 e n. 96. A tradución é nosa.
[2] AHN. Clero. Leg. 3508. C. Adrán Goás- S. F. Pardo de Cela, "La fundación del monasterio de la Inmaculada Concepción Francisca de Viveiro", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páxs. 591-592 e n. 25.
[3] E. Cal Pardo, "El voto-juramento inmaculatista en la Catedral de Mondoñedo", *Estudios Mindonienses*, núm. 8, 1992, páx. 403.
[4] Realmente Villafañe continuou como bispo todo o ano 1633, por falecemento do bispo electo D. Fernando de Olea, o 19 de maio, antes de tomar posesión. Pensamos que D. Francisco Villafañe mesmo estivo exercendo en Mondoñedo no mes de xaneiro de 1634, como se reflicte nesta unión do préstamo de Santo Acisclo do Valadouro.
[5] ACM. Arm. 3. Est. 4. Leg. 3. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 93 e n. 438.

Sobre este mismo tema se volvió a hablar al Sr. obispo en agosto del mismo año. Se suspendió la provisión hasta que regresase de la visita" [1].

Preito entre o cabido e o prelado. Cronoloxía: 1675-1680.

"No se había finalizado el pleito de Cabarcos cuando surgió otro nuevo del mismo estilo, relacionado con la presentación de las parroquias de Santa Cecilia y San Acisclo del Valle de Oro. El cabildo afirmaba que le correspondía la presentación de dichas feligresías, el prelado [Fr. Sebastián de Arévalo y Torres, OFM, bispo de Mondoñedo (1672-1682)], a su vez, que ésta era un derecho de la dignidad episcopal. El prelado propuso que ambas partes presentasen sus alegaciones ante un abogado aprobado al efecto [2]. El Sr. obispo quería enviar al Lcdo. Pedro Baamonde las dudas que existían sobre la provisión de dichos beneficios de Santa Cecilia y San Acisclo. El cabildo envió a decir al prelado que no se fiaba de ningún abogado que fuese o hubiera sido provisor, como lo había sido el Sr. Baamonde. Por eso se inclinaba por un abogado de Lugo, La Coruña u Oviedo. El prelado respondió que no estaba dispuesto a acudir a ningún otro abogado para resolver este asunto. Llamó el prelado al maestrescuela de la catedral. En el mismo momento que comparecía ante el prelado, se presentaba también el P. ministro de los religiosos de los Picos o Villaoriente, a los que propuso examinar a los opositores a tales beneficios. En vista de ello acordó el cabildo que los examinadores sinodales que pertenecían a la catedral se excusasen de asistir, por esta vez, a los exámenes, so pena de una multa de 50 ducados y privación de voto activo durante seis meses" [3].

«Dos dignidades que habían sido convocados por el prelado para tomar parte en el examen apelaron contra el acuerdo y, en consecuencia, tomaron parte en los exámenes. En vista de ello el cabildo, en 2 de octubre de 1675, resolvió ejecutar la pena de los 50 ducados y privación de voto. Alegaba éste que en la ciudad había examinadores sinodales suficientes para tomar parte en los exámenes sin que interviniesen los do dignidades del caso (*ibid*., fol. 295v). El 9 del dicho mes [de outubro] el prelado notificó un auto, con censuras, para que el cabildo remitiese las multas impuestas a los dos dignidades que habían tomado parte en los exámenes. El cabildo acordó "se opusiese la excepción de que no toca a S. S. y se recusase, y a su provisor, para el conocimiento de esta causa". Se encomendó al tesorero notificarlo al prelado y se dio poder para la defensa de este asunto (*ibi*., fol. 298). El cabildo acordó acudir a La Coruña para salir al paso de la querella de fuerza sobre la multa hecha a los dos dignidades y las censuras lanzadas por el Sr. obispo» [4].

"El 2 de octubre de dicho año [1675] el cabildo otorgó poder al doctoral para que designase persona que se presentase, por esta vez, para la provisión de los dichos beneficios de Santa Cecilia y San Acisclo y que se comprometiese a defender, a su costa, en los tribunales el derecho del cabildo y contradecir el concurso hecho por el Sr. obispo en perjuicio del patronato del cabildo" [5].

"Como fruto de una misión celebrada en Mondoñedo, en noviembre de dicho año [de 1675], el cabildo acordó perdonar las multas y devolver el derecho a voto a los dos dignidades,,, Una vez perdonada la multa, se pidió al prelado que alzase las censuras. Las alzó por tiempo de tres días, durante los cuales vería lo que debía hacer (*ibi*. fol. 300v)" [6]

"El doctoral manifestó, con fecha 28 de mayo de 1677, que se hallaba a punto de partir para el seguimiento del pleito de Santa Cecilia y San Acisclo. Se le dieron cartas y el poder oportuno" [7].

"Este pleito todavía se estaba ventilando en julio de 1680" [8].

Tributos. 'Yantar' (anteriormente pagábase en especies). Cronoloxía: 17.06.1684.

"El 17 de junio de 1684 Juan López Palmeiro, vecino de San Acisclo, y Antonio Alonso de Marzán, vecino de Foz, con poder de los demás vecinos de ambas parroquias, concertaron con el prelado [Fr. Gabriel Ramírez de Arellano, OP (Dominicos), bispo de Mondoñedo (1682-1689)] el yantar que

[1] A. Cps. Fol. 291v. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páxs. 197-198 e n. 1.015.
[2] A. Cps. Fol. 292r. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 200 e n. 1.028.
[3] A. Cps. Fols. 294v-295r. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páx. 200 e n. 1.029.
[4] A. Cps. Fol. 298r. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páx. 200, n. 1.029.
[5] A. Cps. Fol. 296r. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páx. 200 e n. 1.030.
[6] A. Cps. Fol. 300. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páxs. 200-201, n. 1.029.
[7] A. Cps. Fol. 338v. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páxs. 200-201 e n. 1.031.
[8] A. Cps. Fol. 408r. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páx. 201 e n. 1.032.

pagaban todos los años a los obispos de Mondoñedo. Se fijó el importe del dicho yantar en 5.500 maravedís. La duración del contrato sería de la vida de tres reyes y cien años más" [1].

Foros. Cronoloxía: 21.05.1689.

"El 21 de mayo de 1689 [Fr. Gabriel Ramírez de Arellano, OP, bispo de Mondoñedo (1682-1689)] aforó a Juan Álvarez da Pedreira, vecino de San Acisclo, un prado, pumarega y vagos, sitos en dicha parroquia, por tiempo de tres reyes y cincuenta años, en canon de un ferrado de trigo y seis reales" [2].

Preitos. Cronoloxía: 1691.

"El prelado [Fr. Miguel Quijada, O. Cist., bispo de Mondoñedo (1690-1698)] y su provisor también promovieron pleitos criminales diversos. [...] Abundaron los pleitos en 1691 contra curas y personas de Muras, Cuadramón, Santa María de Carballido [Vilalba], Cerdido, Foz, [San Pedro de] Mor, Mondoñedo, Landrove, Justás [Cospeito], Lago, Germade, Cabaneiro [Abadín], Villameá [A Pontenova], Castro (Santa María) [Begonte], Couzadoiro [Ortigueira], San Sebastián de Carballido [Alfoz], Romariz [Abadín], San Acisclo, Vivero. Los motivos fueron diversos, como apropiación indebida, palabras injuriosas, alborotos en la iglesia, etc." [3].

Século XVIII

Vínculos e aniversarios. Cronoloxía: 1706-1711.

O Licenciado Alonso de Agoeira, veciño de Santo Acisclo, no seu testamento pechado de 1706 crea un vínculo e fundación con seis misas de aniversario perpetuo, agregando a elas os bens que tiña. No codicilo de 1711 agregou ao devandito aniversario os bens que adquirira despois do outorgamento do devandito testamento, deixando por herdeira á súa sobriña, Xosefa López de Luaces [4].

Provisión de beneficios. Cronoloxía: 1709.

"La provisión de beneficios de presentación del cabildo levantó ciertas divergencias entre éste y el prelado. Parece ser que Fr. Juan [Muñoz y Salcedo, bispo de Mondoñedo (1705-1728)] o su provisor impedían a los prebendados realizar las diligencias oportunas en relación con la provisión del beneficio de Sta. Cecilia y S. Acisclo del Valle de Oro en 1709. Éstos significaron al prelado que se sentían heridos por este proceder, máxime cuando, por este motivo, el tesorero había sido recluido entre las rejas de la cárcel" [5].

En 1718, a parroquia de Santo Acisclo do Valadouro pertencía á Mitra de Mondoñedo, estando integrada unha parte da parroquia na Xurisdición da "Tierrallana del Valle de Oro", e a outra parte na Xurisdición de Foz e Santa Cilla. Era Xuíz desta última xurisdición D. Mateo Marcos de Villar [6].

Personaxes. Juan de las Riveras. Cronoloxía: 1753.

En 1753 o muíño do Campo pertencía a D. Juan de las Riveras, cura párroco de Santa Cilla e Santo Acisclo [7].

---

[1] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 407-412. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Siglo XVII", *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 239 e n. 1.233.
[2] AHN. Clero. Libros. Núm. 6371. Fols. 413-416. E. Cal Pardo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 16, 2000, páx. 240 e n. 1.237.
[3] ADM. Causas criminales. Legs. 5-12. E. Cal Pardo, op. cit., *EM*, núm. 16, 2000, páxs. 256 e 257, n. 1.334.
[4] Auto de Recusación en Audiencia Pública. Real Audiencia do Reino de Galicia, A Coruña. Colección particular: Orol-Freire. Ferreira do Valadouro. Mazo B. Doc. núm. 2. Cronoloxía: 31.08.1734. Selo: 1734. Transcrición: IF, 2001.
[5] A. Caps. Vol. 15. Fols. 371v, 380r. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense. Primera mitad del siglo XVIII", *Estudios Mindonienses*, núm. 17, 2001, páxs. 286-287 e n. 75.
[6] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páxs. 223, 225.
[7] P. López Pérez-J.R. Fernández Pacios, *Recuperación da memoria histórica. Foz*, 1993, páx. 63.

Personaxes. Juan Arías [sic]. Cronoloxía: 1790.

Juan Arías [sic]. Fundador dunha escola pía no lugar da Senra.

«Juan Arías, vecino de San Acisclo del Valle de Oro, en testamento de 21 de Agosto de 1790, bajo el que falleció, otorgado ante el escribano Francisco José de Cora y Miranda, de Mondoñedo, declara lo siguiente:
Que Juan Arias, oriundo de dicha parroquia de San Acisclo y vecino de la ciudad de Sevilla, hijo de Pedro Arias y María González, tío del testador y hermano de José Arías padre del mismo, otorgara ante Sebastián de Santa María, escribano de dicha ciudad, en 18 de Enero de 1704 y 25 de febrero de 1711, testamento y codicilo, respectivamente, bajo los cuales falleciera, y que en ellos instituyó por su único y universal heredero a "Domingo Arias, su hijo legítimo, al tiempo residente en los Reynos de Indias, sin saber si era vivo o muerto, y en caso de que lo fuese y que de él no quedase subcesión legítima, dispuso la fundación de una escuela pía de primeras letras en dicho lugar de Senra, para que las aprendiesen los niños del mismo lugar, prefiriendo sus parientes y eligiendo por patrono al motivado José Arias, su hermano,..."
Que poco después, enterados de esta fundación Domingo y Jacinto Arías, hermanos de dicho José, acudieron a la alcaldía mayor de Mondoñedo, contradiciendo el establecimiento de la escuela, mientras no se hiciese constar "de la muerte [de] dho Domingo Arias, con lo más que en el asunto espusieron", a lo cual se espuso el José Arías, electo patrono.
Que hallándose la instancia a prueba, por escritura de 2 de mayo de 1720, ante el escribano Felipe de Legaspi, se transigieron los José, Jacinto y Domingo, acordando que el primero llevase la mitad de los bienes raíces fincables del Juan Arías, así [como] capitales como [sobraría este "como"] por él adquiridos, situados en San Acisclo, San Pedro de Cangas y San Julián de Nois. Y que los Jacinto y Domingo llevasen la otra mitad.
Que nadie intentara poner en práctica la creación de la escuela, fundándose en varios dictámenes, que persuadían no estar obligado a ello, pero que para el mayor sosiego de su conciencia, consultara el asunto con el ilustrísimo señor obispo de la diócesis, el cual acordara la fundación de la escuela.
Que conformándose con lo resuelto por el prelado, era su intención que después de su muerte se estableciese la escuela en dicho lugar da Senra, en la cual se enseñase a los niños a leer, escribir, contar y la doctrina cristiana, sin que se pudiese percibir estipendio alguno de los niños de la parroquia de San Acisclo y de los que fuesen parientes del otorgante y del tío de éste Juan Arias.
Dispuso también el otorgante que el patronato de la escuela fuese de los curas de San Acisclo, nombrando por primer patrono a D. Francisco Roel y Varela, párroco que entonces era de San Acisclo y Santa Cecilia.
Designó bienes para la dotación de la escuela y dejó sin efecto la obligación de celebrar el cabo de año dispuesto por el Juan Arías, tío del otorgante.
En 1838 administraba esta escuela don Ramón María Rojo, cura de Santa Cecilia y su anejo San Acisclo, y a ella solían concurrir más de cuarenta niños» [1].

Século XIX

D. Luís Díaz de Labrada, con antecesores no Castrodouro, no ano 1847 tiña propiedades nesta parroquia de Santo Acisclo do Valadouro, concretamente no lugar da Rabia [2].

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [3], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados. Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.

[1] E. Lence-Santar y Guitián. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páxs. 171-172.
[2] Pagamento de Xosé Freire. Colección particular: Orol-Freire. Ferreira do Valadouro. Doc. núm. 55. Cronoloxía: 28.01.1847. Transcrición: IF, 18.10.2001.
[3] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado,

En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 8 parroquias anexas que conformaban o "Deanato" da Mariña era *San Acisclo del Valle de Oro* (anexa da matriz Santa Cilla do Valadouro) [1].

Fundacións. Confraría de Ánimas. Cronoloxía: 1876.

Existía, segundo unha certificación do Bispado de Mondoñedo de data 08.07.1876, unha Confraría de Ánimas nesta parroquia, sendo o propietario da hipoteca D. Xosé Freire Montenegro, que solicita a redención da devandita fundación [2].

Século XX

O Arquivo da Catedral de Mondoñedo (ACM). Bens do Cabido.

"Treinta y tres legajos comprensivos de los bienes del Cabildo, distribuidos por parroquias: [...] Valle de Oro (un legajo), [...] Santa Cecilia y San Acisclo (Valle de Oro) (dos legajos)" [3].

Escolas. Cronoloxía: 1924.

"«Asi recollemos que na sesión do 8 de Maio de 1924 a instáncias de [Manuel] Lugilde [Penelas] a xunta ['Junta Local de Primera Enseñanza'] acordou por unanimidade solicitar [diversas escolas para o concello de Foz]... Por último decide-se: "Informar al ayuntamiento proponiendo la creación de una escuela mixta en San Acisclo, una de niños en Santa Cecilia transformando la existente en unitaria de niñas; otra mixta en el barrio de Forján..."» [4].

Escolas. Cronoloxía: 1930.

"... escola mista de San Acisclo (1930, rexentada por Inocéncia Cuadrado) e a escola de nenos de Santa Cilla (1930, que tivo como primeiro mestre a Xesus Golmar, alcalde nacionalista de Lalin fusilado en 1936 e posteriormente a Ramona Galea e Celestino Álvarez)" [5].

[1] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[2] Certificación do Bispado de Mondoñedo. Colección particular: Orol-Freire. Ferreira do Valadouro. Doc. núm. 79. Cronoloxía: 08.07.1876. Transcrición: IF, 2001.
[3] E. Cal Pardo, "El Archivo de la Catedral de Mondoñedo", *Estudios Mindonienses*, núm. 2, 1986, páxs. 443-444.
[4] R. Ermida Meilán-M. Pazos Martínez, "Vida e obra de Manuel Lugilde Penelas (I)", *Bolanda*, Cadernos de História Fozega, núm. 1, edita: A Pomba do Arco, Foz, 2003, páx. 133.
[5] R. Ermida Meilán-M. Pazos Martínez, op. cit., *Bolanda*, Cadernos de História Fozega, núm. 1, 2003, páx. 135.

IGREXA DE SANTO ACISCLO DO VALADOURO *(Santo Acisclo)*

Parroquial.
Situación: perto do castro mencionado por Villa-Amil como Os Castros [1].
Estrada LU-152 (Foz-Ferreira), Km 10.
Espadana de dous corpos e tres vans. Escaleira exterior de acceso, muro dereito.

Figura no Inventario do Patrimonio cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [2].

Nave

"Sencilla construcción de una nave, arco triunfal de medio punto, capilla mayor y sacristía detrás" [3].

Fachada principal

"Fachada principal con puerta de arco adintelado y espadaña de dos cuerpos y tres vanos a la que se sube por escalera exterior" [4].

Capela maior

Retablo maior.
Estilo: neogótico.

"Retablo mayor neogótico, sin valor, con imagen de San Acisclo, con palma en la mano y cuchillo en la garganta (0,84), con levita típica del siglo XVIII español. Al lado del retablo, un Cristo de madera (1,60), siglo XVII.

Retablo.
Estilo: neogótico.

Retablo derecho neogótico, sin valor, con Virgen de vestir; San Roque popular (0,60), y San Antonio popular (0,66).

Retablo.
Estilo: neogótico.

Retablo derecho [esquerdo], semejante al frontero, con imágenes de San José (0,54), siglo XVIII; Santa Victoria (0,65), es mártir, siglo XVIII, con palma en la mano y flechas clavadas" [5].

Sacristía

"En la sacristía, piedra de lavatorio empotrada en el muro.
Cáliz de plata (0,22), siglo XVIII.
Medio viril del siglo XVIII con rayos (0,23), de plata.
Otro cáliz de plata (0,22).

---

[1] J. Villa-Amil y Castro, "Los castros y las mámoas de Galicia", 1878, páx. 226. Nota dos autores: este castro encontrárono Manuel Miranda Ruíz e Miguel Vizoso Veiga, da asociación Mariña Patrimonio, máis abaixo da igrexa parroquial, mesmo onde hoxe existe unha casa de turismo rural coñecida como Casa Piago. Informante: Miguel Vizoso Veiga, 28.07.2013 (IF).
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. IV, 1993, páx. 305.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 187.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 187.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páxs. 187-188.

Cruz procesional de estilo rococó, siglo XVIII, con dibujos de rocalla en la macolla y en los brazos; en el reverso, la Virgen, de plata" [1].

Imaxes existentes no ano 2000 [2]

Santo Acisclo	Cronoloxía: século XVIII. Situación: retablo maior. Levita típica do século XVIII español [3].
Cristo crucificado	Cronoloxía: século XVII. Situación: ao lado do retablo maior. Material: madeira.
Virxe (Dolorosa?)	De vestir. Situación: retablo dereito.
San Roque	Estilo: popular. Situación: retablo dereito.
Santo Antonio	Estilo: popular. Situación: retablo dereito.
San Xosé	Cronoloxía: século XVIII. Situación: retablo esquerdo.
Santa Vitoria	Cronoloxía: século XVIII. Situación: retablo esquerdo.
Virxe do Rosario	

Cemiterio

Situación: á esquerda da igrexa parroquial.

Cruceiros, cristos, cruces e petos de ánimas

O CRISTO

Situación: pasada a igrexa parroquial, á esquerda, indo para Vilares; exterior.
Tamaño do peto de ánimas: 2,50 metros.
Fornela con Cristo crucificado. Tamaño do Cristo: 0,50 metros.
Estilo: popular.
Material: pedra [4].

Figura como "Cruceiro de Acisclo" [sic] no Inventario do Patrimonio cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Etnografía: Cruceiros e petos de Ánimas [5].

---

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 188.
[2] Colección gráfica: Xesús Pisón, 2000.
[3] P. López Pérez-J. R. Fernández Pacios, *Recuperación da memoria histórica. Foz*, 1993, páx. 149.
[4] Xesús Pisón, 2000.
[5] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, t. IV, 1993, páx. 306.

"En la ladera del monte, a poca distancia del templo, Cristo popular en un pequeño monumento de piedra con su hornacina. El cristo mide 0,50" [1].

Desafortunadamente, no verán do ano 2016 só restaban en pé 50 centímetros da base.

"Fai uns días falabas do [peto de ánimas] que coñecías un pouco máis arriba da igrexa de Santo Acisclo, indo para Vilares. Pois ese xa non existe; pasei onte [22.07.2016] por alí e o único que queda é medio metro de pedras da base do mesmo. Non sei se caeu pola súa inclinación ou o derrubaron" [2].

C a s a s Grandes

A CASA DE SERANTES [3]

Situación: lugar de Serantes.
Está en grande parte arruinada.
Relacionada coa Casa de Allegue, de Carballido.
Relacionada coa casa de Pardo de Cela.
Desamortización.
A comezos do século XX pertencía a Patricio del Seijo.
Patricio del Seijo era o pai de Xan de Masma.
O músico e compositor Felicísimo Valiela (Félix Canoura Ramos, 1921-2007) morou nos seus primeiros anos nesta casa de Serantes, e na última etapa da súa vida moraba en Foz; este personaxe da cultura musical (de quen facemos recensión dentro desta mesma parroquia) tiña datos que informan da casa de Serantes desde o século XV [4].

Fidalguía da Casa solar de Seijo

Século XIV

Personaxes. Cosme de Seijo. Cronoloxía: 1306.

"Sancho IV El Bravo, en uno con la Reina Dª Violante su mujer y sus hijos el Infante D. Fernando, Príncipe heredero; D. Sancho; D. Pedro; D. Juan y D. Jaime, el 18 de Octubre de 1306, concedió a Cosme de Seijo privilegio en el cual dice que *por muchos y buenos servicios que nos hizo y nos face de cada día quitámosle y a sus hijos e hijas y nietos y visnietos y a todos sus herederos quantos de el hubiere, de todos quantos pechos y monedas y pedidos y fonsados que nos mandaremos hechar en qualquier ciudades, villas y lugares y señorios de estos nuestros reinos, y echaren sobre si, en qualquier manera, que ombre ha de pagar para siempre jamás*" [5].

Século XV

Personaxes. Diego de Seijo. Cronoloxía: 1405.
Personaxes. Pedro de Seijo. Cronoloxía: 1432.
Personaxes. Julián de Seijo. Cronoloxía: 1477.

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 188.
[2] Informante: Juan Luis Pisón Villapol, www.facebook.com, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", 23.07.2016.
[3] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 21.
[4] Informante: Ramón Ermida Meilán, setembro de 2000.
[5] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado II*, 2000, páx. 46.

"Hijo, nieto y bisnieto de Cosme, fueron respectivamente Diego, Pedro y Julián de Seijo, del lugar de Seijo, los cuales obtuvieron confirmación del privilegio: Diego, en Burgos, el 20 de Febrero de 1405; Pedro, en Valladolid, el 4 de Julio de 1432; y Julián en Jerez el 20 de Octubre de 1477" [1].

Séculos XVII e XVIII

Personaxes.

Blas del Seijo, natural de San Pedro de Moreiras, bisavó de Vicente Jacinto del Seijo.
Juan del Seijo y Segade, natural de Ourense, avó de Vicente Jacinto del Seijo.
Juan Martínez del Seijo y Mira, natural de Ourense, pai de Vicente Jacinto [2].

Séculos XVIII, XIX e XX

Personaxes. Vicente Jacinto del Seijo. Cronoloxía: 1747.

Nacido en Ourense no ano 1747 e fidalgo de sangue.

"Y descendientes de ellos o de la familia fueron el citado D. Vicente Jacinto del Seijo y D. Patricio [del] Seijo de Mondoñedo" [3].

Personaxes.

Benito Seijo Abad, Tenente Coronel dos Reais Exércitos, bisavó paterno de Patricio Seijo Freijoso.
Antonio Seijo, avó paterno de Patricio Seijo Freijoso.
Francisco Seijo, pai de Patricio Seijo Freijoso [4].

"En un certificado expedido el 1º de Septiembre de 1833 por el Alcalde y Justicia Real de San Pedro de Moreiras, se dice que dichos señores descienden por línea recta de varón; disfrutan de la hidalguía, nobleza, privilegios y distinciones de los demás caballeros hijosdalgo; se hallan alistados en los padrones de Calaita; no ejercieron oficio vil, no fueron castigados por el Santo Tribunal de la Inquisición, ni están mezclados con ninguna otra *mala raza de judio, herejes ni otras malas sectas*" [5].

Personaxes. Patricio del Seijo Freijoso. Cronoloxía: 1815-1837.

Patricio [del] Seijo Freijoso, natural de San Pedro de Moreiras, farmacéutico, residiu en Mondoñedo. En 1815, o 10 de novembro, D. Patricio obtivo o título de farmacéutico e o 22 de setembro de 1831 foi nomeado subdelegado de Farmacia en Mondoñedo. En 1833, o 28 de decembro, a "Sociedad Económica de Amigos del País", restabelecida na cidade de Santiago de Compostela, noméao socio. En 1835, a 12 de xuño, era Capitán da Compañía de Milicia Urbana de Infantería, dos Cotos de Vilarente e Moncelos, no actual concello de Abadín, e o 2 de abril de 1837 foi nomeado 2º Tenente da 1ª compañía da Milicia Nacional de Mondoñedo. Casou con Dª María Isabel Cornide, dona e señora que foi do Coto redondo da Graña de Vilarente. D. Patricio del Seijo Freijoso foi Director fundador de *La Industriosa*, sociedade na que figuraron homes tan ilustres como Nicomedes Pastor Díaz y Corbelle, de Viveiro [6].

Personaxes. Valentín del Seijo Cornide. Cronoloxía: segunda metade do século XIX.

D. Valentín del Seijo, de dita cidade de Mondoñedo, fillo dos anteriores, Patricio del Seijo Freijoso e M.ª Isabel Cornide, tamén farmacéutico [7].

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado II*, 2000, páx. 46. A tradución é nosa.
[2] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 44.
[3] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 46.
[4] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 47.
[5] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 47.
[6] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páxs. 47-48.
[7] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 48.

Personaxes. Patricio del Seijo. Cronoloxía: até comezos do século XX.

D. Patricio del Seijo, fillo do anterior, D. Valentín del Seijo, Deputado provincial [1].

Séculos XX e XXI

Personaxes. Félix Canoura Ramos, *Felicísimo Valiela*. Músico. Cronoloxía: 1921-2007.
Felicísimo Canoura Ramos.
Felicísimo de Valiela ou de Valmaior.
Santo Acisclo do Valadouro.
Nacido no ano 1921 e falecido en 2007.
Músico.

Felicísimo Canoura, alto e ben parecido, persoa culta, era un grande violinista. Comezou tocando no Valadouro, con Maseda, o que posteriormente fundou a orquestra que levaba o seu nome. Felicísimo e Maseda facían un dueto de violín e acordeón, e tocaron no salón de baile que había detrás da casa do que foi posteriormente Bazar Casa Pernas, en Ferreira.
Felicísimo Canoura era da quinta do 1941. Cando estalou a Guerra Civil española, Felicísimo colleu unha bicicleta e foise até Ferrol. Alí embarcou para o estranxeiro (A Arxentina). Eran os primeiros días da guerra. A Felicísimo aínda non o chamaran a filas, pero era consciente de que lle podía tocar.
Na Arxentina traballaba de chapista e daba concertos. Hai quen di que foi membro da Orquestra de Cámara (ou algo semellante) de Buenos Aires.
Porfirio Canoura Fernández recórdao tocar con Maseda no Salón de Pernas.
Santiago Romero López, O Zapateiro, que foi saxo na Orquestra Maseda, escoitoulle un amplo repertorio, de volta da Arxentina (Felicísimo era uns dous anos máis novo que Santiago).
Viviu un tempo en Santo Acisclo do Valadouro e posteriormente en Foz, até a súa morte. Deste Canoura do Valadouro é da persoa que falan Álvaro Cunqueiro e Fernández del Riego na súa correspondencia recentemente publicada por Galaxia; en concreto, dunha súa composición musical con letra sobre o personaxe de Pardo de Cela [2].

EXTRACTO DUNHA CARTA QUE LLE ENVIOU ÁLVARO CUNQUEIRO A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO EN OUTUBRO DE 1958 FALÁNDOLLE DE FELICÍSIMO CANOURA.

CARTA Nº 60

"Un tal Canoura Ramos, músico, galego do Valadouro, residente na Arxentina, mandou a Bruselas, ó Concurso internacional de sinfonías, unha súa tiduada Pero Pardo, o Mariscal Opus 2. Este que che acompaño é o texto descriptivo. Coido que quere poñelo en galego, e que de publicarse a sinfonía irán resumes en inglés, francés e alemán, Como me mandou dous exemplares envíoche ise. Paréceme unha cousa inocente. Pero tamén eran máis que inocentes, disparatadas, as descriciós wagnerianas! É decir, que todo depende do valor da música. Si a música fora boa, todo sería do mellor" [3].

Un casual e feliz achado

No ano 2016, nunha conversa privada acerca da peripecia vital do músico, intérprete e compositor Felicísimo Canoura, o interlocutor de quen isto publica como nova importante, menciona que el ten en propiedade o "Poema Sinfónico nº 2 Op. 17. Épico-Dramático- al Heroe y Martir; En defensa de la dignidad de su pueblo; Celta-Suevo. Mariscal: Don Pedro Pardo de Cela. Por: Felix Canoura Ramos".

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado II*, 2000, páx. 48. A tradución é nosa.
[2] Isaac Ferreira, 06.05.2003.
[3] Álvaro Cunqueiro, en Dolores Vilavedra (edic.), *Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego 1949-1961*, Editorial Galaxia, Vigo, 2003, páx. 130.

No orixinal do Poema Sinfónico de Felicísimo Canoura, figura na portada unha fotocopia da pintura-retrato de Pardo de Cela con armadura, e Felicísimo escribiu á man (marcando cunha frecha) o nome: Lugarteniente SERANTES DE COBAS.

Existe unha descrición revisada do Poema Sinfónico, con data do ano 1957, escrita a máquina [1].

Outras obras de Felicísimo Canoura

As bruxas do Xistral (A partitura desta composición musical está en poder de Emilio Méndez Corral, de Finca Galea) [2].

A Fonte de Muxeleín (Muxeleín era un guerreiro celta que nunca foi derrotado).

Felicísimo Canoura. Unha biografía (2013).

«Félix Canoura Ramos (1921-2007), Felicísimo Valiela, natural de San[to] Acisclo.
A ubicación xeográfica actual de San[to] Acisclo en Foz non nos parece razón dabonda para esquecer e non dedicarlle estas liñas a un home musicalmente enraizado no Valadouro nos seus comezos e no seu retorno [da Arxentina].
Seu pai, José Canoura Valiela (morre o 15 de Febreiro de 1963), e súa nai, Josefa Ramos Cal, tiveron dez fillos: Ramón, Purificación, Abelardo, Emérita, Victorina, César, María, Remedios, José (emigrado á Arxentina) e Felicísimo, que nace o vintenove de xaneiro de 1921.
Segundo el mesmo [Felicísimo] escribiu nun documento cedido por D. José Luis Fernández Guerreiro podemos ler que viviu no lugar de Serantes ata os dezaseis anos:
"Baixando desd'ô 'Campo de Muxilaiun' pol-o 'Coto d'o Piñeiro' cara a-o 'Rio D'Ouro', encóntrase o 'lugar de SERANN'S', (Serantes) que foi Capitán de Mesnadas d'o 'Mariscal PARDO DE CELA'. – Este, donoulle a Serann's, e orden lle deu de 'fundar a Aldea d'o ACISS'COLL', (San Acisclo), (a mediados d'o Siglo XV), – Por e con 'DEREITO DE VOZ'; con 'CASA FIRME' – 'pr'a ter a raya a-o Conde de Fontao, que iba ou guerreaba contra o 'Castillo d'o AL-FOX' d'o Mariscal... N'esta 'Casa Seránn's' ou Serantes, nacín Eu.– E me criei, hasta ter 16 Anos. – !Meu Fogar!!..."
A súa andaina musical estará unida ó violín, no que demostrou dende neno un virtuosismo que causaba admiración.
Analizando os seus textos autógrafos deducimos que ós doce anos, 1933, debeu comezas a ter contacto cun *"vello violín"* e logo formou dúo con Eladio Maseda, dez anos maior ca Felicísimo. No ano 1934 xa eran un trío [o Trío Maseda] tal como se demostra lendo o seguinte [texto autógrafo]:
"– Cuando yo tenía 13 Años, rascaba el violín y cantaba en un 'Trío Popular', conpuesto [sic] o integrado por: Eladio MASEDA; – Como acordionista [sic]; – 'O RUCHO': – percusionista; – y yó [sic]; 'violero y cantor'. – (Éramos: 'O TRÍO MASEDA'. –)".
[...]
Con dezaseis anos subiu á bicicleta e pedaleou ata a Coruña onde embarcou de polisón con rumbo a Buenos Aires [a primeiros de 1937]. É de supoñer que elexise [sic] a Argentina porque xa estaba alá seu irmán Xosé.
Primeiro estableceuse en Buenos Aires onde traballou en varios oficios, logo trasladouse á cidade de Córdoba para traballar de chapista soldador, na multinacional Ford, e para estudiar [sic] música ata acadar o éxito como primeiro violinista da Sinfónica de Córdoba e como compositor, o que lle permitiu dedicarse [a] esta profesión artística.
O seu interese por outras disciplinas e doutrinas levouno a estudiar [sic] alemán e a impartir docencia na Facultade de Humanidades da Universidade de Córdoba.
Viviu nun permanente conflicto [sic] existencial no que a súa identidade se afianza en dous nomes, Felicísimo, co que asigna [sic] e se rexistra, e *KelttBardad*, o seu nome artístico, cargado dunha filosofía e dunhas teorías histórico-existenciais coas que conviviu ata... o 24 de Maio de 1977, na súa casa Luc de Saldán en Córdoba (Argentina).
Deixando a un lado os conflictos [sic] e ideas personales [sic], se nos centramos nos seus traballos aprezamos dous aspectos que non admiten discusión e que aparecen sempre mesturados: o amor á terra onde naceu e o seu innegable talento, que o levou a compoñer unha obra tan extensa e complexa que a súa análise e estudio [sic] sobrepasan os obxectivos deste traballo.

[1] Esta obra musical está rexistrada na Sociedade de Autores con data 10.01.1983; na actualidade forma parte dunha colección privada. Información: Isaac Ferreira, 2016.
[2] Información: Manuel Lourenzo, 17.08.2003.

Mantivo unha peregrinaxe constante, como o demostran algúns dos rexistros das súas [viaxes] transcritas literalmente das navieras [sic] de ultramar: Vigo-Buenos Aires (09.12.1953; 06.10.1957; 24.10.1959).
Nas súas estadías en Galiza e en España aproveitaba o tempo para:
- Compartir recordos e coñecementos cos músicos do Valadouro; algúns deles, como José Rodríguez *Riego* recibiu clases e perfeccionou matices con el.
- Vivir emocións... na compaña das amizades, entre as que destacou a poetisa Olimpia Pérez, natural de Logroño, pero afincada en Foz dende o 1943, e xuntos deron vida [ao] 'Alalá de Foz do Masma' no verán do 1953, composta *por cierto, en Casa Pascasio, sitio de tertulias y popular entonces como ninguna*.
Dada a dificultade que supoñía a interpretación desta peza non foi estreada ata setembro de 2009 [xa falecido Felicísimo], cincuenta e seis anos despois, pola Coral de Foz, baixo a dirección de Carmen Alonso,... e en homenaxe á poetisa Olimpia [Pérez]...
Noutras viaxes a Madrid, onde viviu unha tempada, aproveitaba para rexistrar parte da súa extensa obra, que xa comezara a rexistrar en Argentina no ano 1956. Todas elas, e moitas outras, escritas para orquestras sinfónicas.
[...]
Queremos destacar algunhas pezas con letra e sentimentos galegos nos que se reflicten o Valadouro e o seu contorno:

170.529.- SEIS PENSAMIENTOS CELTO-SUAVOS, op. 31.
Títulos que comprende:
A O MARISCAL PARDO DE CELA
NAMORADO
ORVALLO
RONDA DE PEQUENAS
ATARDECER NO OUTEIRO
AMENCER NEVENTO

183.492.- AS MEIGAS D'O XISTRAL, op. 30.
(I.-LA TARDE Y ANOCHECER)

188.416.- CANTIGA DE FOZ D'O MASMA
191.578.- ALALÁ DE FOZ D'O MASMA

Algunhas destas composicións levan especificado o modelo de violín ou viola coa que deben interpretarse, que, non por casualidade, coinciden cos modelos que Felicísimo adquiriu ó longo da dilatada carreira profesional...
Trátase de instrumentos únicos e exclusivos con arco de madeira de Pernambuco cun valor económico considerable por ser construído por prestixiosos luthiers, como o reflicten as súas etiquetas coa denominación de orixe.
[...]
Destas e doutras lecturas que realizamos da súa obra deducimos:
1º.- Que Felicícimo marchou da nosa terra cun sentimento de incomprensión social cara á súa persoa e os seus valores potenciais porque non entenderon a aquel bardo que el levaba dentro...
2º.- Que atesoura o sentimento de bardo, poeta reivindicativo das nosas raíces, o cal lle [sic] levaría a adoptar o nome de *KelttBardd* en alusión ó espírito ou idea que debe seguir para salvar o mundo da adversidade...
[...]
Estas e outras ideas asumidas pola mente de Felicísimo como verdades ancorárono nunha historia anacrónica e virtual que o levaron a se convertir [sic] nun ser en litixio permanente con toda a realidade circundante, co cal deteriorou o seu prestixio social e rematou nun mundo illado tal como desexaba na súa derradeira vontade, escrita a man e presentada con testemuñas no xulgado de paz correspondente.
Todo o anteriormente exposto non exclúe o seu innegable talento, o valor da súa extensa obra, merecente dun estudio [sic] profundo e sobor [sic] de todo o amor á súa terra e ós seus pais, dos que sempre conservou a fotografía... nun lugar preferente» [1].

[1] F. Piñeiro González-M.ª P. Rodríguez Silva, *Lembranzas musicais do Valadouro*, xullo de 2013, páxs. 29-37 e 90.

Felicísimo Canoura. Última recensión (2018).

«Otro músico de A Mariña fue Félix Canoura Ramos, nacido en San[to] Acisclo (Foz) en 1921 y emigrado a Argentina en 1937. Según Alberto Vilanova, en Buenos Aires estudió Violín con Spiller, composición con Busch y armonía co Elenátola y Pabissa. Canoura fue primer violín de la Orquesta Nacional Argentina, director de la coral del Centro Lucense y compositor de 24 obras y dos poemas sinfónicos, uno titulado Pardo de Cela, O Mariscal, Opus 2. De esta obra da cuenta Cunqueiro en *Cartas ao meu amigo* que recoge el epistolario mantenido con Fernández del Riego en 1958. Dice Cunqueiro que Canoura envió al Concurso Internacional de Sinfonías de Bruselas el citado poema sínfónico y que "paréceme unha cousa inocente. Pero tamén eran máis que inocentes, disparatadas, as descricións wagnerianas. É decir, que todo depende do valor da música. Si fora boa, todo sería [do] mellor". Canoura se trastornó en sus últimos días en San Acisclo y, basándose en una supuesta descendencia de Pardo de Cela, planteó pleitos a sus vecinos reclamándoles lo que él consideraba sus tierras» [1].

Armas da Casa de Seijo

"Según un mal calco a pluma y colores en papel gelatinoso, de un escudo pintado existente en esta casa de Mondoñedo en 1925. Sobre campo verde, cinco aves volando en sotuer viéndose en el escudo timbrado de casco o yelmo con plumas, terciado, vuelto del lado diestro, con cinco grilletas o regillas" [2].

Arquivo familiar

No ano 1928 existía o Arquivo da Casa de Seijo [3].

| Outras casas e lugares de interese |

A CASA DE CACHEIRAS

Situación: rueiro coñecido como Martín.
Estrada LU-152 (Foz-Ferreira), Km 9,800.
Patín.
Porta con arco [4].

MUÍÑOS E FUNDICIÓN DE SANTO ACISCLO

Situación: A Ponte.

Personaxes. Alonso de Agoeira. Cronoloxía: 1706-1711.

A comezos de século XVIII, os muíños e fundición da Ponte de Santo Acisclo eran propiedade do Licenciado D. Alonso de Agoeira, que no seu testamento do ano 1706 e codicilo de 1711 crea un vínculo con seis misas de aniversario perpetuo, ao que estaban agregadas a metade da fundición e muíños da Ponte . Esta era precisamente a facenda que máis estimaba o fundador do vínculo.

---

[1] M. Fernández, "MEMORIA DE MARIÑÁNS. Dos relevantes músicos de Foz y Celeiro en la emigración", *La Voz de Galicia* (A Mariña), 23.09.2018, páx. 6.
[2] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado II*, 2000, páx. 47.
[3] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 2000, páx. 51, n. 17.
[4] Propiedade de Ramón Acevedo Carballés. Visita e fotografías: IF, 12.09.2000.

Personaxes. Xosefa López de Luaces. Cronoloxía: 1734.

Á morte de D. Alonso, os muíños e fundición de Santo Acisclo pasaron á súa herdeira e sobriña, Xosefa López de Luaces. Este vínculo levouse a preito á Real Audiencia do Reino de Galicia, na Coruña, no ano 1734, por mor dunha falsificación do codicilo que levaron a cabo un xenro e o consogro de Xosefa López de Luaces [1].

Personaxes. Xosé Villapol e Luaces. Cronoloxía: 1753.

Un muíño de tres rodas que, en 1753 pertencía a D. Xosé Villapol e Luaces, fillo de Antonio Gómez Villapol e Xosefa López de Luaces, e herdeiro desta, debía estar situado neste lugar da Ponte de Santo Acisclo [2].

| F o n t e s |

A FONTE DA CAPELA

Situación: A Senra.
Cronoloxía: restaurada en 2013.
Con pío, pinguela e rella de recollida de augas [3].

| P o n t e s |

A PONTE DE SANTO ACISCLO

Situación: A Ponte.
Cronoloxía: 1869.
Estrada LU-152, que une Foz coa vila de Ferreira, km 6. Sobre o río Ouro (<Douro).
Material: pedra.

"En San Acisclo rematan as obras de construcción dunha ponte de pedra sobor do río Ouro [<Douro] en 1869, o 15 de Agosto" [4].

En 2009, coa mellora da estrada, entrou en servizo unha ponte nova.

"Tampouco se pode concibir Foz sen as dúas pontes máis emblemáticas, a da Espiñeira e a de Fazouro. E por suposto outras como a de Santa Cisco [Santo Acisclo], lugar que, segundo Trapero [Pardo], foi de onde veu gran cantidade de pedra para construír a igrexa de San Martiño" [5].

[1] Colección particular: Orol-Freire, Ferreira do Valadouro. Doc. núm. 2. Cronoloxía: 31.08.1734. Transcrición: IF, 2001.
[2] P. López Pérez-J.R. Fernández Pacios, *Recuperación da memoria histórica. Foz*, 1993, páx. 63.
[3] Informante: Ángeles Parga Pardiñas, publicou fotografía en Facebook o 30.01.2018 (IF).
[4] P. López Pérez-J. R. Fernández Pacios, op. cit., 1993, páx. 126.
[5] J. Alonso Sánchez, "Algunhas pinceladas sobre a primeira metade do século XX no concello de Foz", *Bolanda*, Cadernos de História Fozega, núm. 1, edita: A Pomba do Arco, Foz, 2003, páx. 30.

O mar do Valadouro

Sempre se dixo que O Valadouro fora un mar. Un día, no lugar que chaman A Rabia, o mar rebentou un contén que alí había e foise rabeando do Valadouro [1].

O cuco

Din que en tempos o cuco chegaba a Ribadeo o primeiro de abril. Despois cucaba na feira de Santo Acisco, e para o outro día en todo o Valadouro [2].

O castro de Santo Acisclo

No lugar dos Castros din que apareceron moitos tesouros [3].

Os mouros do castro de Santo Acisclo

“En el castro de San Acisclo se habla de grandes riquezas enterradas, así como de fuertes muros de piedra escondidos y vigilados por un ejército de mouros” [4].

O nacemento da ría de Foz

“San Acisclo fue uno de los primeros mártires cristianos que murió cuando el emperador Diocleciano ordenó precipitarlo desde un muro. Abogado contra la sarna, es muy venerado en Andalucía ya desde los inicios del cristianismo en España.
Como quiera que en Foz, Lugo, había que partir las parroquias entre las diócesis de Braga y la de Sevilla, estando el obispo de Mondoñedo en Córdoba acordó bautizar la parroquia bajo la advocación del santo.
Cuenta la leyenda que en el pueblo hay una poza donde antaño hubo un lago. Con la división territorial un día el lago se vació abriéndose las aguas, yendo a parar a la ría de Foz” [5].

---

[1] X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, *Contos do Valadouro*, 1998, conto I, páx. 15. Tamén en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto I, páx. 13.
[2] E. Lence-Santar, *Etnografía Mindoniense*, edición de Armando Requeixo, febreiro de 2000, páx. 76. Esta versión figura en X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, op. cit., 2005, conto LXX, páx. 53.
[3] J. Villa-Amil y Castro, “Los castros y las mámoas de Galicia”, 1878, páx. 197.
[4] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 36.
[5] Miguel Mosquera Paans, *Galicia, leyendas desde el confín del mundo*, Edicións do Cumio, Vigo, novembro de 2012, lenda núm. 96, páx. 173.
Nota dos autores: sendo paralela e semellante á nosa lenda do mar do Valadouro como a orixe do territorio, esta do lago de Santo Acisclo do Valadouro é unha lenda non moi afortunada ou un algo desaxustada, pois o río que pasa pola devandita parroquia é o Ouro (ou Douro), que desemboca en Fazouro; e o río que morre en Foz, formando a ría, é o Masma.



Igrexa parroquial.
Santo Acisclo do Valadouro.
Foz.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-09-2000.



Peto de ánimas.
Santo Acisclo do Valadouro.
Foz.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 23-07-2006.



Casa de Cacheiras.
Santo Acisclo do Valadouro.
Foz.
Situación: barrio de Martín.
Foto: Isaac Ferreira.
Data: 12-09-2000.



A Ponte Vella (Río Ouro).
Santo Aciscio do Valadouro.
Foz.
Foto: Ángeles Parga.
Data: 29-01-2018.

Vilacampa

VILACAMPA

Parroquia do concello do Valadouro, arciprestado do mesmo nome, e diocese de Mondoñedo-Ferrol [1].

Coordenadas [2]: Latitude: 43º 33' Lonxitude: 7º 30'

Superficie [3] en Km^2: 15,82

Delimitada, ao norte, pola parroquia de Santo André de Boimente (Viveiro); ao sur, polas de San Tomé de Recaré e Santa Cruz do Valadouro (O Valadouro); ao leste, polas de Budián (O Valadouro) e A Laxe (O Valadouro); e ao oeste, pola de Miñotos (Ourol) [4].

O regueiro Vilacampa, o rego Bailouro ou das Cerdeiras, o río Ferreira (que nace en Vilacampa) e o regueiro da Guinda bañan a parroquia; e os montes *Chao de Moíl* (628 m), *A Esculca* (645 m), *O Castelo* (712 m) e *Sarrapio* [5] (719 m), son as súas máximas alturas [6].

Ten 42 habitantes (Homes: 22. Mulleres: 20) [7], distribuídos nas 21 entidades de poboación de: *A Abelleira, A Azoreira, A Bandexa* [na parroquia de Santa Cruz do Valadouro temos a entidade de poboación chamada *Bandexa*], *O Burgo, Os Burgueiros, Campo Pequeno, O Carballo, O Carregal, Os Casás, O Coto, A Cruz, O Limpadoiro, A Modia, O Muíño, Rego Dereito, O Requeixo, Rozas, Os Rubás, A Silvosa, O Tarreo da Corte, O Trobo* [8].

Dista 6 Km da capital do concello, e comunícase pola estrada LU-161 (Viveiro-Ferreira).

Cada 4 de agosto, a parroquia de Vilacampa celebra a súa feira anual de gando vacún e cabalar. Tal e como marca a tradición oral, concéntranse nun curro reses dunha e doutra especie. A feira está promovida pola Mancomunidade de Montes de Vilacampa [9].

Festividades [10]: *San Domingos de Guzmán*, 8 de agosto.
(Celébrase o primeiro domingo de agosto).
A Nosa Señora (Santa María), 15 de agosto. Titular e Patroa.

---

[1] *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXX, páx. 65.
[2] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego (dirs.), *Mapa de parroquias de Galicia (1:200.000)*, 2001, páx. 189.
[3] A. Precedo Ledo-M. Gallego Priego, op. cit., 2001, páx. 87.
[4] Fonte: elaboración propia, IF, 2000.
[5] J. Villa-Amil y Castro, en *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, 1873, páx. 25, menciona un monte *Sarrapio sobre la parroquia de Santa Cruz del Valle de Oro*, que se trata, sen dúbida, deste *Sarrapio* pertencente á parroquia de Vilacampa. Tamén existe outro *Sarrapio* no concello de Mondoñedo.
[6] Fonte: elaboración propia, IF, 1999.
[7] Fonte: INE, 01.01.2017.
[8] DOG, núm. 69, 09.04.1992, páx. 3.161. *Nomenclátor de Galicia. Lugo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
[9] *La Voz de Galicia*, 04.08.1999.
[10] Informante: Xoán Ramón Pérez Blanco, 1983.

Vilacampa: nome da parroquia.

Orónimos

Serra do Buio: O Sarrapio (719 m), *O Castelo* (712 m; lat. CASTELLUM = fortaleza, reduto) [2], *A Esculca* (645 m), *Chao de Moíl* (628 m).
Serra do Xistral: Coto da Taberniña (562 m), *O Curvel* (549 m).

Hidrónimos

Ferreira, A Fonte das Campaíñas, A Fonte da Pedra Chantada, O Rego Bailouro ou Rego das Cerdeiras (flora), *Rego das Balsadas ou de Sinás, Rego da Guinda* (flora), *Rego das Hortas* (flora), *Rego de Rozas, Rego da Silvosa* (flora).

Entidades de poboación

A Abelleira (fauna; do lat. APICULA 'abella'; APICULARIA 'niño de abellas'), *A Azoreira* (fauna; de 'azor') [3], *O Burgo* (orixe xermánica; da raíz BURG– 'castelo'), *Os Burgueiros* (orixe xermánica; da raíz BURG– 'castelo'), *O Carregal, O Coto* (da base **cotto* 'couto, penedo', orixe hispano-caucásica), *A Modia* (arqueoloxía; 'mámoa', túmulo megalítico, morea de terra e pedras que sinala e garda o lugar dun ou varios enterramentos) [4], *Os Rubás, O Trobo* (fauna) [5].

Lugares

Arbellas, A Barcia, O Chao da Arca, *O Couto Mouro, A Ferrería, Pesqueira, A Retorta* [6], *Santo Domingo* [7], *Vigo* [8].

Topónimos con data documentada

Rio Boo (1460; hoxe Riobó) [9], *Vilacampa* (1486) [10], *Villacanpa* (1486) [11], *Vilacanpaa* (1488) [12].

No ano 1928, Manuel Amor Meilán cita os seguintes lugares, que xa non figuran no actual Nomenclátor oficial da provincia de Lugo:

Brozo, Curbel (existe o monte *O Curvel*), *Regueiro* (hidrónimo), *Riobó* (hidrónimo; lugar) [13].

---

[1] Fonte: elaboración propia, IF, 2000-2014.
[2] Monte ou Pico do Castelo. Clave de identificación toponímica: GA.27.063.TOP2. Xacementos inventariados en Patrimonio, Xunta de Galicia, 2014. Listaxe facilitada por Manuel Miranda Ruíz, de Mariña Patrimonio, 17.05.2014 (IF).
[3] O apelido Acebo, no Valadouro, procede da entidade de poboación da Azoreira. A bisavoa de Cándido Lorenzo Acebo, veciño de Alaxe, descende deses primeiros Acebos. Da mesma orixe hai Acebos na parroquia de Moucide. Informante: Cándido Lorenzo Acebo, *Candiño do Estanco*, (IF, 04.08.2000).
[4] A. Romero Masiá-F. Arias Vilas, *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria*, 1995, páx. 116.
[5] Nomenclátor da provincia de Lugo, DOG, núm. 16, 25.01.2000, páx. 1.007.
[6] Informante: Cándido Lorenzo Acebo, 04.08.2000.
[7] Fonte: elaboración propia, X. Pisón-M. Lourenzo-I. Ferreira, 1999.
[8] J. F. López Calzada (Arqueólogo Director), *Revisión do Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico. Concello do Valadouro*, Ferreira do Valadouro, 19.09.2005, páx. 42. Inédito.
[9] AHN. Clero. Papeles. Legajo 3.376. *Estudios Mindonienses*, núm. 6, 1990, doc. 278, páxs. 422-423.
[10] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 205 B, páx. 424.
[11] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 205 B, páx. 424.
[12] E. Cal Pardo, op. cit., 1999, doc. 206, Santiago, 19.02.1488, páx. 428.
[13] M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, 1928, páx. 550.

Século XIII

Cartas. Murcia. Cronoloxía: 17.06.1271.

Nunha carta enviada desde Murcia, no ano 1271, polo rei Afonso X o Sabio para o bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286), figura *Santa Maria de Villa Campa*.

«Alfonso X, en 17 de Junio de 1271 participa desde Murcia al Obispo D. Nuño que los del Castro de Oro le mostraran carta abierta del Rey Alfonso [IX], abuelo de Alfonso X,... y se querellaran del Prelado diciendo que sin razón y sin derecho "e lles tenedes tomado" las feligresías de San Juan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz, Santa María de Villacampa, San Martín de Veiga [S. Martino da Veyga], San Gilao [San Xiao] de Recaré, Santo Tomé, Santa Olalla de Frejulfe, San Jurio [San Xurxo] de Caadramón, San Esteban de Oirán y San Martín de Figueiras, que cazen en términos de Val Douro"» [1].

"La segunda etapa de los acontecimientos se desarrolla en tiempos de Alfonso X el Sabio, siendo del 17 de junio de 1271 una carta del rey [ao bispo D. Nuno II Pérez (1261-1286)] [2] en la que se hace referencia al intento de anexión del valle entero, que por algún tiempo logra el concejo y alcaldes" [3].

«La carta de Alfonso X [de data 17.06.1271] dirigida a D. Nuño II desde Murcia informaba a este último de la presentación de los del Castro al rey de otra carta carta abierta de Alfonso IX [avó de Alfonso X], confirmatoria de la concesión que les hiciera el Obispo D. Martín de cierto territorio: *"En términos de Val douro"*, por alfoz, y que se querellaban por que *"vos"*, téngase en cuenta que la carta va dirigida a D. Nuño: *"sen razon e sen dreito lles pasades a este foro et lles tenedes tomado aun felegresias que dicen S. Iohan [San Vicente] de Lagoa, Santa Cruz et Santa Maria de Villa Campa et S. Martino da Veyga et San Gilao [San Xiao] de Recare et Santome et Santa Valla de Frejulfe et S. Jurio [San Xurxo] de Quadramon et Santo Esteuuo de Oyran* [Mondoñedo] *et S. Martino de Figueiras* [Mondoñedo]*, que cazen en el término de Val de Ouro, que es su alfoz et que elles tenian de juro et de poder cogelas non queredes leixar"*» [4].

Século XV

Foros. Cronoloxía: 1460 [5].

Vasco [6] Gomes e a súa muller, María Gonçalves eran moradores dun lugar de Santa María de Rio Boo (Riobó), pertencente ao mosteiro de San Martiño de Vilalourente (Os Picos-Mondoñedo), que llelo afora nesta data (13.09.1460), sendo frei Pero do Valedouro ministro do mosteiro e participando na carta de aforamento. Algunhas condicións do aforamento son:

1) Que Vasco Gomes e a súa muller fagan unha casa no dito terreo.
2) Que a dita casa ten de estar feita *deste San Juan Bautista primeiro que ben [1461] da feita desta carta [1460] fasta hun anno [xuño de 1462].*
3) *Et avedes de morar et probar a dita casa vos, o dito Vasco Gomes et a dita vosa muller et vosas voses para senpre.*

Asedio e toma da fortaleza de Santa Cruz-Castelo de Vilacampa.

[1] E. Lence-Santar y Guitián, Santiago, 10 de Junio de 1924. Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, Mondoñedo, xuño de 2010, páx. 83.
[2] J. Martínez Cobo, *El Valle de Oro. Apuntes históricos*, 1912, páx. 12.
[3] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 59.
[4] A. Canoura Quintana, op. cit., 2000, páx. 59; e páx. 65, n. 27. M. Amor Meilán, t. IV, páx. 107.
[5] AHN. Clero. Papeles. Legajo 3.376. M.ª del Mar Graña Cid, "Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo: El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)", *Estudios Mindonienses*, núm. 6, 1990, doc. 278, páxs. 422-423.
[6] Este antropónimo galego correspóndese co castelán 'Velasco', non co xentilicio "vasco".

«Pero en esas fechas [1482] no sólo se produjo el episodio del asedio y toma de la fortaleza de A Frouseira sino que, no sabemos si con anterioridad o posterioridad aunque sí con cercanía en el tiempo, tuvo lugar el cerco de la inmediata fortaleza de Santa Cruz –Castelo de Vilacampa– en la que probablemente también buscó refugio el mariscal Pardo de Cela. Consta así en el testimonio del hidalgo Juan Mariño quien declara en un pleito de hidalguía sustanciado a instancias de Fernando Basanta que un antepasado de éste sirvió "en Santa Cruz e en Peña Frouxeira con sus armas como hijodalgo"» [1].

Cartas de poboamento. Sevilla. Cronoloxía: 20.05.1486.
Construción dunhas casas en A Laxe e Vilacampa.
Pagamento en foro.

O 20 de maio de 1486, o bispo don Fadrique de Guzmán (1457-1492), asina en Sevilla unha carta, que dirixe ao seu criado Lope Núñez de Montenegro, veciño de Galdo (Viveiro), na que lle manda construír unhas casas nas prazas que tiña en Vilacampa e A Laxe, polas que pagaría o que aboaban outros veciños das expresadas freguesías [2].

"Don Fadrique de Gusman por la graçia de Dios et de la santa Yglesia de Roma obispo / de Mondonnedo del consejo del rey et reyna nuestros sennores a vos Lope Nunes de / Montenegro vezino de la filigresia de Galdo de nuestra diocesis de Mondonnedo nuestro / criado salud et graçia. Sepades que las nuestras plaças de los casares que son en la filigresia de Vilacampa la vna de las quales ha por linderos et se departe por el rego de los Casares et del caminino ferrado et por el rego de Mera Dalte arriba et de la otra parte / en el canpo Tefulca et asimismo las otras plaças et asimismo las otras plaças (*repetido*) que son / en la filigesia de Santi Juan de Alaje et que dizen de Castillon et Agoarrio con sus heredades brauas / et mansas como se departe por el puerto de la Pesquera para la fonte do Caruallo da Crus et por el / camino que ba por el monte arriba et para el puerto de las Huertas con sus heredades brabas et mansas / entradas et salidas commo pertenesçen a las dichas plaças et cada vnna dellas vos el dicho Lope Nunes a/vedes de fazer casas et dar pobladores en ellas et en cada vnna dellas et avedes a dar et pagar de fuero / et feudo a nos o a quien para ello nuestro poder ouiere segund et en la manera que dan et pagan los / otros foreros de Villacampa asi por la de Villacampa commo por la de Sant Juan. Las quales dichas / plaças et cada vnna dellas estan vacas de gran tienpo a esta parte. Et por la presente mandamos / a todos los vezinos de los dichos lugares et de cada vnno dellos que vos non quiten ni perturben ni enbargen / las dichas plaças heredades entradas et salidas montes et fuentes pertenesçientes a las dichas plaças / et a cada vnna dellas las quales dichas plaças et cada vnna dellas vos damos et afirmamos en la / [...7] et manera que los otros caseros et foreros et vezinos del dicho lugar de Villacanpa las tienen / et poseen de nos et de la nuestra yglesia. En testimonio de lo qual vos mandamos dar et dimos / esta nuestra carta firmada de nuestro nonbre et sellada con nuestro sello et refrendada del ynfrascripto / notario nuestro secretario. Dada en la muy noble et mas leal çibdad de Seuilla a veynte dias del mes / de mayo anno del nasçimiento de nuestro Saluador Jesucristo de mill et quatroçientos et ochenta et seys / annos. Episcopus mindoniensis. Por mandado del obispo mi sennor la fize escruir. Diego de Hoyos. En las espaldas dezia Visum et aprobatum per nos episcopum" [3].

Organización eclesiástica. O "Deanalgo". Cronoloxía: 19.02.1488.

No ano 1488, conforman o "Deanalgo" 24 parroquias, unha delas é *Vilacanpaa* (syn obispo) [4].

Século XVI

[1] Cit. Pardo de Guevara y Valdés, E., "El Mariscal Pardo de Cela: leyenda, mito y realidad", en VV. AA., *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo* [Actas das I Xornadas de Estudios Medievais da Mariña Central], Lugo, 2006, páx. 45, n. 66. En C. A. González Paz, "Un alarde en la jurisdicción de Alfoz del Castro de Ouro en el año 1579", *Estudios Mindonienses*, núm. 24, 2008, páx. 387, n. 16.
[2] ACM. Arm. 8. Núm. 205 B. E. Cal Pardo, *Catálogo...*, P. 205 b. E. Cal Pardo, "Episcopologio Mindoniense. Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses*, núm 14, 1998, páx. 651 e n. 743. A tradución é nosa. E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 205 B, páx. 424. Tamén A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 87.
[3] E. Cal Pardo, *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, 1999, doc. 205 B, páxs. 424-425.
[4] ACM. Arm. 8. Doc. 206. Santiago, 19.02.1488. E. Cal Pardo, op. cit., 1999, páx. 428.

En tempos do bispo de Mondoñedo, D. Diego de Soto (1545-1549), a Dignidade Episcopal tiña xurisdición civil e criminal en Vilacampa [1].

Século XVII

Visitas pastorais. Cronoloxía: 1613.

No Arquivo da Catedral de Mondoñedo existen catro volumes de visitas pastorais que realizaron os bispos mindonienses por terras do Valadouro. Son os volumes 4 (contén a visita a Vilacampa), 7 (contén 'feligresías de Valle de Oro'), 8 (contén a visita ao Castrodouro) e 11 (contén a visita ás Oiras).

"Vol. 4: Visita al obispado de Alfonso Mesía de Tovar [bispo de Mondoñedo (1612-1616)] en 1613, comienza en la parroquia de Santiago de Trasparga y termina en Santa María de Villa campa, pasando por los arciprestazgos de Parga, Puentes, Muras, San Siñón, San Martín de Mondoñedo, Ribadeo, Cervo y Vivero. Es un volumen de 347 folios en buena conservación" [2].

Século XVIII

En 1718, a parroquia de Santa María de Vilacampa pertencía á Mitra de Mondoñedo, formando parte da Xurisdición da "Tierrallana del Valle de Oro". O Xuíz da Xurisdición era D. Manuel de Castro y Cisneros; o Tenente era D. Juan Díaz Pardo [3].

Feiras. Cronoloxía: 1744.

No século XVIII expídense autorizacións de feiras ou mercados en Vilacampa [4].
De certo existían neste século as feiras de gando de Riobó e a de Santo Domingo [5].

"Con anterioridad al año de 1789, en 1744, sabemos que en la provincia mindoniense se celebraban las ferias siguientes, además de la del tercer domingo, en San Julián de Cabarcos; del mercado de Ferreira, de la feria de Gontán, de la de Trabada, de la de Galdo, de las de Cerdeirido, de la del 13 de Julio, en Carballido; de la de Aguajosa y de la de S. Lucas:
[...] La de Villacampa, el 15 y 16 de Agosto" [6].

Século XIX

Organización eclesiástica. O "Deanato" da Mariña. Cronoloxía: 01.06.1855.

Até o Concordato de 1851, a diocese mindoniense estaba dividida en 12 territorios, en función das diversas dignidades, tanto episcopal como catedralicias, e así as parroquias designábanse e agrupábanse con distintos nomes. Un dos doce territorios era o "Deanato" [7], que incluía a Zona da Montaña: parte da Terra Chá e O Valadouro.
Suprimidas moitas das dignidades capitulares, xurdiu a necesidade dunha nova ordenación do territorio diocesano en arciprestados.
Esta modificación estabeleceuse en virtude do decreto de 27 de abril do ano 1855 e comezou a rexer o 1 de xuño do mesmo ano.

[1] J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado*, 1999, páx. 251.
[2] S. Pérez López, "Las visitas pastorales como fuente histórica. Aportación a su estudio en la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol", *Estudios Mindonienses*, núm. 3, 1987, páx. 151.
[3] J. I. Fernández Villalba, op. cit., 1999, páx. 223.
[4] F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 213.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 98, citando a Larruga.
[6] E. Lence-Santar y Guitián, "Ferias y mercados de la provincia de Mondoñedo". Recompilado por J. I. Fernández Villalba, *Mondoñedo, regreso al pasado VII*, xuño de 2010, páxs. 155-156.
[7] Territorio baixo a xurisdición dun deán; deádego, deado.

En consecuencia, o bispado estruturouse en 18 arciprestados, un deles foi o "Deanato" da Mariña, que abranguía 26 parroquias (18 matrices e 8 anexas): toda a comarca do Valadouro máis 6 parroquias de Foz e 2 de Mondoñedo.
Unha das 8 parroquias anexas que conformaban o "Deanato" da Mariña era *Santa María de Vilacampa* (anexa da matriz Santa Cruz do Valadouro) [1].

Organización eclesiástica. Parroquia independente. Cronoloxía: 1896.

Declárase o territorio parroquia independente co nome de Vilacampa (Santa María), por decreto do bispo de Mondoñedo, D. Manuel Fernández de Castro, O Bispo Santo (1890-1905).

O 16.06.1895 o Prelado Diocesano, Manuel Fernández de Castro, O Bispo Santo, eleva á S. M. a Raíña Rexente o expediente de reestruturación parroquial da diocese de Mondoñedo. A aprobación Real leva data do 21.01.1896, a mesma que a da creación das parroquias do Cadramón e de Ferreira (esta última, de nova creación, é a máis recente do Valadouro) [2].

Séculos XIX e XX

Personaxes. Joaquín Díaz Villar (*Carregal*).
Cronoloxía: Vilacampa (O Valadouro),1886 - Miami (EE. UU.), 1974.

Joaquín Díaz Villar, nacido en Vilacampa o 8 de abril de 1886, fillo de Francisco Díaz e de Ramona Villar, emigrou para Cuba en 1901 [1900?]. Foi membro da Xunta Directiva do Centro Galego da Habana, presidente do *Comité pro Valle de Oro* e, en data 31 de decembro de 1928, figura como socio activo (co número 11) e Secretario de Honor da "Sociedad El Valle de Oro" [3]. Na Habana, chegou a ser presidente do comercio "El Encanto", almacéns fundados polos emigrantes asturianos José Solís, Bernardo Solís e Aquilino Entrialgo. No Chao de Vilacampa, no contorno da igrexa parroquial existe un monumento co seu busto, obra de Feal [4]. O noso personaxe, Joaquín Díaz Villar, que estaba en posesión da Encomenda de Isabel a Católica, faleceu en Miami (EE. UU.) no ano 1974.

"Outro destacado emigrante foi Joaquín Díaz Villar, nado na parroquia de Santa María de Vilacampa o 8 de abril de 1886. Chegou a Cuba en 1901 [1900?], comezando a traballar nunha tenda de víveres. En 1905 pasou a traballar como dependente na tenda de roupa [Almacenes] El Encanto, negocio do que chegaría a ser propietario. Ademais de pertencer á sociedade El Valle de Oro, foi membro do Centro de Dependentes da Habana e do Centro Galego. Importante benefactor da súa parroquia natal, grazas á súa axuda puido restaurarse a igrexa parroquial, restauración que el mesmo inaugurou nunha viaxe ao Valadouro en 1949. Durante outra das súas visitas ao Valadouro, o 6 de setembro de 1956, foi homenaxeado cun banquete celebrado no Hotel Asturias de Ferreira" [5].

«... Joaquín Díaz Villar, a quen xa coñecemos á hora de falarmos da comisión para a construción da torre da igrexa de Ferreira. Este emigrante naceu na parroquia de Santa María de Vilacampa (O Valadouro) o 8 de abril de 1886. Chegou a Cuba en 1901 [1900?], comezando a traballar como mensaxeiro nunha tenda de víveres na Habana. Traballou tamén como aprendiz de dependente na sedaría "La Época", pasando en 1905 ao comercio "El Encanto". Estes almacéns, fundados polos emigrantes asturianos José Solís e Aquilino Entrialgo, chegarían a ser os máis importantes de toda Cuba. Co tempo, Díaz Villar remataría por ocupar altas responsabilidades á fronte desta empresa, chegando en 1948 a desempeñar a presidencia.
Membro da Xunta Directiva do "Centro de Dependientes de La Habana". Integrante da Xunta Directiva do *Centro Gallego* da Habana. Membro da Directiva da sociedade *El Valle de Oro*.

[1] Recompilación, tradución e adaptación: IF, 29.11.2001.
[2] E. Cal Pardo-J. M. Fernández, "Don Manuel Fernández de Castro, el Obispo Santo", *Estudios Mindonienses*, núm. 6, 1990, páxs. 728-729. A tradución é nosa.
[3] A. Orol Pernas (ed.), *El Valle de Oro, Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo. Memoria social 1928*, Habana, 1929, ed. facsímile, Colección Vallis Auri, núm. 1, mayo 1991, páxs. 15, 62.
[4] Última visita e fotografías: IF, 01.08.2013.
[5] P. Viveiro Mogo, "Os nosos homes na Habana. Memoria da Sociedade El Valle de Oro", *Búsola*, núm. 2, revista anual editada pola Casa da cultura do concello do Valadouro, Suso Rubio (dir.), 2006, páx. 37.

Nacionalizado cubano en 1937. Casou en 1921 con Caridad Moya Varona. Benefactor da súa parroquia natal. Grazas á súa axuda puido restaurarse a igrexa parroquial. Así, en 1949 viaxa á súa parroquia para asistir á inauguración das obras [de restauración] do templo. Por orde do bispo de Mondoñedo colocouse unha placa na igrexa de Vilacampa como agradecemento ao seu labor benefactor [1]. A partir de 1949 custeou na súa totalidade os estudos dun neno de Vilacampa no Seminario de Mondoñedo. O 15 de marzo de 1954 foi elixido como presidente dunha comisión encargada de recadar fondos para a torre e o reloxo da igrexa de Ferreira do Valadouro... En 1955 foi obxecto dunha homenaxe nos xardíns de "La Tropical" ao se cumpriren os cincuenta anos de traballo en "El Encanto". Por outra parte, o 6 de setembro de 1956 Díaz Villar recibiu a homenaxe dos seus veciños no "Hotel Asturias" de Ferreira do Valadouro. Tres días despois, o 9 de setembro era obxecto da homenaxe dos seus paisanos de Vilacampa, os cales lle dedicaron un busto de mármore [obra de Feal] polas súas doazóns á parroquia. En outubro de 1958 foi condecorado polo Goberno español coa Encomenda de Isabel a Católica» [2].

«O noso protagonista... Chegou a Cuba en 1900... pasando en 1905 ao comercio El Encanto. Segundo as declaracións do propio Díaz Villar foi Aquilino Entrialgo, un dos fundadores desta firma, quen o levou a traballar alí.
Estes almacéns, fundados en 1888 polos emigrantes asturianos José Solís, Bernardo Solís e Aquilino Entrialgo, chegarían a ser os máis importantes de toda Cuba. Estaban instalados na confluencia das rúas Galiano e San Rafael da Habana. Co tempo chegarían a abrir sucursais noutras localidades de Cuba, como por exemplo en 1936 en Camagüey e en 1948 en Santiago de Cuba. A gran innovación destes almacéns era que estaban organizados por departamentos, algúns dos cales levaban por nome "Teen Age" e "Club 21", que eran de moda xuvenil para rapazas e rapaces respectivamente. Outros eran o "Salón Francés" e o "Salón Inglés", de moda para señoras e cabaleiros respectivamente. De feito, os emigrantes asturianos César Rodríguez González e o seu sobriño Ramón Areces formáronse como empregados de El Encanto, ambos, unha vez retornados a España, fundarían El Corte Inglés, seguindo as pautas marcadas polos almacéns da Habana [3]. Outro tanto se pode dicir de Pepín Fernández Rodríguez, fundador de Galerías Preciados, quen daría os seus primeiros pasos comerciais nos mesmos almacéns.
Joaquín Díaz Villar comezou nesta casa como auxiliar de vendedor –"medio dependiente"– na denominación da época. No ano 1911 foi nomeado xefe de Departamento e interesado na casa. Neste senso, cómpre lembrar que moitos dos empregados de El Encanto eran interesados na empresa, é dicir, formaban parte do negocio. No ano 1916 ascendería a subxerente dos almacéns.
En 1920 chegaría o seu primeiro gran cargo en El Encanto. En efecto, nese ano foi nomeado como xerente dos almacéns. Ao ano seguinte deste ascenso, concretamente o 15 de marzo de 1921, Díaz Villar contraeu matrimonio con Beba Moya Varona, pertencente a unha antiga familia procedente de Camagüey. O casal tería tres fillas: Florinda, María Cristina e María Ignacia.
En 1940 produciríase unha importante transformación en El Encanto, que nese ano se convertía nunha sociedade anónima. Foi nese contexto no que Díaz Villar pasou a desempeñar o cargo de vicepresidente da compañía. Finalmente, cando en 1948 faleceu o fundador Aquilino Entrialgo, o noso protagonista converteuse en presidente do consello de administración de El Encanto, desde entón foi reelixido en numerosas ocasións.
Tras o triunfo da Revolución cubana en 1959 El Encanto foi confiscado polas novas autoridades. O 13 de abril de 1961 foi destruído por un incendio provocado por varias bombas. A desaparición de El Encanto era o símbolo do remate dunha época: a Cuba republicana.
[...]
A participación de Joaquín Díaz Villar como membro da colectividade foi moi intensa. Membro da xunta directiva do Centro de Dependientes, unha das entidades con máis influencia da Habana. Integrante da dirección do Centro Gallego, a primeira das institucións de asistencia mutua dos galegos da Habana, fundada en 1879 [4]. Membro da directiva da sociedade El Valle de Oro, que desde 1907 xuntaba na capital de Cuba aos emigrantes naturais do Valadouro e de Alfoz. Foi

[1] *Juventud de Alaje*, A Laxe (O Valadouro), núm. 51, outubro de 1949; e núm. 52, novembro de 1949. P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 624, n. 50.
[2] "Un repaso da vida comercial e social de Joaquín Díaz Villar pódese consultar no xornal *ABC*, Madrid, 22 de xuño de 1957, páx. 68". P. Viveiro Mogo, op. cit., *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páxs. 623-624 e n. 51.
[3] Prudencio Viveiro Mogo, "*No quise dar un viaje tan largo para tan poca aventura*. Memoria do emigrante Joaquín Díaz Villar", Revista *Lucensia*, núm. 52, 2016, páx. 150, nota 2: "En 1980 fundouse en Miami a Asociación de Antiguos Empleados de El Encanto. Esta sociedade produciu un documental sobre a historia de El Encanto que pode verse en www.youtube.com".
[4] Prudencio Viveiro Mogo, op. cit., Revista *Lucensia*, núm. 52, 2016, páx. 152, nota 5: Viveiro Mogo, Prudencio: "A emigración galega a Cuba: o Centro Gallego da Habana", Revista *Alborada*, Centro Gallego de Barcelona, abril de 2007, páxs. 30-33.

tesoureiro da Corporación Nacional de Turismo. O cupou durante varios anos a presidencia da Asociación de Comerciantes de Galiano e San Rafael, unha das entidades comerciais máis potentes de Cuba.
[...]
Porén, a súa actividade en prol do Valadouro sería aínda máis ampla. O 15 de marzo de 1954 foi elixido como presidente dunha comisión encargada de recadar fondos para a torre e o reloxo da igrexa de Ferreira do Valadouro. En efecto, o templo parroquial de Ferreira xa recibira importantes doazóns dos emigrados do Valadouro, achegas que foran decisivas para que a igrexa estivera [sic] lista para o culto en 1931. Ora ben, faltaba por construír a torre da igrexa, para o cal os emigrantes constituíron esta comisión...
[...]
Ademais de Joaquín Díaz Villar, desta comisión formaban parte relevantes membros da colectividade valadouresa da Habana, tales como Eduardo Pernas Orol, Saladino Reigosa Sampayo, José Manuel Lamelas Ladra ou Eladio Chantres.
[...]
Se Joaquín Díaz Villar foi recoñecido no seu país de adopción, outro tanto se pode dicir da súa terra natal. O Valadouro tamén quixo homenaxear a quen tantas obras fixera. Así, o 6 de setembro de 1956 Díaz Villar recibiu a homenaxe dos seus veciños do Valadouro no Hotel Asturias de Ferreira, no marco das Festas do Oito dese ano. No convite fixeron uso da palabra os principais representantes da vida valadourense do momento: Manuel Lorenzo González, alcalde do [concello do] Valadouro [1941-1958]; José Manuel Orol Balseiro, notario de Lugo; José Mel Pérez, médico, xefe provincial de Sanidade; Edmundo Díaz Cabarcos, presidente da comisión de Festas do Oito e sobriño do homenaxeado; Ramón Canoura [Fernández], empresario e antigo presidente da sociedade El Valle de Oro da Habana; e Eulogio Fernández Murias, párroco de Ferreira do Valadouro...
[...]
Os recoñecementos tamén se estenderon ao ámbito oficial, pois en 1957 foi condecorado polo Goberno español coa Cruz de Isabel a Católica. Nesta mesma liña, a República de Cuba tamén recoñeceu a importancia de Díaz Villar na vida comercial cubana ao lle conceder, en outubro de 1955 a Orde do Mérito Comercial [1]. Tamén estaba en posesión da Medalla de Ouro da cidade da Habana.
Non obstante, como xa sabemos, El Encanto tivo un duro final, pois foi incautado polo goberno revolucionario asentado en Cuba desde 1959. Joaquín Díaz Villar, xunto coa súa familia, partiu cara ao exilio en Miami. A marcha ao exilio norteamericano non supuxo a súa perda de contacto coa súa terra natal. En efecto, Díaz Villar estivo por derradeira vez en Vilacampa en 1970. Segundo testemuño da súa neta Marifeli Pérez-Stable [Díaz], que o acompañou na visita, o 15 de agosto asistiron, no medio dunha gran emoción, aos actos relixiosos e á procesión con motivo das festas patronais.
Joaquín Díaz Villar faleceu en Miami en 1974» [2].

Século XX

Organización eclesiástica. O actual Arciprestado do Valadouro. Cronoloxía: 1946.

No ano 1946, a diocese de Mondoñedo está dividida en 27 arciprestados, un deles é o Arciprestado do Valadouro, que abrangue os concellos de Alfoz, O Valadouro e tamén parte do de Mondoñedo.
Compoñen o arciprestado do Valadouro 16 parroquias matrices máis 4 anexas.
Unha das dezaseis parroquias matrices é Santa María de Vilacampa [3].

[1] Prudencio Viveiro Mogo, "*No quise dar un viaje tan largo para tan poca aventura*. Memoria do emigrante Joaquín Díaz Villar", Revista *Lucensia*, núm. 52, 2016, páx. 157, nota 16: "Diario de la Marina, A Habana, 27 de outubro de 1955, p. 6. A. "Curiosamente concedíaselle esta distinción ao mesmo tempo que a Fulgencio Batista Zaldívar, presidente da República, entre outros". https://es.calameo.com/read/00106740385915e304b7a.
[2] Prudencio Viveiro Mogo, "Memoria do emigrante Joaquín Díaz Villar", Revista *Lucensia*, núm. 52, 2016, páxs. 149-159. https://es.calameo.com/read/00106740385915e304b7a.
[3] J. L. Mínguez Goyanes, "Don Fernando Quiroga Palacios, obispo de Mondoñedo (1946-1949)", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páx. 125. E. Cal Pardo, "Episcopologio mindoniense", *Estudios Mindonienses*, núm. 10, 1994, páxs. 25-26. F. Monterroso Carril, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. XXIX, páx. 214. Tradución e actualización de topónimos: IF, 19.10.2001.

IGREXA DE VILACAMPA *(Santa María)*

Parroquial.
Situación: O Trobo.
Estrada LU-161 (Viveiro-Ferreira), Km 15,500.
Cronoloxía: século XVII.
Fachada: porta principal de madeira. Xanela con rellas.
Lateral dereito: porta e xanela.
Espadana de dous corpos e tres vans. O primeiro corpo con dúas campás. O segundo corpo cun van sen campá.
Cruz pequena sobre a cuberta de lousa na unión das dúas augas e ao final da nave principal (antes do presbiterio) [1].
Restauración: 1949.

Figura no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Arte: Arquitectura relixiosa [2].

"Construida en el siglo XVII y reformada en varias ocasiones" [3].

"Pero non foi só a igrexa de Ferreira a que se viu beneficiada polas axudas dos emigrantes, senón que outros templos parroquiais tamén foron rehabilitados grazas ás doazóns dos emigrantes. É o caso da igrexa de Vilacampa, restaurada [en 1949] grazas ás achegas do emigrante Joaquín Díaz Villar,..." [4].

Nave

"Una nave, capilla mayor y sacristía al lado derecho de ésta" [5].

Fachada principal

"Fachada principal con arco adintelado y espadaña de dos vanos [corpos]" [6].

Capela maior

Retablo maior.
Estilo: popular.

"Retablo mayor popular jaspeado con imágenes de la Virgen con el Niño, titular, (0,70), siglo XVII; San Roque (0,65), popular, y San Antonio, repintado (0,70)" [7].

Retablo dereito.

"Retablo derecho, de un solo cuerpo, e imágenes de la Dolorosa, de talla popular (0,85); San Francisco estigmatizado (0,60), siglo XVIII, y otro San Francisco (0,85), de semejantes características y época" [8].

---

[1] Última visita e fotografías: IF, 01.08.2013.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.
[3] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 253.
[4] Véxase en 'Personaxes', dentro desta mesma parroquia, "Joaquín Díaz Villar". P. Viveiro Mogo, "O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana", *Estudios Mindonienses*, núm. 29, 2013, páx. 623.
[5] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 253.
[6] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 253.
[7] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 253.
[8] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 253.

Retablo esquerdo.

"Retablo izquierdo, semejante, con las siguientes imágenes: Inmaculada (0,80), popular, con media luna y ángel; San Juan Bautista (0,70), popular, y San Bartolomé (0,85), todas del siglo XVII" [1].

Sacristía

"En la sacristía, un Cristo del siglo XVIII.
Custodia de plata del siglo XVIII (0,45).
Cáliz sencillo de plata (0,22,5).
Imagencita popular de la Virgen, de besar (0,21)" [2].

Imaxes existentes no ano 1999 [3]

San Roque	Estilo: popular.
San Xoán Bautista	Cronoloxía: século XVII. Estilo: popular.
Inmaculada	Cronoloxía: século XVII. Estilo: popular.
San Bartolomeu	Cronoloxía: século XVII.
San Francisco	Cronoloxía: século XVIII.
San Francisco	Cronoloxía: século XVIII.
Dolorosa	Estilo: popular.
San Francisco	Mostra as chagas das mans.
Inmaculada	Cabelo trigueiro natural. Neno con bola natural. Restaurada.
Santiña	De poñer. Roupa vermella, manto azul.

CAPELA DE RIOBÓ

Situación: Riobó [4].
Particular.
Celébrase misa cada 8 de decembro, e é costume darlles a merenda aos nenos asistentes; mesmo van os do colexio de Ferreira nun autobús.
Riobó era unha granxa que aforaba o mosteiro de San Martiño de Mondoñedo [5].

Pórtico na fachada principal, con cancela de forxa.
Espadana dun só van (sen campá).
Nave central e presbiterio.

[1] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 253.
[2] S. San Cristóbal Sebastián, op. cit., t. VI, 1983, páx. 254.
[3] Colección gráfica: Xesús Pisón, 1999.
[4] Visita: Xesús Pisón, 10.08.2000.
[5] A. Canoura Quintana, 01.08.2000.

Restaurada.
Ben conservada [1].

"El camino jacobeo partía de Viveiro entrando en O Valadouro por Riobó, de la actual parroquia de Vilacampa, donde se venera, en una vieja capilla hoy restaurada, desde tiempos remotos la imagen de Nuestra Señora de Riobó" [2].

Imaxes [3]

A Nosa Señora de Riobó

CAPELA DE SANTO DOMINGO

Situación: Santo Domingo.
Chégase a ela seguindo a pista Vilacampa-Santo Domingo. A pouco máis de 1 Km hai unha cancela de ferro que leva a unha casa á que pertence a capela.
Ao perder a súa función de culto, construíuse nela un forno e unha cheminea.
Hoxe funciona como almacén de leña.

"Una capilla, hoy desaparecida, dedicada a Santo Domingo, relacionada con los padres dominicos de Viveiro" [4].

NOTICIA DA CAPELA DE SANTO ESTEVO

Situación: A Ferrería.
O lugar da Ferrería está situado entre as parroquias de A Laxe, Santa Cruz do Valadouro e Vilacampa; a zona de Pesqueiras está nos límites entre as parroquias de A Laxe e Santa Cruz do Valadouro. O lugar de Augarrío pertence á parroquia de A Laxe.

"Del año 1753 es la orden para derruir la ermita de San Esteban en el lugar de la Ferraría y que situaría en la zona de Pesqueiras hacia Augarrío" [5].

ACERCA DUN POSÍBEL CONVENTO DE RIOBÓ

"Allá en Riobó, donde sólo se ve monte y cielo, en medio del impresionante silencio tan sólo roto por el ulular del viento y el aullido del lobo, cuenta la tradición que hubo un convento de frailes. Y a este convento venían los frailes que por alguna causa debían cumplir un castigo. En realidad parece ser que venían a cobrar las rentas. Hoy existe allí una magnífica casa con una capilla, algunas de cuyas imágenes, parece ser que provienen de aquel primitivo convento, como Nuestra Señora de Riobó" [6].

[1] Fotografías: Xoán Ramón Perez Blanco (25.04.2016) e Ángeles Parga [Pardiñas] (16.03.2017); publicáronas en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 16.03.2017. Descrición IF.
[2] F. Monterroso Carril, "El Valle del Ouro y la ruta jacobea", *El Progreso* (A Mariña), páx. 16, 20.03.1992.
[3] D. Sánchez Orol, *Villa de Ferreira (1894-1994)*, 1994, páx. 32.
[4] F. Monterroso Carril, op. cit., *El Progreso* (A Mariña), 20.03.1992, páx. 16.
[5] A. Canoura Quintana, *Alfoz y Valadouro. Historia de un Valle*, 2000, páx. 114.
[6] D. Sánchez Orol, op. cit., 1994, páx. 32.

CRUCEIRO DO CHAO

Situación: O Trobo (Chao de Vilacampa).
Estrada LU-161 (Viveiro-Ferreira), Km 15,500 [1].
Cronoloxía: 1894.

Figura como Cruceiro do Chao no Inventario do Patrimonio Cultural da provincia de Lugo. Histórico-Artístico. Etnografía: Cruceiros e petos de ánimas [2].

Descrición: sobre unha base ben traballada érguese un fuste octogonal de bastante altura; nel, un pequeno pousadoiro para santiño, que hoxe en día non existe. O capitel, de trazos renacentistas, está formado por catro volutas cunha cabeza de anxo en cada intersepto. Nel, chantada, unha fermosa cruz de magníficas proporcións, coa imaxe de Xesús crucificado, exento e morto, de tres cravos, e traballado cunha graza maxistral.
Historia: fíxose por unha doazón dun veciño, moita xente recordaba aínda [a finais do século XX] quen o doara.
Na basa figuran datos sobre as indulxencias que se lle concederan e a data da súa construción [1894], aínda que resultan ilexíbeis.
Comentario: é unha das xoias que contén este val, de factura perfecta; xoia, non obstante, deteriorada e en situación de abandono [3].

"Cruceiro en el barrio do Chao de Vilacampa" [4].

"Forma parte do grupo de Cruceiros dos séculos XVIII, XIX e XX.
Atópase este cruceiro á man dereita da estrada de Viveiro a Ferreira do Valadouro no lugar do Chao e moi perto da igrexa de Vilacampa. Está formado por unha plataforma de cachotería, unha base tronco piramidal con lenda nun rebaixe: *D. ANDRES.../INDULGENCIAS.../TODOS LOS QUE RECEN.../AVE MARIA.../ ANO 1894/*. O varal ten forma octogonal e nel achamos un pousadoiro formado por unha efixie dunha persoa cunha peaña enriba da cabeza onde tivo unha santiña (Virxe María), comentan os veciños. O capitel, tipo Carboeiras con volutas e anxos alados. A efixie de Cristo, exento da cruz, ten os ollos pechados. Este cruceiro foi froito dunha doazón dun veciño desta parroquia" [5].

CRISTO DO CARREGAL

Situación: O Carregal.
Estrada LU-CP-6304 (Tanín-Augarrío-Vilacampa), Km. 4,100 [6].
Cronoloxía: século XVII [7] ou XVIII.
A uns 3,3 Km da igrexa parroquial de Vilacampa temos a entidade de poboación denominada O Carregal, baixando por esta estrada antiga (Tanín-Augarrío-Vilacampa).
A cruz, actualmente é moi difícil de localizar; a calzada está abandonada desde mediados do século XX [8].
Descrición: trátase dunha cruz pequena de pedra, moi remendada con cemento, de formas sinxelas, fuste octogonal, coa cabeza labrada e unha imaxe na parte dianteira, moi

[1] Visita e medicións: IF, 01.08.2013.
[2] DOG, núm. 133, 12.07.1991. X. Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos*, tomo X, 1993, páx. 35.
[3] R. Reigosa Méndez, *As cruces do Valadouro*, (inédito), páx. 21. Visita e fotografías: IF, 08.12.2001.
[4] S. San Cristóbal Sebastián, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. VI, 1983, páx. 254.
[5] M. Saavedra Pérez, *Cruceiros, cristos, cruces, viacrucis e esmoleiros no concello do Valadouro*, 2014, www.mesondoforno.com, 07.12.2015.
[6] Visita IF, 01.08.2013. Da vila de Ferreira a Tanín hai 1 Km de distancia.
[7] http://www.laspain.com/sitios-de-interes/lugo/o-valadouro/63.html, 06.03.2013.
[8] Existe fotografía do Cristo do Carregal, publicada por Xoán Ramón Pérez Blanco en Facebook, "Eres de Ferreira do Valadouro si...", o 30.11.2016.

desgastada pola erosión. Na parte traseira, e cubrindo a mor parte do fuste, figuran unhas letras de grande tamaño, imposíbeis de ler [JUANCAO?].
Historia: como outros exemplares existentes no val, esta cruz recorda un lugar de enterramento de non bautizados, situado xusto no cruce de camiños reais e moi antigos. Serviu como pedreiro divisor de leiras durante moito tempo, feito que axudou a conservalo.
Comentario: outro exemplo de cruz de encrucilladas e sinal de cemiterio pagán [1].

"Cabe destacar al que se le conoce como Cristo de Carregal (s. XVII), ubicado en la parroquia de Vilacampa, al lado del camino Real de Viveiro. Y de talla tosca es de bulto extremadamente redondo, teniendo además un nombre por inscripción: JUANCAO. ¿Quién fue ese hombre? Posiblemente el patrocinador o una dedicación o recordatorio de alguien" [2].

